


SILENCIADA

FESTA DA PALABRA




25 años de cultura feminista

Publicación Galega Feminista
Galicia. 2009



F I L E N C I A D A	F E S T A D A	P A L A B R A
	<p>Edita: FIGA</p> <p>Subvenciona: Concellería de Igualdade do Concello de Vigo</p> <p>Dirección: María Xosé Queizán</p> <p>Diseño: Margarita Ledo Andián</p> <p>Maquetación: María Xosé Queizán</p> <p>Asesora Lingüística: Marga Rodríguez Marcuño</p> <p>Colaborado@s:</p> <ul style="list-style-type: none"> María Xosé Queizán Mónica Bar Cendón Mª do Cebrero Rábade Villar Manuela Pena Santiago Carlos L. Bernárdez Encarna Otero Marga Romero Chelo Loureiro Luisa Posada Kubissa Ana de Miguel Álvarez María Debén Alfonso Mercedes Expósito García Ana Contreras Afonso Becerra de Becerreá Victoria Lojo Inés Fernández Buján Yashmina Shawki Paula Mariño Pazó Elvira Landín Miguel Vázquez Freire Xabier Queipo 	<p>María Reimóndez</p> <p>Mar Fernández Vázquez</p> <p>Carmen Ferreira Boo</p> <p>Esther de León Viloria</p> <p>África López Souto</p> <p>Mercedes Oliveira</p> <p>Luisa Abad</p> <p>Avelino Muleiro García</p> <p>Rosa Cobo</p> <p>Carmen Panero</p> <p>Camiño Noia</p> <p>María Xesús Fariña Bustos</p> <p>Ledicia Costas Álvarez</p> <p>Mercedes Oliveira Malvar</p> <p>Antón Riveiro Coello</p> <p>Ana Barciela Míguez</p> <p>Portada:</p> <p>Delaine Le Bas</p> <p>Ilustracións Monográfico:</p> <p>Delaine Le Bas</p> <p>Ilustracións Actualidade:</p> <p>Maribel Longueira</p> <p>Web:</p> <p>www.festadapalabrasilenciada.com</p> <p>Distribúe: www.andelvirtual.com</p> <p>Imprime:</p> <p>Gráficas Planeta, S.L.</p> <p>Dep. Legal: VG-241-1983</p>
M O N O G R Á F I C O		





EDITORIAL

Preséntase o nº 25 da FESTA DA PALABRA SILENCIADA, un cuarto de século que nos permite facer unha celebración e demostrar alegría. Mais tamén é obrigado volver a vista atrás para valorar o que a revista leva acadado en todos estes anos.


Non cabe dúbida que, de solicitalo, moitas testemuñas encherían páxinas de loanzas e satisfaccións pola xa longa vida da revista. Mesmo sendo gratificante, non era necesario. Abonda con catro artigo referidos aos temas más significativos do traballo realizado en 25 números: O pensamento feminista, que en palabras de Mónica Bar, supuxo "unha constante intervención no feminismo galego" e foi "construíndo un canon de pensamento". A creación, que alentou o xa denominado *Movemento Poético da Festa da Palabra*, aludindo ao esplendor da poesía feminina dos 90, así como á "capacidade para a constante renovación da literatura entendida, ante todo, como pensamento", segundo afirma María do Cebreiro Rábade. Á creación únese necesariamente a crítica. A Festa foi un "fito de vital importancia, non só para o pensamento feminista, senón para a literatura galega" no camiño para "conseguir aglutinar arredor dun proxecto común o traballo e a vontade de moitas mulleres...para

sacar do silencio ás creadoras e ás súas críticas..." sinala Manuela Pena. A sección *Escrito por mulleres* dá conta cada ano da producción literaria feminina. No aspecto artístico, a revista, como indica Carlos Bernárdez foi "voceira da creación" así como "unha plataforma de presentación de creadoras plásticas, de artistas novas que conseguirían proxección internacional". A boa presenza, a fasquía gráfica sempre preocupou, comezando polo propio deseño, obra de Margarita Ledo, quen este mesmo ano ingresou na Real Academia Galega. O mesmo empeño se puxo sempre na altura e corrección da lingua, feito logrado grazas ao rigoroso traballo

da asesora e tradutora lingüística Marga R. Marcuño.

Neste longo camiño, non sempre de rosas, pero si interesante e apaixonado, alentado polas *Feministas Independentes Galegas* (FIGA), fórone unindo xenerosas colaboracións e foise creando complicitade arredor dun proxecto asumido por moit@s como propio. Así, houbo e hai persoas que non teñen artigos na Festa pero que son fieis seguidoras e tamén fan posible a revista mantendo a ilusión.

Como directora da FESTA DA PALABRA agradezo todos os impulsos e colaboracións ao longo destes 25 anos.



María Xosé Queizán

I.S.S.N. 1139-4854

FEMINISTAS DE FIGA, AMIGAS E COLABORADOR@S



Felisa Balboa, Mar de la Peña, Mónica Bar,
Beatriz García e M^a Xosé Queizán



Manifestación
8 de marzo




Beatriz García



Avelino Muleiro



M^a Xosé Queizán, Margarita Ledo,
Lledicia Costas e Marga Marcuño



Manuel Forcadela



Marga Marcuño, Lledicia Costas,
M^a Xosé Queizán e Afonso Becerra



Carlos L. Bernárdez



Alicia Alonso, M^a Xosé Queizán e Camiño Noia

EDITORIAL



MONOGRÁFICO

TEORÍA FEMINISTA NA FESTA DA PALABRA

Ao longo dos 24 monográficos, a través da Fps, foise construíndo un Canon de pensamento feminista vinculando a perspectiva de xénero a todas as facetas do coñecemento como a escrita literaria, a linguaxe, as artes, as ciencias ou mesmo a política. Nos diversos artigos deste volume 25, atenderanse a todos estes aspectos, que, xunto coa evolución do seu pensamento, consolidan o valor diferenciado desta revista no contexto cultural galego.

A miña contribución a este monográfico pretende dar conta moi brevemente das liñas ideolóxicas esbozadas nas páxinas da revista, así como da propia evolución da mesma como ente vivo que responde á evolución do seu núcleo, a súa directora e as Feministas Independentes Galegas'.

A revista, desde os inicios, pretendeu filtrarse na sociedade procurando unha constante e progresiva intervención no feminismo galego, do que en certo modo se sentía, senón a punta de lanza, polo menos a "voz da conciencia".

Animadas por este proxecto, foron inscribindose e secundando a revista moitas feministas da academia, e outras moitas especialistas que brindaron o seu coñecemento xeneroso e o seu

quefacer na educación nas artes, na crítica, para consolidar a materia dinámica que comporta a revista. Un altruísmo que delata, ademais do compromiso da Festa, ata qué punto a transmisión xenerosa do saber corrobora a idea de que, no feminismo, a teoría é tamén unha práctica.

Na esfera do pensamento na Festa procurouse unha revisión profunda dos alicerces culturais das mulleres galegas, desde o espazo más inmediato ata o encontro con outras culturas máis afastadas. Procurouse desde estas páxinas analizar o significado da pertenza a unha nación (ou nacionalidade) con lingua e cultura diferenciadas e cómo tomar consciencia da colonización que o patriarcado estaba a levar a cabo coas mulleres, idea que estrutura moitos dos debates xurdidos dentro do movemento feminista dos primeiros tempos, simultáneos á publicación do pioneiro ensaio de Queizán **A muller en Galicia**.

A elección do galego como lingua vehicular, así como o impulso á creación feminina, en exclusividade, algo que se produce ata o monográfico nº 13, resultaba un compromiso ineludible.

Desde os primeiros volumes da Fps, darase conta da fronte

común do feminismo galego no seu alborecer, contra o inimigo principal, o patriarcado. Mais esta reflexión sobre as verdadeiras causas da marxinación da muller, vai adoptando diferentes puntos de vista e estratexias co paso do tempo. A busca dun canon, ou máis ben dun corpus filosófico alternativo, mostra unha evolución a cabalo das distintas correntes ou teorías sociais feministas estudiadas ao longo deste anos na Festa.

A reivindicación da diferenza e a reflexión sobre identidade "propia" como proceso previo á análise radical da discriminación feminina, desde o meu criterio particular, pretendía consolidar o peso do feminismo da diferenza, dentro das FIGA, fronte a corrente do feminismo que priorizaban as mulleres feministas socialistas, ou marxistas condicionadas ao quefacer dos partidos.

Enténdase esa actitude feminista ante a sociedade patriarcal como salvagarda dos valores propios, de establecer redes entre mulleres como suxeito colectivo revolucionario, algo imprescindible no feminismo dos oitenta.

O enfrentamento contra a realidade opresiva se cultiva a través da busca duns valores antagónicos ao sistema vixente. Precisábase afortalezar a

<p>identidade de grupo, así como os valores que levaran ao recoñecemento feminino. A sociedade anceiada alternativa deberá harmonizar os roles tradicionais muller e home, plenamente enfrentados e distintos.</p> <p>A contradición viría polo enfrentamento coas institucións ou organismos que impiden o libre desenvolvemento das mulleres, non por unha contradición inherente e estrutural do propio sistema social. O feminismo será daquela, abordado como un "estilo de vida das mulleres".</p> <p>Aquí se enxertarían os estudos sobre a sexualidade que desenmascarara a unha das formas más específicas de opresión por parte do patriarcado.</p> <p>Este descubrimento de esferas de poder vetadas ás mulleres demandaba estratexias de participación depararon en grupos de reflexión grupal, como os grupos de autoconciencia, que teñen moito que ver coa forza impulsora da propia revista e das FIGA.</p> <p>A visión diferenciada da identidade feminina queda polo miúdo desenvolvida no monográfico dedicado ao <i>Erotismo</i>. A sexualidade feminina abórdase e moitas facetas que non só converxen na</p>	<p>reivindicación da muller como ser sexuado, e por tanto suxeito sexual. O dereito ao propio corpo converxe co cuestionamento da norma heterosexual ou controvertido debate entre os límites entre erotismo e pornografia.</p> <p>A desaparición da entidade erótica feminina e o desprezo polo órgano sexual por excelencia, o clítoris, está ausente totalmente da literatura erótica e do imaginario sexual convencional que coroa ao pene como chave ineludible das relacións eróticas.</p>	<p>O debate sobre o imaginario erótico feminino converxe coa exclusión das mulleres da lingua, proclamándose a necesidade de elaborar unha linguaxe que defina a experiencia sexual feminina, no que se valorarán os estudos de feministas francesas Françoise Collin e Monique Vittig.</p> <p>Desde ese punto obsérvase que a Festa foise ampliando a medida que os estudos feministas ían fornecéndose de argumentos para detectar a raíz do problema social que provocaba o desequilibrio entre as mulleres e</p>
--	--	--

M O N O G R Á F I C O

os homes no que se sustenta o sistema patriarcal.

Á marxe de correntes ou áreas de especialización do feminismo dos últimos tempos a *Festa* foise definindo na súa propia natureza, reconformando as súas demandas e obxectivos transcendendo dunha coartada reivindicativa esgrimida por mulleres activistas concienciadas a un modo de repensar o mundo e as relacións humanas.

O feminismo será redefinido como ética como modo de axustar as normas morais e os sistemas constitutivos desas normas.

Co numeroso número de artigos dedicados á cuestión do sexismio na linguaxe, que encontra relevancia no monográfico *Nenas*, ben desenvolvido por feministas vinculadas á educación ás que sen dúbida se lles debe agradecer os esforzos por reformar os libros educativos ou na linguaxe das administracións (materia en construcción).

Grazas ao debate sobre a lingua iníciase unha reflexión sobre a xerarquía de poder mediante a cal o patriarcado perpetúa a exclusión social das mulleres, como será analizado desde unha perspectiva de gran angular no último volume "O verbo patriarcal".



O monográfico nº 9 "Colonialismo e sexismio," recorrerá ao cabodano da colonización de América para expoñer o papel das mulleres como clase "colonizada" neste sistema de explotación patriarcal, na que serán maltratadas, tratadas como man de obra barata e vinculadas a un amo por unha rede de afectos, que as afasta do contrato social.

E dentro dos fenómenos de colonización o monográfico nº 17

está dedicado ao *Romipén*, ao pobo xitano, como un expoñente más do silenciamiento dunha cultura rica en aspectos artísticos e culturais por parte do sistema reitor dominante.

O volume 10, *O desafío de Antígona, a razón de fin se século (1994)*, supón un profundo balance sobre o estado do feminismo a fins do século XX.

A Fps indaga sobre os debates e más candentes do momento a partir dos que a revista se abre

MONOGRÁFICO

<p>definitivamente a unha liña radical, condenando o relativismo ideolóxico posmoderno mergullado no desencanto finisecular, que non pretende senón diluir un movemento reivindicativo emanado nos principios da ilustración.</p> <p>Os estudos históricos das pioneiras do noso século, o rexurdir das correntes dentro do feminismo e a vinculación a árees de investigación específicas, fan deste monográfico, un referente de obrigada consulta para a análise das orixes e alicerces do patriarcado.</p> <p>As estudasas farán un percorrido sobre as ideas das pioneiras feministas na defensa dos chamados "dereitos civís", dentro da concepción de cidadanía do pensamento ilustrado do século XVIII. Para continuar co pensamento contemporáneo que situaremos na terceira onda do feminismo dos anos 70, cos debates en torno a bioloxía e a cultura, e "descuberta" da existencia dos xéneros xerarquizados dentro do sistema patriarcal, a concepción da familia, ou do amor finisecular; retomando a reflexión sobre un dos achados da teoría feminista a dicotomía público/ privado e as súas implicacións na vida das mulleres.</p> <p>Dentro do discurso de xénero prestase atención ao perigo que</p>	<p>supón o afortalecemento das teorías posmodernas que derivan da visión multixenérica, que invalida precisamente a consistencia da muller como grupo marxinado.</p> <p>O discurso ilustrado, a diferenza do posmoderno, esencialista, reclama un referente novo do colectivo das mulleres, unha reasignación que impugne a presión patriarcal para contelas nun lugar inferior e sometido.</p> <p>Daquela, a igualdade será a traza deste feminismo ilustrado, que supere as barreiras da igualdade formal e alcance a real e efectiva.</p> <p>Un monográfico clave na traxectoria da Festa é o dedicado aos 50 anos de publicación de <i>O Segundo sexo</i>, á filósofa existentialista Simone de Beauvoir, que incita máis que proclama á investigación sobre o feminismo cunha das aseveracións más lúcididas da historia do pensamento "A muller non nace, faise".</p> <p>A través dos artigos da Festa admirase a racionalidade do pensamento beauvoiriano que desvincula a construcción do suxeito feminino do biolóxico, a escravitude do xénero, inferior, reivindicando que a muller podía vivir como unha suxeita. Tendo en conta o determinismo ao que a muller foi abocada historicamente</p>	<p>do que dá conta no seu percorrido histórico a través dos mitos que perpetuaron o sometemento das mulleres.</p> <p>Beauvoir, referente ideolóxico da terceira onda do feminismo de mediados dos 70 vén dunha tradición ilustrada iniciada douscentos anos atrás na que se centrará o monográfico número 22 de <i>Os feministas</i>. Aínda que non todos os ilustrados conseguiron escapar do prexuízo da inferioridade feminina nin da asociación da muller coa natureza, un escollido número deles, seleccionado neste monográfico, se cuestionan a orixe desta discriminación, e avogan pola educación, e a da igualdade de dereitos de cara a superar o deseiquilibrio xacente nas sociedades occidentais.</p> <p>Filósofos como de la Barre, ou Stuart Mill, permanecieron na escuridade a pesar de ser fonte de inspiración para Beauvoir, ou ter sido publicado (no caso de Mill) e enxalzado por Emilia Pardo Bazán a finais do século XIX.</p> <p>Xunto cos anteriores, intelectuais galegos, como Sarmiento ou Feixó, franceses artífices da revolución como Condorcet, De la Barre, alemáns como Bebel ou activistas norteamericanos do século XIX, como Fred Douglas, Samuel Joseph May, entre outros, que</p>
--	--	---

<p>sumarán ás súas reivindicacións polo voto das mulleres, a demanda polos dereitos da negritude.</p> <p>Desde hai tres séculos algúns homes intelectuais albiscaron que non podía completarse unha revolución social se os dereitos das mulleres quedaban aprazados; indubidablemente, para todos eles, o feminismo non é causa de mulleres.</p> <p>A festa obviará o movemento posmoderno que ten especial eco en moitas feministas dos anos 80, para continuar na ruta de investigación histórica da igualdade xeradas polo pensamento ilustrado. O concepto cidadanía, o contrato social, ou a desigualdade xenérica son termos nos que o pensamento ilustrado explica a desigualdade social entre homes e mulleres.</p> <p>Desta liña feminista valorará a irrupción das mulleres dentro da política, e como contrapunto a adaptación feminina a un sistema que induce, case como mera opción de supervivencia, á repetición de modelos e estereotipos masculinos.</p> <p>Xunto a estas preocupacións, que dúbida cabe que o ingreso das mulleres nos espazos de toma de decisións afianza novos conceptos a reivindicar: o empoderamento das mulleres, a demanda de novos retos, o</p>	<p><i>mainstreaming</i>, a transversalidade; a avaliación do "impacto de xénero" nas leis, pola que se concede importancia, á hora de lexislar, da repercusión que a devandita lei ten sobre a vida das mulleres.</p> <p>O monográfico dedicado á <i>Violencia</i>, aborda este fenómeno desde un enfoque multidisciplinar: a antropoloxía, a socioloxía, a literatura, as artes, e distintos planos de estudo, laboral, xurídico, educativo, entre otros.</p> <p>A violencia asoma como un síntoma de flagrante desigualdade, unha arma empregada polo sistema patriarcal para disuadir as mulleres da súa liberación, que non siempre foi deostado tacticamente, nin sequera desde posicións políticas de esquerda. Colgar, guillotinar ou expoñer ao adversario ás maiores torturas supón un pracer inmenso para os vencedores; a ansia de poder só se sacia coa aniquilación do rival. Despois de gañar a guerra hai que violar as mulleres dos inimigos, só aí se acada a vitoria definitiva. Non obstante vivimos con rúas dedicadas aos "caídos loitando", aos que "deron todo pola patria", aos que obviamente mataron obedientemente ou en aras dun ideal.</p> <p>E se reparamos na iconografía relixiosa, non é posible adorar a</p>	<p>tantas carnicerías xuntas: mulleres traspasadas por sables, homes alumeados nas fogueiras, crucificados. A violencia e o vitimismo brillan con luz propia arredor do deambulatorio de calquera templo católico, mentres un santo mete a puntilla, alentado por deus, aos mouros, igual que se fai nas festas populares da España fonda e da Galiza insensata.</p> <p>A violencia, e especificamente a violencia contra as mulleres, como forma de sometemento exercida polos pobos más primitivos como estudiou a antropóloga M. Mead, ou os estudos sobre Atapuerca, adquire na nosa sociedade supuestamente civilizada, un protagonismo paradoxal. Baterlle a unha muller "porque non obedecía" foi a lapidaria frase do noivo dunha das últimas víctimas de violencia machista no noso país.</p> <p>Pero incluso entre a xente "civilizada" da política, de esquerda a dereita, resulta difícil establecer os límites do perfil da violencia.</p> <p>Parece haber consenso no rexeitamento das violacións, malleiras ou asasinatos das mulleres porén, se avoga pola normativización do comercio sexual; evidentemente, o que obviamente non mellora a</p>
--	--	--

MONOGRÁFICO



situación da muller, senón dos homes.

Trátase da violencia simbólica a través das reflexións de Pierre Bourdieu sobre a dominación masculina, que remonta a insubmisión do feminismo sobre o imaginario patriarcal, suscitado xa a mediados dos anos setenta do século pasado.

E cando a violencia vén dada pola exclusión da lingua falaremos de *O verbo patriarcal*, título do último monográfico, que invita á transformación do mundo e as relacións xenéricas a través da lingua, a través do sistema lingüístico e antiluvianamente

patriarcal, que non abonda para describir a realidade.

Desde estas páxinas multipíicanse os exemplos de prevención fronte ás realizacións feministas en materia lingüística, e que desata as más violentas tempestades como a suscitada polo *cájomenoquedixen* da ministra de Igualdade, que intuíu extralimitarse ao feminizar "membro". En fin, todo o mundo sabe a que me refiro.

Interesante o debate dos xéneros gramaticais (o sociólogo Bourdieu ten bastante desconsideración pola "ditadura" gramatical, por certo) que

recordan a sempiterna dicotomía fondo e forma.

Quedémonos coas ideas, e busquémoslles unha maneira de expresalas, porque a lingua debe adaptarse á realidade e manifestarse conforme á súa evolución. Se as mulleres feministas aspiran a liberarse do natural, o inmediato sería como desprenderse da linguaxe sexista e prexuiza, deste verbo patriarcal que nos determina, nos somete e nos limita.

Nun rápido trazo esta idea condensaría o enfoque feminista que se desenvolve nos interesantísimos artigos de *O verbo patriarcal*, que invito a ler, polo miúdo; como intento invitar a percorrer os 23 números anteriores, esa sería a verdadeira homenaxe á *Festa da palabra silenciada*.

NOTA

1. Ou colaboradoras indispensables, como Marga R. Marcuño.

DA REVISTA COMO ESTÍMULO DO PENSAMENTO POÉTICO

A ARTICULACIÓN FEMINISTA DA CULTURA GALEGA

Debido á carestía do papel durante o período especial, a poesía cubana da fin do século XX mantivo a súa característica vizosidade grazas ás antoloxías e revistas literarias. Sirva este caso como ilustración da importancia dos medios escritos na vertebración dun campo poético. Esa é a forza paradoxal dalgúns revistas: a importancia do que dan a coñecer fainas case invisibles como xénero. Sen pretensión de abusar da analogía, até os anos oitenta do pasado século a conciencia feminista galega pasaba por un longo período especial. Que hoxe non sexa así débese en gran medida á función da *Festa da Palabra Silenciada*.

É moito o que o xénero da revista comparte co da escolma, aínda que non sexa este o lugar para desenvolver o paralelismo. Mais non é pouco o que xebra as antoloxías das revistas. Mientras que as primeiras adoitan ser obra dun só antólogo ou antóloga, as revistas soen ser proxectos colectivos. As revistas, como tales, non son antologables, mentres que as revistas a miúdo permiten acoller pequenas escolmas. A *Festa da Palabra* demostra que estas pequenas escolmas adoito operan dun xeito

máis libertario que as antoloxías en volume. Citarei só dúas mostras relativamente insólitas incluídas ao longo destes 25 números. A primeira é unha antoloxía erótica da poesía galega, incluída no número de 1991, algúns anos antes de que todos os medios críticos do país falasen do pulo do erotismo lírico entre as poetas mozas. A segunda é unha selección de textos de Emilia Pardo Bazán, concibida con enxeño e alento filolóxico por Carmen Blanco, e que, sen ser Galicia Roma nin a Bazán o César, lle brinda ao pensamento feminista galego a ocasión de revisar unha figura non sempre ben entendida nin atendida entre nós.

Mais, insistimos, unha escolma non é unha revista. As antoloxías a miúdo precisan do método xeracional para operar, método, como se sabe, moi discutido no estadio actual do coñecemento dentro dos estudos literarios. Aínda que sexan moitos os que teiman en denunciar os límites das xeracións poéticas, as escolmas seguen a ser retardatarias. Cavilemos na cantidade de seleccións da poesía galega do século XX encabezadas ou rexidas polos criterios da más estrita cronoloxía bioliteraria, con todo o que esta pode ter de baleiro mecanicismo. Non ocorre así coa revista, que sempre

participou do que T. S. Eliot denominaba "bidireccionalidade do tempo histórico." Como el nos aprendeu, a crítica achéganos ás obras do pasado para axudarnos a rescatar o seu valor futuro. E a crítica foi sempre un dos alicerces do proxecto *Festa da Palabra Silenciada*, que dende o comezo tivo como finalidade a reinterpretación colectiva da historia literaria das mulleres. Non hai saber máis continxente que o saber histórico, pois nace, como ben sabía Gadamer, do prexuízo. Cobra, neste contexto, especial interese a sección "Escrito por mulleres", elaborada nos últimos anos por Isabel Mociño, e que constitúe un modelo de repertorio da producción literaria anual e unha ferramenta clave para o seguimento e construcción periodolóxica da literatura galega recente.

Xa no segundo número da publicación, xurdido ao abeiro do ano conmemorativo do centenario de Rosalía de Castro (1985), a revista anunciaba unha vontade nunca interrompida: a de honrar, na historia literaria das mulleres, o que debe ser honrado, salientando non tanto os seus valores patrimoniais como a súa capacidade subversiva. Isto é o que fixo tamén, en dúas ocasións, con María Mariño. E todos os que nos achegamos á súa figura o ano no que se lle dedicou o Día das

Letras Galegas non puidemos deixar de revisitar os números dos anos 1997 e 2006, na procura de tesouros críticos que nola iluminaran.

A capacidade anticipadora da publicación é unha evidencia. En febreiro de 1987 homenaxeou a Xohana Torres. Anos despois o nome da narradora, poeta, dramaturga e ensaísta sería recoñecido explicitamente como mascarón de proa das novas promocións de escritoras galegas. Allea a todo propósito doutrinal, Torres segue a ser –tanto na palabra coma no silencio– unha mestra para nós. Once anos máis tarde, no número 12, a Festa homenaxeaba tamén a Pura e Dora Vázquez. Arte comprometida, a da homenaxe, pero a revista nunca cedeu ás súas trampas. Subtraeu dela toda compracencia e multiplicou os seus únicos valores: a xenerosidade e a capacidade de testemuño. De que son testemuño as homenaxeadas? De Rosalía de Castro a María Mariño, das irmás Vázquez a Xohana Torres, a *Festa da Palabra* percorre cos seus nomes unha tradición de resistencia que non as inclúe unicamente a elas. Consciente do poder de representación dalgunhas presenzas, a revista, dende o seu mesmo nome, revela tamén o significado histórico da



ausencia das mulleres no discurso cultural.

A concepción xeral da revista, da man da súa directora María Xosé Queizán, sabe tirar bo proveito do monográfico, entendido como espazo para pensar as cuestións que o noso tempo demanda. Números coma o titulado *O desafío de Antígona. A razón de fin de século* (1994) dan conta do seu intenso diálogo coa racionalidade moderna, confirmado en monográficos más recentes como *A ciencia como aliada* (2005). En consonancia co que algúns veñen denominando "terceira cultura", a revista sempre entendeu que a literatura non é un

epifenómeno da práctica social, política e intelectual, senón un catalizador da condición sempre problemática do presente.

A festa da palabra silenciada ou da revista considerada coma unha das belas artes. Revista que inverteu a máxima terenciana para afirmar "muller son, nada humano me é alleo". Que mestura, talmente como na vida se mesturan, as obreiras, as filósofas, as científicas e as literatas. Que entende a tradución literaria como un dos instrumentos da integración da literatura das mulleres na república internacional da literatura. Que fai nacer ante nosoutras o espazo das pintoras e o espazo das fábricas, o traballo das pensadoras e o pensamento das poetas. Falar da súa nómina de integrantes, colaboradoras e homenaxeadas exímenos de usar os adjetivos. Que outra publicación conseguiu xuntar posicións tan firmes e ao tempo singulares como as convocadas polos nomes de Xohana Torres, Luz Pozo, Luís Villalta, Xela Arias, Pilar Pallarés, Chus Pato ou Margarita Ledo? Longa vida á *Festa da Palabra Silenciada*, e á súa capacidade para a constante renovación da literatura entendida, ante todo, como pensamento.

M O N O G R Á F I C O

UNHA VOLTA ARREDOR DA CRÍTICA

Vinte e catro números da *Festa da Palabra Silenciada* viron a luz desde o ano 1983, no que saíu o primeiro número, ata este outono de 2009 no que se prepara este número 25 que hoxe nos convoca de novo. A distancia e o tempo transcorridos xa nos permiten ollar atrás con suficiente perspectiva e levar a cabo o ineludible exercicio de observación e análise do traballo desenvolvido, sen nostalgia e con deseños renovados de continuidade.

Un dos obxectivos da *Festa da palabra silenciada* foi (e segue sendo) -además de reflectir unha panorámica do pensamento feminista sobre distintos aspectos da realidade- explorar desde unha óptica aberta e crítica a literatura galega, facendo fincapé nas obras de autoría feminina. Parece, coa perspectiva que dá o tempo pasado, que o obxectivo está logrado: a *Festa da palabra* constitúe un fito de vital importancia non só para o movemento feminista, senón tamén para a literatura galega. De entre as múltiples razóns que se nos ocorren para demostrar esta importancia destacaremos dúas: ser unha publicación feita na súa totalidade por mulleres: deseño, maquetación, colaboracións, material gráfico (ata o ano 1998) e conseguir aglutinar arredor dun proxecto común o traballo e a

vontade de moitas mulleres que encarreiraron talento e esforzo cara a unha mesma meta: sacar simultaneamente do silencio ás creadoras e ás súas críticas, xa que ambas facetas (creación e crítica) adquieren sentido completo no xogo de emisión-recepción.

A finalidade deste artigo é resaltar a importancia do labor crítico levado a cabo ao longo de todos estes anos e intentar facer un balance do traballo realizado. Foron moitas e moi importantes as colaboradoras, impagable o seu esforzo, e decisivas as súas aportacións, pois, como acabamos de afirmar, consideramos que o labor de crítica ten tanta importancia coma o de creación (supoñendo que non consideraremos creación a crítica) xa que na existencia de unha (a creación) adquire sentido a outra (a crítica), pois non hai obra completa, como apuntamos

anteriormente, mentres non se remata o ciclo de emisión-recepción. A este proceso foi ao que tivemos a fortuna de asistir como colaboradoras ou como simples observadoras ao longo de todos estes números da *Festa da Palabra* que hoxe son obxecto da nosa atención.

O labor de crítica da *Festa da Palabra* supón un movemento de reciprocidade e de xenerosidade. Reciprocidade porque en numerosas ocasións os papeis se intercambian e moitas das creadoras fan tamén crítica, e xenerosidade porque todas demos algo de nós en cada un dos artigos elaborados e tamén porque en moitos casos por primeira vez pudemos atopar nestas páginas un medio no que verter os nosos traballos e opinións desde unha perspectiva crítica e feminista. Polo tanto conseguiuse un dobre logro de visibilización: o das creadoras e o das críticas.

O apartado do que hoxe nos ocupamos pode ser abordado desde, polo menos, dúas perspectivas: unha individualizada, que dea conta das obras recensadas, das súas autoras (tanto das creadoras como das críticas) e dos artigos publicados, ou unha de colectiva que ofrece un panorama máis amplio e xeral no que cada peza forme parte dunha



Manuela Pena Santiago

MONOGRÁFICO

I.S.S.N.: 1139-4854

<p>engrenaxe na que encaixe e adquira un sentido global e transcendente. Preferimos esta última visión porque consideramos que é a que responde ao espírito da <i>Festa da Palabra</i>, dado que a revista non se concibe como unha xustaposición de individualidades senón como unha interordinación de vontades arredor dun proxecto común, un labor colectivo que permite ter unha visión más fecunda e real.</p> <p>Tampouco, en coherencia co exposto más arriba, non queremos ofrecer unha visión estática, unha imaxe fixa de cada un dos números anteriores da <i>Festa da Palabra</i>, senón que desexamos ofrecer unha visión dinámica, en movemento, da revista. En lugar de observar unha secuencia de imaxes fixas farémolas pasar con maior velocidade unha tras outra para poder descubrir o movemento que agochan e despregan ante os nosos olhos. Así pois, a nosa elección é a do colectivo fronte ao individual e a do dinámico fronte ao estático.</p> <p>Resulta difícil tratar de sistematizar todas as críticas realizadas durante estes 24 números. A dificultade vén dada polos trazos definidores desta publicación, a pluralidade e diversidade, tanto de xéneros como de temas ou de colaboradoras. No entanto,</p>	<p>cremos que se imos máis alá da apariencia caótica e a enganosa ausencia de sistematización na sección de crítica, hai un plano que se pode descubrir analizando a presenza-ausencia, abundancia-escaseza dos diversos temas e xéneros, de maneira que podemos trazar un bosquexo do que está sendo o movemento literario de autoría feminina (aínda que non únicamente) nestes últimos anos. Poderíamos arriscarnos a dicir que os artigos críticos da <i>Festa da Palabra</i> conforman o debuxo da literatura dos últimos tempos.</p> <p>Así, podemos destacar que este deseño ao que faciamos alusión traza firmemente unha liña na que abondan os artigos críticos do xénero poético. Son, quizais, os más numerosos. Os poemarios recensados son numerosísimos, tantos, que optamos por non citar ningún para non ter que elixir. A nómina de autoras abrangue desde as xa consagradas, con obra consolidada (Pura Vázquez, Luz Pozo, María do Carmo Krückenberg, Xohana Torres...) a autoras das que se recensa a súa primeira obra e que vamos vendo medrar ao longo dos distintos números da revista (Ana Romaní, Chus Pato, Yolanda Castaño, Olga Novo...). Efectivamente, a literatura de autoría feminina tivo un primeiro momento no que</p>	<p>estalou na poesía, a riqueza de autoras e obras foi notable; a <i>Festa</i> non fixo máis que levantar acta deste acontecemento, como confirma a case exclusiva crítica literaria de poesía que se pode observar nos primeiros números da <i>Festa da Palabra</i> (ademas dos monográficos dedicados a poetas: Rosalía, María Mariño, As irmáns Vázquez..).</p> <p>Case tan abundantes coma as obras poéticas son as ensaísticas. A <i>Festa</i>, convertida nun espello, móstranos unha vez máis, o xénero en movemento, desde os seus inicios ata este momento. Neste campo, tradicionalmente masculino, é certo que existía unha presenza importante (cuantitativamente) de ensaios feministas xa desde os primeiros números da revista (os de Celia Amorós, Amelia Valcárcel, Erika Bornay, Kathleen March...), pero a carencia facíase más evidente no referente ao ensaio galego e así se constata no movemento da crítica (que, como imos vendo, siempre vai parelo ao da creación): nos primeiros números apenas se recollen críticas sobre autoras galegas, mais a medida que a revista vai crecendo vaise debuxando máis nidiamente a imaxe especular, que se desdobra nun número inxente de críticas de obras deste xénero, porque comezara, xa que logo, a producción de numerosos</p>
---	---	---

MONOGRÁFICO

ensaios realizados por estudosas galegas (Carme Blanco, M^a Xosé Queizán, Carme Adán, Teresa Moure, Carme Hermida...). Os ensaios recensados, como cabía esperar, responden a moi diferentes temáticas, dende a filosófica á literaria, pasando pola histórica ou a lingüística e conforman unha imaxe que na actualidade semella xa indeleble.

Un apartado que presenta un trazado sinuoso é o do xénero narrativo: nos primeiros números da revista hai unha presenza importante de críticas sobre literatura infantil e xuvenil de obras de autoras como Helena Villar Janeiro, Ursula Heinze ou a primeira Marilar Aleixandre; pola contra, apenas existe a novela en galego. Aparecen timidamente algunas novelas breves ou más frecuentemente libros de relatos e contos. Esta (na nosa opinión) eiva do sistema literario vaise corrixindo dunha maneira non sempre correcta: a case total desaparición das obras infantojuvenís. A medida que transcorren o tempo e os números da revista o movemento faise pendular e vai diminuíndo a primeira para facerlle un sitio cada vez máis grande á segunda; o relato vaise alongando ata converterse, sobre todo a partir do número 16, en novela longa como xénero xa consolidado da man de autoras como Marina Mayoral,

Maria Xosé Queizán, Marilar Aleixandre, Teresa Moure ou Rosa Aneiros, entre outras.

Escasamente aparece o teatro como tal (si aparecen ensaios sobre el) xa que son moi poucas as autoras que fan incursións neste xénero (Xohana Torres ou María Xosé Queizán) e, xa que logo, poucas as críticas sobre o mesmo. O teatro é, quizais, unha das liñas que quedan por afianzar no sistema literario galego, pois non acaba de consolidarse no sistema literario feminista.

Mais non só de literatura vive a crítica na *Festa*, tamén tenen cabida nas súas páxinas outras manifestacións artísticas ademais da literaria. Ao longo de todos os números sempre existiu, se ben de xeito pouco relevante no que a cantidade se refire, a crítica cinematográfica, quizais pola escaseza de obras que merecesen atención. Ademais do cinema, outras disciplinas artísticas irrompen na *Festa da Palabra*, sobre todo a partir do número 20, no que se aprecia unha maior diversificación e no que comeza con forza a crítica sobre outras disciplinas artísticas, nomeadamente a pintura ou a fotografía.

Despois deste breve percorrido no que pretendemos demostrar como a historia da *Festa da Palabra* e a historia da

literatura galega feita por mulleres (e posiblemente a outra tamén) se trazan en paralelo, podemos afirmar que a revista non só é reflexo, senón tamén guía porque responde a un plan de normalizar e encher os espacios ainda baleiros da nosa literatura.

É innegable que tendo en conta a relación de colaboradoras e os traballos realizados queda demostrado que a *Festa da Palabra Silenciada* foi (é) un estímulo non únicamente para o movemento feminista senón tamén para a literatura e a crítica feita por mulleres, asunto que non ten precedentes no estado español, xa que deu saída ao pluralismo cultural e lingüístico ao mesmo tempo que adquiriu o compromiso de difundir por todo o mundo a lingua e a literatura galegas dando a coñecer nos seus exemplares estudos inéditos ata o momento.

Non podo deixar de facer mención a todas aquelas críticas que co seu traballo contribuíron a realizar este labor que acabamos de bosquexar nestas liñas. Sen o seu traballo e a súa vontade nada disto tería sido posible. A nómina é tamén moi ampla pero non renunciamos a agradecerllas o seu esforzo e a súa contribución a este anaco de historia que non é senón comezo.

MONOGRÁFICO

FESTA DA IMAXE

DISCURSO FEMINISTA E PRÁCTICA ARTÍSTICA NA REVISTA FESTA DA PALABRA SILENCIADA

Unha ollada atenta aos vintecinco anos da revista *Festa da palabra silenciada* permite un ilustrativo percorrido non apenas pola literatura e o pensamento galego escrito nomeadamente por mulleres e o xurdimento, praticamente de dúas xeracións de escritoras, senón tamén unha visión moi aberta da arte galega, o que non deixa de ser relevante nunha publicación que ten na palabra o factor esencial e, xa que logo, prioritario á hora da súa distribución espacial, pero que non quere renunciar a ser voceira da creación no seu sentido máis amplo e non como simple complemento da escrita.

A revista desde os seus comezos tivo moi presente a creación plástica, sendo en moitas ocasións unha plataforma de presentación de artistas novas que co tempo atinxirían un papel sobranceiro na arte galega e mesmo conseguirían a proxección internacional, neste sentido é ben representativo que os números dous e tres de 1985 e 1986 fosen ilustrados por Menchu Lamas e mais por Berta Cáccamo, dúas artistas que representan parte do mellor das xeracións atlántica e

postatlántica non só en clave feminina senón nun sentido global.

Un repaso á revista permite, xa que logo, incidir na arte realizada por mulleres no noso país desde hai máis de dúas décadas, o que posibilita revisar a presenza do feminino na arte contemporánea galega e internacional desde a teoría de xénero. Alén diso, a *Festa da*

palabra silenciada segue a vella e rica tradición de revistas galegas de reflexión e pensamento ilustradas, en xeral escollendo unha ou varias artistas para cada número; a mención dalgúns destes nomes xa nos dá pistas da liña seguida e dos acertos na escolla: María de Felipe, María Ruído, Rosalía Pazo, Paula Mariño, Menchu Lamas, Berta Cáccamo, Chelo Matesanz, Marcela Santorum, Angiola Bonanni,





Menchu Outón, Natalia P. García, Ruth Martínez, Anna Turbau, Ana Pillado...

Estes vintecinco anos sitúannos nun momento chave entre nós no que atinxé á transformación de valores sociais, cunha fonda posta en cuestión dos roles herdados, mais tamén estamos nunha altura importante na evolución formal dos procesos estéticos.

O emprego das artes plásticas como linguaxe ao servizo das más diversas mensaxes, e en concreto da crítica social, conta cunha longa liña precursora na Historia da Arte. Todos estes

fenómenos ligados ao feminismo e á desmontaxe das estruturas patriarcais desenvólvense desde esta tradición, cun forte compromiso ético, no que a denuncia de toda opresión é permanente, e no que a situación da muller se constitúe en factor fundamental, en elemento iconográfico constante, ainda que non único.

No percorrido pola revista, no que en moitas artistas aparecen os reflexos destes procesos, podemos elaborar un discurso que acaba por ter unha coherencia que poderíamos definir como cartográfica, no que as series de obras serven para explicar a

evolución das posiciones estéticas e sociais, que acaban por articular un proceso continuo e coherente, mais non homoxéneo, que se expresa en temas como a identidade, a explotación, a esencia feminina, o corpo, a sexualidade, os estereotipos, etc., por medio da obra das diferentes artistas.

É evidente que tamén podemos asistir a outras visións desde o punto de vista da muller artista, as que amosan un persoal mundo onde o feminino retrata desde o corpo unha imaxe concibida a partir da idea da diferenza, pero non entendida simplemente como a visión da "outra," senón desde a normal identificación do feminino como valor universal e actuante, coa muller como protagonista desde o escenario, mais tamén desde o profundo universo cultural. A creación convértese daquela en elucidación das más intensas experiencias persoais, que en moitas artistas acaban por se conformar como experiencias que transcendan e nas que o feito artístico é entendido como un intento de dar solución a un reto (formal e temático) no que os motivos de intenso contido vivencial, lonxe de coartar a liberdade formal, funcionan como liberadores e enriquecedores, como pulo para indagar na comprensión e na interpretación

M O N O G R Á F I C O

do mundo contemporáneo, producíndose, xa que logo, unha interrelación entre logros formais e desenvolvimento temático.

O efecto de conxunto destas obras coincide con boa parte da arte elaborada por mulleres nas últimas décadas na arte internacional, con pinturas, esculturas e fotografías nas que se mestura o sufrimento co gozo, o pracer e a violencia, e teñen na centralidade do corpo e a identidade feminina sólidos referentes, provocando en primeiro termo a reflexión desde unha concepción narrativa. A presenza da muller, explícita ou velada, preside a maioría das obras, con manifestas evidencias dos roles de xénero, habitualmente contestados. Ao tempo, o conxunto de obras evidencia a multiplicidade de lecturas que posibilita a representación da muller, criticando en xeral a súa utilización, a súa "cousificación", instrumentalizada polos distintos mecanismos de manipulación e opresión do poder (e dos poderes concretos), aspecto este último que adquire relevancia no discurso de bastantes números da revista desde o contido argumental de moitos textos e de temas monográficos tratados.

Porén, en xeral, a concepción dos argumentos elaborados non parte dun puritanismo protector-

denunciador da utilización da imaxe da muller, senón que serve para afondar no universo feminino e na alteridade como vizosa fonte de vida, de creación e de elucidación das nosas más intensas raíces culturais.

Segundo tendencias que teñen a súa orixe nos setenta, son moitas as artistas que afrontan o feito artístico como un intento de dar solución a distintas preocupacións, no que os motivos de contido ideolóxico, lonxe de coartaren a liberdade formal, funcionan como liberadores e enriquecedores, como pulo para indagar na comprensión e na interpretación do mundo

contemporáneo, producíndose unha ligazón entre logros plásticos e desenvolvemento temático. Unha actitude, en moitos casos, abisal e convulsa no conceptual, e dunha enorme liberdade formal.

En medio dese desacougo e desa reflexión aparece sempre o universo da muller e, así, o corpo -obxecto e suxeito frecuente nas obras- remite nas súas diversas representacións a unha lectura das constantes da presenza do feminino na nosa cultura, tornándose en explícito territorio para a reflexión sobre a tradición e o presente, co xénero como protagonista total en moitos casos.



MONOGRÁFICO

CREACIÓN AUTORREFERENCIADA

Os silencios, as ocultacións, as veladuras, que historicamente coutaron o mundo feminino, como materia e fonte de creación autorreferenciada, podémolo percibir ao longo da dilatada traxectoria da revista con toda claridade nunhas creadoras que rebaten os modelos sociais dominantes. Neste sentido a atención que se presta a artistas do pasado e do presente en diferentes textos ensaísticos en boa medida ten como punto de partida este interese, alén da

indubidábel calidade das artistas. Así debemos entender a presenza de pintoras e escultoras como Artemisia Gentileschi, Sofonisba Anguisciola, Camille Claudel, Käthe Kollwitz, Maruja Mallo, Lee Krasner, Helen Frankenthaler, Joan Mitchell, Maria Helena Vieira da Silva, Paula Rego, Nancy Spero, ou a publicacións de artigos de temas como a muller na historia da fotografía, a videocreación feminina, as pintoras portuguesas do século XX ou as novísimas pintoras galegas, estes últimos temas tratados nun número monográfico de 1995 dedicado

precisamente ás novas artistas do noso país, daquela un aspecto pioneiro na análise artística, que logo sería seguido e desenvolvido en diferentes exposicións nos últimos anos.

A ollada sobre un período tan achegado a nós no tempo, seméllanos, cando revisamos estes contidos, dunha riqueza de suxestións moi considerábel. As novas miradas, froito dunha sociedade que sufriu unha evolución intensísima e que tenta romper barreiras e abrir fisgoas de liberdade desde a radical posta en cuestión dos roles sociais e sexuais, son de notábel interese e, sobre todo, plurais, transmitindo as artistas presentes toda a súa complexidade e riqueza de matices.

A arte sempre ten un compónente de pulsión e con temas como os presentes este aspecto fica aínda moito más resaltado, constituíndose en fonte de reflexión sobre os diferentes roles sociais impostos. Mais é sobre todo o que ten de cuestionamento, de radicalidade do discurso, o que caracteriza a maioría das artistas que se aproximan á temática de xénero, unha radicalidade que non está exenta de diálogo coa tradición artística.



MONOGRÁFICO



A C T U A L I D A D E

MARGARITA LEDO NA ACADEMIA. DO BUCLE E DA FENDA

O día sete de febreiro lucía un sol morno e perguiceiro como cómpre nunha mañá de inverno no que xa comeza o vagar do fin de semana. Cecais ese sol quería facer compañía á entrada na Real Academia Galega a unha muller: Margarita Ledo Andión, pois nese día, no Paraninfo da Universidade de Santiago, cheo de xente, tivemos a enorme sorte de escoitar alí o seu discurso e a resposta ao mesmo que lle deu a tamén académica Rosario Álvarez Blanco.

O discurso da nova académica levaba por título *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega*. O mesmo título indica xa o que vai ser o seu contido que eu recomendo como lectura obligatoria, unha brincadeira na reivindicación da igualdade, da paridade, do laicismo e do compromiso público, é dicir, político (páx. 14').

Só cinco mulleres son académicas e Margarita Ledo, no seu discurso, fixo referencia permanente a esta realidade que cómpre resolver no século XXI; do mesmo xeito que a lectura deste texto é unha alegria que as mentes e os corazóns precisan nestes tempos neboentos e grises como antídoto para cultivar o maxín colectivo de que outra Galiza, a soñada durante séculos, é posibel no hoxe, no tempo presente.



Os brincos que levaba a nova académica, evidenciando así a súa condición de muller e o exercicio desta condición, marcaban o ritmo do discurso dándolle unha música e unha cor, a modo de arco da vella, que só a condición de muller e feminista, que Margarita Ledo sempre exerceu e exerce no seu labor e no seu pensamento, é quen de facer.

Cómpre felicitar á Real Academia Galega e darlle os parabéns a Galiza por producir, cultivar e manter ancoradas á terra a mulleres de seu, donas de corpo e voz, produtoras de pensamento propio como Margarita Ledo. Estou certa de que no cosmos

das mulleres, nesa mañá do sete de febreiro -Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Enriqueta Otero e Luisa Villalta- xunto con outras moitas, tiñan un sorriso ledo e rexoubaban nun coro de voces como somentes as mulleres saben facelo.

NOTA

1. O discurso de Margarita Ledo Andión está publicado pola Real Academia Galega con data sete de febreiro de 2009.

Encarna Otero

A C T U A L I D A D E

I.S.S.N.: 1139-4854

HERTA MÜLLER E A SÚA ESCRITA FEMINISTA, DESCOÑECIDA E ABRAIANTE

En *Die Nacht ist aus Tinte gemacht*, ("A noite é feita de tinta") un audio-libro a escritora alemá, Herta Müller, fala da súa infancia na aldea na que naceu, Nichidorf en Timisoara no Banat (Romanía). Esa infancia, ese lugar e as persoas moradoras trilladas nun labirinto abafante e medradas entre a lingua do catolicismo e do estado, que se transmite na morte envolvida no medo e na obediencia, son unha constante reflexión na súa narrativa; isto contrasta coa loita por saír adiante, por non deixarse vencer, por fuxir, xa que, polo menos, isto implica sobrevivir. Un mes despois da concesión do Premio Nobel, sobre a inesperada e descoñecida Herta Müller, xa se terán eses datos recorrentes que toda a prensa repetiu, xa se terán descuberto os seus ollos impresionantes e a súa voz, tan propia, mentres a sorprendente e descoñecida obra agarda edicións, reedicións e traducións, mentres as páxinas seguen aí, coma mapas agardando paisaxes reais e ainda ignotas para seren descubertas. Mais o certo é que me dá por pensar que pouco é o que se ten andado, un mes non é nada, e posibelmente sexa todo, todo o que leva implícito o novo e a fama efémera, a que só atinxá até o próximo Premio. Abondará a concesión do Nobel para que a obra da autora sexa lida? Poucas son as traducións que temos en

linguas próximas como o portugués, o francés e o español, curioso é o dato de que moitos dos seus libros, tamén en alemán, xa estaban esgotados. En moitos aspectos a nova desta concesión e o rebumbio na prensa lembra ao momento no que xurdiu o nome inesperado de Elfriede Jelinek (2004), unha escritora que retorce o alemán para chantar novas palabras no escenario teatral, que nos afoga na claustrofobia que describe a súa escrita. Sorprendeus nas dúas, o feito de que aínda lles queda moito que escribir, e xa non serán, polo menos de nome, descoñecidas. Semella que sempre se agarda que o Nobel se conceda a unha longa traxectoria, como a toda unha vida, penso agora no caso de Doris Lessing (nacida en 1919 e premiada no 2007) ou no da escritora alemá non premiada Christa Wolf, que este ano cumpliu 80 anos, e coa que a Günter Grass non lle tería importado, segundo as súas declaracóns, compartir o seu. Hai premios e premios e aínda queda moito da obra de E. Jelinek que traducir, malia a concesión do Nobel e de que unha das súas obras se convertese nun filme excepcional, *A Pianista*, dirixida por M. Haneke e interpretada por Isabelle Huppert. De Günter Grass temos todas as obras ao alcance da man, en castelán ou portugués e, case todas, veñen envoltas na

polémica dunha boa publicidade. Das dúas autoras só podemos ler en galego, a obra teatral de Jelinek, *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares das sociedades*, e a narración de Müller, *O home é un grande faisán no mundo*, as dúas publicadas por Edicións Xerais (Traducidas por F. Meyer). O libro de Herta Müller áchase na colección de peto "As Literatas", dirixida por M^a Xosé Queizán, un proxecto que achega desde as súas linguas de orixe ao sistema literario galego obras de escritoras que desde a óptica do feminismo e da súa condición de mulleres concibiron o seu labor. Na nómina da colección atopamos a K. Mansfield, M. Yourcenar, A. Carter, A Kristof, Carson McCullers ou Jean Rhys, con obras "exemplares", das que se ten falado ben pouco nos medios escasos dos que se dispoñen para as recensións literarias e que tampouco é doado atopar nas librerías. Gustaríame saber máis da(s) circunstancia(s) que rodean a estas literatas silenciadas no mercado galego, menos mal que se poden achar en internet. Unha mágoa. Entre elas está Herta Müller, a escritora sorprendente e descoñecida. A escritora, cuxa obra, para algúns, é oportuna e merecente de premio para conmemorar os vinte anos da caída do muro; mentres que para outras e outros o mérito ben dado

por ser anticomunista de máis. A verdade é que para ambos os dous grupos a obra é descoñecida, se a descobren, será abraiante.

É demasiado superficial, fácil e simple converter a Herta Müller únicamente na escritora que critica coa súa obra as condicións de vida baixo o réxime ditatorial de Nicolae Ceausescu. O maxistral da autora é que nos deseña unha sociedade na que as relacións humanas están corrompidas pola asfixia provocada a través do estado e da relixión, un catolicismo, tan trasnoitado como integrista. A lingua do estado e da igrexa, o seu poder, imprégname nas relacións de familia, nas amoroosas e nas da amizade. O poder está en quen denuncia. E o mundo vaise reducindo xa que nunha ditadura como se di na novela *Herztier* ("A besta do corazón"), "non pode haber cidades, porque todo fica pequeno cando está vixiado". Por iso Amalie, no Xardín de Infancia no que traballa, en *Der Mensch ist ein großer Fasan auf der Welt*, (1986) *O home é un grande faisán no mundo* (2001), describe o mapa e Romanía como unha casa grande, cuxos cuartos so as cidades onde: "Nas casas de noso viven o noso pai e a nosa nai. Son os nosos pais. Cada neno ten cadanxeus pais. Tal como o noso pai é o pai na casa onde


vivimos, o camarada Nicolae Ceausescu é o pai do noso país. Tal como a nosa nai é a nai na casa onde vivimos, a camarada Elena Ceausescu é a nai do noso país... Todos os nenos aman o camarada e a camarada, porque son os seus pais". Nesta atmosfera claustrofóbica, as mulleres son máis ca ninguén as que conforman esa paisaxe dos "desposuíd@s" "narrada coa concentración da poesía e coa franqueza da prosa", argumento da Academia sueca para concederlle o Nobel. Por iso nas obras en prosa, esa polifonía de voces, de seres case anónimos, nos que se pendura a descripción do físico, dos comportamentos en pequenos cadros ten moitas veces pel de muller e voz de muller, e mentres Amalie, explica, a muller da limpeza, ten unha mancha escura na meixela, unha pálpebra morada e chora. Asistimos a descripcións deses cadros sen interpretación, e ainda fica espazo para sermos nós quen debamos reconstruír a historia. A través da nena, personaxe narradora de *Niederungen* (1984) ("En terras baixas"), asistimos á vida dessa aldea en Romanía, onde moitas veces as rúas que se descendean non teñen dirección, e a nai ten a pel "reseca", "e o soño é negro baixo as árbores tileiras" e as personaxes delatan a súa culpa e o pecado polo seu alento a peras podres, título dunha das

historias deste libro, "Faule Birnen". Noutra "Drückender tango" ("Tango opresivo") a nai, a avoa e a nena visitan a tumba do pai e a relixión e os seus ritos, vai encarnada nos seus corpos, como a "greta" que percorre as medias de cristal da nai. Mulleres que forman parte dunha cadea na que o pai de todos aniquila, o papá estado aniquila, o pai de familia aniquila, a nai aniquilada e cómplice transmite esa aniquilación, mentres a sombra das mulleres vellas chega antes ca elas á igrexa. A narradora sen nome, ten a voz en *Herstier* ("A besta do corazón") (1994) e ali nas circunstancias que envolven o ambiente universitario achamos a Lola, as súas medias finas que a conducen ao parque, a súa militancia no partido e na igrexa, o seu soño de topar un bo home, fronte ao profesor de Educación Física que non o vai ser. Achamos o caderno no que anota a súa vida e que lle deixa á narradora antes do seu suicidio. A historia de Lola é o preámbulo á da narradora e dos seus amigos, Edgar, Kurt e Georg, que len libros prohibidos e documentan con listados de mortos e fotografías o terror, quizais por que como se nos di: "Cada morto deixa atrás del un saco cheo de palabras". Vixiados sempre pola Securitate, que exerce o control de todos e todos, por todos e por todas, onde a propria amizade de Tereza coa

A C T U A L I D A D E

narradora, se converte en traizón, xa que ela a espía e a delata. No remate a fuxida a Alemaña convértese nunha razón para sobrevivir, Kurt, afórcase, Georg, xa en Alemaña, tírase por unha fiesta e a narradora resiste. Si pode ser que en cada un dos seus vinte e seis libros Herta Müller fale da súa propia experiencia, mais esta forma parte da "paisaxe das desposuídas", como as obreiras ás que o capataz lle morde as virillas no corazón da fábrica en *Der Fuchs war damals schon der Jäger* ("O raposo xa era daquela o cazador") (1996), mentres outras mulleres locen arrogantes as patas das raposas penduradas ao redor do pescozo no remate da pel, mercada na Unión Soviética.

Todo isto é contado coa súa lingua literaria, a materia do seu traballo que converte a vida de primeira man a través dun proceso en literatura, vida de segunda man, como ten explicado a autora. Constrúe a súa lingua literaria a través da súa lingua materna, o alemán da súa familia levado a Romanía, o *Mittelhochdeutsch*, que se falaba hai trescentos anos en Alemaña, que se falaba no Imperio Austrohúngaro, con el vive en minoría e aprende na primeira mocidade romanés, a lingua "nacional", unha lingua que áinda hoxe non fala ben, segundo



afirma, na que só escribiu un libro de poemas *Este sau nu este lon* (2005); mentres tanto, imaxes e metáforas, frases e xiros dese romanés enxértanse na pel, entre mitos e crenzas, entre trampas para sobrevivir en ruelas sen saída que é conducido pola lingua estatal, a que fala o estado, lingua da orde e da obediencia, da prensa e da burocracia, da ditadura, que vai imponéndose por que as ditaduras monopolizan o idioma e as persoas deixan de pensar en como falan, sobre todo se se ten como aliada a relixión.

Isto sabémolo moi ben as mulleres habitando nunha lingua que nos nega, nos afoga e nos delata. Con esta materia crea Herta Müller a súa lingua literaria, na que se mesturan niveis cognitivos do romanés que non teñen existencia no alemán, mais ela consegue darles voz, como no libro *O home é un grande faisán no mundo*, como ela di, se desde o alemán se ve a arrogancia do faisán, o romanés ve nel a ave incapaz de voar, e ese faisán romanés está más preto dela ca o alemán. Esta dupla visión, a

ACTUALIDADE

convivencia dese romanés intrínseco que respiraba co alemán familiar, enriquece as súas imaxes literarias, que chaman a atención da crítica e confirma a lealdade de lectoras e lectores, dunha lingua alemá tan auténtica e tan estranxeira. E con esa lingua viaxa a súa condición de perseguida pola ditadura, que a censurou e lle impidiu publicar, mais tamén como alemá da súa xeración vai o sentimento de culpabilidade que se ata á responsabilidade co pasado nazi e, nela áinda cómpre engadir, o regreso a Alemaña como inmigrante dun país do leste.

A obra de Herta Müller en Alemaña fascina e é premiada, vende e esgota as súas existencias, e, sobre todo, ten sorte de que esa lingua "minoritaria" en Romanía sexa o alemán, co que agora vive nun país no que se le moito e no que a literatura é conversa. Unha lingua minoritaria que coñece ben a Academia Sueca, unha lingua minoritaria que ten un estado forte detrás, que lle pechou as portas en Romanía, mais que lles abriu en Alemaña. O seu último libro *Atemschaikel* ("Randreira do alento") (2009) xa era un éxito antes do Nobel, recibiu recentemente o *Franz-Weerfel-Preis* premio pola defensa dos dereitos humanos, quizais por tratar un tema "delicado", tabú, a

deportación da poboación alemá de Romanía aos campos de traballo na Unión Soviética do que a sociedade labrega na que vivía na súa infancia non quería ou non podía falar. Herta, filla dun membro das *Waffen SS* e dunha deportada a un campo de traballo en Ucrania, nunca falou disto coa súa nai. Mais moito soubo da experiencia vivida polo poeta alemán, nacido en Romanía, Oskar Pastior, co que pensou escribir un libro sobre esta vivencia, despois do falecemento do escritor, no 2006, Müller afrontou soa a problemática nunha novela, que escribiu tamén como homenaxe a este poeta dadaísta que levou ás entrañas do seu alemán as imaxes da lingua de Romanía. E detrás da personaxe de David Lommer, xudeu que sobrevive grazas á poesía, está O. Pastior. E no fondo o problema da culpa e de pagar por esa culpa, a vítima que volve ser vítima. Este mesmo libro era finalista para o *Deutscher Buchpreis* 2009, mellor novela do ano, que finalmente lle foi concedido á escritora Kathrin-Schmidt pola súa novela *Du stirbst nicht* ("Non morrerás").

A obra de Herta Müller súmase á doutras escritoras alemás "exemplares" como Anna Seghers ou Ingebord Bachmann, como Christa Wolf, E. Jelinek ou Katja Lange-Müller, como a narradora turca Emine Sevgi Özdamar ou a

autora suíza-hungara Ilma Rakusa, como Angela Krauss ou Judit Hermann, que ben poderían formar parte da nómina das literatas que se deben visualizar no panorama literario galego.

Listado de Mulleres que recibiron o Premio Nobel até agora.

1909 **Selma Lagerlöf** (1858-1940), sueca

1926 **Grazia Deledda** (1871-1936), italiana

1928 **Sigrid Undset** (1882-1949), norueguesa

1938 **Pearl S. Buck** (1892-1973), estadounidense

1945 **Gabriela Mistral** (1889-1957), chilena

1966 **Nelly Sachs** (1891-1970), alemá (Compartiu o premio co israelí Samuel Josef Agnon)

1991 **Nadine Gordimer** (nacida en 1923), surafricana

1993 **Toni Morrison** (nacida en 1931), estadounidense

1996 **Wislawa Szymborska** (nacida en 1923), polaca

2004 **Elfriede Jelinek** (nacida en 1946), austriaca

2007 **Doris Lessing** (nacida en Kermanshah, Persia, actualmente Irán, 1919), inglesa.

2009 **Herta Müller** (nacida en 1953), alemá.

ACTUALIDADE

CIMA: ASOCIACIÓN DE MULLERES CINEASTAS E DE MEDIOS AUDIOVISUAIS

OBXECTIVOS DE CIMA: CONTRIBUÍR A CONSTRUIR UNHA SOCIEDADE MÁIS IGUALITARIA E DIVERSA, FOMENTANDO UNHA PRESENZA EQUITATIVA DA MULLER NO MEDIO AUDIOVISUAL

As mulleres que ocupan postos directivos no audiovisual son unha minoría. Os datos do cinema son: 7 % directoras, 15 %

guionistas, 21 % produtoras. Non é unha situación que cambie por si mesma (menos mulleres dirixen a súa primeira película hoxe que hai dez anos, por tanto non hai renovación xeracional).

Estes datos son froito da investigación "**Mulleres e homes no cine español. Unha investigación empírica**", coordinado pola profesora titular do departamento de Socioloxía da Facultade de Ciencias Políticas da



Universidade Complutense de Madrid, Fátima Arranz, e promovido polo Instituto da Muller do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. Estruturado en catro apartados, analiza as categorías profesionais no cine, a desigualdade de xénero no acceso á dirección de longametraxes, a representación por sexos nos xurados de festivais de cine español e, finalmente, unha análise comparativa da representación das mulleres nas películas españolas.

Ante este problema pódese considerar que 'non importa' (chegar ou non chegar nesta profesión é só cuestión de capacidade e talento) ou ben que 'algo pasa' que hai barreiras sociais, xurídicas, estruturais (ás veces más claras e ás veces 'invisibles') que no campo do cinema e a televisión (como outros medios de poder económico e ideolóxico) dificultan o acceso das mulleres.

Só a existencia dunha asociación que impulse medidas concretas para cambiar a realidade actual pode transformar a situación. É o que fai CIMA. En España temos un marco legal que nos avala: a Lei de Igualdade de Dereitos que protexe os dereitos das mulleres no campo industrial, profesional e no creativo. Mais se a lei non se desenvolve en medidas concretas

<p>para cada campo profesional non serve, porque tampouco se vixía o seu cumprimento.</p> <p>A ausencia de mulleres na creación e industria do audiovisual é:</p> <p>a. Inxusta, porque unha parte da poboación é discriminada en función do seu sexo.</p> <p>b. Un problema de dimensión social e político, porque afecta á creación de contidos; por exemplo: o retrato das mulleres a través dos personaxes femininos (estereotipados, pasivos, sen vida profesional...), o tratamento que se fai da violencia contra as mulleres nas películas escritas e dirixidas por homes (mirada 'compracente').</p> <p>Desde a Administración é crecente a axuda á Muller no que respecta a cuestións de carácter legal e á súa protección ante a violencia de xénero, por poñer un exemplo evidente. Esta é, sen dúbida, unha demanda necesaria da sociedade actual. Partimos da idea de que a política, especialmente no que se refire á Muller, debe aspirar a iluminar zonas en sombra, co fin de que aos poucos o sol vaia saíndo, en igualdade de condicións, para as mulleres en todas e cada unha das paisaxes vitais da existencia humana.</p>	<p>A pesar dos seus claros e visibles avances, neste momento a muller, nunha parte substancial do panorama que se mostra á vista, experimenta e sofre unha inadvertida invisibilidade para o mundo da cultura. Se cando se requiren persoas para un xurado ou especialistas e asesoras en diversas materias, ou se buscan candidaturas para ser premiadas, as mulleres ocupamos o postremo lugar é porque siempre hai un home -no referente mental das e dos que seleccionan-, influente ou preparado, que poida ocupar ese posto. Porque en igualdade de condicións, adoita pesar máis o home que a muller. Simplemente por unha convención educacional e un prexuízo social subconsciente. É así que no disco duro dos nosos cerebros predominan as imaxes masculinas, mentres que se atopan ensombrecidas as figuras femininas. É dicir, sen que haxa un real ou sincero rexexitamento cara ás mulleres, os focos do escenario adoitan iluminar, por defecto (e en exceso), xeralmente aos homes.</p> <p>A misión da CIMA sería, pois, traballar activamente en favor de que a situación cambie e representa, de cara á sociedade, unha actitude progresista, sobre todo no que respecta a un feminismo iluminador, entendido desde a</p>	<p>harmonía, a integración e a difusión dos valores persoais das mulleres como sexo creativo, con mirada orixinal e propia, e como persoas de sensibilidade e capacidades prolíficas para a revisión construtiva dos valores esenciais da sociedade.</p> <p>En Galicia somos xa un importante número de mulleres as que, concienciadas con esta necesidade, nos unimos a CIMA e nos convertemos xa, como antes o fixeron as socias catalás, nunha Delegación. E traballamos arreo porque estamos seguras de que farán falta os banzos para as que vaian chegando.</p> <p>A pesar da crise, a pesar de que en Galicia as distancias dan preguiza, a pesar da multitud de tarefas que a todas nos exceden, a pesar de todo, somos conscientes da importancia desta asociación para que as profesionais do audiovisual chequemos a ter a presenza que nos corresponde e, o que é ainda más importante, para que as pantallas cheguen a exhibir as nosas miradas. Coa seguridade de que nos enriqueceremos tod@s.</p>
A C T U A L I D A D E		

REFLEXIÓNS SOBRE A TRATA

Unha das novas formas de violencia patriarcal constitúe a fenómeno da trata de seres humanos, e máis concretamente, de mulleres con fins de explotación sexual. Por "trata de seres humanos" enténdese aquí a definición que aparece no documento coñecido como Protocolo de Palermo proposto á firma dos Estados en decembro do ano 2000 e que completa a Convención de Nacións Unidas sobre a Delincuencia Organizada

Transnacional¹. Segundo esta definición, fálase de trata de seres humanos cando se produce o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da força ou a outras formas de coacción, á captación, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concessión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que

teña autoridade sobre outra, con fins de explotación².

A explotación á que se dirixe esta trata inclúe a prostitución e outras formas de explotación sexual (xunto cos traballos ou servizos forzados, a escravitude ou prácticas análogas a esta, a servidume ou a extracción de órganos). E enténdese que o posible consentimento dado pola vítima de trata non se ha ter en conta á hora de tipificalo como delito³.

As organizacións criminais que se beneficián desta trata manteñen contactos nos países de orixe onde as mulleres son captadas e seleccionadas e custean a viaxe destas aos países de destino. Deste modo, fan que as vítimas contraian unha débeda económica importante con estas organizacións mafiosas, en forma de viaxe, aloxamento e manutención, de modo que se vexan forzadas na maioría dos casos a traballar en servizos sexuais para poder saldala. Este, en termos xerais, é o *modus operandi* típico da trata.

Que este negocio alcanzou nos nosos días un volume máis que elevado é algo que as cifras achegadas por Nacións Unidas testemuñan de xeito fidedigno: Nacións Unidas estimaba no ano 2005 que anualmente son traficadas internacionalmente de



<p>700.000 a 2 millóns de mulleres. Se engadimos a trata nacional, engade o informe, <i>estas cifras serían moito más elevadas e quizais chegarían aos catro millóns</i>⁴.</p> <p>Como o expresou a avogada Aarti Kapoor, a trata de seres humanos, e máis concretamente de mulleres, formúllase case como se dun problema 'ambiental' se tratase, coma se nos enfrentásemos ao efecto invernadoiro, debido á súa permeabilidade e globalidade⁵. En efecto, a globalidade do fenómeno, en lugar de afondar no seu carácter criminal, parece conferirlle carta de natureza no mundo actual. E esquécese así que este fenómeno está asociado a técnicas para manter o control sobre as vítimas, das que a máis frecuente é o uso da violencia contra estas e contra os seus familiares. Estas técnicas, razoa Kapoor, son moi eficaces para xerar submisión por parte das vítimas, que a miúdo contan con moi escasos recursos para saíren diso ou para coñeceren os seus dereitos⁶.</p> <p>Outro factor comunmente asociado á trata é a corrupción. Porque este fenómeno implica a convivencia ou a complicide de sectores da administración, de representantes políticos e de funcionarios, convivencia pola que a miúdo se dá unha trama de</p>	<p>complicide entre a policía e os traficantes. Manuel Castells fala dunha <i>dimensión sinistra</i> da globalización; concretamente di que Xunto á <i>globalización económica en sentido estrito, asistimos tamén á globalización da ciencia, a tecnoloxía e a información; a globalización da comunicación (...); e, nunha dimensión mais sinistra, a globalización do críme organizado</i> (que) <i>tende a penetrar as institucións de gobernos en numerosos países, con efectos perversos considerables sobre a soberanía e a lexitimidade políticas</i>⁷. Se isto é así, pode afirmarse, como o fai tamén Aarti Kapoor que, de feito, <i>alí onde hai deficiencias políticas e actitudes sociais tendentes á corrupción e fraude en determinadas escalas da administración, a trata florece converténdose nun negocio tremadamente lucrativo</i>⁸.</p> <p>E esta situación de corrupción vai da man dun comercio que transcende as fronteiras e implica case sempre varios países. Nun contexto de globalización, a trata de mulleres con fins de explotación sexual expándezase favorecido polo desenvolvemento do turismo, a fluidificación das fronteiras e o uso das novas tecnoloxías da comunicación como Internet. Nas páxinas web da rede pode encontrarse publicidade de mulleres en</p>	<p>situación de trata, sen que a represión internacional e os marcos lexislativos nacionais parezan poder atallar o delito. Se ben a pornografia infantil por Internet é obxecto de prohibicións na maior parte das lexislacións europeas e perséguense o delito clausurando mesmo o acceso a determinados portais en liña, non acontece o mesmo coa trata para a que as leis non parecen ser nin tan rigorosas nin tan eficaces.</p> <p>En efecto, a pesar das diferentes recomendacións do Consello de Europa⁹, o certo é que non hai unha harmonización internacional das lexislacións penais na loita contra a trata, de modo que o tratamento penal desta presenta unha vontade política moi variable segundo os Estados¹⁰. No caso dos estados europeos, a necesidade dunha lexislación penal específica contra a trata é en xeral bastante recente¹¹. En Inglaterra non aparece tal desenvolvemento lexislativo ata o ano 2002. En Francia incorpórarse como delito específico a trata no Código Penal no 2003. En Holanda inclúese unha disposición contra este delito na lei de 1 de outubro de 2000 relativa á prostitución. Ata o 1 de xullo de 2002, o Código Penal sueco non reprime a trata con fins de explotación sexual. En Dinamarca, tras a reforma do Código Penal no ano 2002,</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>inclúese como delito específico a trata de seres humanos con coacción. En España a Lei orgánica II/ 2003 do 29 de setembro de 2003, referida á seguridade, a violencia doméstica e a integración social d@s estranjeir@s, modifica o artigo 318 bis do Código Penal que fala sobre o tráfico de inmigrantes, para endurecer as penas relativas á explotación sexual. E con data do 12 de decembro de 2008, polo Consello de Ministros o Plan Integral contra a Trata de Seres Humanos con fins de explotación sexual. Este Plan recolle 61 medidas orientadas a sensibilizar á sociedade para promover unha tolerancia cero contra este delito, así como a promover políticas activas de cooperación cos países de orixe, tránsito e destino, para combatelo¹².</p>		<p><i>reciben armas, as nenas en xeral son entregadas a oficiais e a outros militares para ser as súas escravas sexuais, engade: Estímase que neste continente existen 3,3 millóns de refuxiados e 12,7 millóns de persoas desprazadas internamente que son extremadamente vulnerables á trata¹⁴.</i></p>
<p>En América Latina, a situación non parece ser más alentadora. Como o ilustra Julieta Montaño¹³, Nacións Unidas estima que en Brasil ata 500.000 nenas poderían ser anualmente vítimas de prostitución infantil e de trata no contexto dun turismo sexual altamente desenvolvido. Colombia, por outro lado, é o terceiro país a escala mundial en canto a tráfico de mulleres, calculándose nunhas 35.000 as mulleres que saen anualmente do país e que son recrutadas polas mafias para ser prostituídas en</p>	<p><i>Asia e Europa. Calcúlase que unhas 50.000 mulleres da República Dominicana exercen actualmente a prostitución en Europa e Estados Unidos. E mesmo países como Bolivia, que ratificou o Convenio para a Represión da Trata de Pessoas e a Explotación da Prostitución Allexa de 1949, manteñen unha flexibilidade das leis penais que se plasma na permisividade cos negócios baseados na explotación sexual.</i></p> <p><i>En canto á trata nos países africanos, quedaremos aquí tan só co dato que nos ofrece a kenyana Faiza Mohamed quen, tras afirmar que mentres os nenos son roubados para ser soldados e</i></p>	<p><i>Alén destes datos, moitas expertas insistiron no carácter de mercado criminal deste fenómeno, como o constata Ana Isabel Pérez Cepeda no seu traballo sobre "O tráfico de mulleres co fin da explotación sexual"¹⁵: Trátase dun gran negocio económico criminal, no que operan esencialmente organizáns criminais especializadas, caracterizadas polas ramificacións e polas relacións internacionais, que non se limitan ao mundo criminal e que se estenden a sectores da corrupción política, da burocracia, da diplomacia e das forzas da orde, en particular dos países de orixe e de tránsito dos fluxos migratorios¹⁶. Esta autora recalca ademais a conexión existente entre a inmigración clandestina e a trata: ambos os dous casos son xestionados polos traficantes, que establecen redes entre si de tal espesor que fai que, en non poucas ocasións, a persoa inmigrante non sexa inmune a acabar sendo obxecto de trata¹⁷.</i></p>

Estamos, por tanto, ante un crime transnacional, que une, como se viu, características tales como a de se exercer con coacción e con violencia contra as vítimas, a de se exercer por organizacións mafiosas, a de darse nun contexto globalizado e favorecido polas novas tecnoloxías da comunicación, a de, e polo mesmo, beneficiarse da debilidade dos estados e da fluidificación das fronteiras, así como a de asociarse coa corrupción política e administrativa. A vinculación deste fenómeno coa violencia contra as mulleres é clara, pois tal como subliña un estudo recente en España, na trata *as mulleres foron retidas, incomunicadas, insultadas, ameazadas, golpeadas e violadas. Incluso viviron con temor que a rede tomase represalias contra as súas familias*¹⁸.

Se tornamos ás análises de Celia Amorós da *violencia patriarcal na era da globalización*¹⁹, interésanos agora recordar a distinción que alí establece entre dous tipos de crimes contra as mulleres: *O que imos denominar "crimes do contrato sexual"* –que o teñen como o seu pano de fondo e determinan que a muller o transgrediu- e *"crimes mafiosos e/ou libertinos,"* que non asumen para nada ese contrato²⁰.

Porén, con todo o anterior, hai que precisar agora que non se trata aquí de equiparar sen máis os feminicidios de Cidade Juárez co fenómeno criminal da trata: este último ten un carácter de violencia instrumental que o afasta da ritualización dos crimes consubstancial a aqueles. Non obstante, si é posible sinalar algunas características presentes en ambos os dous casos. Así, como o describe Amorós na súa lúcida análise sobre os asasinatos de Cidade Juárez, tamén na trata cabe falar de que esta implica toda unha infraestrutura complexa

e potente, así como a regresión a formas feudais de control territorial (...), nas que as mulleres *non son "singulatim" propiedade de cada varón, senón que se lles representan como algo "usable e desbotable"* - por dicilo en termos de Marcela Lagarde- *por parte de "omnis"*²¹.

Este poder despótico sobre as mulleres exprésase tamén na linguaxe que Amorós tipifica e que recollo aquí: no ámbito dun tecido social esgazado, da desregulación de todos os fluxos (do desexo perverso, da droga, das leis laborais), na intemperie simbólica



ACTUALIDADE

<p>da anomia porque se relaxaron - se non quebrado- as regras do contrato social, no debilitamento do Estado e o desbordamento do "pacto nacional". Cabería aventurar, entón, para concluir polo momento que na forma actual de violencia contra as mulleres que é a trata destas podería dicirse que estamos ante un fenómeno da era globalizada caracterizado por que O contrato social, vampirizado e en suspenso, cede o seu espazo aos pactos entre o poder mafioso e o poder corrupto que chegan a converterse nun "estado paralelo"²².</p>	<p>colecc. 01 Una mirada a nuestro tiempo, Madrid, 2006, p. 93.</p> <p>3. Ibid., p. 94</p> <p>4. Fondo de Nacións Unidas para as Poboacións: <i>Traficando con la Miseria Humana</i>, pode lerse completo en: http://www.unfpa.org/gender/trafficking.htm</p> <p>5. Kapoor, Aarti: "Políticas y leyes internacionales que afectan a la trata de mujeres", en Liliana Marcos (ed.), <i>op. cit.</i>, p. 39</p> <p>6. Ibid., p. 45</p> <p>7. Castells, Manuel: "La globalización truncada de América Latina, la crisis del estado-nación y el colapso neoliberal. Notas para el debate", http://www.fsmt.org.co/aa/img_upload/52db53d37ec3594c9a13faaef9c48a44/Manuel_Castells.dc</p> <p>8. Kapoor, Aarti: <i>op. cit.</i>, p. 47</p> <p>9. Ata chegar á Convención Europea para a Loita contra a Trata de Brancas, aberta á firma dos Estados o dezaseis de maio de 2005, poden nomearse a Recomendación R(2000) II do Comité de Ministros relativa á trata de brancas, e a R(2001) do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre a protección dos nenos e nenas contra a explotación sexual, aprobada o trinta e un de outubro de 2001.</p> <p>10. Para una información actualizada dos textos legais e o marco xurídico sobre a trata na Unión Europea, América Latina e España, véxase o recente estudo publicado pola Federación de Mujeres Progresistas: <i>Trata de Mujeres con fines de explotación sexual en España (Estudio exploratorio)</i>, Madrid, 2008, pp. 85-124.</p> <p>11. Tomamos aquí os datos aportados no estudo de Matiada Ngalikpima "La trata y la explotación sexual de las mujeres y los niños en Europa: aspectos represivos", en: Liliana Marcos (ed.), <i>Explotación sexual y trata de mujeres</i>, Editorial Complutense,</p>	<p>colecc. 01 Una mirada a nuestro tiempo, Madrid, 2006, pp. 52-65</p> <p>12. Este Plan recolle 61 medidas orientadas a sensibilizar á sociedade para promover unha <i>tolerancia cero</i> contra este delito, así como a promover políticas activas de cooperación cos países de orixe, tránsito e destino, para combatelo.</p> <p>13. Montaño, Julieta: "América Latina", en: Liliana Marcos (ed.), <i>op. cit.</i>, pp. 73-79</p> <p>14. Mohamed, Faiza: "África", en: Liliana Marcos (ed.), <i>op. cit.</i>, pp. 80-90, pp. 84-5</p> <p>15. Pérez Cepeda, Ana Isabel: "El tráfico de mujeres con el fin de la explotación sexual", en: Joaquín Giró (ed.), <i>El género quebrantado. Sobre la violencia, la libertad y los derechos de la mujer en el nuevo milenio</i>, Los Libros de la Catarata, Madrid, 2005, pp. 85-124</p> <p>16. Ibid., p. 87</p> <p>17. Ibid., p. 93</p> <p>18. Federación de Mujeres Progresistas: <i>Trata de Mujeres con fines de explotación sexual en España (Estudio exploratorio)</i>, Madrid, 2008, p. 232.</p> <p>19. Amorós, Celia: <i>Mujeres e imaginarios de la globalización. Reflexiones para una agenda teórica global del feminismo</i>, Buenos Aires, Homo Sapiens Ediciones, 2008, pp. 213-305</p> <p>20. Ibid., p. 280</p> <p>21. Ibid., p. 279</p> <p>22. Ibid., pp. 244-5</p>
<p>NOTAS</p> <p>1. Convención de Nacións Unidas sobre a Delincuencia Organizada Transnacional, para a firma dos Estados desde o quince de novembro de 2000; o protocolo para Previr, Reprimir e Sancionar a trata de persoas, especialmente mulleres e nen@s, entrou en vigor o vintecinco de decembro de 2003. Este Protocolo fai punible o delito da trata e establece criterios mínimos para a atención e a protección ás vítimas, así como para a cooperación entre países na loita contra este críme transnacional.</p> <p>2. Citado por González Álvarez, José Luis, e Muñoz Rodríguez, Ana María: "La trata de seres humanos con fines de explotación sexual desde la perspectiva de la Guardia civil: descripción del fenómeno", en: Liliana Marcos (ed.), <i>Explotación sexual y trata de mujeres</i>, Editorial Complutense,</p>		

FEMINISMO E MOCIDADE NAS SOCIEDADES FORMALMENTE IGUALITARIAS

<p><i>Para Julia e Marcos</i></p> <h3>INTRODUCIÓN</h3> <p>Este artigo trata de comprender unha situación aparentemente paradoxal e contraditoria: cómo convive a aceptación e consolidación de importantes valores feministas co que se pode cualificar como acrítica volta ao rosa e ao azul, ás normas da feminidade e masculinidade más rancias e que parecían xa superadas. Na primeira parte expónense algunas das dificultades que enfrenta a mocidade para percibir a desigualdade nas sociedades formalmente igualitarias, é dicir, os mecanismos do sistema para se invisibilizar, e outros más explícitos como o estigma, a ameaza e o medo á perda da felicidade. Na segunda móstranse algumas formas actuais de reproducción da desigualdade que se inscriben nos corpos das mulleres como a violencia e a prostitución. Ao mesmo tempo formúllase a hipótese de que nas sociedades formalmente igualitarias e con políticas activas de igualdade a reproducción dos valores patriarcais realizase desde a tríade do mundo da creación, dos medios de comunicación e do consumo de masas. A industria da imaxe e a industria do fútbol son algúns dos espazos en que calla a</p>	<p>rancia ideoloxía da natureza diferente e complementaria dos sexos.</p> <h3>Feminismo e cambio social en España: o mundo en que naceron as mozas</h3> <p>As transformacións que experimentaron a situación e a percepción social das mulleres en España foi un dos cambios más rápidos e impactantes da nosa sociedade desde a instauración da democracia. Tamén foi un dos factores que contribuíu de forma decisiva a que o noso país abandone o "Spain is different", propio dos vellos e malos tempos e que teña abrazado con entusiasmo a modernidade. Agora ben, fronte a unha sociedade caracterizada por unha forte apariencia de modernidade, ou más ben de posmodernidade, desde o feminismo é frecuente escoitar o argumento de que en canto "rañas un pouco" as cousas non cambiaron tanto. Nin na esfera pública nin, moito menos, na esfera privada. De feito o acceso masivo das mulleres novas á educación superior e á poboación activa, ao espazo público, entre as décadas dos oitenta/noventa non tivo na súa raíz un forte desenvolvemento do Estado do Benestar ou nun cambio drástico na mentalidade dos homes, que pasarán a</p>	<p>reclamar e obter as súas cotas de traballo e dedicación aos coidados na esfera do privado. Non; este acceso masivo foi posible, entre outras razóns, grazas á difusión e aceptación de importantes valores feministas (Alberdi, 2000) e ao que podemos cualificar de auténtica folga de natalidade das mulleres, folga pola que unha sociedade xeralmente cualificada como tradicional-católica-familiar chegou a facerse co título (compartido) do país coa taxa de natalidade más baixa do mundo.</p> <p>Neste contexto pode ser más fácil comprender que a situación real das mulleres, e en consecuencia tamén do feminismo, aparece sucada de dobras e triplas xornadas, e contradicións e paradoxos varios, de forma que ás veces pode resultar certa unha afirmación e a súa contraria. Por unha banda, hai razóns para o optimismo cando o criterio utilizado é o de comparar diacronicamente a nosa situación actual coa das nosas nais ou avoas; por outra, hai razóns para o pesimismo cando comparamos as nosas vidas coas da outra metade da raza humana, os homes, e observamos que seguen a copar con naturalidade os postos de poder na esfera pública e se deixan servir e coidar, áinda con maior naturalidade se cabe, na esfera privada. Por outro lado, continúan a detentar o poder</p>
--	--	--

simbólico de definir a "autoconciencia" da especie e da sociedade. É posible resumir a situación observando que se o sexismo está en momentos baixos non ocorre o mesmo co androcentrismo.

Agora ben, o que ningúen pode negar, creo, é que no transcurso destas tres décadas as mulleres fixémonos visibles como suxeitas con reivindicacións específicas e tamén estamos a conseguir levar á axenda política "os nosos" problemas para os definir como problemas de toda a sociedade. Así se logrou, por exemplo, co tema da violencia de xénero; así se logrou ter un goberno paritario como o actual, co Partido Socialista Obrero Español no goberno, e así se aprobou unha Lei de Igualdade que ten como obxectivo lograr remover algunas das barreiras que fan que a sociedade patriarcal se siga a reproducir sen maiores problemas na nosa sociedade formalmente igualitaria. Por outro lado tamén se aprobou recentemente o matrimonio entre persoas do mesmo sexo co mesmo estatus legal e dereitos que os matrimonios heterosexuais.

O interrogante é ¿como se lograron estes e outros obxectivos que as sucesivas xeracións se atopan xa como parte da súa vida cotián? ¿Como se conseguiu

involucrar á sociedade e ao goberno na axenda feminista? Tal vez sexa pronto para saber a resposta mais se aventuro que moito menos se tería logrado sen o firme compromiso de tantas e tantas mulleres cos fins e valores do feminismo, e o acordo tácito de moitos homes. Tanto das que militan no Movemento no sentido más clásico e rotundo da palabra, como de todas aquelas que se

converteron en insubornables "axentes feministas" sexa cal for o posto de traballo que ocupen. Sexa este o de ministra, xuíza, profesora, técnica de concello, traballadora social, traballadora a secas ou estudanta, miles de mulleres botaron ás costas o compromiso de contribuír desde o seu sitio particular a facer un mundo mellor. O movemento feminista e máis a teoría feminista



ACTUALIDADE

actuaron e actúan como os seus referentes. E, con todo e iso, moitas mozas, herdeiras directas destas conquistas non se senten a gusto coa cualificación de feministas (Aguinaga, 2004). Trataremos de indagar no porqué das complicadas e contraditorias relacions entre as mozas e o feminismo.

MOZAS E FEMINISTAS, RAZÓNS DUNHA INCOMODIDADE


O estigma da palabra feminismo. Entre o descoñecemento e a descualificación.

Dicía a escritora Rebeca West que non conseguira pescudar de forma precisa qué era o feminismo, mais engadía "Só sei que a xente me chama feminista cada vez que expreso sentimientos que me diferencian dun felpudo". Non é unha mala aproximación ao tema porque nos fai caer na conta do estigma da palabra feminismo e de dúas actitudes que seguen a ter vixencia fronte ao mesmo, tamén entre a mocidade : por un lado, o seu descoñecemento fóra dos círculos estritamente feministas e, por outro, a súa continua descualificación -¡malia o descoñecemento!- por parte de moitas persoas que se o coñecesen mellor non dubidarian en auto-cualificarse de feministas.



De forma case incomprensible para as persoas que estudamos a historia do feminismo e coñecemos o alcance da nosa débeda coas mulleres que

dedicaron as súas vidas, ou parte delas, a conquistar o que hoxe nos parecen os dereitos máis elementais, o caso é que "o feminismo" segue a gozar dunha



HAVANA
NEBULOSA ONDE PALPITA A VIDA
ESPELLO DESENFOCADO
FUSTE QUE ASCENDE AS FIESTAS
ONDE SE ESCONDE A MIRADA
A VERA LUZ ENTRE AS PORTAS.

mala prensa considerable. Ademais, esta mestura de descoñecemento e desqualificación non é nova, semella que acompañou sempre

ás loitas das mulleres por saír da servidume e lograr os mesmos dereitos que os homes. Fixémonos nesta frase de Clara Campoamor, a deputada que

defendeu o dereito ao voto feminino na Segunda República española : "Digamos que a definición de feminista coa que o vulgo pretende malevolamente indicar algo extravagante indica a realización plena da muller en todas as súas posibilidades, polo que debería chamarse humanismo". Efectivamente, o feminismo é un humanismo, é a loita polo recoñecemento das mulleres como suxeitas humanas e suxeitas de dereitos, é e foi sempre a loita pola igualdade entre os dous sexos. E, porén, boa parte da súa mala prensa procede de que moitas persoas asocian o feminismo coa loita pola supremacía feminina, é dicir "con dar a volta á tortilla" e tamén co odio aos homes, a convicción de que as feministas queren transformar as mulleres en homes, ou noutra orde de cousas, coa confusa crenza de que as feministas están en contra de que as mulleres se namoren, sexan nais ou queiran verse guapas! (Cacace, 2006).

Ante unha interpretación tan abertamente falsa e retorcida dunha causa tan xusta e lexítima, dunha loita tan constante, silenciada e non violenta por parte de tantas mulleres e tamén homes, só cabe preguntarse con abraio: De dónde saíu esta versión tan falsa e mesquiña de mulleres como as sufrazistas? De mulleres

como Concepción Arenal que centrou os seus esforzos en que as nenas puideran ir á escola, en que as mulleres estiveran preparadas para exerceren un oficio para evitar a pobreza ou a prostitución se non chegaban a contraer matrimonio? De mulleres como a mencionada Clara Campoamor que arruinou a súa carreira política e profesional por defender nun momento "politicamente inoportuno" o noso dereito ao voto? De todas as mulleres que se uniron para defenderen o dereito ao traballo asalariado, á educación superior, a todas as profesións? Das que loitaron e seguen a loitar para que se rompa o pacto de silencio e complicidade que rodeou tradicionalmente a violencia contra as mulleres? Para que a violación se tomase en serio como un delito público e non como un delito privado en que se acosa á vítima por ter estado onde non debía, por vestir como non debía, e toda a riola de intolerables argumentos que se utilizaron para culpabilizar ás vítimas? Daquelas que denunciaron e seguen a denunciar a dobre moral sexual e as súas inexorables consecuencias para todas?

Abordamos este traballo coa convicción de que cando se chega a coñecer realmente o que é o feminismo, cáles son as súas análises da realidade, os seus

valores e os seus fins, a maior parte das mulleres e tamén dos homes están de acordo coas mesmas. Mais tamén coa certeza de que por todo o que implica de revisión e cuestionamento da propia identidade e das relacións más estreitas e persoais para moitas é mellor non ver. En todo caso, vaimos un pouco máis alá, desde cando existe o feminismo?

Unha teoría, un movemento social e político e unha práctica cotiá

Desde cando existe o feminismo? Nun sentido amplio do termo, sempre é posible rastrexar conatos de feminismo ao longo da historia, mulleres que se rebelaron contra o seu destino individual ou colectivo e trataron de cambialo. Nun sentido más concreto e más eficaz para comprender de ónde vimos e en consecuencia cara ónde imos é preciso ter claro que o feminismo comeza na chamada Modernidade, á par das grandes transformacións materiais e ideolóxicas que trouxeron a Revolución Francesa e a Revolución Industrial e se estende ao longo do século XIX coa reivindicación do dereito ao voto femenino e outras como o traballo asalariado no estritamente proletario e a educación superior. Tamén coa condena da dobre moral sexual e a trata de mozas

para a prostitución. Desde aquela o feminismo, na súa pluralidade, foi tomando forma desde tres tipos de facer distintos, áinda relacionados: o feminismo é unha teoría, é unha militancia social e política e é unha práctica cotiá, unha forma de entender e vivir a vida. Aínda que se pode diferir á hora de valorar cáis dos tres elementos tivo maior importancia no cambio da situación das mulleres en países como o noso, a realidade é que sen a presenza dos tres as mulleres non teríamos chegado onde temos chegado.

O feminismo como teoría é unha teoría crítica da sociedade. Unha teoría que desmonta a visión establecida, patriarcal, da realidade. Celia Amorós recórdenos que a palabra teoría en grego significa ver, para subliñar o que é o fin de toda teoría: posibilitar unha nova visión, unha nova interpretación da realidade (Amorós e de Miguel, 2005). A teoría, pois, permítenos ver cousas que sen ela non vemos, o acceso ao feminismo supón a adquisición dunha nova rede conceptual, "unhas gafas" que nos mostran unha realidade certamente distinta da que percibe a maior parte da xente. E tan distinta, porque onde uns ven protección e deferencia cara as mulleres, outras vemos explotación e paternalismo, onde uns observan que "en realidade as mulleres gobernan o mundo".

outras constatamos a feminización da pobreza e a dolorosa resignación con que as mulleres aceptan áinda na maior parte do mundo unha subordinación que se fai pasar polo seu destino. E, como sinalou Amelia Valcárcel a pesar das tensas relacións entre a teoría e a acción, nas asociacións de mulleres e os núcleos feministas existe maior vocación teórica que en ningún outro colectivo (Valcárcel, 1998). E é que todas necesitamos ampliar e iluminar o noso coñecemento sobre a insidiosa mestura de complexidade e sinxeleza que apuntala a impresionante capacidade de reproducción do sistema patriarcal. Un sistema no que as mulleres continúan servindo aos homes – especialmente na esfera do privado/doméstico – e estes o esperan e aceptan con abraiente naturalidade.

Como práctica social e política a visión feminista da realidade cristalizou historicamente na formación dun movemento feminista. O movemento feminista caracterízase, como todo movemento social, pola súa gran diversidade. Ser un movemento social e non un partido político é o que lle permitiu funcionar de maneira moi aberta e lograr unir baixo reivindicacións moi xerais a moitas mulleres que, desde outras perspectivas, poden ter importantes discrepancias

ideolóxicas. A necesidade de unión de todas as mulleres, a constitución dun Nosotras como Suxito Político – os pactos entre mulleres ou os pactos de xénero-


derívase da realidade de que, ainda sen dúbida a condición de mulleres interactúa con outras variables como a clase social, a etnia e a orientación sexual entre outras,



A C T U A L I D A D E

todas fomos excluídas de dereitos en función de sermos mulleres, todas compartimos unha historia de opresión.

O feminismo é tamén unha forma de entender e vivir a vida cotiá. Non é un tipo de práctica das que ten lugar na esfera pública e da que é posible "pasar" na esfera do privado case ao contrario, o feminismo implica tamén un proceso individual de cambio persoal, de axuste de contas coa tradición - "as cousas sempre foron así e ti non as vas mudar" - a educación e as expectativas que a sociedade coloca nos supostamente delicados ombros femininos : estar sempre dispoñibles como anxos domésticos e como obxectos decorativos e sexuais. De aí que o feminismo dos anos sesenta enarboreará o lema do *persoal é político*. Con este lema quérese expresar que as decisións que toman as mulleres sobre as súas vidas persoais, como cargar coas responsabilidades domésticas, non son froito da súa libre elección e das súas negociacións como parella senón dun sistema de poder, é dicir político, que non lles deixa máis elección porque eles "non van mudar". Porén a militancia e o asociacionismo con outras mulleres, proporciona un empoderamento, en que as mulleres se enfrentan de forma explícita a súa condición de



"segundo sexo" e aos múltiples medos que a sociedade lles imbuíu desde pequenas para se afirmaren como persoas, teñan ou non un home ao lado. De feito algunas autoras definiron o patriarcado como unha sociedade en que os homes ofrecen protección a cambio de servizos domésticos e sexuais. A vida das mulleres que se enfrentan ao lugar que o patriarcado lles ten asignado emprenden unha revolta interior e exterior que necesariamente ten que afectar a todo o orde privado-doméstico e levalo á práctica sen contradiccións non é fácil.

Recoñecer as contradiccións que sen dúbida permanecen "de portas para dentro" na acertada expresión de M^a Angeles Durán, é así mesmo un paso máis na autoconciencia e na posibilidade de liberación.

As armas do sistema patriarcal: entre a invisibilidade e a coacción

Segundo os fríos datos estatísticos da desigualdade entre os性os é dramática na maior parte do mundo e segue a ser forte nos países formalmente

A C T U A L I D A D E

<p>igualitarios. No noso, por exemplo a taxa de paro feminina duplica a masculina e as mulleres gañan unha media dun 30 % menos que os homes. Este ano aínda non rematou e xa foron asasinadas máis de sesenta mulleres, máis dunha morta á semana, os datos de mulleres que solicitan protección fronte as súas exparellas son arrepiantes. Daquela, por qué o rexemento de tantas mozas feministas a se declararen feministas e por qué aínda que o sexan non lle gusta recoñecelo en público? Marina Cacace aportou diversas e suxestivas razóns para o explicar e formulou moi claramente o núcleo da cuestión: "por qué as mozas tenden a infravalorar a desproporcionada carga que segue comportando o único feito de seren mulleres". Ao seu xuízo "difundiuse entre as mozas unha forma de comprensión da realidade que, respecto ás cuestións de xénero non rexistra ou interpreta coherentemente os datos negativos. Estes ou non se perciben realmente ou se atribúen a factores non sistémicos, como a escasa capacidade ou preparación dalgúnhas, o carácter demasiado dócil das outras, os problemas dese tipo de parella, a diversidade, etc., co cal non se pensa en solucións comúns senón só en dificultades e erros (ou en vitorias) persoais" (Cacace, 2006). Se a isto engadimos a falta de</p>	<p>experiencias de discriminación, o sentimento de que as occidentais somos unhas privilexiadas e o de que a ningúén lle gusta saberse parte dun grupo oprimido – máxime cando ás mozas se lles entupe a cabeza con que se son más listas ca eles, tamén como ás nosas avoas- vanse engadindo cada vez máis razóns para que as mozas sintan incomodidade ante a interpellación crítica que supón o feminismo.</p> <p>Pola nosa parte imos formular a tese de que a pesar dos avances cara a igualdade o sistema patriarcal está profundamente ancorado na estrutura social e como mostrou recorrentemente a historia pode transformarse para non desaparecer. Sen a referencia necesaria ao poder do patriarcado parece que todas as explicacións sobre a falta de conciencia feminista entre as mozas están do lado destas, e dalgúnha forma, infravalórase o poder e os recursos simbólicos con que contan os sistemas de dominación para se perpetuaren. De entre estes recursos imos centrarnos na relación entre invisibilidade e coacción.</p> <p>A invisibilidade do sistema non é unha característica nova nin que teña que ver necesariamente coas sociedades formalmente igualitarias. A maior parte das mulleres de todos os tempos e</p>	<p>sociedades negaron ardientemente a existencia dunha sociedade sexista. Comprender esta invisibilidade da desigualdade sexual é comprender que para a maioría se solapa coa orde normal e natural das cousas. É normal e natural que fillas e fillos leven primeiro o apelido do seu pai e en segundo lugar o das nais que @s tiveron nos seus ventres nove meses e @s trouxeron ao mundo, por qué non habería de selo? A maior parte das mulleres negaron e negan a existencia da desigualdade e os conflitos que sen dúbida xera: sinxelamente somos diferentes afirmaron e afirman na actualidade. E continuando co tema da invisibilidade merece a pena rescatar o feito de que a que chegaría a ser gran feminista Simone de Beauvoir, preto xa dos corenta anos afirmaba que para ela "ser muller non lle pesara nada". É importante seguir insistindo sobre este trazo do sistema patriarcal: a gran dificultade que temos para percibir a desigualdade sexual. Unha muller que era filósofa, que todo o rexistraba minuciosamente, que non deixaba de observar e de observarse. E ata case os corenta anos case pertencia ao xénero de mulleres que declaran "non ter sufrido ningunha discriminación". E non obstante, un bo día tivo unha revelación, accedeu a unha nova conciencia, unha nova visión da</p>
ACTUALIDADE		

<p>realidade da <i>súa</i> realidade : "Empecei a analizalo e subitamente se me revelou : este mundo era un mundo masculino, a miña infancia fora alentada con mitos forxados polos homes. E eu non reaccionara da mesma maneira que se tivese sido un rapaz. A cuestión interesoume tanto que abandonei o proxecto inicial de elaborar unha especie de relato persoal e decidín ocuparme da condición feminina en xeral. Como ben sabemos o resultado foron as centos de páxinas que compoñen O segundo sexo. Volvamos a recordar as súas palabras iniciais: "para mim ser muller non pesou nada..." Se comprendemos que todas as xeracións de mulleres que nos precederon realizaron un camiño ata chegar a ser feministas tanto mellor entenderemos que isto lles suceda tamén ás mozas de hoxe que, ademais, teñen menos experiencias de desigualdade, polo menos na primeira parte da súa vida.</p> <p>As mozas de hoxe poden admitir sen maiores problemas que a desigualdade existiu, mais antes, como nun país afastado e remoto. Porén carecen dun coñecemento esencial : esa desigualdade foi cedendo pola loita organizada de millóns de mulleres e só para conseguir o dereito ao voto necesitouse máis</p>	<p>dun século de loita tenaz e continuada. E non eran marianos eran homes os que se resistían tamén tenazmente a que as nenas, en definitiva, as súas esposas, nais, fillas e irmás puideran estudar, ser autónomas e votar. En xeral, cando as mozas se decatan do que no feminismo se denomina a <i>nosa xenealoaxía</i> se moven inicialmente entre a indignación e o "non o podo crer", para rematar finalmente como Simone de Beauvoir, no feminismo. Outro coñecemento esencial que ignoran é o da xenealoaxía patriarcal, a saber, que os grandes teóricos que estudan en clase de filosofía e literatura despregaron todo o seu arsenal teórico para explicar cómo e por qué as mozas son inferiores aos mozos. É dicir ignoran a dureza e severidade con que se lles conceptualizou como inferiores e o arriscado desta lexitimación cultural. E de aí o reforzo da invisibilidade de todo o sistema.</p> <p>Hoxe, como onte, un dos principais problemas do feminismo continúa sendo o de facer visible einxusta esta desigualdade para a maior parte da opinión pública. E a tarefa non é fácil porque tamén se ve dificultada pola forte e continua reacción ideolóxica en contra do feminismo. E esta é, como dicimos, unha das claves principais que explican o</p>	<p>rexeitamento ou a incomodidade das mozas co feminismo Susan Faludi documentou os comezos desta reacción na década dos setenta a través dunha suxestiva análise das mensaxes dos medios de comunicación de masas. Segundo esta autora a mensaxe da reacción antifeminista mantense en dous piarezas ideolóxicos falsos mais porfiadamente repetidos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1) a igualdade sexual xa é un feito, o feminismo é cousa do pasado, e 2) a igualdade sexual empobreceu e estresou a vida das mulleres, fixoas más infelices (Faludi, 1991). <p>Estamos de acordo con Faludi en que hai unha reacción e para analizala imos partir da hipótese de que a sociedade patriarcal continúa reproduciendo a ideoloaxía da natureza diferente e complementaria dos sexos como fundamento da posterior adscrición a funcións diferentes na orde social. Esta ideoloaxía difúndese a través da imposición de normas de comportamento diferentes segundo o sexo e presenta a forma dunha coacción porque difunde poderosas imaxes en torno á cal é a identidade correcta, non desviada, dunha moza e a dun mozo. As normas e as ideoloaxías sexuais non son optativas, deben cumplirse salvo</p>

ACTUALIDADE



risco dunha forte sanción. Por moito que pareza que estas normas se suavizaron a realidade é que algunas se transformaron mais as que existen son absolutamente severas e non toleran ben as excepcións. Por exemplo e no que toca ao vestir: os nenos non levan saias e punto.

Claro que eles esgrimirán que non queren levar saia, que non lles gusta, que lles parece incómoda, que pasan frío, que se lles ve o calzón. É dicir, que é unha sociedade libre en que se non levan saia é, qué casualidade, porque a ningún lle gusta. Acontécelles o mesmo a elas

coas minisaias, que lles gustan, que lles parecen cómodas, que non pasan calor e que cruzas as pernas e xa está, "non se che ve nada". Cánta casualidade, mais non hai coidado, a ningún nin a ningunha se lles vai pasar pola cabeza desafiar a norma. A norma é que os rapaces non levan saia.

Desde un certo punto de vista é abraiante contemplar como as nenas parecen ter aceptado as normas sexuais. O problema é que topamos con poderosas industrias capitalistas: o rosa e o azul encontraron unha florecente industria de consumo. Na actualidade as normas da diferença sexual non se difunden desde a lei nin desde o estado, nin desde a educación formal. Fórzanse desde o mundo da creación, da música, dos videoclips, do cinema, das series, da publicidade... difúndense desde os medios de comunicación de masas e xeran unhas poderosas industrias que ofrecen un consumo diferenciado para mozas e mozos. Para elas o culto á imaxe, ao chisme e ao amor romántico. Para eles a tríade fútbol-motor-pornografía. Elas, como a maior parte das mulleres do mundo *segue-seguimos* interpretando a coacción como libre elección, tanto nos tacóns altos de agulla, como no culto ao corpo, como na elección de estudos non tecnolóxicos, como

na asunción dos traballos domésticos ou o abandono do emprego porque alguéun terá que coidar da prole. En realidade moitas cousas non cambiaron, ou se está a producir un retroceso que habería que documentar: abonda con ir a unha tenda de xoguetes, con follejar eses catálogos interminables de xoguetes que xenerosamente regalan os domingos cos xornais a todas as nenas e nenos. Non é necesaria unha análise moi sofisticada: xoguetes domésticos e para se poñer sexys para as nenas e xoguetes de acción e de guerra para os nenos. A industria da comunicación e o consumo de masas encontrou nesta reproducción acrítica do rosa e do azul un potente negocio. A industria do fútbol condénsase en titulares como "todos os nenos queren ser Ronaldo", Beckam, Ronaldinho, o que toque, e ten como aliados á práctica totalidade dos intelectuais e os políticos. A industria do fútbol conseguiu enmudecer as críticas ao papel socializador do fútbol masculino, cada vez más omnipresente nos colexios, a súa presenza obrigatoria nos telexornais públicos como se de información nacional relevante se tratase. Desde aquí lle recoñecemos o valor e a disidencia á socióloga Marina Subirats, que titulou o seu libro sobre a necesaria volta á

coeducación "Balóns fóra" (Subirats, 2007).

O amor romántico como factor de socialización diferencial

Hoxe, cando moitas teóricas se están a preguntar con contundencia sobre cales son os factores de reproducción da desigualdade, está aparecendo con insistencia o amor romántico (Jonnasdóttir, González 2006 e Esteban, 2008). Nosotras elixímoslo como un exemplo paradigmático para explicar a presión social que sufren as mozas para desenvolver unha entidade feminina determinada e cómo, ao mesmo tempo, se nega a presión e se reinterpretan comportamentos colectivos baixo a forma da libre elección.

En primeiro lugar sempre é conveniente un pouquín de historia para ver como o tema do amor é, en realidade un clásico do feminismo. A teórica feminista Alejandra Kollontai mantiña xa a principios do século vinte que as mulleres non lograrían emanciparse ata que non deixasen de colocar o amor como o fin prioritario da súa vida. E segundo as súas palabras "se unha muller tiña o corazón baleiro a súa vida se lle aparecía tan baleira como o seu corazón".

Cal sería hoxe o problema co amor? O problema, como case

sempre nas relacións entre os xéneros, residiría na ausencia de reciprocidade: para os mozos o fin da súa vida nunca é o amor, é desenvolver a súa individualidade. Con isto non quere dicirse que o amor non sexa importante ou mesmo moi importante para os homes. Algunhas destas análises abordan as relacións entre esta concepción do amor coa asunción da dobre xornada laboral e incluso coa aceptación de certas doses de celos e violencia nas relacións de parella. ¿É por conservar o amor e non estar "soas" -co fracaso que iso significa para as mulleres na sociedade patriarcal- polo que as mulleres continúan servindo(lles) e os homes se deixan servir? Haberá que estudalo máis, pero cando se analiza a ideoloxía patriarcal sempre acabamos encontrando o amor, mellor dito, unha certa concepción do amor para as mulleres. Non nos resistimos a reproducir un texto publicado na revista da *Sección Feminina* do trece de agosto de 1944: "A vida de toda muller, a pesar de tanto ela queira simular -ou disimular- non é máis ca un eterno desexo de encontrar a quien someterse. A dependencia voluntaria, a ofrenda de todos os minutos, de todos os desexos e as ilusións, é o estado máis fermoso, porque é a absorción de todos os malos xenes - vaidade, egoísmo, frivolidades- polo amor". Unha vez

A C T U A L I D A D E

lido o texto o importante é recordar que estas palabras foran escritas por intelectuais da talla de Freud, Simmell e, entre nós, Ortega e Gasset (Puleo, 1993). A sección feminina limitábase a difundilas.

Na súa obra **O poder do amor. Impórtalle o sexo á democracia** a teórica nórdica Anna G. Jónasdóttir preguntouse con contundencia polos mecanismos que reproducen a desigualdade sexual en sociedades como as nórdicas, con altas cotas de igualdade no espazo público. A resposta áchase nun esquema conceptual debedor da análise marxista da plusvalía. Ao igual que a capacidade humana de traballar é fonte de valor e xera unha plusvalía que a clase capitalista extrae á clase traballadora, nas sociedades patriarcais os homes extraen unha *plusvalía de dignidade xenérica* en todas e cada unha das súas interaccións coas mulleres. A capacidade de amor do ser humano, entendida nun sentido amplio, é un recurso humano capaz de crear *valor*, neste caso recoñecemento, dignidade e benestar para os suxeitos receptores do mesmo. O problema reside en que a política sexual ou a organización política do amor patriarcal determina que as mulleres entreguen o seu amor sen reciprocidade, polo que non

só resultan explotadas as súas capacidades senón que viven cun continuo déficit de recoñecemento e benestar, de "amor." En relación con esta suxestiva análise merece a pena volver a vista atrás para apreciar o claro que tiñan algúns vellos defensores do patriarcado o interese por se apropiaren desa "plusvalía" do cuidado das mulleres; así o escribiu o filósofo ilustrado Jean Jacques Rousseau "A educación das mulleres debe ser relativa aos homes. Compracernos, sernos útiles, facer que as amemos e as estimemos, que nos eduquen cando sexamos novos e que nos coiden cando sexamos vellos, que nos aconsellen, que nos consolen, para que así as nosas vidas sexan fáciles e agradables; estes son os deberes das mulleres de todos os tempos e para o que deberían ser ensinadas durante a infancia". Fin da cita: é difícil ter más claros e formular de maneira máis sinxela os fins dun sistema de dominación. A continuación ofrecemos unha breve análise sobre cómo se reproduce a "ideoloxía do amor" na actualidade. Tal e como vimos mantendo esta reproducción ten lugar a través do mundo da creación, dos medios de comunicación e do consumo. Centrarémonos nas revistas para adolescentes, aínda que análises similares se fixeron sobre o cine,



o fútbol ou os videoxogos (Aguilar, 1998).

O amor nas revistas para adolescentes/as?

Existe no mercado unha variada oferta de revistas para adolescentes que están expresamente dirixidas ás mozas. Nunha brillante análise da retorcida mensaxe das revistas de adolescentes Amalia González invítanos a observar cómo se mestura a idea de modernidade e transgresión cos modelos

femininos más rancios e pasivos. O primeiro que sinala a autora é, tal e como faciamos no epígrafe sobre o amor romántico, a falta de reciprocidade. As rapazas contan cunha abundante bibliografía de revistas para as formar nos temas de imaxe, sexo e amor mentres que os rapaces non disponen de publicacións paralelas, pois as dirixidas a eles son as de videoxogos, fútbol, motor, e tamén as pornográficas (qué romanticismo). Pero vaimos tamén aos contidos. "Nestas revistas para rapazas observamos a combinación de liberdade e desenfado sexual coa reproducción de estereotipos tradicionais. Ben é certo que teñen como aspecto positivo abordar temas sexuais dunha forma directa e aberta, mais a maneira de tratarlos adoece dun forte sexism. A xovialidade que zumeigan estas revistas converte calquera situación en mero *problemática* que sempre ten final feliz marcado pola vinda dalgún redentor. Todas as seccións están enfocadas a cómo ter éxito cos rapaces aos que se pinta como tipos un pouco parvos ou aos que se pode seducir. Todo é alegre, xovial e festivo se te vistes á moda, se es agraciada e non tes prexuízos. Se hai algúns revés, este figura nos apartados dos testemuños ou historias excepcionais, mais ao final o amor todo o salva" (González, 2006).



Por outro lado, e abusando un pouco máis da análise de Amalia González, a autora sinala que os consellos destinados ás rapazas que saen con rapaces, "instaas a manter unha postura activa, mais con moito coidado de non os molestar, porque se se molestan pódense ir. Hai que operar con

cautela". Así, nas pautas que dá para cando unha rapaza e un rapaz empezan a saír xuntos, dise que a rapaza ha de usar as súas *armas de muller* para poder ter éxito (...) aos rapaces hai unha serie de preguntas que lles formular ao inicio dunha relación, mais estas preguntas han de facerse dunha

ACTUALIDADE

<p>maneira velada, porque "o xénero masculino soe asustarse cando intúe que o seu ligue ou moza quere informarse sobre temas moi persoais e os ataques paranoicos ante o compromiso son moi habituais". Son "preguntas imprescindibles que debes fazer ao teu mozo" pero han de facerse "sen que se dea conta!". As preguntas persoais que a revista cita son : se sae con outras rapazas, cómo son os seus amigos, se se fixo as probas da SIDA e qué pensa do futuro da relación. As rapazas non poden preguntar abertamente, porque os rapaces "se poden asustar".</p> <p>Para que os mozos non se asusten, a revista en cuestión recomenda unhas "estratexias do débil" que xa non podemos transcribir, para non merecer o cualificativo de plaxio ou intertextualidade por parte de González, mais si volvemos a remitir encarecidamente ao seu artigo porque non teñen desperdicio. Nin as nosas tataravoas necesitaban tanta man esquerda! Fíxense na estratexia para a cuarta e última pregunta "Cres que o noso ten futuro?" Vexamos o rodeo porque, obviamente, non pode preguntarse así : "pregúntalle entre risas se es o tipo de moza coa que compartiría a súa vida ... o lóxico é que che siga a broma e fantasíe sobre un futuro contigo.</p>	<p>Evidentemente, isto non che dá ningunha garantía, mais o feito de que non puxese mala cara indica que, ademais de que o mozo ten bo sentido do humor, a vosa é unha relación sólida". E rematamos tamén co lúcido xuízo de Amalia González: "Resulta de sumo interese para ver o modelo de relación que propón a revista o consello de que a rapaza ha de esperar o momento oportuno para fazer preguntas que non molesten. Non é que desprecemos as habilidades comunicativas na relación, senón o feito de que estas descansen na moza, ao adestrala en "comprender" que o mozo ten medo ao compromiso, á vez que ela deseja este mesmo compromiso. En definitiva, as preguntas son "imprescindibles", mais hai que facérllelas disimuladamente e, por tanto, podemos quedarnos sen respuestas. ¿Non é isto unha maneira de educar no conformismo, a pasividade, paciencia e na esperanza dun home que se ha convertido en salvador grazas ao amor, características todas elas típicas do arquétipo das mulleres submisas? (González, 2006).</p> <p>A vella idea do príncipe azul sigue operando. Iso si, xa non hai que recostarse a esperar, hai que actuar : namórante, consegue ao rapaz (nós dámoscas a estratexia)</p>	<p>e xa non hai problemas! Se se me permite unha pequena "observación participante" quero deixar constancia de que cando nas miñas clases de <i>Os xéneros na Rede</i> conto que acabo de mercar unha novela dunha moza duns trinta anos que se titula "Manual de caza e pesca para rapazas" detecto polos seus sorrisos que non vai a cousa de "coellos e de salmóns".</p> <p>FEITOS QUE NON CASAN. A REPRODUCIÓN DA DESIGUALDADE NAS SOCIEDADES FORMALMENTE IGUALITARIAS</p> <p>As mozas teñen que facer fronte a unha serie de feitos que non concordan coa visión de que a igualdade sexual é un feito e o feminismo algo do pasado. Se vivimos nunha sociedade igualitaria, por qué os homes matan as mulleres? por qué as arrepiantes cifras de malos tratos? por qué aumenta o tráfico de mozas para a súa prostitución por quince, trinta euros cliente nas nosas sociedades igualitarias? Entre todos os feitos que non casan eliximos os temas da violencia e a prostitución porque como sinalou Celia Amorós, coa súa actual clarividencia para percibir e sistematizar por onde se estreitan e renovan os pactos patriarciais, o corpo das mulleres é</p>
A C T U A L I D A D E		


ACTUALIDADE		
<p>o libro aberto en que se inscriben as regras dos pactos patriarcais (Amorós, 2008). E neste libro hoxe se escribe a violencia contra os seus corpos como violencia física e como corpos permanentemente expostos para o seu aluguer ou venda para uso sexual. Cando se unen ambos tipos de escrita falamos de violacións.</p> <p>A violencia contra as mulleres</p> <p>Diciamos antes que unha das características do movemento feminista é que nunca recorreu ao uso da violencia contra as persoas en apoio das súas reivindicacións. Agora ben, isto non significa que a violencia non estea presente no conflito de xéneros, estao mais é exercida polos homes contra as mulleres. Na súa obra <i>Política sexual</i>, Kate Millett escribía xa en 1969 : "Non estamos acostumados a asociar o patriarcado coa forza. O seu sistema socializador é tan perfecto, a aceptación xeral dos seus valores tan firme e a súa historia na sociedade humana tan longa e universal, que apenas necesita o respaldo da violencia". E, porén, continúa Millett "ao igual que outras ideoloxías dominantes, tales como o racismo e o colonialismo, a sociedade patriarcal exercearía un control insuficiente, e mesmo ineficaz, de</p>	<p>non contar co apoio da forza, que non só constitúe unha medida de emergencia, senón tamén un instrumento de intimidación constante" (Millett, 1969).</p> <p>A violencia contra as mulleres, como tales, non é, nin moi meno, unha realidade nova. Todo o século dezanove abonda nesta dramática situación. Non nembargante, como sinalaron diversas autoras, só recentemente, e en relación coa mellora do status das mulleres, a violencia doméstica deixou de ser considerar un "problema persoal" das mulleres afectadas para ser considerar como un "problema social". E isto explícase en parte porque ata hai pouco predominaba unha explicación de corte bioloxista e psicoloxista que explicaba a violencia masculina como "algo natural" e, nos casos extremos, como produto de diversas patoloxías individuais. Desde logo, non é esta a perspectiva nin sociolóxica nin feminista (de Miguel, 2005).</p> <p>As explicacións sociolóxicas e feministas sobre o uso da violencia contra as mulleres resaltaron dous factores. En primeiro lugar, o proceso de socialización diferencial dos sexos. Independentemente de cómo sexan as hormonas masculinas – volvamos a recordar o distintos que son os homes entre si, que moitos non exerceron a violencia</p>	<p>na súa vida, por máis que iso fora símbolo de status e afouteza no patio do colexiño- hoxe existe ampla documentación sobre cómo na socialización dos homes se identifica o masculino coa forza e a violencia. Ademais abonda con entrar nunha tenda de xoguetes : xoguetes bélicos para os nenos – más ou menos disimulados pola súa referencia a películas de éxito como a espada láser da <i>Guerra das Galaxias</i>, o puño de <i>Hulk</i> ou o aparato militar d'<i>O Señor dos Aneis</i>- e xa sen disimulo algúns xoguetes domésticos e de maquillaxe para as nenas.</p> <p>En segundo lugar, apúntase á persistencia das definicións sociais que representan as relacións entre os xéneros como relacións de subordinación, cando non de propiedade, en que as mulleres deben certa submisión aos seus maridos ou compañeiros. Será daquela, cando as mulleres non respondan ás expectativas, cando os conflitos poden levar ao uso da violencia como medio de restablecer a satisfacción das expectativas sobre o comportamento feminino. Neste segundo caso, a violencia aparece como un efectivo medio de control social sobre o comportamento das mulleres. Desde esta perspectiva, é imprescindible citar o traballo pioneiro de Susan Brownmiller sobre a violación. Esta autora</p>

define a violación como parte dun sistema de control que afecta ao comportamento cotián de todas as mulleres (Brownmiller, 1981). Este traballo foi considerado, no seu día, esixerado e radical. Non obstante, hoxe, o propio Anthony Giddens –o coñecido sociólogo inglés e non precisamente polas súas ideas radicais– chamou a atención sobre cómo o medo a esta agresión conduce ás mulleres a exercer un rigoroso control sobre as súas accións e movementos no espazo público. E, cómo, por tanto, funciona como un mecanismo eficaz para meter medo na socialización das rapazas e áinda hoxe, para culpabilizalas se chegaron a “se colocar” na situación de seren violadas.

Entendemos que a violencia é unha realidade pola que as rapazas, dalgunha maneira comprenden que “algo pasa” polo simple feito de ser muller, é dicir, que estas mozas, mulleres, son asasinadas ou violadas polo simple feito de seren mulleres. Mais ao mesmo tempo as mozas non queren sentirse como vítimas e suspenden os mecanismos de identificación: iso son cousas que lles pasan a outras. Tamén encontran explicacións alternativas nalgunhas ideoloxías de novo cuño que as invita a cualificar o feminismo reivindicativo de choromica e vitimista, e que, en

última instancia parece ter as mesmas consecuencias políticas que o individualismo de toda a vida. Vense a afirmar que as mulleres non son esos seres débiles e sen poder que se empeña en presentar o feminismo. As mulleres dalgunha maneira “elixen” de acordo con estratexias entre diferentes opcións, e como a vida é moi dura e difícil tal vez entre esas estratexias está aguantar doce anos de malos tratos e para tantas mozas do este ou africanas prostituirse nun parque ou nun bordel. Así, dise, en vez de separarse gozan do nivel de vida do marido ou gañan máis ca limpando.

A violencia contra as mulleres ten importantes consecuencias na súa socialización. A socialización da nena implica inocularlle unha certa dose de medo no corpo, dose que aumenta segundo se interna na adolescencia, en que os proxenitores lles fan ver claramente que unha ameaza se cerne sobre elas. Tarde ou cedo a adolescente ten que se facer cargo de que hai un medo específico cara os mozos/homes e que non é o de que lles rouben o bolso. Medo aos homes como persoas que a través do engano ou a violencia poden “abusar delas.” Entón, “coidado cos homes” “non andes soa pola rúa” (Aguinaga, 2004). Mais, e se



emparellamos esta mensaxe xunto coa do amor romántico : o sentido da túa vida está en encontrar un home que te ame/protexa/dea sentido á túa vida. Haberá quen pense que todas estas mensaxes contraditorias non deforman e retorcen ata o desequilibrio mental o carácter feminino? E seguindo este fío de razoamento pasemos a preguntármonos qué son os malos tratos ás mulleres. Son o momento en que as dúas verdades conflúen : a violencia pásaa a exercer o home da túa vida. Non é estranxo que a sociedade ata hai ben pouco non teña querido nin velo.

O tráfico de mozas novas: a prostitución e os seus clientes.

A prostitución é unha práctica pola que os homes se garanten o acceso ao corpo das mulleres. Nese sentido é a encarnación do dereito patriarcal, o dereito incuestionable de todo home a disponer do corpo das mulleres, novas preferentemente, por unha cantidade variable de diñeiro. O tráfico de mulleres e nenas para alugar o uso dos seus corpos non é tampouco unha práctica nova. No século dezanove houbo acalorados debates sobre a prostitución e tanto as sufraxistas, que a denominaron "a escravitude branca", como as socialistas

denunciaron e combateron o que cualificaban de vergonza para a humanidade (Tristan, 2003).

Porén, na actualidade, e da man das novas liberdades sexuais, que van desde o progresivo descenso da idade de comezo das relacións sexuais ata a aparición de seccións fixas de consellos e recomendacións sobre prácticas sexuais nos suplementos dominicais dos periódicos, o esperable era a práctica desaparición da prostitución. E, con todo e iso, coa globalización o tráfico de mozas e mulleres se converteu no segundo gran negocio internacional das mafias, despois do tráfico de armas e por riba do tráfico de drogas. Hoxe en día existen dúas posturas seriamente enfrentadas neste tema. Por un lado e desde unha postura liberal arguméntase desde a tese de que a prostitución é un traballo máis, que todo e por suposto o corpo debe entrar no mercado capitalista onde se intercambian servizos por diñeiro e que hai mozas que optan libremente por esta actividade e por tanto hai que regulala. Por outro lado está a postura abolicionista. A prostitución non é comparable a ningún outro traballo, por iso, entre outras cousas non é nin pode ser estudiado como profesión nos centros públicos de ensino. Esta postura establece de forma radical

a investigación do que realmente subxace á prostitución das mulleres e como ideal último a desaparición da mesma. Tamén se defende e é o que agora máis nos interesa neste artigo, que a sexualización das mulleres e a súa comercialización é hoxe, nos tempos da igualdade formal, un dos mecanismos fundamentais de reprodución da desigualdade sexual.

O gran problema que afronta o feminismo coa prostitución é o mesmo que xa afrontara co tema dos malos tratos: o manto de hipocrisia e silencio que encobre os puteiros, os clientes, e a ampla lexitimidade e aceptación social do fenómeno como algo inevitable, cando non relacionado coa alegría de vivir e a transgresión moral antiburguesa. Así a todo, nas últimas exposicións estase impoñendo con forza o tema de pensar, investigar e conceptualizar aos clientes, condición necesaria da existencia de bordeis e a miúdo homes casados e pais de familia. Mais tamén, por noticias que aparecen aquí e alá na prensa, unha práctica na que cada vez más se intenta captar os mozos novos con publicidade nos periódicos, Internet e outras como as despedidas de solteiros e as viaxes programadas por axencias con prostitutas incluídas.

A C T U A L I D A D E



A práctica da prostitución reforza a concepción das mozas/mulleres como corpos e anacos de corpos dos que é normal dispor e dos que non importa preguntarse cómo nin por qué están aí. O feito de que os homes busquen e atopen pracer sexual de persoas que obviamente non os desexan en absoluto é, sen dúbida, unha importante materia de reflexión sobre o abismo que se abre baixo a aparente igualdade e reciprocidade nas expectativas e vivencias sobre a sexualidade. Esta despersonalización de seres human@s, a veces moi nov@s e na súa maioría inmigrantes de todas as etnias e países

empobrecidos supón, aparte da inmorальidade que poida significar, a reproducción activa das identidades más arcaicas e conservadoras do patriarcado: por un lado están as mulleres nais e esposas e fillas e por outro as putas, as mulleres que ao non ser de ningún poden ser de todos, as célebres "mulleres públicas".

Porén, e aínda que por razóns de espazo non podemos profundar no tema, desde o mundo da creación –películas, series de televisión, estase a machucar co tema das "mozas alegres" como un mandato que hai que aceptar: é normal e deseñable buscar pracer na

necesidade alrea. Realmente as xeracións más novas, que son chamadas á transgresión e viven mal o insulto de "puritana, fríxida, reprimida" están desarmadas teoricamente para interpretar como parte do sistema de dominación patriarcal un comportamento que baixa a apariencia de posmodernidade remite ás más rancias e antigas imposicións patriarcais (Puleo, 2003). Ao mesmo tempo tamén se acompaña da mensaxe "é inevitable", é a profesión máis vella do mundo. Se algo nos está a ensinar a historia ás feministas é que nada do que concirne ás relacións entre homes e mulleres é inevitable, polo que menos o vai ser unha práctica que áinda hoxe continúan exercendo case en exclusividade os primeiros a costa da pobreza, a desesperación e en definitiva a precaria situación estrutural das mulleres no mundo.

Mozas e feministas: unha minoría activa (como sempre)

Cada día está sendo máis cuestonada a afirmación de que a mocidade non se implica no activismo social e político. É certo que as mozas e os mozos de agora non están vivendo as revoltas de Maio do 68, nin a transición da democracia á ditadura, mais iso non significa que estean concentrados na súa

vida privada. Tal vez poida ter sido certo para a década 1985/1995, década do *yippismo* e tamén da caída do muro de Berlín, pero desde 1999 en que toma carta de natureza o Movimento Antiglobalización, o *Movemento de Movementos*, xa non é posible recorrer ao manido tópico da desmobilización política da mocidade. Máis achegada á realidade pode estar a tese de que as implicadas en cambiar a sociedade sempre foi unha minoría, aínda que unha minoría activa moi activa e influínte. De feito M^a Angeles Larumne no seu estudo sobre o feminismo na transición toma o concepto de minoría activa de Moscovici para analizar a súa profunda influencia nos cambios sociais, cambios cos que comezabamos o primeiro apartado deste artigo (Larumbe, 2002).

Hoxe a mocidade ten máis vías de participación no espazo público e os seus intereses están más diversificados como é o caso da súa implicación nas organizacións non gobernamentais e a cooperación internacional. Esta participación ten lugar nos partidos políticos convencionais, que contan coas súas propias asociacións xuvenís, nas mencionadas ONGS e nos movementos sociais que se autocualifican como radicais e alternativos en sentido amplo. E

por suposto no feminismo. E é que de feito existen cada vez máis asociacións que se autodesignan novas e feministas como para falar dunha forma específica de militancia, aínda que tal vez estea un pouco eclipsada polo feito de que convive co feminismo de mulleres de todas as idades e co chamado feminismo institucional. Estes grupos de mozas feministas forman parte das redes somerxidas do feminismo, son parte deses laboratorios en que se van cocendo visións alternativas da realidade. E tamén hai que sinalar o activismo no espazo virtual, o ciberfeminismo social da rede que de forma tan certeira conceptualizou e rastrexou Montse Boix no seu traballo "hackeando o patriarcado" (Boix, 2006).



Ademais da militancia das mozas hai que sinalar outras militancias moi ligadas ao feminismo e os seus fins. Por un lado os grupos de activistas lesbianas que loitan pola dobre discriminación que supón ser mulleres e lesbianas un colectivo que ainda ten maiores problemas de aceptación e recoñecemento que os mozos (Osborne, 2006). Por outro lado está emerxendo un fenómeno novo e moi suxestivo como o dos homes heterosexuais que xuntan as súas forzas para tomar distancia crítica e desafiar as normas e valores da masculinidade patriarcal (*Ahige e Homes pola Igualdade*). A gran teórica feminista socialista Alejandra Kollontai expresaba a principios do século vinte, e xa con certa amargura, que mentres cada vez había máis mulleres novas, non se divisaba por ningún lado ao "home novo". Pode que estes grupos e asociacións xunto coa consolidación dos estudos da masculinidade e as novas masculinidades sexan xa esa minoría activa e influínte que tarde ou cedo contribúe ao cambio das mentalidades e á formación dun sentido común alternativo, como no seu día no feminismo.

Hoxe, como onte, as mozas farán o que queiran, e non podería ser doutro xeito, pero seguro que unhas cantas, as suficientes, seguirán tomndo o testemuño do

A C T U A L I D A D E

<p>feminismo e elas, como no seu día as sufraxistas, as socialistas e as radicais, elas cambiarán o mundo. Termino, pois, citando a declaración fundacional dun destes grupos de mulleres novas nunhas recentes xornadas. Tras ter feito un reconto dos problemas sociais que espreitan ás mozas polo único feito de seren rapazas, conclúen : "É por isto, que consideramos necesario declarármos feministas, posto que a pesar de que a nivel lexislativo se recoñezan os nosos dereitos, queda ainda moito por percorrer ata que a igualdade real entre homes e mulleres exista" (Céspedes, 2008)</p>	<p>esta desigualdade para a maior parte da opinión pública. Este problema continúa tendo más vixencia, se cabe, entre a mocidade e en sociedades que, como a nosa puxo fin á práctica totalidade das desigualdades formais. E a tarefa non é fácil porque tamén se ve dificultada pola forte e continua reacción ideolóxica contra as metas do feminismo. Polo continuo afago que reciben as nenas e as mozas polo simple feito de selo (o "todas son ou deberían ser princesas") e que escurece a realidade de que a vida humana é unha historia repleta de problemas, loita e superación persoal. Frente a esta reacción en que o feminismo se converte nun anacronismo (que obstaculiza a renovada promesa de ser princesas) fenómenos como a persistencia ou o recrudescencia da violencia contra as mulleres e o tráfico de mozas de todas as etnias e países para a súa prostitución permiten visualizar a contradición entre un valor cultural cada vez más aceptado como é a igualdade sexual e a súa falta de concreción real.</p>	<p>REFERENCIAS</p> <p>AGUILAR, Pilar (1998) <i>Mujer, amor y sexo en el cine español de los 90</i>, Madrid, Editorial Fundamentos</p> <p>AGUINAGA, Josune (2005) "Parte V. Las desigualdades de género entre los jóvenes, en <i>Informe Juventud en España 2004</i>, http://www.injuve.mtas.es</p> <p>AHIGE, HOMBRES POR LA IGUALDAD, www.hombresigualdad.com y www.ahige.org</p> <p>ALBERDI, Inés, Pilar ESCARIO y Natalia MATAS (2000) <i>Las mujeres jóvenes en España</i>, Barcelona, Fundación La Caixa</p> <p>AMOROS, Celia (2008) <i>Mujeres e imaginarios de la globalización</i>, Arxentina, Homo Sapiens Ediciones.</p> <p>AMOROS, Celia e Ana de MIGUEL (eds.) (2005) <i>Teoría feminista. De la ilustración a la globalización</i>, Madrid, Minerva.</p> <p>BOIX, Montserrat (2006) "Hackeando el patriarcado en la lucha contra la violencia hacia las mujeres. Filosofía y práctica de <i>mujeres en red</i> desde el ciberfeminismo social", en A. de Miguel (coord.) <i>Perspectivas feministas en la España del siglo XXI</i>. Labrys, Études féministes Juin/Décembre</p> <p>BROWNMILLER, Susan (1981) <i>Contra nuestra voluntad</i>, Barcelona, Planeta.</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>CACACE, Marina (2006) <i>Mujeres jóvenes y feminismo</i>, Madrid, Narcea.</p> <p>CASTELLS, Manuel y Marina SUBIRATS (2007) <i>Mujeres y hombres ¿un amor imposible?</i>, Madrid, Alianza Editorial.</p> <p>CESPEDES, Sara (2008) "Mujeres jóvenes y feminismo" ponencia presentada en Escuela de formación en feminismo, Málaga, Octubre 2008.</p> <p>DE MIGUEL, Ana (coord.) (2006) <i>Perspectivas feministas en la España del siglo XXI</i>. Labrys, Études féministes Juin/Décembre.</p> <p>DE MIGUEL, Ana (2005) La construcción de un marco feminista de interpretación: la violencia de género" en <i>Cuadernos de Trabajo Social</i>, vol. 18.</p> <p>ESTEBAN, Mari Luz y Távora, Ana (2008) "El amor romántico y la subordinación social de las mujeres: revisiones y propuestas", <i>Anuario de Psicología</i>, 39 (1): 59-73</p> <p>FALUDI, Susan (1991) <i>Reacción. La guerra no declarada contra la mujer moderna</i>, Barcelona, Anagrama</p> <p>GONZALEZ, Amalia (2006) "Educación afectiva y sexual en los centros de Secundaria: Consentimiento y coeducación", en Ana de Miguel (coord.)</p>	<p>Labrys (coord.) (2006) <i>Perspectivas feministas en la España del siglo XXI</i>.</p> <p>Labrys, Études féministes Juin/Décembre.</p> <p>JONASDOTTIR, Anna (1993) El poder del amor, Madrid, Cátedra.</p> <p>LARUMBE, Mª Angeles (2002) <i>Una inmensa minoría. Influencia y feminismo en la transición</i>, Zaragoza, Prensas Universitarias de Zaragoza</p> <p>MILLET, KATE (1969) <i>Política Sexual</i>, México, Aguilar.</p> <p>MIYARES, Alicia (2003) <i>Democracia feminista</i>, Madrid, Cátedra.</p> <p>OSBORNE, Raquel (2006) "entre le rosa y el violeta (Lesbianismo, feminismo y movimiento gay: relato de unos amores difíciles)", en Ana de Miguel (coord.)</p> <p>Labrys (coord.) (2006) <i>Perspectivas feministas en la España del siglo XXI</i>.</p> <p>Labrys, Études féministes Juin/Décembre</p> <p>POSADA, Luisa (2001) "Las hijas deben ser siempre sumisas. Discurso patriarcal y violencia contra las mujeres", en <i>Violencia de género y sociedad: una cuestión de poder</i>, Madrid, Ayuntamiento de Madrid.</p> <p>PULEO, Alicia (2003) "Moral de la transgresión. Vigencia de un antiguo orden", en <i>Isegoría. Revista de Filosofía Moral y Política</i>, Madrid, CSIC, nº 28.</p>	<p>PULEO, A. (ed.) (1993) <i>La filosofía contemporánea desde una perspectiva no androcéntrica</i>, Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia.</p> <p>SUBIRATS, Marina (2007) <i>Balones fuera. Reconstruir los espacios desde la coeducación</i>, Barcelona, Ediciones Octaedro.</p> <p>TRISTAN, Flora (2003) "Mujeres públicas" en <i>Feminismo y Socialismo. Antología</i>, Madrid, Los libros de la catarata.</p> <p>VALCÁRCEL, Amelia (1998) <i>La política de las mujeres</i>, Madrid, Cátedra.</p>

ACTUALIDAD E

O ACCESO DAS MULLERES AOS MÁXIMOS ÓRGANOS DE DECISIÓN

<p>Nos últimos anos fomos testemuñas do importante impulso que dentro do marco lexislativo e xurisprudencial tivo a consecución do principio de igualdade no noso país e nos países da nosa contorna. É certo que a devandita conquista vai ligada ao desenvolvemento da propia sociedade e á firme vontade das mulleres de non dar pasos atrás.</p>	<p>Os poderes fácticos, importantes sectores do poder político e, en xeral, todos os poderes de decisión, ata hai moi pouco tempo, consideráronse impermeables á presenza das mulleres, facendo así do poder un ámbito maioritariamente masculino e patriarcal.</p>	<p>Porén o problema xorde cando as mulleres tratan de integrarse naquelhas organizacións informais nas que realmente se distribúe o poder, os postos de decisión, o prestixio e os recursos, ámbitos masculinos por excelencia, que constitúen unha muralla inexpugnable.</p>
<p>Tiveron que pasar tres séculos para que a situación das mulleres e o lugar que ocupan na vida política, económica, e social forme parte das principais preocupacións da comunidade política internacional que non cede xa a tentación de limitar estas cuestións a determinadas particularidades históricas ou rexionais e considera que a mellor garantía de equilibrio e progreso na sociedade radica na plena participación de mulleres e homes.</p>	<p>Masculino, porque a mayoría dos individuos ao fronte das institucións eran homes; e patriarcal, porque esa mayoría de homes tomaba decisións políticas ou económicas e impoña normas con importantes consecuencias para os homes, pero tamén para as mulleres.</p>	<p>Un exemplo moi significativo témolo aquí na nosa Comunidade Autónoma a raíz da decisión tomada polo Presidente da Xunta de Galicia na composición do seu goberno e o posible incumprimento da norma que regula a aplicación do principio de equilibrio por razón de sexo, decisión que deu lugar a unha importante controversia tanto política como mediática.</p>
<p>Aínda así é un feito incontrovertido a existencia de numerosos espazos sociais nos que áinda as mulleres acceden con maiores dificultades.</p>	<p>A escasa presenza das mulleres nas cúpulas das institucións políticas, sociais, sindicais dos espazos de decisión é un dos aspectos más salientables do poder político e económico na mayoría dos países postindustriais da nosa contorna.</p>	<p>Non faltamos á verdade reconéccendo que as mulleres no noso país e da nosa contorna non encontran na actualidade excesivos obstáculos para participar en organizacións políticas, sindicais ou calquera outra constituída formalmente nos diversos ámbitos da sociedade. Este é un dos retos que foron solventándose conseguindo significativos avances.</p>

María Debén Alfonso*

A C T U A L I D A D E

I.S.S.N.: 1139-4854

<p>é o Consello Galego das Relacións Laborais.</p> <p>Mais a citada norma non queda aí, e profunda moito más nun ámbito que ten que ver coas máis altas responsabilidades como é a obriga de respectar o principio de equilibrio por razón de sexo no nomeamento dos e das máximas responsables da acción política. Unha das razóns polas que se integra esta obriga radica na consideración de que se a través da lei o que se pretendía era persuadir á sociedade, e en concreto ás empresas, da necesidade de acadar as maiores cotas de igualdade para a sociedade galega, seriaaria contraditorio que iso non levase consigo o compromiso de quien asume a presidencia do goberno.</p> <p>Así a disposición adicional oitava da lei 2/2007 do traballo en igualdade das mulleres de Galicia modifica a Lei 1/1983 de 22 de febreiro que regula o funcionamento da Xunta e o seu Presidente. A través da mesma engádese un parágrafo 4º ao artigo 2 que di: "na composición da Xunta, deberá respectarse o principio de equilibrio por sexo, nunha proporción entre cada un deles que debe concretar o parlamento ao inicio de cada lexislatura". Desta forma, a norma sitúa no propio Parlamento ao inicio de cada lexislatura a capacidade de sinalar unha</p>	<p>determinada porcentaxe de participación entre homes e mulleres no goberno de Galicia.</p> <p>Se ben a Lei deixa moi claro a quien corresponde deseñar dita proporción, o lexislador prevé ademais na disposición transitoria cuarta da lei que "mentres o parlamento de Galicia non adopte a resolución prevista no citado artigo 2 , a porcentaxe do sexo menos representado no consello da Xunta de Galicia non pode ser inferior ao 40%".</p> <p>Por outra banda o propio artigo 2 da referida lei reguladora da Xunta e do seu Presidente sinala que "A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou vicepresidentes no seu caso, e os conselleiros. Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello da Xunta".</p> <p>O conflito xorde cando se produce o nomeamento do actual goberno de Galicia composto polo presidente Dº Alberto Nuñez Feijóo e os seus 10 Conselleiros e Conselleiras, dos cales seis son homes e catro mulleres o que permite afirmar que non chega ao citado 40% senón ao 36%, polo que estaríamos ante un flagrante incumprimento da normativa vixente.</p> <p>A resultas do debate producido entre os grupos</p>	<p>políticos, tanto dentro do propio marco parlamentario como alimentado a través dos medios de comunicación, o goberno defendeuse sinalando que no cómputo da citada porcentaxe non debe terse en conta a figura do Presidente, polo que si se estaría cumprindo a normativa.</p> <p>Aínda que neste momento a resolución do debate está en mans dos órganos xurisdicionais e haberá que esperar a resolución que dite a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, quixerá expoñer algúns argumentos que avalan a afirmación de que o actual goberno de Galicia se situou fóra do marco lexislativo vulnerando gravemente o Principio de Legalidade que obriga aos poderes públicos e sobre todo aos que ostentan a máis alta representación a cumplir as leis.</p> <p>Que dita modificación non gustaba a unha parte importante do arco parlamentario galego foi algo evidente nos primeiros pasos de andadura da iniciativa lexislativa. Así dentro das Emendas presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao proxecto de lei do traballo en Igualdade das mulleres de Galicia xa se encontraba a petición de supresión de ditos artigos¹. En definitiva, xa naqueles momentos previos, as emendas do PP a Disposición adicional oitava</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>proponían eliminar o compromiso coa paridade.</p> <p>Polo contrario no expediente previo constan informes preceptivos da Asesoría Xurídica Xeral, do Servizo Galego de Igualdade, da Dirección Xeral de tributos e da Dirección Xeral de Orzamentos, da Dirección Xeral de Función Pública, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, do Consello Galego de Relacións Laborais, da Federación Galega de Municipios e Provincias, das entidades cooperativas e Informe do Consello Galego de Cooperativas, da Confederación de Empresarios, e as organizacións sindicais UXT, CIG, e SN de CCOO e do Consello Económico e Social.</p> <p>Ningún dos organismos e entidades antes referidos mostran desconformidade, ni fan propostas de modificación á disposición adicional oitava o que leva consigo a conformidade co seu contido e os seus efectos.</p> <p>Da mesma forma mostraron no seu momento conformidade coa propuesta de paridade entidades sociais como o Consello da Xuventude de Galicia, Fademur, a Rede Vecinal contra os malos tratos de Vigo, a Asociación Alecrín, a Asociación de Empresarias de A Coruña, a Asociación de empresarias da Comarca de Ferrol, Xustiza e</p>	<p>Sociedade de Galicia ou a Asociación de Mulleres Xuristas <i>Themis</i>.</p> <p>De todos eles quixera destacar que no dito momento a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, con data 26 de maio de 2006 emitiu un extenso informe de 32 folios no que se fai unha exhaustiva análise do anteproyecto de lei, de cara a garantir a legalidade, acerto e oportunidade do anteproyecto de lei. A meirande parte das suxestións da asesoría xurídica</p>	<p>quedaron recollidas no texto definitivo e, en ningún momento a Asesoría xeral fai referencia, obxección, ou proposta de modificación á paridade nos nomeamentos do goberno que propón o texto despois aprobado polo parlamento.</p> <p>Non existe no referido informe ningunha referencia á modificación da lei reguladora da Xunta e da presidencia, agora obxecto de controversia, o que permite concluir que a Asesoría Xeral da Xunta de Galicia no seu</p>
 <p>A C T U A L I D A D E</p>		

trámite preceptivo de informe, considerou axustada a dereito, acorde coa lei 1/1983 de 22 de febreiro reguladora da Xunta e do seu Presidente, así como coa Lei Orgánica 1/1981 de 6 de abril do Estatuto de Autonomía dita iniciativa, que posteriormente foi aprobada polo Parlamento de Galicia.

Ante o conflito xurdido agora en sede parlamentaria o goberno presenta un novo informe da Asesoría Xurídica con data 5 de maio de 2009 chegando no mesmo a tres conclusións.

Na primeira din agora que "*O nomeamento dos membros da Xunta non supón un acto administrativo xa que o presidente actúa como órgano político*" argumento que pretende servir de xustificación ao incumprimento. Ao respecto, é necesario precisar que con independencia da súa natureza xurídica o nomeamento das e dos membros da Xunta polo presidente da Xunta deberá axustarse en todo caso á normativa vixente, neste caso á propia Lei 1/1983 reguladora da Xunta e da Presidencia segundo redacción dada pola Lei 2/2007 do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia. De non ser así poderíamos encontrarnos coa absurda situación de que o Presidente puidera nomear sen control algúns a menores, incapacitados, persoas

inhabilitadas polos órganos xurisdicionais, ou no seu caso persoas carentes de capacidade de obrar.

A segunda conclusión a que chega agora a Xunta é que "*O carácter semipresidencial e a preeminencia do Presidente no Consello avalan a exclusión do presidente no cómputo*". Ningún nega a preeminencia do Presidente no Consello da Xunta, nin ninguén cuestiona nin o procedemento, nin a lexitimidade do seu acceso á máxima responsabilidade no goberno. O obxecto de debate non é cuestionar a figura do Presidente nin a súa condición de pertenza ao xénero masculino. O que se está cuestionando é o cumprimento da legalidade no nomeamento do seu goberno, e en definitiva se a composición da Xunta de Galicia é acorde e axustada á normativa que a regula. A lei non obriga ao presidente a poñer no seu goberno a persoas que ideoloxicamente se encuentren ao lado da loita a favor da igualdade. **A lei obriga a integrar persoas dun e outro sexo nunha determinada proporción que resultou agora incumprida.**

A terceira conclusión é que "*Dado que o presidente xa estivo integrado nunhas listas electorais e foi nese momento onde caben as determinacións normativas sobre a paridade, esas*



determinacións non poden operar tamén despois." A suxección á norma legal vixente por parte do Presidente e dos restantes membros do Consello da Xunta na nosa Comunidade Autónoma non se esgota no cumprimento das determinacións normativas previstas na lei electoral, senón que a normativa vixente en Galicia, concretamente na propia lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, esixe textual e literalmente que mentres o parlamento, ao inicio de cada lexislatura non o modifique, a porcentaxe do sexo menos representado no Consello da Xunta non pode ser inferior ao 40 por 100.

A C T U A L I D A D E

<p>A maior abondamento haberá que facer referencia á falla de lexitimidade que terá o goberno á hora de esixir o cumprimento da citada norma ao resto dos operadores sociais, en relación ao principio de equilibrio por sexos; entre outros, a obriga de impulsar a participación equilibrada de mulleres e homes nos organismos dependentes da Administración Autonómica competente en materia de traballo, de eliminar a infrarrepresentación feminina nos ámbitos laborais e empresariais tradicionalmente ocupados por homes, a promoción da participación das mulleres nos consellos de administración das empresas, ou a obriga de respectar o principio de equilibrio dos sexos nos tribunais de oposición.</p> <p>Corresponde agora aos tribunais decidir se o actual goberno da Xunta de Galicia incumpe ou non a legalidade na súa composición.</p> <p>A paridade non é un principio de segregación entre os sexos senón unha estratexia política destinada a facer efectiva a igualdade nas relacions sociais e políticas entre homes e mulleres, dirixida a desactivar zonas escuras de desigualdade social. Esta concepción foi avalada recentemente no noso país polo Tribunal Constitucional que na sentencia de 29 de xaneiro</p>	<p>declara a constitucionalidade das medidas que se introduciron na Lei Orgánica de Réxime electoral xeral pola Lei Orgánica de Igualdade.</p> <p>Non se trata únicamente de avalar as accións positivas, o cal por certo ten sido un empeño do Tribunal Constitucional nos últimos vinte anos, senón de profundar na idea de perfeccionar a democracia.</p> <p>Trátase de garantir un reparto equilibrado de poder entre ambos sexos, exposto e instado historicamente polo movemento de mulleres e recoñecido a día de hoxe por todos aqueles réximes que se describen a si mesmos como democracias.</p> <p>Sabemos que aínda nos atópamos fronte a sectores políticos moi resistentes ao cambio. Non podemos baixar a garda ante as voces que se alzan e saen á rúa contra a educación igualitaria, contra o recoñecemento das diferentes formas de familia, contra o dereito a ter e a exercer todos os dereitos de cidadanía con independencia da orientación sexual e contra o dereito das mulleres a seren elixidas en igualdade de condicións.</p> <p>O establecemento de porcentaxes mínimas de participación nos espazos de toma de decisións como cuestión</p>	<p>primordial no debate político e xurídico é unha constante que se produce en todos os países do noso ámbito económico.</p> <p>Pero o Tribunal Constitucional na citada sentenza deu novamente unha lección a ditos sectores respecto do dereito das mulleres a ser elixidas.</p> <p>En efecto, o debate non se centra na discusión sobre a natureza xurídica das cotas e a súa vinculación coas accións positivas, senón no recoñecemento e a apertura desde as más altas instancias políticas e xurisdicionais á idea de que, a diferenza das accións positivas, o acceso das mulleres aos órganos decisarios das organizacións políticas, administrativas, empresariais e sindicais, nin son cuestións excepcionais xustificadas en situacións patentes de desigualdade, nin son unilaterais posto que non están só dirixidas ás mulleres, nin son temporais xa que están chamadas a integrar a esencia misma do noso réxime democrático dunha maneira ordinaria.²</p> <p>A súa vixencia polo tanto non está condicionada a unha situación previa de desigualdade nin xoga só a favor das mulleres senón da sociedade no seu conxunto.</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Na argumentación do Tribunal Constitucional non se alude en ningún momento a que o acceso das mulleres á representación paritaria constitúa unha acción excepcional. Polo contrario, é a confirmación do seu convencemento de que as medidas de empoderamento decisario obedecen a unha filosofía diferente ao que ata agora foron as medidas de acción positiva.</p> <p>Este concepto, o empoderamento, é a consecuencia directa da aplicación do principio de igualdade como principio reitor das sociedades democráticas. Non se trata só de acceder á igualdade efectiva nin de acelerar o cumplimento da igualdade real. Trátase do acceso ao poder e á toma de decisiones fundamentalmente de que a representación feminina se mantéña e garanta no mesmo grao que a masculina.</p> <p>Durante anos, desde o movemento de mulleres insistiu-se e reiterouse a idea de que unha sociedade que prescinde do talento, das capacidades e dos desexos da metade da súa poboación está afectadas dun grave déficit democrático. O obxectivo prioritario, en suma, é a profundización e o asentamento dunha verdadeira democracia.</p>	<p>Dunha democracia incluínte e garante da igualdade que tantas loitas, tanto esforzo e tanta dor ten causado a homes e mulleres nos últimos trescentos anos.</p> <p>Unha democracia rexida e sustentada no principio de igualdade como base para o establecemento e desenvolvemento de todos aqueles principios e valores universais da defensa dos dereitos humanos.</p> <p>Esta aspiración sustentada na obxectividade e na xustiza non debe ser truncada por ningún goberno, non debe ser escurecida e terxiversada por ningún discurso político que, amparándose en interpretacións obtusas da legalidade vixente, tente poñer de novo de actualidade ideas e prácticas aferradas a un pasado político que as mulleres e tamén os homes deste país temos superado xa hai tempo. E non é casual que as más acendidas críticas a estes postulados e o reiterado desprezo da súa lexitimidade proveñan de determinados sectores políticos que acostuman a construir discursos baleiros de contido e a amparar accións públicas contrarias á legalidade.</p> <p>A democracia paritaria é un camiño sen retorno. Consolídase e retroaliméntase na súa propia</p>	<p>andaina, por moito que algúns se empeñen en impedilo.</p>
<p>*Asesora Xurídica do Centro de Información a Muller d'A Coruña. Ex Delegada da Consellería de Traballo en A Coruña.</p> <p>NOTAS</p> <p>1. A emenda nº 47 de Modificación do Grupo Parlamentario Popular propón "a supresión do apartado segundo e terceiro" da Disposición Adicional Oitava que regula a paridade na composición do goberno.</p> <p>2. Ver sentenza TC12/2008 de 29 de xaneiro que resolve a cuestión de constitucionalidade 4069/2007. No seu fundamento xurídico noveno o TC sinala que "as modificacións da lei Órgánica do réxime electoral xeral obxecto do noso estudio non incorporan fórmulas compensatorias a favor das mulleres, na súa calidade de grupo historicamente desfavorecido....senón que plasman un criterio que se refire indistintamente aos candidatos dun e doutro sexo,"</p>		
A C T U A L I D A D E		

AMEAZAS E PRACERES: MIRADAS FEMINISTAS SOBRE A PORNOGRAFÍA

Partido do carácter ambiguo, dual e polémico da pornografia, preténdese un percorrido por posicíons feministas e post-feministas que expresan outras tantas maneiras de abordar a noción de "muller" mais que semellan ter en común a visión –aínda moi utópica- de que as mulleres se constitúan en suseitas de desexo.

Nos anos sesenta, no contexto histórico das protestas que sacudiron Francia e os Estados Unidos, xorde o feminismo radical. Supón unha reacción ao feminismo liberal e con el pasan a un primeiro plano temas que ata o do momento eran considerados de carácter privado e íntimo. A característica do feminismo radical, fronte a outras tendencias do feminismo como a socialista, a liberal, etc. foi a súa preocupación pola relación entre violencia e sexualidade. As súas críticas do capitalismo, do Estado e dos homes, son inseparables desas dúas categorías. Ao situar o ámbito da familia e da sexualidade na esfera pública, o coñecido slogan radical "o persoal é político" rompía coa separación público-privado e deste modo as ríxidas fronteiras entre ambas esferas, separadas desde o inicio da modernidade, adquiriron límites bastantes imprecisos. Ata esta ruptura, o

espazo público, produto dun hipotético pacto orixinal entre homes libres e iguais nos deseños dos teóricos do contrato social, tiña un excedente polo oposto: o espazo privado, que non fora obxecto de especial atención nas análises teóricas da filosofía política moderna. Os primeiros contractualistas liberais disociaron estado de natureza-sociedade civil. A muller, a familia e a sexualidade concibíronse como pertencentes á esfera non política do doméstico, vinculado coa reprodución. Deste modo, converteuse nun costume pensar

que a esfera produtiva, lugar do traballo e do intercambio social, era independente da reprodutiva, adscrita, pola contra, á da natureza. Isto xerou unha relación da masculinidade co público-produtivo e da feminidez co doméstico-reprodutivo.

A irrupción teórica dunha posta en cuestión deste estado de cousas virá, pois, da man do feminismo radical dos sesenta e a súa denuncia da división sexual da sociedade, á par que a afirmación do carácter político do sexo. O mundo privado e a conciencia



individual reclaman por primeira vez o seu lugar na política. Situadas no contexto histórico da revolución sexual, as feministas radicais establecen que a carencia de poder das mulleres e a ausencia dunha sexualidade feminina son cuestións vinculadas entre si. A revolución sexual (masculina pois a sexualidade feminina está reprimida), interprétese como unha estrataxema masculina para obter máis sexo e de acordo á ecuación sexo=poder, un incremento do poder. Aínda que tanto o feminismo radical como o liberal pensaban que a diferenza sexual é unha diferenza política, o feminismo liberal, pola súa parte, temía estas incursións no terreo sexual e se ocupaba do acceso da muller ao ámbito público e de cuestións de igualdade laboral entre os sexos.

Non obstante, o influínte feminismo radical perdeu peso cando o liberal, despois de asumir algunas das súas propostas relacionadas coa dimensión política do persoal, pasou a ser recoñecido como o voceiro do movemento de mulleres.

Xa nos anos oitenta nos atopamos, en Europa, coa oposición entre o feminismo liberal ou da igualdade e o da diferenza. Nos Estados Unidos vemos consolidarse unha nova corrente, o feminismo cultural,

que, ao igual que o feminismo europeo da diferenza, propugna unha contra cultura feminina como medio de facer fronte á dominante cultura masculina. A súa proposta política – sempre en Estados Unidos- vai adquirir visibilidade no movemento antipornografía. Considerando que o problema non é o sistema patriarcal senón a natureza esencialmente violenta dos homes, a maior permisividade sexual e a pornografia só podían aportar maiores doses de violencia contra as mulleres. A muller, no grao superior da xerarquía é considerada pacífica e asociase coa vida e a defensa de valores ecolóxicos. A liberación virá da man do desenvolvemento dunha contracultura feminina que supere os deostados valores masculinos. Trataríase, non de buscar as semellanzas entre os sexos senón de instaurar valores femininos e por iso se reivindica o lesbianismo e a separación do mundo masculino, á par que unha condena da heterosexualidade polo que supón de convivencia con esos valores.

Vemos pois que a pornografia, o tema que pretendemos abordar, non é dos más relevantes dentro dos estudos feministas e nos momentos en que o foi creou divisións bastante dolorosas. Poderíamos pensar por qué isto é así e, en consecuencia, tratar o

tema, na súa ambigüidade, como unha cuestión aberta. Se nos remitimos ao sentido etimolóxico, cuestionar implica emprender unha busca que nos leve un pouco máis alá do que sabemos ou coñecemos.

Por outra parte, existen bastantes evidencias de que a cuestión da pornografia aparece case sempre, como a cruz dunha moeda, inevitablemente asociada ao tema da censura. É algo que atinxe a que “aquilo que se revela, ha de ocultarse”. É nese xogo do oculto e o desvelado, un xogo atravesado por significados imprecisos, onde a pornografia se inscribe e é tamén aquilo do que ela mesma saca partido para existir como tal. O que debe ser ocultado é, polo mesmo, aquilo que ha de ser revelado. Carácter ambiguo, pois, mais tamén polémico. O primeiro problema co que nos atopamos ao abordar o tema da pornografia é o da súa definición. Isto pódenos levar ao suxeito que define –ou mesmo a quien lle correspondería elaborar a definición-. Non é o mesmo que a definición de pornografia nola ofrece unha prostituta, unha feminista liberal ou radical, un home calquera que ve ou non ve material pornográfico ou outro que obtén os seus bos ingresos do mercado pornográfico. O mesmo é esperable que ocorra cos seus efectos: non é exactamente o

A C T U A L I D A D E



mesmo en todos os suxeitos mencionados.

Como queira que non nos é posible realizar un repaso desde todas estas perspectivas, circunscribirémonos ao ámbito do feminismo, do que xa dixemos algo mais se imos un pouco máis alá, encontrámonos con que, superando o feminismo dos oitenta, aparece a teoría queer e a súa posta en cuestión de instancias como a familia, o Estado, o xénero, a nación, a clase e a cultura. A teoría queer enlaza co camiño aberto polo

feminismo pero, recorrendo ás análises postestruturalistas e deconstrutivistas da filosofía francesa, abre novos espazos que falan de superar os binomios e dualismos tradicionais, entre eles os de home-muller e hetero-homo. Nos últimos anos xurdiu unha serie de autoras que sosteñen que o obxectivo do novo feminismo debe ir máis alá de conseguir a igualdade legal da muller branca, occidental, heterosexual e de clase media. Para elas, trátase de atender a mulleres tradicionalmente deixadas á marxe e de combater

as causas que producen as diferenzas de clase, raza e xénero. Se nos oiten existiu, dentro do feminismo, un medo a pensar o corpo pois críase que existía niso un risco en posicións esencialistas e bioloxicistas, o reto do feminismo contemporáneo é repensar a corporalidade e a súa plasticidade.

O queer apunta a unha utopía: a disolución das identidades hetero e homo o que obviamente, suporía a fin da pornografia actual. Tanto a hetero como a homonormatividade son produto de réximes políticos e dispositivos de control indutores da diferenza entre homes e mulleres. Tanto a homo como a heterosexualidade normativas (o feminismo de clase media, de mulleres como deben ser, formaría parte desta última), tratan como patoloxía calquera resistencia aos dispositivos de normalización.

Estes feminismos disidentes tratan de rexeitar calquera tipo de clasificación sexual e calquera tipo de identidade naturalizada polo discurso. O obxecto das teorías queer constitúeno a crítica á identidade e as políticas da identidade. Sexan homo/hetero, nacionais, de xénero, clase ou raza. Xa en 1985 Monique Wittig define a heterosexualidade como un réxime político e económico. Anos despois, unha das teóricas queer, Teresa de Lauretis, recorre

A C T U A L I D A D E

a Foucault para definir como "tecnoloxías do xénero" todas aquelas linguaxes e representacións culturais que producen os xéneros.

A análise crítica do feminismo dos anos setenta efectuado por Butler e de Lauretis atinxo á identidade "muller" que esos feminismos presentaron como suxeito político. Ao situar como punto de partida da emancipación o corpo sexuado, arredáronse da des-identificación coa muller, esqueceron as diferencias entre mulleres, as de clase, raza, as sexualidades lesbianas e transexuais. A escritora francesa Virginie Despentes encontrou unha feliz expresión ao nos falar dun espertar crítico do "proletariado do feminismo", é dicir, todas aquellas que como as prostitutas, as marimachos, as lesbianas, as mulleres non brancas, as vellas, feas, histéricas, taradas e un longo etc. aparecen situadas nas marxes do feminismo normativo e ben-pensante.

Así pois se a identidade muller se refire a un suxeito unificado, córrese o risco de naturalizar as relacións de xénero no contexto heterosexual. Ao establecer unha continuidade entre as mulleres, constrúese unha ficción cultural, e neste sentido, o feminismo opera como unha tecnoloxía de xénero máis, cos seus efectos normativos. Os neo-feminismos e

post-feminismos *queer* denuncian non só as políticas assimilacionistas hetero senón tamén as identidades homo hexemónicas, normativas e excluíntes. Trátase, en fin, da resistencia á producción de identidades sexuais. Propoñer a existencia da Muller no contexto da dominación borra calquera diferenza entre as mulleres e contribúe ao que Foucault denominou como "a producción de normalidade".

Se poñemos o anterior en relación coa cuestión que nos ocupa, é posible remitirse ao que sostén Beatriz Preciado. Os aspectos simbólicos da reproducción humana, diso que hoxe denominamos biotecnoloxías, tecnoloxías que teñen por obxecto a vida, o corpo e o que iso significa, non só actúan sobre dito obxecto senón que o constitúen e o reelaboran. Son tecnoloxías, en definitiva, de creación e transformación da vida e dos corpos. Na súa opinión, a pornografia é unha das manifestacións do biopoder, o poder sobre os corpos. Opera "normalizando" as relacións entre os corpos, os seus desexos e as súas atraccións, administra e regula, intervén na conducta sexual da poboación. Poderíamos pensar, por exemplo, que a iconografía pornográfica e a súa acentuación metonímica de atributos corporais



como o peito, contribuíu á demanda de operacións de aumento de mama ou tamén que ensina a moitas mulleres como facer *fellatios*. Por outra parte, ver pornografia é xa, en si, un acto sexual que estatísticamente é máis frecuente entre o sector masculino da poboación e moitos dos actos sexuais ocorren baixo a mirada masculina da pantalla que proyecta imaxes pornográficas. A industria pornográfica produce modelos de sexualidade, forma parte desa armazón coercitiva que obriga a/os suxeit@s a adoptar normas de xénero. E dicimos coercitivo porque a normatividade, a normalización de xénero, ha de

ACTUALIDADE

ser continuamente producida, inconsistentemente alimentada con mecanismos que se impoñan aos intentos das e dos individuos por transgredir as normas. Nas sociedades posmodernas, post-industriais, a alianza tecnoloxía e cultura establece mecanismos de vixilancia e control sobre os corpos que inducen procesos de subxectivación, entre eles, a construcción de identidades xenerizadas. Por iso non habería que falar sinxelamente dunha submisión á norma senón dunha coerción que fai que a persoa interiorice e faga seu o discurso de xénero. Que desexar? Con que frecuencia desexar? En que escenarios desexar? Que partes do corpo da outra persoa e que tipo dour@s desexar? Para cada unha destas preguntas, o discurso da pornografia ofrécenos a súa resposta. A pornografia non describe a sexualidade. Como calquera outro sistema de normalización, reduce a diversidade a unhas poucas formas que establecen o permitido e o prohibido. A pornografia, en tanto que produtora de imaxes, áchase implicada na producción e reproducción de significados e ideoloxía, tanto a nivel social como no plano subxectivo porque non hai que esquecer que a pornografia produce autoimaxes e posicións subxectivas que sitúan @ suxeit@ nun contexto

ideolóxico. Neste sentido, a pornografia é un lugar de producción da identidade sexual, crea prácticas, xestos e discursos sexuais, contribúe á producción de identidades sexuais xenerizadas.

Aínda que non queiramos aceptar posicións extremas como as da feminista radical Catherine Mackinnon que, nos anos oitenta, impulsou iniciativas legais contra a pornografia; aínda que non admitamos que a pornografia é a ideoloxía do patriarcado ou, na ecuación de Robin Morgan que asocia a pornografia non ao sexo senón á violencia, que "a pornografia é a teoría e a violación a práctica", o que parece innegable, e aquilo no que mostra o seu acordo o feminismo en conxunto, é o carácter conservador da pornografia. Na medida en que reproduce esquemas sexistas, refreia intentos de ir alén da bipolaridade identidade feminina/identidade masculina. O seu discurso normalizador do comportamento sexual de homes e mulleres vai parello a un modelo de sexualidade non transgresor nin liberador. As sexualidades, pola contra, a proliferación de modelos de sexualidade non-normativa permitiría liberar formas de sexualidade reprimidas e obturadas polo monodiscurso heteronormativo da pornografia. É

un discurso que pode ser ventilado con aires novos.

Mencionamos máis arriba que, sobre a base de que a pornografia promove a violencia contra as mulleres, nos anos oitenta, Dworkin e Mackinnon impulsaron a lexislación antipornográfica. A primeira sostiña que aos produtores de pornografia "elegantemente se lles chama 'editores', pero non son más ca uns padrastóns porque venden a imaxe dunha muller unha e outra vez e para sempre, a pesar de que xa hai centos e centos de imaxes".

Por outro lado estaban os defensores da "regra de ouro" en EEUU. Moitas voces feministas anticensura erixíronse en defensa da liberdade de expresión. Andrea Dworkin replicoulles: "Se queren seguir crendo que non é máis ca un tema de debate sobre a liberdade de expresión, en vez dunha situación de emergencia e de acción, quero dicirles que moitas mulleres morrerán no curso do debate porque para as mulleres a liberdade de expresión comeza pola defensa da integridade do seu corpo". Así pois, o tema intrafeminista da pornografia converteuse nun debate público e o sorprendente é que, ao final, conduciu a que as forzas conservadoras se aliasen con feministas antipornografía. Corrian os anos oitenta e a

ACTUALIDADE

pornografía, a cuestión que pudo ter unificado ao feminismo, en vez dun síntoma máis do sexismo, foi considerada como a súa manifestación principal. En realidade, radicais como MacKinnon e Dworkin pensaron que era a ideoloxía que promove a violencia contra as mulleres. Non tería que ver co sexo senón coa violencia. O feminismo antipornografía avogou pola censura e o sector anticensura propuxo unha crítica cultural da mesma pois temían que a censura, sostida non só por feministas senón tamén polos conservadores, podía volverse en contra dos movementos de mulleres, en concreto, contra o aborto, os anticonceptivos, a liberdade sexual e o lesbianismo, aspectos todos eles que figuraran como conquistas do período da revolución sexual.

Demos un salto aos nosos días. Nun libro de recente publicación que leva o significativo subtítulo de *Contra a censura. Ensaios sobre a paixón por silenciar* o escritor Coetxe dinos: "Un reflexiona que, se as representacións, puras sombras, son de verdade tan perigosas, seguramente as medidas adecuadas contra elas son outras representacións, contrarrepresentacións, (...) se a pornografia degrada as paixóns, sen dúbida bastará con que se

alcen voces contrarias, más fortes e convincentes, que defendan (...) o amor casto"¹. Tanto Coetze como a industria pornográfica e o seu modelo de sexualidade se alimentan, evidentemente, das dicotomías que nomeamos, son algo que forma parte do que Foucault denominou "a producción de normalidade". Dá por suposto un feito: que as feministas antipornografía defenden o amor casto. Evidentemente non é o caso, mais pasaremos por alto a súa opinión desinformada para nos centrar na idea de que o mellor antídoto contra a pornografia non é a censura senón as representacións alternativas da sexualidade. Trataríase de ir alén do impulso de normalizar. O discurso esencialista sobre as mulleres subxace na iconografía pornográfica e se é así normaliza o comportamento sexual. Por outra parte, é posible que para moitas mulleres, a mirada obxectualizadora da pornografia as teña afastado de desenvolveren un interese por ese campo. É posible tamén que a consideración dos corpos das mulleres como meros corpos carnais teña impedido pensar aos produtores de pornografia que as voces das mulleres son dignas de seren escoidadas.

Adrienne Rich preguntase pola función que cumple a literatura

nun orde político que nega a moit@s a alfabetización e a función creativa: "Como Nadine Gordimer en Sudáfrica, sabe que a censura pode presentar moitas caras, desde o cerre de revistas e a prohibición de libros de determinados escritores e escritoras, ao encarceramento e tortura doutr@s, e á censura estrutural producida pola aguda desigualdade nas oportunidades educativas e polo acceso restrinxido aos medios de distribución (...) Cuestione a devoción do mercado "libre" pola liberdade de expresión. Non esquezamos que cando chegaron as ameazas de violencia ante a publicación e venda de *Versos satánicos* de Salman Rushdie, as cadeas de librerías sacáronos dos seus andeis en tanto que librer@s independentes continuaron almacenándoos. A supervivencia de gran diversidade de libros (...) depende dos diversos intereses que teñen os medios para facer tales libros accesibles"². Esta última frase apunta, na nosa opinión, a un importante problema: é posible, nun mercado no que as mulleres teñen pouca capacidade de decisión, producir modelos alternativos de sexualidade? Raquel Osborne menciona a existencia de "revistas feitas por feministas e enfocadas á excitación sexual por medio de imaxes". Agora ben, que capacidade de distribución e que

A C T U A L I D A D E

capacidade de creación de modelos teñen estas revistas? Nós temémonos que no estado actual de cousas esas contrarrepresentacións son invisibles. Non xeren discurso, non inflúen en novas formas de entender o mundo. E dicímolo tendo en conta os chamamentos por parte do Festival Pornográfico de Berlín do ano 2006 para que as mulleres produzan pornografia. Partindo da idea de que a construcción e representación iconográfica da sexualidade feminina é ainda hoxe algo por facer, as convocantes facían un

chamamento para traballar unicamente con mulleres, *trans* e *queers* interesadas en perspectivas feministas. Cómo –preguntábanse– crear un imaxinario sexual que represente o obxecto de desexo sen degradalo? Quizais as mulleres –dinxeran a capacidade de facelo desde unha perspectiva non abusiva nin dominante.

Xa dixemos que nos traballos dos estudos *queer* se presenta a idea de ir máis alá da igualdade legal da muller branca, occidental, heterosexual e de clase media.



Este novo feminismo posporno, punk e transcultural ensinanos que o mellor antídoto contra a pornografia dominante é a producción de representacións alternativas da sexualidade, feitas desde miradas diverxentes da mirada normativa. Así, o obxectivo destes proxectos feministas non sería tanto liberar as mulleres ou conseguir a súa igualdade legal como desmantelar os dispositivos políticos que producen as diferenzas de clase, de raza, de xénero e de sexualidade, facendo así do feminismo unha plataforma artística e política de invención dun futuro común.

Así pois, todo indica que unha condición básica para que se produzan relacións de desigualdade, incluso no marco heterosexual, é a heteronormatividade, o modelo do home branco, occidental, heterosexual e con vida familiar. Pornografía e prostitución son os piares deste modelo. Un modelo que proscribe a homes e mulleres que presentan gustos, comportamentos e linguaxes corporais discordantes co xénero normativo e que pervive circulando por dispositivos disciplinarios e socializadores como familia, sistema educativo e sanitario, xudicial, etc. Trátase, en fin, do modelo do erotismo reprodutivo, de persoas con vidas gobernadas pola reproducción. O

A C T U A L I D A D E

sexo pode non ser redentor nin transgresor, nin moral nin inmoral, nin homo nin hetero pero por riba de todo, podería non estar supeditado a eixos de lexitimación. Actualmente o que está en xogo é un modelo banal de muller. Tiqqun, un autor francés que agocha a súa autoría baixo este nome, convócanos para acabar coa *jeune-fille*. Propón outra "educación sentimental" na que unha moza non se plantexe pedir para o seu aniversario un novo par de tetas ou na que unha muller non se formule como gran pregunta cal é a crema antienrugas máis eficaz. A sociedade do espectáculo liberou as mulleres mais en tanto que escravas. Na súa opinión a *jeune-fille* é o produto da misoxinia e as propias mulleres están cegas ante este feito tan xeral. As mozas son a encarnación de certo imaxinario masculino alienado áida que a alienación desta encarnación non ten nada de imaxinaria. Se queremos saber que é a *jeune-fille* non temos máis que abrir a páxinas de calquera revista feminina e observar as súas propostas de mortificación do corpo e do namoramento como dopaxe contra o estrés. A feminidade das mulleres supón unha disciplina do corpo : sometidas á lóxica da falta, as mulleres buscan inutilmente a perfección. Xuventude e feminidade son un mecanismo

polo que as mulleres actuais profundan na disciplina dos corpos. Neste sentido, o corpo das mulleres é o laboratorio ideal para a mirada médico-técnica. As mulleres non son sempre *jeune* nin sempre *fille*. Porén, a última trampa da lóxica viril vence ás mulleres encerrándoas na polaridade submisión/dominación.

As perspectivas están abertas. Nosotras queremos acabar recordando as palabras de Hölderlin que nos falan de que no mesmo lugar do perigo, alí nace tamén o que a de ser salvado.

Tradución: Marga Rguez. Marcuño

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- FIRESTONE, Shulamith, *Dialéctica del sexo*. Barcelona, Kairos, 1976.
 FOUCAULT, Michel, *El orden del Discurso*, Barcelona, Tusquets Editores, 1999.
 JAGGAR, Alison, *Feminist Politics and human Nature*, United States, Rowman & Allanheld Publishers 1983.
 MILLET, Kate *Política Sexual*, Madrid, Cátedra, 1995.
 PATEMAN, Carol, *El contrato sexual*. Anthropos. Barcelona. 1995.
 MAcKINNON, Catherine, *Hacia una teoría feminista del Estado*, Madrid, Cátedra, 1995.

OSBORNE, Raquel, *La construcción sexual de la realidad*, Madrid, Cátedra, 1993.

LAURETIS, Teresa de, *Alicia ya no. Feminismo, Semiótica, Cine*, Madrid, Cátedra, 1992.

RICH, Adrienne *Artes de lo posible*, Madrid, Horas y Horas, 2005.

COETZE, J.M. *Contra la censura. Ensayos sobre la pasión por silenciar*. Mondadori. Barcelona. 2007.

MERIDA JIMENEZ, Rafael (ed.), *Sexualidades transgresoras. Una antología de los estudios queer*, Icaria, Barcelona, 2002.

BOURCIER, Marie-Hélène, *Mouvements N°20 mars-avril 2002*.

TIQQUN *Théorie de la jeune fille*. Mille et une nuits. Paris, Fayard, 2001.

DESPENTES, Virginie *King Kong* Theorie Paris Grasset. 2006.

PRECIADO, Beatriz *Manifeste Contrat Sexuel*. Paris. Balland 2001.

NOTAS

1. COETZE, p. 27.
2. RICH, Artes de lo posible p. 129.

PATRIARCADO E TOTALITARISMO

CONSIDERACIÓN SOBRE O SIGNIFICADO DA INSTITUCIÓN FAMILIAR NA DEMOCRACIA ESPAÑOLA

As mutacións metafísicas –é dicir, as transicións radicais e globais da visión do mundo adoptada pola maioría– son raras na historia da humanidade.

(As partículas elementais,
Michel Houellebecq)

AS BASES DO ESTADO

Desde a aparición do estado Moderno nos séculos XIV-XV como modelo de organización dos seres humanos, esta forma de goberno foi transformándose ao longo do tempo ata chegar ao actual "Estado social e democrático de Dereito". A Teoría do Estado dedicouse non só a explicar a súa orixe e desvelar a súa estrutura, senón a xustificar a súa existencia. Numerosas foron as teorías xustificativas : desde a vontade divina ata o contrato social.

O contrato social, segundo o teorizaron hai xa moiísimo tempo Locke, Hobbes e Rousseau, principalmente, é un pacto polo cal todos os seres humanos dun grupo ou territorio ceden a súa liberdade natural e se someten a unha autoridade a cambio dunha lista de dereitos e obligacións. O pacto social segue a ser o

fundamento das actuais democracias representativas, firmado e confirmado cada certo tempo nas urnas.

Agora ben, se o pacto social presupón a existencia duns individuos "livres" que "libremente" se comprometen nuns acordos, haberá que calibrar o grao de "liberdade" dos suxeitos, antes de aceptar esta xustificación como base do Estado. Efectivamente, o Estado non é a única forma de organización política que existiu ou existirá. De feito, non existe unha forma de organización política natural, nin sequera unha forma mellor que outra. É, por iso, necesario, comprender as verdadeiras causas e efectos da existencia de cada forma política antes de decidir cal nos convén e antes de permitir que outros decidan o que nos convén.

Neste artigo pretendo demostrar que a base do Estado contemporáneo non é o contrato de individu@s livres, senón que segue a ser un contrato entre *Pater Familias*, e as repercusións deste feito nos ámbitos individual, social e político.

A FAMILIA NO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL

No artigo 1 do Título Preliminar da Constitución Española, norma

suprema do ordenamento xurídico e do pacto social, establecese:

1. *España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.*

2. *A soberanía nacional reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.*

3. *A forma política do Estado español é a Monarquía parlamentaria.*

É dicir, os "pais" constituíntes, coñecedores da teoría política, realizaron certas eleccións e consignáronas de xeito claro e expreso. Agora ben, a primeira alusión á institución familiar non se dá ata o artigo 18 -en relación ao dereito á honra, que pouco ten que ver coa familia en si- no Capítulo II: *Dos dereitos e liberdades*, Sección I: *Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas*:

1. *Garántese o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.*

No artigo 27¹, que trata sobre a educación, recóllense dúas referencias aos dereitos dos ciudadáns en canto "pais". Ata aquí, dentro dos dereitos con especial protección xurídica, non hai máis alusións á institución familiar. É,

pois, moi significativo, que o primeiro que sobre ela se regule na Constitución sexa o dereito das persoas a que ningún alleo se entremeta na súa familia -é unha garantía de que, aconteza o que aconteza, para ben e para mal, todo quedará no ámbito privado- e o dereito dos pais a decidir a educación que se dará aos seus fillos e fillas, o cal implica a idea de que a prole son unha propiedade máis dos pais, coma se os propi@s fill@s ou o resto da sociedade non tivesen nada que dicir respecto a un tema que afecta a tod@s.

Na Sección II: *Dos dereitos e deberes dos cidadáns*, do mesmo Capítulo I, establecese o dereito ao matrimonio do home e da muller (artigo 32), o dereito á propiedade privada e á herdanxa (artigo 33) e o deber e dereito ao traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia" (artigo 35²). Deste xeito, e sen definila e apenas aludila, o lexislador encádrase dentro dunha tradición que entende que a familia é unha comunidade persoal e patrimonial que se establece polo acto xurídico -é dicir público- do matrimonio e a filiación, e que orixina uns deberes aos membros desta. É de supoñer que o lexislador entende que a institución familiar non

require más explicación, dado que todos os membros do estado están de acordo no seu funcionamento, necesidade e preexistencia.

No Capítulo III: *Dos principios retores da política social e económica*, os lexisladores van ser un pouco más explícitos: "Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia" (artigo 39, 1), e "os pais deben prestar asistencia de toda orde aos fillos habidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demás casos en que legalmente proceda" (artigo 39, 3). En realidade, estas mencións non achegan nada ao xadito. De xeito expreso dise que se vai protexer unha institución definida elusivamente e sen achegar ningunha xustificación a esta protección nin á súa mesma consideración xurídica.

Despois será o Dereito Civil, na súa rama do Dereito de familia e Dereito de sucesións, o que se encargará de lexislar os efectos xurídicos das relacións familiares, unhas relacións que non son libres, pois se nace en e con elles, e cuoxos dereitos e deberes son, na súa maioría, irrenunciables, inalienables, intransmisibles e imprescritibles. Cabe preguntarse como un cidadán pode ser libre para outorgar o seu

consentimento ao pacto social, se nace suxeito a unhas leis sobre as que non cabe tal pacto.

En realidade, e como é ben sabido, o noso dereito segue praticamente punto por punto, neste tema, ao Dereito romano. En Roma, o Patriarcado é, literalmente, o governo dos pais. Este governo dáse tanto no ámbito do íntimo, na familia, como no ámbito público, nas institucións políticas. A institución familiar, pois, implica que o Pai, o *Pater familias*, é o suxeito que toma as decisións no ámbito familiar, e nada pode facerse sen o seu consentimento. O poder, que en Roma posúe distintas denominacións en función do suxeito que o detente e a súa amplitude, no caso do *Pater familias* denominase *Autoritas*, exactamente igual que o dos senadores. O seu poder chega ata o punto de posuir o dereito de vida e de morte sobre a prole, esposa e escrav@s, exactamente igual que o do Emperador sobre os súbdit@s. Como vemos, o governo do pobo, e o governo da casa, enténdense de modo idéntico. Por iso, un fillo non perderá a súa posición subordinada ata que el mesmo adquira a condición de *Pater familias*. E ningún que non sexa un *Pater familias* poderá detentar algún posto importante no

A C T U A L I D A D E



gobierno da *res pública*. Esta forma de pensar segue vixente hoxe en día. Ningún político pode chegar demasiado lonxe se non é cabeza de familia. De feito, a familia dun político representa un importante papel tanto no período electoral coma durante o mandato, cando debe aparecer en numerosos actos públicos, coma se o cargo fose compartido ou coma se o electorado tivese elixido a todo o clan para o posto. Cónxuxe e fill@s das e dos políticos encóntranse nun delicado lugar dende o punto de vista do dereito laboral e político, pois

realizan un traballo sen remuneración e desempeñan un posto público sen seren elixidos e elixidas. No caso de menores, parece que a ningúen se lle ocorreu cuestionarse se debería considerarse un suposto máis de explotación infantil.

Este modo de entender a familia, perdurou no noso ámbito xeográfico con pequenas variacións, importantes como o dereito ao divorcio ou a igualdade entre sexos, pero non substantivas, pois en ningún caso cuestionan a institución familiar como tal ou o seu fundamento³.

A lexislación franquista recolleu a heranza do Dereito Romano coas mínimas adaptacións básicas que o cristianismo e, sobre todo, o catolicismo, introduciran ao longo dos séculos -como o cristianismo apareceu no Imperio, as adaptacións foron insignificantes-. Para o Franquismo, a familia "está composta pola sociedade conxugal -o marido e a muller- e a paterno-filial -pais e fillos-, con vínculos afectivos e de sangue." En canto á súa orixe, considera que se trata da primeira e más importante das unidades naturais de convivencia, é anterior a toda forma política e de institución divina, polo que os seus dereitos son anteriores ao Estado. O seu fundamento é o de "célula básica da sociedade" nela "nacen, fórmanse e preparan as e os membros da sociedade civil, dependendo polo tanto dela o futuro das nacións"⁴. O Estado non pode suplantala, senón que ten certos deberes para con ela, polo que debe ditar leis encamiñadas á protección de fillas e fillos, de orde moral, educativa e económica.

Na actualidade, o Foro Español da Familia, constituído por diversas asociacións, na súa maior parte relixiosas, no seu documento marco define a familia como:

ACTUALIDADE

<p><i>A unión matrimonial entre un home e unha muller [...] a unidade natural e fundamental da sociedade [?] A familia é unha institución de orixe natural, con prevalencia do carácter unitario de amor e vida que a converte en institución social baseada en lazos de relación derivados do matrimonio, descendencia ou adopción o que conduce a que tanto a persoa como a sociedade se articulen familiarmente para ofrecer un sólido recurso á sociedade⁵.</i></p> <p>Á parte da súa deficiente sintaxe, é notable como esta definición coincide exactamente coa franquista e foi recollida na Constitución en canto a actos, efectos xurídicos e obxectivos. É tamén destacable o feito de que na definición do Foro se substituiu o dereito divino por dereito natural, coa pretensión de eliminar calquera cuestionamento sobre a mesma necesidade da existencia da familia, o seu contido (é dicir, qué debemos considerar familia) e se, en todo caso, as relacións que poidan establecerse no ámbito privado deben regularse xuridicamente e, más ainda, se deben ter efectos xurídicos.</p> <p>Esta posición é a maioritariamente aceptada na sociedade. A maioria das e dos cidadáns considera que familia</p>	<p>non é calquera comunidade que uns seres humanos queiran establecer libremente, senón só a formada polo matrimonio -civil ou relixioso, heterosexual ou homosexual- e a filiación ou adopción. (A efectos xurídicos, o matrimonio civil non difire en absoluto do relixioso - de feito o código civil case copia punto por punto a lexislación católica, é dicir, que o seu contido e os compromisos aos que se obrigan os contraentes non varían en nada-). Desta inmensa mayoría, unha gran porcentaxe considera que as súas relacións privadas deben ser controladas polo poder e aceptan que esas relacións íntimas deben outorgarllas vantaxes económicas de distinta índole, en forma de desgravacions fiscais e axudas sociais. Estas vantaxes non se lles ofrecen como cidadáns, senón como elementos pertencentes a unha estrutura familiar controlada.</p> <p>A FUNCIÓN DAS AXUDAS SOCIAIS</p> <p>En xeral, todas as axudas sociais van encamiñadas a incrementar o patrimonio do Pai e a reforzar a súa autoridade. A partir de aquí, cando falo de Pai estou a me referir a quen ocupe ese lugar, é dicir, a quen detente a <i>Patria Potestade</i>. Pai aquí non é</p>	<p>unha cuestión de sexo senón de xénero, implica un rol. Ese rol pode ser exercido individual ou convuntamente.</p> <p>As primeiras axudas que se ofrecen son as que animan aos suxeitos a assumir o papel de pais. Comezan coas desgravacions fiscais por matrimonio, dando por feito que o obxectivo do matrimonio é a procreación, e seguen coas axudas concretas á misma, sexan máis desgravacions, axudas á vivenda ou o cheque-bebé.</p> <p>As bolsas de estudos, cando @ fill@ é menor de idade, teñen o fin de axudar ao Pai nos gastos. Cando @ estudiante é maior de idade, a súa finalidade segue sendo a mesma. O individuo segue unido ao patrimonio familiar. O feito de que se lle conceda a bolsa, e a cantidade da mesma, depende do patrimonio paterno. A cantidade nunca vai ser suficiente para que o suxeito poida ser independente. A educación non se entende, así, como un dereito nin como un investimento que a comunidade fai na formación dun suxeito que despois será devolta á mesma, senón como un agasallo, unha graciosa dádiva que o <i>Pater Familias</i> pode outorgar ou non ao fill@, coa conivencia do Estado. @ fill@ dun home rico vese así atado á xenerosidade e capricho do pai,</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>pero o mesmo ocorre c@ fill@ do pobre. Ao ter nas súas mans os medios económicos, o pai pode decidir o futuro do fillo. Ao verse despoisido de todo medio de subsistencia, o fillo vese atado á vontade do pai. O obxectivo e efecto das bolsas, pois, é seguir reforzando a <i>Autoritas do Pater Familias</i>.</p> <p>No caso de que o Pai sexa un empresario, existen serias dificultades para que a cónxuge e a prole poidan ser contratadas como traballadoras por conta aldea. Enténdese que o seu traballo redunda no patrimonio familiar, de modo que case ten a consideración de labores domésticos.</p> <p>Máis espiñento é o asunto da asistencia a dependentes. Unha cidadá -é más habitual que sexan as mulleres- pode traballar por conta aldea para un ancian ou enfermo cun contrato laboral e a cambio dun soldo, pero non se ese suxeito é un familiar consanguíneo ou político. É certo que a familia pode compensala economicamente, mais non vai ter os dereitos que outr@s traballador@s en canto a cotización, xubilación e paro. A propia Lei de apoio a dependentes implica a obrigatoriedade do coidado ás persoas dependentes por parte da familia, independentemente das</p>	<p>circunstancias, e non é máis que un abandono da responsabilidade que debería corresponder ao Estado, en canto garante do benestar de todas e todos os individuos que realizaron o pacto social, e un traslado desta responsabilidade ao círculo familiar.</p> <p>A violencia doméstica, sobre o/a cónxuge e as/os fillos, non é más que a pervivencia do antigo derecho de vida e de morte romano. A súa existencia indica que ese axioma non desapareceu do imaginario colectivo, apoiada por ese derecho constitucional á intimidade familiar. Seica non era suficiente con que se garantise o derecho á intimidade persoal? Por que o lexislador engadiu a apostila "e familiar"? Estaba a pensar en algo diferente a garantir a liberdade do <i>Pater Familias</i> no exercicio da súa <i>Autoritas</i> e a imperseguibilidade incluso de certos excesos do mesmo? A mesma lexislación especial para contrarrestar a violencia doméstica implica unha aceptación, por canto non orixina un cuestionamiento do alcance da <i>Autoritas</i> e da mesma institución familiar.</p> <p>A familia nuclear e patriarcal, tal como coñecémola, coa definición, dereitos e obligacións que recolle o noso ordenamento, non foi a única forma de relación</p>	<p>social dos seres humanos, nin é a única posible. Desde aquí non pretendo facer unha exhortación para acabar cos lazos afectivos entre as persoas, senón para repensar como entendemos estas relacóns, se deben permanecer, como até agora, no terreo do público, ou deben quedar no terreo do íntimo. Se deben fornecer efectos xurídicos e cales. A familia patriarcal ten unha longa tradición, mais isto non significa que non podamos ou debamos cuestionala. Debemos preguntarnos por que existe un tabú que impide, en xeral, un diálogo sobre a institución familiar, por que toda formulación é dogmática e por que searma tanto balbordo cada vez que se propón un pequeno cambio, como o divorcio, a despenalización do aborto ou o matrimonio homosexual que, de facto, non contradín nin supoñen un perigo para a familia tal e como a coñecemos. Está claro que todo tabú responde a un interese do poder, como xa explicou Marvin Harris, e xa vai sendo hora de se preguntar por que o poder está tan interesado en que a estrutura da familia siga sendo a que é. (Como sempre, o maior control realiza o propio grupo familiar e social. De aí as presións, chantaxe e ostracismo aos que se ve exposto todo aquel que non siga</p>
A C T U A L I D A E		


un patrón de conduta sinalado, desde elixir unha profesión inaceptable no núcleo familiar até saltarse a tradicional comida do domingo). Tamén a familia pode explicarse desde unha perspectiva *emic* e *etic*⁸. Xa vimos que a interpretación *emic* baséase no Dereito natural ou divino. A continuación pretendo achegar unha descripción *etic*.

A FUNCIÓN DA FAMILIA: PATRIARCADO E TOTALITARISMO

A paternidade é un acto de fe.
J. L. Borges

Bioloxicamente, por tanto poderíamos dicir "naturalmente", a función do pai acaba co coito. O Pai con maiúsculas é, en palabras de Kozicki, un artificio da cultura, un símbolo, un principio xurídico, unha institución creada pola Lei, e que supera ao individuo concreto: "A filiación, o parentesco, a paternidade, a relación entre os sexos, no sistema xurídico, non son "naturais". Trátase dunha *construcción*, precisamente, da Lei"⁹.

A función do Pai é transmitir a Lei, a obediencia á Lei. Para iso, a mesma lexislación creou unhas relacións de poder que esixen o sometemento do fillo á Autoridade do pai. Nin pai nin fillo poden escapar a desempeñar o seu rol



pois, como dixemos, os deberes e dereitos que se crean son ineludibles. O obxectivo non é crear cidadáns libres, senón escrav@s do poder. Para iso, o gobernable revéstese da autoridade do *Pater Familias* -e, na mente das e dos crentes, de Deus Pai-. Dese modo, o cidadán permanece na minoría de idade e a súa obrigación é a da obediencia. Así, o cumprimento das ordes e o acatamento das leis non se cuestiona: percíbese como "Dereito natural", cando en realidade é un comportamento condicionado desde o berce, aprendido. A creación de individuos obedientes é necesaria para a perpetuación do Estado. Lembremos que a "obediencia debida" foi, senón a xustificación, si a causa das maiores matanzas perpetradas ao longo do século

XX⁸, e ségueo sendo. Os experimentos de Stanley Milgram⁹ poden verse como a proba de até que grao de destrución da personalidade e da liberdade conduce a educación no sistema patriarcal, sistema baseado na obediencia cega á autoridade do Pai, unha autoridade "lexítima". Por suposto, ningún se atreveu a ofrecer esta explicación.

Así as cousas, non é estralo que a familia se presente como núcleo do Estado tanto en réximes totalitarios como presuntamente democráticos. A familia constitúese como suxeito de derecho por encima da e do cidadán para garantir que ninguén escapará ao sistema, que se perpetuará o *status quo*.

A expresión "Blut und Boden" (sangue e terra), alude á idea amplamente estendida durante o nazismo¹⁰ da unidade mística entre raza e territorio a través da familia. Sobre esta idea sustentábase o Estado nórdico-hermánico e os Estados actuais.

Así pois, a procedencia do sangue e o territorio, transmitidos por vía familiar, determinan os presuntos derechos e unha infinitade de obligacións do individuo. Tamén as filias e as fobias constitúen a heranza do suxeito, como bens inmateriais xunto aos de valor pecuniario. A

A C T U A L I D A D E

<p><i>defensa da patria, ou o asasinato en nome da patria, só son unha obrigación máis, contraída desde a concepción, unha extensión do amor obligatorio, incondicional e irracional ao pai, porque tanto pai como patria están imbuídos dun halo místico, incuestionable e divino¹¹.</i></p> <p>Para concluír, só cabe dicir que, mentres exista unha regulación sobre as relacións familiares que responda aos principios do Patriarcado, como é o caso, será imposible constituir Estados (ou outro tipo de organizacións políticas, ou ningunha organización política) democráticos. A Democracia implica liberdade de pensamento, de participación e de elección por parte das e dos individuos. O noso Estado de Dereito, grazas á institución familiar, impide estes requisitos, por tanto, é unha farsa que encobre unha organización política totalitaria.</p> <p>Tradución : Marga Rguez. Marcuño</p>	<p>NOTAS</p> <p>1. 27.3. Os poderes públicos garanten o dereito que asisten aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.</p> <p>27.7. Os profesores, os pais e, no seu caso, os alumnos intervirán no control e xestión de todos os centros sostidos pola Administración con fondos públicos, nos termos que a Lei estableza.</p> <p>2. 35.1. Todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ao traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfacer as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razón de sexo.</p> <p>3. Onde máis honesto foi o lexislador no recoñecemento do Patriarcado, foi na lexislación da Monarquía. O artigo 57 da Constitución di:</p> <p>1. A Coroa de España é hereditaria nos sucesores de S. M. Don Juan Carlos I de Borbón, lexítimo herdeiro da dinastía histórica. A sucesión no trono seguirá a orde regular de primogenitura e representación, sendo preferida siempre a liña anterior ás posteriores; na mesma liña, o grao más próximo ao más remoto; no mesmo grao, o home á muller, e no mesmo sexo, a persoa de máis idade á de menos.</p> <p>4. Aquelas persoas que tendo dereito á sucesión no trono contraeran matrimonio contra a expresa prohibición do Rei e das Cortes Xerais, quedarán excluídas na sucesión á Coroa por si e os seus descendentes.</p> <p>4. O texto entre comiñas provén dos escritos de Formación do Espírito Nacional do ano 1958.</p>	<p>5. www.forofamilia.org.</p> <p>6. Marvin Harris chegou a distinción <i>emic</i> e <i>etic</i> para describir fenómenos sociolóxicos. Unha descripción ou interpretación <i>emic</i> é a que o propio grupo ou suxeito dá sobre un costume propio. A descripción <i>etic</i> é a que daría un observador, investigador, alíeo á cultura observada.</p> <p>7. KOZICKI, Enrique (2004: 106): <i>Hamlet, el Padre y la Ley</i>. Buenos Aires, Gorla.</p> <p>8. Véxase o xa clásico libro de ARENDT, Hannah (1999): <i>Eichmann en Xerusalén</i>. Barcelona, Lumen.</p> <p>9. Tras o xuizo de Eichmann, o sociólogo Stanley Milgram decidiu realizar un experimento para comprobar até que punto unha persoa normal podería realizar actos contra outras persoas cumprindo ordens, como alegara Eichmann. O resultado foi que a maioría eran capaces de facelo, ainda a propósito do mal inflixido.</p> <p>10. Véxase entrada "Sangue y Terra" en Rosa Sala Rose (2003: 335-344): <i>Dicionario crítico de mitos e símbolos do nazismo</i>, Barcelona, Cantil.</p> <p>11. CONTRERAS, Ana: Notas de dirección de Hamlett, de próxima publicación en Revistaa ADE Teatro.</p>
--	---	--

UNHA NOVA MODALIDADE ESCÉNICA: O POSDRAMA POLÍTICO

O POLÍTICO E A DESINTEGRACIÓN DO MODELO DRAMÁTICO

A política xorde como a organización da *polis*, das primeiras cidades estado da cultura occidental, na Grecia clásica, e chega arestora como a polémica arte do posible. Daquel contexto afastado quedan a dramaturxia das tragedias de Esquilo, Sófocles e Eurípides, e das comedias de Aristófanes ou Menandro. *Os Persas* de Esquilo podería considerarse, quizais, unha das primeiras pezas de tema explicitamente político observando a guerra desde a beira dos perdedores. Do ámbito da comedia, Aristófanes exerce a súa crítica dos piares que fundamentan a sociedade: o poder, a xustiza, a educación, a arte, a guerra. Menandro, porén, xa esgotada a democracia, fica no doméstico. Desde entón ata hoxe, o teatro, como arte colectiva, sempre foi unha ferramenta ideolóxica de primeira magnitude. Sempre que trata do ser humano e das súas relacións e conflitos, xa sexa máis condescendente ou máis crítico, o teatro sempre é político, porque non hai política que non se basee nunhas crenzas e nuns modelos de conducta e organización. Por outra banda, tanto a política como o teatro

pertenecen ao ámbito do público, do colectivo, non ao do privado ou individual, aínda que estes poidan ser obxecto da súa atención. Ao longo da historia pódense distinguir algúns intentos explícitos de facer do escenario unha arma política. Nesa tendencia expresa podemos situar o "teatro documento" de Erwin Piscator, e o "drama épico" de Bertolt Brecht. Outro caso paradigmático é o de *The Angry Young Men*, nas Illas Británicas, toda unha xeración de dramaturgas e dramaturgos, que tamén facían dirección escénica, amosaban de xeito irado o seu descontento co sistema de vida que lle ofrecía o seu país.

As posguerras e as épocas de crise sempre foron especial acicate para a reflexión e a análise dos comportamentos sociais. Nos anos sesenta, a revolución *hippie*, que defendía "o amor e non a guerra", a emergencia de grupos ecoloxistas, a defensa da igualdade da muller e a reivindicación dos dereitos de colectivos desfavorecidos e marginalizados, como o dos homosexuais, empregaron a *performance* e as accións teatrais para mobilizar a opinión pública e para forzar á clase política a emprender cambios. Tratábase de tomar lugares estratégicos, prazas

públicas, rúas principais, edificios administrativos de empresas e institucións, e emprender accións contundentes que amosaran a condena e o rexemento cara a certas actitudes e demandaran outras nas que primaran os valores éticos, de xustiza, respecto polos diferentes, paz, etc.

Agora ben, coa nomeada *posmodernidade* e o seu relativismo, coa posta en crise da identidade, o descrédito da historia, e a instauración dunha capa de dúbida sobre calquera certeza, semella que as artes, confundidas, abandonan as posicións políticas e o compromiso social. Non obstante, como veremos, pese a cambiar os modos non cambiaron as inquedanzas e a necesidade.

No ámbito da dramaturxia o modelo dramático da *pièce bien faite* que xa entrara en crise con Ibsen, Chékhov e Strindberg, a finais do XIX e principios do XX, escacha definitivamente a partir de propostas como as de Heiner Müller, Thomas Bernhard, Peter Handke, Sarah Kane, Romeo Castellucci, Frank Castorff, Jan Fabre, Rodrigo García, Sonia Gómez, Marta Galán, ou a galega Ana Vallés, nas derradeiras décadas do XX, e na primeira do XXI. Toda esta última vaga

dramatúrxica compón as súas obras e espectáculos cuns procedementos e uns obxectivos afastados do modelo dramático ilusionista de base aristotélica. Non constrúen personaxes con identidades psicolóxicas, senón que deseñan, en simbiose co traballo no escenario, accións e movementos para os actores e actrices, sen perseguir que os interpreten e se agochen tras unha identidade ficticia. Non pretenden somerxer á espectadora nin ao espectador nun espazo ou nun tempo irreais, levántoos a outras épocas do pasado ou do futuro, senón que confeccionan unha partitura rítmica de duracións e intensidades para as accións e as imaxes, inseríndoas no espazo e no tempo reais e compartidos co público. Non queren un público pasivo que se renda a unha mediación e a unha focalización dirixidas e resoltas conforme ao previsible derivado da lóxica cotiá, senón que reclaman un público activo que se implique na construcción da obra avaliando e tomando decisións, a cada intre, sobre o foco de interese. Ao non haber unidade de acción, nin progresión cronolóxica continua, senón fragmentariedade e simultaneidade, multiplícanse os focos de atención e invádese, provocador, a percepción do

público. Asemade, prodúcese unha renuncia á narratividade e á hexemonía da palabra, para vincularse directamente cun léxico e unha sintaxe propias do

escénico e cuxa natureza e funcionamento resultan autónomos. O visual, o sonoro e o *performativo*, cinético e kinésico, en toda a súa plasticidade, son os



A C T U A L I D A D E

piares desta nova modalidade preconizada por Antonin Artaud, e que recibe o nome de "posdrama" da man do antropólogo e director teatral norteamericano Richard Schechner e do teatrólogo alemán Hans Thies Lehmann. "Posdrama" está despois do "drama" e vincúlase a el porque ambos son "acción". O posdrama é acción escénica (real), o drama é acción dramática (ficcional). Ambos modos articulan diferentes paradigmas compositivos e diferentes mecanismos de coherencia e consistencia. Pero non debe confundirse, malia as concomitancias que se puideran dar, o paradigma posdramático con aquilo que se deu en nomear "posmodernidade". O prefixo "pos" non pode ter tanto poder como para cinguir ambos mundos.

ORGY OF TOLERANCE DE JAN FABRE.

O belga Jan Fabre entra no ámbito das artes escénicas como artista de *performance*, esas son as súas orixes, das que herda un traballo escénico que explora as fronteiras entre teatro e realidade. Tamén herda, destas orixes, o espírito de transgresión e de mergullo nos líndes, sobre todo os límites do corpo e as súas posibilidades motrices e

emocionais, que para o caso, veñen a coincidir. Podemos xogar a manipular a etimoloxía e mesturar emoción con locomoción, automoción e todos os derivados que impliquen movemento. Non de balde, Fabre parte dun traballo primordialmente coreográfico que soe denominarse teatro-danza.

O caso é que a afirmación da heteroxeneidade e da diversidade das disciplinas que conflúen no escenario, sen agochala tras unha ficción dramática, e sen sometela á unha xerarquía narrativa que busque crear unha ilusión de realidade imitándoa, desemboca nos elos fundamentais do posdramático, ou, alén desta etiqueta, nunha escritura escénica autónoma. Neste tipo de escola Fabre sobresae a nivel internacional e en cada novo espectáculo asume con ímpeto uns retos que non deixan indiferente a ningúen.

Orgy of Tolerance fai honra ao seu título creando sobre o escenario unha bacanal de accións organizada, espectacularmente, en asaltos en vez de escenas. Asaltos como os que teñen lugar nun ring de boxeo. Cada vez que soa a campá acométese unha nova secuencia. Imos ensaiar, a continuación, unha descripción aproximada da trama que nos

sirva para sacar as nosas propias conclusións, sen someter a experiencia a un discurso educado e cortés que poída resultar condescendente coa propia materia a tratar. A nosa voz narradora, neste caso, buscará cinguirse, a través das palabras, a *Orgy of Tolerance*, sen suavizar nin corrixir eufemísticamente aquilo percibido na súa recepción.

No primeiro asalto, xente armada con rifles leva consigo unha especie de escravos/as, en calzóns e camiseta de tirantes, zapatos de charón e calcetíns. Ao soar a campá, os armados enciran a cadanxeu escravo a masturbarse ata correrse. Trátase dunha frenética competición na que gaña aquel armado cuxo escravo consiga correrse ou exacular máis veces. Quen leva a arma vixía de preto ao seu escravo e béralle para que siga masturbándose, celebrando cada exaculación como celebran os seareiros más fanáticos os goles do seu equipo de fútbol. A competición onanista, vixiada polas armas, e levada ao paroxismo con manobras que rozan o imposible, eríxese nunha clara metáfora de dominación e poder vinculado ao sexo e á ausencia de sentimientos ou prácticas compartidas. A súa efectividade non se deriva

A C T U A L I D A D E



soamente das posibles lecturas do sentido que alberga, senón tamén da comicidade circense desde a que se proxectan. Isto orixina no público unha estraña mestura que se debate entre o morbo, o riso, a incredulidade, a estupefacción, a vergoña.

Logo da extenuación final deste primeiro asalto, que é un comezo de espectáculo bestial. Un dos actores fai de presentador e, micrófono en man, diríxese ao público para cuspir unha frase: "O único filósofo bo é o filósofo morto." A continuación, os das escopetas e camiseta branca de tirantes masturban aos señores que, recostados en sofás, fuman

puros e len xornais. Os señores van vestidos con xerseis de colo alto, de la gris e con bufandas e boina negras. Cando os señores exaculan, os gardas armados límpianles o seme cun pano de papel. Un deles íspese e sodomízase co canón da escopeta despois de preparar axeitadamente o orificio anal. Camiña co canón da escopeta chantado no cu e a súa secuencia de acción remata cando se pon a catro patas e bota escuma pola boca. Polo fondo do escenario pasa un Cristo coa cruz.

A estas alturas resulta obvio que non hai unha construcción de personaxe, senón un traballo a

partir dos propios actores e actrices que modelan a súa apariencia principalmente a través do movemento e da acción, coa axuda dalgún elemento básico de vestiario. Para o público o que acontece semella espontáneo, improvisado, malia haber unha estrita partitura dramatúrxica executada cunha perfección tan maxistral que non se ve. Os movementos transforman aos actores e actrices en soldados, en gardas, en señores, en escravos, etc., sen buscar unha identidade personalizada, psicolóxica, nin suscitar no público ningún tipo de identificación. É a función que podemos atribuir aos movementos e a maneira de empregar o corpo, en conxunción co exercicio dos roles, da conducta duns en relación aos outros, o que nos axuda a establecer analogías respecto aos comportamentos e hábitos sociais, o que nos axuda a distinguir e a recompoñer unha lene hipótese de personaxes, ou máis exactamente, de simulacro de personaxes. Ao fin e ao cabo, incluso no teatro dramático canónico, o personaxe non deixa de ser unha metáfora do que entendemos por persoa. Aquí, non obstante, o que hai son *performers* que non renegan nin agochan a súa propia materialidade tras unha construcción ficticia.

ACTUALIDADE


Nese simulacro de personaxes podemos estipular esbozos corais tipificados, como é o caso dos militares, soldados, gardas, roles como o de amo-escravo, señor-servinte, e ata figuras alegóricas descontextualizadas como é a de Cristo arrastrando a cruz.

Segundo coa trama, nunha nova secuencia entra en escena un amaneirado fotógrafo dunha revista de moda acompañado dunha *top model* cargada de bolsas de marcas de roupa de luxo. Velaí os esbozos de dous personaxes estereotipo. Ven a Cristo e, sen que ofreza resistencia, como é de recibo, convérteno nun modelo fotográfico. Pónenlle gafas de sol, camiseta con estampado atigrado e a cruz que levaba ás costas colócanlla a xeito de guitarra. O fotógrafo dálle *poppers*, palmea e faille fotos. O Cristo non se inmuta. A secuencia, porén, si que remata cunha transformación: Cristo sae facendo equilibrios coa cruz sobre a palma dunha man.

Outra escena é a do coro de dúas actrices coa cara cuberta, coa bufanda negra a modo de pasamontañas: "Somos terroristas. Imaxinas un mundo sen nós?". De aí pasamos á secuencia na que dous homes penetran a unha muller cun sofá,

adoitando as posicíons sexuais más coñecidas do *Kamasutra*. Boca arriba, coas pernas abertas, esmagada polo sofá. A catro patas, penetrándoa por tras, nun balanceo do sofá que, co impulso, lle facía saltar... e outras caricaturescas posturas. A muller chega ao orgasmo e logo págalles aos dous homes cun bo feixe de billetes. O tema dos cartos é o centro da seguinte secuencia na que un adestrador fai unha clase de ximnasia para o resto de actores, na que practican exercicios cun billete de cinquenta euros aprendendo a "conectalo co

centro", a "colgar confianza co billete", a saber darlle "flexibilidade", etc. Unha burla clara á nosa relación de dependencia total dos cartos que, á vez, tamén serve para facer escarnio de todas as disciplinas e terapias *new age* ás que recorremos para sandar as nosas frustracións, a conta de pagalas ben. Outra secuencia que se encadea á anterior, ligada polo asunto do diñeiro e do consumo, é a das tres mulleres embarazadas que empurran cadanxeu carro da compra baleiro. Os carros da compra, xunto coa



A C T U A L I D A D E

<p>presenza de fusiles, serán elementos centrais de <i>Orgy of Tolerance</i>. A luxuria sexual relaciónnase coa luxuria do poder e a do diñeiro. O consumo compulsivo crea unha escravitude que se relaciona con outras maneiras de sometemento. Os impulsos tanáticos non só están asociados ás armas, moi presentes en todo o espectáculo, senón tamén a outros elementos para ferir e matar. Incluso, nunha das secuencias, unha guapísima actriz, adoptando o rol da sedutora, fai un monólogo cara ao público explicando os usos dunha simple folla de papel para cortar e seccionar órganos. O papel tamén pode matar.</p> <p>Cómpre salientar o procedemento de articulación da trama que, malia ser unha composición fragmentaria de secuencias diversas, non empregou ningún corte, ningún escuro, ningunha pausa, senón transicións case sempre provocadas por superposición e solapamento de accións, entradas e saídas, ademais dos cambios na iluminación e das modificacións do espazo ao desprazar obxectos, introducilos ou sacalos de escena. Tamén cabe sinalar, nese encadeamento, o traballo a partir de múltiples accións simultáneas que diversifican os focos de</p>	<p>atención e requieren dunha meirande participación da recepción na selección e ordenación do interese.</p> <p>Retomando a descripción dalgúns intres da trama, recuperamos a escena na que as tres embarazadas soben aos carros da compra, abren as pernas e comezan a parir produtos que van caendo no carro. Con grandes esforzos paren salchichas, barriñas de chocolate, latas de cervexa, pan, tortillas envasadas ao baleiro, pistolas, calcetíns, etc. Segundo sexa o producto, as nais embarazadas acaríñano e preséntano ao público e ás súas compañeiras, para logo depositalo con agarimo no carro, como se dun berce se tratara. Nalgún caso fan o contrapunto a esa maternidade tenra, abrindo unha lata de refresco acabada de parir, para beber uns grolos, ou probando outros produtos tentadores, como o chocolate. Despois do parto entran tres actores con cadansúa pirola no sitio do nariz, supónse que deben ser os pais das criaturas. Achéganse aos carros da compra, agora berces, e fanles garatuxas aos produtos – bebés. Tanto as nais como os pais estiveron en todo momento co rifle ás costas. Logo, as parellas empurran, felices, os carros da compra e van</p>	<p>comentando a decoración, os cadros, as cores, as cortinas... Un actor con máscara neutra provista duns dentes pintados obriga a lategazos a que todos prometan comprar televisións de plasma, teléfonos móbiles de última xeración, etc. A escena cos carros da compra péchase cos actores e as actrices bailando cada un co seu carro un valse de Richard Strauss. Ao final, unha actriz pon unha coroa dourada e sobe enriba dun carro, os demás seguen bailando o valse de arredor, para rematar encaixando os seus carros como se lle deran polo cu á raiña, e á monarquía, que sae de escena cunha longa cola de carros da compra enganchados.</p> <p>Noutro momento ten lugar no escenario un concerto de música <i>heavy metal</i> con letras anti-capitalistas. Despois unha parella de actores aparecen como indixentes, falan de limpeza e de hixiene. A secuencia remata coa muller convertida en <i>Mister Propper</i> pero con aderezos propios do Ku Klux Klan, para reivindicar a limpeza racial. Mais adiante será esta mesma figura a que se move e baile imitando a Michael Jackson.</p> <p>Os impulsos eróticos confúndense cos tanáticos en moitas escenas orxiásticas. Nelas empréganse emblemas nazis</p>
---	--	--

A C T U A L I D A E

<p>mesturados con lencería, luvas de medio brazo, zapatos de tacón de agulla... Os militares, fuman, dróganse, beben whisky... Un deles afeita o cu e os xenitais. Outro pon unha bicicleta coas rodas para arriba, lámbeas mentres as fai xirar, despois bótalles un po que emula a cocaína e vai esnifándoa ou poñendo o cu nu entre a roda, ou xogando a facer brincar os collóns entre os radios mentres as rodas xiran. Todo ese tapiz de accións transgresoras e simultáneas nútrese da ironía, da comicidade, do grotesco, e remata cunha apocalipse na que todos os actores e as actrices "cáganse en todo" sen excepción, facendo un alarde de desmesura e desquitándose do "politicamente correcto" (uns exemplos: "Fodédevos americanos, arxelinos, franceses, mulleres emancipadas, alemaños, <i>latin lovers</i>, [...] Barak Obama, Jan Fabre, o público que non paga...")</p> <p>Todas estas secuencias efectistas e rechamantes, executadas impecablemente, buscan poñer de relevo todo aquilo que, no dia a dia, nos pasa desapercibido. Ás veces facendo confluir iconas, actos e condutas, pertencentes a diferentes épocas e culturas, ou concentrándoas, para establecer paralelismos e</p>	<p>contrastes dunha alta rendibilidade crítica. Soe dicirse que "realidade" supera a "ficción", pero a primeira, exenta dun marco, como o do escenario, que a intensifique, semella pasar inadvertida e carecer do significado que debería. A acción escénica, porén, non se pode permitir a indiferenza do espectador e da espectadora. A actuación, tanto máis se afirma no físico e no material, no <i>performativo</i>, máis real e incuestionable se volve. Frente a isto, a ficcionalización do teatro dramático, asentada na palabra e na evolución narrativa, fica enriba do escenario como nun escaparate e require, para a súa efectivididade, da espera da resolución e peche das expectativas, só ten sentido cando chega ao final, cando se cumple a "intriga". Porén, o posdrama político de Fabre opera a cada instante, como por asalto, invadindo o "aquí e agora" sen diferilo nin soterralo tras unha ficción, cunha enerxía desbordante recuperada das fontes primixenias do parateatral, da festa, do ritual, do colectivo.</p> <p>Contra a idea de que o posdrama non asume ningún compromiso ético nin político, perdido na ambigüidade e instalado na dúbida, Jan Fabre,</p>	<p>como outros e más ca outros, demostra en <i>Orgy of Tolerance</i> todo o contrario. A partir de analogías e metáforas visuais contundentes ataca directamente o consumismo capitalista fomentado polo crecemento das grandes superficies comerciais. Denuncia paródicamente a falta de valores da nosa sociedade tecnificada. Ponos diante do terrorismo emocional e afectivo que practicamos con nós mesmos e cos nosos semellantes e, sobre todo, coas nosas semellantes, en relacións que se acaban baseando case sempre no poder, na explotación e no sexo compulsivo. Sitúanos ante a nosa obsesiva busca dun pracer que non consegue ir máis aló do epidérmico, e todo polo medo á implicación e ao compromiso. E móstranos todo isto sen necesidade de panfletos, demagogoxias, nin sentenzas. O más sorprendente é que sabe facelo sen caer no mesianismo, sen pretender darnos leccións de moral.</p>
A C T U A L I D A D E		

OLLO CLÍNICO, OLFATO MORAL

“É difícil seguir sendo emperador diante dun médico, e tamén é difícil gardar a calidade de home.”

Marguerite Youcenar.
Memorias de Adriano

É irreconciliable enfermar conservando intacta a dignidade? non sei se totalmente, pero cambiar o modelo paternalista, actualmente inxustificable, da “Decisión sobre a/o paciente” ao da “Decisión da/do paciente” axudaría moito. Cada paciente ten que exercer un papel activo (que non pode ser delegado) nas súas propias decisións acerca dos seus procesos de saúde/enfermidade e sobre todo nas intransferibles decisións morais. O paternalismo médico estivo gradualmente afectado polo crecente recoñecemento do dereito d@s pacientes a tomar as súas propias decisións médicas. Isto tivo como consecuencia que o modelo de toma de decisións cooperativo suplantase ao modelo autoritario característico do paternalismo médico tradicional. A/o paciente pasa a ser o más importante e deixa de pertencerlle á/o médica/o para poder acceder a outro persoal da saúde que tal vez estea en mellores condicións de satisfacer as súas necesidades.

A ética é o fundamento da xustificación e da acción humana que lle concede á razón un

importante rol. Non é posibel afastar do ser persoa o actuar ético, do mesmo xeito que non é posible afastar do actuar humano a responsabilidade persoal.

Quen decide o qué é ético? Nas sociedades más tradicionais hai un maior acordo sobre a ética e máis presión social, ás veces apoizada nas leis. Noutras sociedades a cultura e a relixión teñen un papel dominante para determinar a conducta ética. Polo tanto a resposta á pregunta varía segundo a sociedade e incluso dentro da mesma sociedade. Nas sociedades liberais, as persoas teñen moita liberdade para decidir por eles mesmos o que é ético, ainda que probablemente influenciadas por elementos externos (medios de comunicación, familia, etc.). Nas sociedades más tradicionais, as autoridades relixiosas e os líderes políticos xeralmente teñen un papel más importante que as persoas para determinar o que é ético.

Coñécese como Bioética o estudo de problemas morais que se dan na medicina, na atención médica e nas ciencias biolóxicas. Existen catro subdivisións principais: **ética clínica**, que trata os problemas na atención a/o paciente; **ética da investigación**, que trata a protección do ser humano na investigación da atención médica; **ética**

profesional, que trata os deberes e as responsabilidades específicas que necesitan ter os profesionais da saúde e a **ética da política pública**, que trata da formulación e interpretación das leis e regulacións sobre temas bioéticos.

Todas as éticas que articulan principios e consecuencias coñecesen hoxe como “éticas da responsabilidade”. Estes principios son: o principio de Autonomía, o de Beneficencia, o de Non Maleficencia e o de Xustiza.

A **Autonomía** é un termo introducido por Kant na ética, anteriormente tivo un sentido exclusivamente político. Etimoloxicamente significaba a capacidade de darse un a si mesmo as leis é polo tanto o carácter autolexislador do ser humano. Na ética Kantiana significa que as normas morais lle veñen impostas ao ser humano pola súa propia razón e non por ningunha outra instancia externa a el. En bioética este termo ten un senso más concreto, identifícase coa capacidade, que teñen os seres humanos, de tomar decisións e de xestionar o propio corpo, e por tanto a vida e a morte.

A **Beneficencia** non é só a cara oposta da non maleficencia. É o principio ético que obriga non só a non facer mal senón a facer

ben. En xeral aceptase que o principio de non facer mal é máis primario que o de facer ben, e que non se pode facer mal a outra persoa aínda que nolo pida, pero tamén que non se lle pode facer ben en contra da súa vontade.

A **Non Maleficencia** recolle o clásico lema da ética médica: *primun non nocere*, en principio non facer dano que poida ser máis que prexudicial para o paciente ou no que a razón risco/beneficio non sexa adecuada. O seu contido vén definido en boa medida polos criterios de indicación, non indicación e de contraindicación. Isto permite que o contido deste principio non sexa intemporal ou absoluto, senón que haxa que defínilo en cada momento, de acordo, entre outras cousas, co desenvolvemento da medicina.

A **Xustiza** que se utiliza en bioética é a referida á xustiza social. Trátase de coñecer cales son as prestacións de asistencia sanitaria que deben estar cubertas por igual para todas e todos os cidadáns, e polo tanto tuteladas polo Estado. O principio de xustiza é o que se utiliza para establecer os criterios de "distribución dos recursos escasos".

Tradicionalmente esperábase que o médico actuara só polo ben das/dos seus pacientes, sen considerar as necesidades dos demás. Segundo o principio de xustiza, o médico non só é



responsable dos seus pacientes, senón que en certa medida tamén dos demás. Unha maneira na que a/o médica/o pode ser responsable na asignación dos recursos é evitando as prácticas inútiles, incluso cando @s pacientes as solicitan.

Os principios de Non Maleficencia e de Xustiza teñen carácter público, e polo tanto determinan os nosos deberes para con todos e cada un dos seres humanos, tanto na orde da vida biolóxica (principio de non maleficencia) como no da súa vida social (principio de xustiza). Estes principios definen os deberes que son universais e esixibles a todos por igual, é necesario que se formulen de forma aceptable por tod@s ou pola maioría, e que conseguintemente adquiran forma xurídica. Estes dous principios correspóndense coa chamada "ética de máximos" que postula

que todo ser humano, en canto membro dunha sociedade ten que aceptar e respectar un conxunto de regras e valores comúns. As principais áreas que ha de cubrir ese espazo de ética mínima son: a protección da integridade física, psíquica e espiritual das e dos individuos (principio de non maleficencia) e a protección da integridade interpersonal e social, evitando a discriminación, a marxinación ou a segregación duns individuos por outros nas cuestións básicas da convivencia (principio de xustiza).

Os principios de Autonomía e Beneficencia marcan, pola contra, a espazo privado de cada persoa, que esta pode e debe xestionar de acordo coas súas crenzas e ideais de vida. Estes dous principios correspóndense coa "ética de máximos" na que se encadra a perfección e a felicidade a que aspira todo ser humano, ou sexa, o óptimo. O que ocorre é que este óptimo non é idéntico para tod@s, senón que depende do sistema de valores morais, culturais, políticos e económicos, etc. que cada un acepte como propios. Polo tanto, os máximos son distintos para cada cal que á vez debe ter liberdade para xestionalos privadamente. Neste nivel cada unha é autónomo/a para ordenar e conducir a súa vida de acordo cos seus propios valores e crenzas.; polo tanto

ACTUALIDADE

<p>buscando o seu propio beneficio, perfección ou felicidade.</p> <p>Diego Gracia sostén que "Nunha sociedade en que todos os seus individuos son axentes morais autónomos, con criterios distintos sobre o que é bo e o que é malo, as relacións entre o persoal sanitario e o paciente poden ser esencialmente conflitivas. O conflito sobe de grado se se ten en conta que nela poden intervir, ademais a dirección do hospital, a seguridade social, a familia, o xuíz, etc. Todos estes axentes ou factores da relación sanitaria poden reducirse a tres: o paciente, o profesional sanitario e a sociedade. Cada un deles ten unha significación moral específica. O paciente actúa guiado polo principio moral de autonomía; o profesional sanitario, polo de beneficencia, e a sociedade, polo de xustiza. Os tres principios son esenciais, o que non significa que siempre teñan que resultar complementarios entre elles, e polo tanto non conflitivos. A realidade é máis ben oposta. Nunca é posible respectar completamente a autonomía sen que sufra a beneficencia, respectar esta sen que se resinta a xustiza, etc. De aí a necesidade de ter sempre presentes os tres principios, ponderando o seu peso en cada situación concreta. A</p>	<p>ética sanitaria ha de facer todo o posible por respectar escrupulosamente e ao mesmo tempo a autonomía, a beneficencia e a xustiza"</p> <p>Mais se atendemos a definición de poder como "ter autoridade, forza, influencia" ou "ter a capacidade para ou a posibilidade de" estamos a falar de relacións de dependencia e control. Este poder se o levamos ao campo da saúde é a expresión dun poder autoritario e dominador que se mostra de diferentes xeitos:</p> <ul style="list-style-type: none"> 1) negándolle a/o outro/a a oportunidade de participar en todo o proceso de saúde-enfermidade debido a unha relación xerárquica e unidireccional; 2) sobrevalorando o dominio técnico, que fai que a/o paciente perda a identidade para pasar a asumir a "identificación da enfermidade que invade todo o seu campo espacial, temporal e relacional" (Colliére MF). As/os pacientes esperan, o que lles fai saber que o seu tempo non é importante. Esperase que as/os pacientes se comporten dunha forma determinada, parella ao seu sentido de falta de poder e de dependencia. 3) Omitindo información, transmitíndoa de xeito 	<p>inaccesible ou negándaoa, en definitiva, afastando a/o paciente do proceso de toma de decisións, limitándolle a súa autonomía e colocándoo nunha posición de inferioridade.</p> <p>A relación clínica ten que ser un proceso de negociación deliberativa entre o persoal sanitario e a/o paciente, que debe basearse nun modelo de toma de decisións compartido, onde o más importante non é un determinado resultado (se a/o paciente elixe unha opción ou outra), como o proceso en si mesmo, que é o que lle outorga calidade a esa relación. No desenvolvemento dese proceso xéranse dous tipos de información: a información técnica acerca do diagnóstico, prognóstico e posible tratamento, e a valoración de esa información por parte do paciente. Para tomar unha "boa" decisión, sexa esa a que for, son necesarios os dous tipos de información (ética clínica).</p> <p>Que ocorre cos problemas éticos relacionados co comezo e co final da vida? Na ética, como no dereito, as circunstancias poden ser agravantes, atenuantes ou eximentes. As excepcións pode facelas, ben un xuíz, ben a lei, despenalizando a aplicación da norma en certos supostos. Isto é o que ocorre no caso da lexislación española sobre o aborto ou na holandesa sobre a</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>eutanasia. É importante ter en conta que non se está definindo a licitude ou ilicitude moral de tales actos; só se afirma que, cando concorren certas circunstancias, son considerados deberes de xestión privada, non de xestión pública como sucedía con anterioridade e se son privados o que prima é a autonomía da/o paciente. As decisións clínicas sempre se toman nun entorno de probabilidade, as certezas non existen e polo tanto as preferencias persoais poden ser definitivas. O obxectivo é lograr que cada paciente reciba o maior beneficio físico e psíquico posible tendo en conta a súa situación clínica, os recursos disponibles e as súas circunstancias persoais. Hoxe temos a posibilidade técnica de manter a vida, de forma imperativa e categórica, sempre e en toda situación. A vida é un dos bens más importantes, pero non o único nin ten carácter absoluto e pode entrar en conflito con outros valores non menos importantes, como a liberdade, ou a calidade de vida. O imperativo categórico presupón unha certeza inexistente, as decisións médicas son sempre decisións probables, e se se espera a que iso ocorra pódese caer nunha forma de iatroxenia chamada encarnizamento terapéutico. A técnica é boa como medio para conseguir un fin se ese fin non é alargar a dor, a agonía ou os</p>	<p>sufrimentos innecesarios. A morte non é unha circunstancia "sempre" previsible, evitable ou reversible.</p> <p>No caso de que a/o paciente estea incapacitada/o para poder facer uso do seu dereito a autonomía (nen@s, pacientes psiquiátric@s, inconscientes ou en coma) cando prevalecía o paternalismo médico, este era considerado o representante axeitado d@ paciente, hoxe os criterios principais que se deben utilizar nas decisións de tratamento dunha paciente incapacitad@ son as súas preferencias, se son coñecidas, que poden estar estipuladas nunha vontade anticipada ou ter sido comunicadas ao representante designado, a/o médica/o ou a outr@s membr@s do equipo.</p> <p>As e os médicos están entre os grupos de profesionais da máis alta consideración e confianza, polo xeral, reciben remuneracións más altas que a media e áinda teñen un amplio marxe de autonomía clínica polo que o cumprimento dos seus deberes éticos é un prezo baixo a pagar por todos estes privilexios. No século XXI ningún diagnostica aos seus pacientes, nin estes se deixarian, a base de ollo clínico, polo que menos deberían nin deberíamos deixar que o fixaran a base de olfacto moral</p>	<p>considerando que xa saben a resposta de antemán.</p> <h3>BIBLIOGRAFÍA</h3> <p>Gracia, Diego. <i>La deliberación moral: el método de la ética clínica. Bioética para clínicos.</i> 9 Xuño 2001. Volume 117 01 p. 18-23.</p> <p>Gándara, Manuela. <i>Ética, poder y deber.</i> Rev ROL Enf 2008; 31(1):18-24.</p> <p>Iraburu Elizondo, Marga. <i>Desde el respeto mutuo.</i> JANO 25 Novembro- 1 Decembro 2005. N° 1587.</p> <p>Martínez, Koldo. <i>Medicina e intimidad. Una visión desde la bioética.</i> Rev Calidad Asistencial 2004; 19(6):416-21.</p> <p>Couceiro Vidal, Azucena. <i>¿Es ético limitar el esfuerzo terapéutico?</i> An Esp Pediatr 2002;57(6):505-7.</p> <p><i>Bioética & Sida: el fracaso del éxito.</i> Tribuna abierta del Institut Borja de Bioética- Año XI-N.42.</p> <p>Manual de ética médica. Asociación médica mundial. 2ª edición 2009.</p> <p>Couceiro Vidal, Azucena. <i>Decisión sobre el paciente y decisión del paciente</i> JANO 28 Outubro- 3 Novembro 2005. N° 1582.</p> <p>Couceiro Vidal, Azucena. <i>Dinámica de la decisión clínica.</i> JANO 21-27 Outubro 2005. N° 1581.</p> <p>Guía de Comités de ética asistencial. Xunta de Castela e León, 2008.</p>
A C T U A L I D A D E		

O PODER DAS HORMONAS

A ciencia, repítome, é a gran aliada das mulleres. Iso, a pesar de sermos as grandes esquecidas nos estudos científicos. Como é previsible nunha sociedade patriarcal e androcéntrica, onde o masculino é o paradigma, o obxecto das análises científicas e médicas é o individuo por excelencia. A muller serviu como a oposta ou a complementaria para darlle congruencia ás análises que se facían sobre os homes ou concederlle valor. E non só no eido científico. Nunha sociedade dominada pola relixión, e Occidente tamén o foi, que os homes tivesen "alma" adquiría maior relevancia ao non a teren as mulleres. Máis adiante, para a existencia do *animal rationale* era precisa a *mulier laborans*, naturalizada. As análises, as medicións científicas, seguiron a mesma pauta. Así, en tempos, o maior tamaño do cerebro masculino serviu para confirmar a súa supremacía e para demostrar que as mulleres teñen menor capacidade mental, e, daquela, como seres limitadas neuroloxicamente, debían dedicarse ás súas funcións específicas: as reprodutoras. "É verdade que non están preñadas todo o tempo, pero o seu destino é estalo" sentenciara o gran ilustrado Rousseau. Esta división de roles, levou os pensadores a especular sobre as nefastas repercusións do uso da razón e da

actividade mental sobre a reproducción. Un dos sabios do s.XVIII, Silvain de Maréchal, afirmaba que estaba comprobado que as escritoras eran menos fecundas que as demais mulleres. A muller, parece afirmar, ou ovula ou pensa. En fin, calquera diferenza entre os sexos foi observada como un feito positivo para o xénero por excelencia.

Agora sabemos que, á marxe do continente, temos o mesmo número de células cerebrais e, ainda que non teño ningún interese en darlle a volta á valoración dos xéneros, tal vez se podería especular sobre se a

proximidade, a maior densidade celular no cerebro feminino, non podería favorecer os contactos e os transmisores neuronais que cobraron tanta importancia ultimamente.

Ninguén, desde unha posición científica, defende hoxe a inferioridade cerebral das mulleres, pero os estudos más recentes, e o uso de novas ferramentas, como a tomografía de emisión de positróns ou as imaxes de resonancia magnética funcional, permiten ver dentro do cerebro humano en tempo real e observalo mentres actúa, resolve problemas, produce palabras,



recorda... Como resultado, pódese documentar científicamente que os cerebros masculinos e femininos cumplen idénticos obxectivos e tarefas, mais realizando circuitos distintos. Utilizan distintas áreas e circuitos cerebrais para resolver os problemas, procesar a linguaxe... Nos centros do cerebro para a linguaxe e o oído, por exemplo, as mulleres teñen un 11% máis de neuronas que os homes. O hipocampo, eixe principal da memoria e da emoción, é tamén maior no cerebro feminino. En cambio, os homes teñen dúas veces e media máis espazo dedicado ao impulso sexual, así como máis desenvolvidos os centros para a acción e a agresividade. O núcleo da área más primitiva do cerebro, a amígdala, onde se rexistra o medo e se dispara a agresión, ten máis procesadores no cerebro masculino.

Unha clave para que estas diferenzas se produzcan son as hormonas. Segundo os estudos polos que me guío¹, a maior parte do desenvolvemento cerebral que determina os circuitos específicos do sexo acontece durante as primeiras dezoito semanas do embarazo. Ata que ten oito semanas, a natureza determina que todo cerebro fetal sexa feminino. Na oitava semana rexístrase unha enorme arribada

de testosterona ao feto XY que converte o cerebro unisex en masculino. Para darlle cabida a ese fluxo hormonal é preciso matar algunas células no centro de comunicación e facer medrar outras nos centros sexuais e de agresión. Mentre, o cerebro feminino, sen a invasión da testosterona, continúa desenvolvendo máis conexións nos centros de comunicación e das emocións.


Xa nacidos, os nenos séntense impulsados a investigar o contorno e a tocar frecuentemente os obxectos, mesmo se llelo prohiben. As nenas chegan ao mundo con máis aptitudes para ler caras e poden oír unha gama máis ampla de frecuencias e tons de son da voz humana ca os nenos. Parece que o cerebro masculino, influenciado pola testosterona, busca menos a relación social. De ser así isto tería moita importancia para o autismo. Aqueles trastornos que privan ás persoas de captar os matices sociais, chamados trastornos do espectro do autismo e do síndrome de Asperger, son oito veces máis frecuentes entre os rapaces, debido a esta deficiencia para a relación social e a sensibilidade emocional. Comprobamos que é grande e perigoso o poder das hormonas. Porque a testosterona tamén se relaciona coa agresividade. Os

nenos, isto non é exacto, por suposto, digamos que os típicos, se entreteñen con xogos rudos, con loitas, desafíos, con armas e xoguetes que fan ruido. Xa desde os dous anos están menos predispostos a compartir xoguetes e a respectar as quendas. Ben sabemos que tamén hai nenas con este comportamento.

Segundo estes achados, aínda que as mulleres e os homes teñen por termo medio o mesmo nivel de intelixencia, os efectos hormonais poden condiconalos de distinta maneira. Os estudos recentes intentan confirmar como a química afecta ao humor, á enerxía, aos comportamentos e aos impulsos sexuais de mulleres e homes. Nas nenas, os ovarios, xa na infancia, producen unha maior cantidade de estróxenos que provocan o crecemento de neuronas nos circuitos cerebrais dedicados á observación e á comunicación. Con poucos meses len mellor as expresións faciais e captan os matices. As nenas, din, miran moito máis ca os nenos a cara da nai, agardando aprobación ou desaprobación ante calquera acción, e reaccionan con máis facilidade ante os tons de voz disuasoria dunha acción ou unha prohibición. Ou sexa que o que pudo ser interpretado como actitude obediente ou como maior dependencia da nai por parte das nenas, en realidade é que os

A C T U A L I D A D E

<p>nenos, que se senten máis impulsados a investigar o contorno, non len os xestos, nin escóitan as advertencias coa mesma intensidade. Non é tanto que desobedezan, senón que fisicamente non perciben os apercibimentos por igual. As nenas están más predispostas a iso que se chama empatía. As nenas típicas, carentes de testosterona e rexidas polo estróxeno, están mellor dotadas para manter relacións harmoniosas e prefieren evitar os conflitos. Pola contra, os nenos típicos, buscan menos as relacións e á hora de xogar, céntanse no xogueten en si, e escollen xogos máis agresivos nos que interveñen o rango, o poder, a defensa do territorio e a forza física.</p> <p>Na adolescencia, os cambios hormonais acentúanse e as consecuencias chegan a ser problemáticas. As achegas testiculares de testosterona inundan os cerebros dos mozos e vólvense menos comunicativos e más taciturnos. Diminúe o seu interese polo trato social, agás cando implica deportes ou asuntos sexuais. De feito, o corpo e o sexo serán as súas obsesións. Isto parece corroborar os comentarios que vulgarmente facemos dos homes: só falan de fútbol ou de mulleres. Así mesmo, mediante a simple observación da</p>	<p>realidade, constatamos que ao longo da súa vida terán unha incapacidade para estableceren comunicación cos seus conxéneres no relativo aos seus problemas persoais e íntimos. Ou non se abren, ou o fan cunha confidente feminina. Canto ás mozas, na puberdade o seu cerebro funciona activado polo estróxeno. Este afecta a toda a súa experiencia e activa as células cerebrais que actúan no núcleo supraquiasmático durante as vinte e catro horas do día e a noite. Orquestran os ritmos corporais, a temperatura do corpo, o sono, o humor. Poñen en marcha a hormona do crecemento. Chegan a influenciar incluso os controis da respiración! Ou sexa que, chegadas á puberdade, o estróxeno marca o ritmo de todo o cerebro feminino, actúa como fertilizante das células e excita o cerebro. Pero, as cousas se complican para as rapazas ao teren ciclos e ovulacións mensuais que provocan variacións no seu corpo. Ao redor do décimo cuarto día do ciclo, entra en escena outra hormona, a proxesterona, que contrarresta a fertilización dos estróxenos. A proxesterona fai que o cerebro se torne máis irritable, menos centrado e algo máis lento. Aquí encontramos a explicación dos cambios que experimentan as mulleres durante os ciclos menstruais, relativos ao estrés, á</p>	<p>irritabilidade, ao humor... Isto, ben sabemos, non é exacto para todas as mulleres, pero moitas o experimentan. O desenvolvemento cerebral das mulleres flutúa cos cambios hormonais. Unha das partes do cerebro más sensibles ao estróxeno, o hipocampo, constitúe unha estación repetitiva importante de transmisión no procesado verbal das lembranzas. Isto levaríanos a considerar que os días nos que a acumulación de estróxeno é máis alta, serían os indicados para realizar actividades mentais que requiran un maior rendemento verbal, por exemplo. Resulta curioso especular sobre certos comentarios, como: hoxe estou inspirada, ou se me ocorren moitas ideas, grandes proxectos, ou estou como unha moto... Tal vez o que ocorre é que os estróxenos están no apoxeo da súa función. No sentido oposto, comprobamos as causas da depresión.. Coñecemos a depresión <i>post-partum</i> que é unha consecuencia hormonal que padecen moitas mulleres e pode ter fatídicas consecuencias en casos extremos sen diagnosticar. Tamén a depresión causada pola menopausa ao cesar a producción de estróxenos. Desaparece cos parches de estróxenos.</p> <p>As hormonas asociadas coa agresión tanto nos homes como nas mulleres son os andróxenos.</p>
A C T U A L I D A D E		



Comezan a elevarse ao comezo da puberdade e continúan ata culminar os dezanove anos nas mozas e os vinte e un nos mozos. Os tres principais andróxenos que producen as mulleres son a testosterona, a DHEA e a androstenediona. Nun estudo da Universidade de Utah descubriron que a maioría das adolescentes agresivas e descaradas tiñan altos niveis de androstenediona. Parece ser que o acne é un indicador de altos niveis de andróxenos na adolescencia. Tamén se puido comprobar que os impulsos agresivos varían segundo os ciclos menstruais. Na segunda e terceira semana os ovarios producen máis

andróxenos. Cando os niveis de andróxenos diminúen, non só é menor a agresividade, senón tamén o impulso sexual. A relación entre sexo e forza, entre coito e combatividade, que ten o seu paradigma mesmo na lingua, parece que tamén se relaciona coa producción hormonal. Se ben, as mulleres e os homes xeran testosterona, estes producen dez veces máis. Polo que respecta ás mulleres, non son só os andróxenos os que fomentan a súa agresividade, senón tamén o estróxeno. Segundo as análises realizadas na Universidade de Utah, as mulleres más extravertidas, cun alto grao de

autoestima, tiñan niveis máis elevados de estróxeno.

Acostumamos dicir que entre dúas persoas que establecen unha relación hai "boa química". Así é, porque de química se trata. A ciencia que investiga a enxeñería da mente humana indica que no relativo a emparellamento e atracción funcionan instintos cerebrais moi primitivos, propios dos tempos nos que a humanidade funcionaba motivada pola reproducción. A selección de parella ten unha finalidade procreadora e, en moitos casos, supón unha inversión. As mulleres invisten moito máis ca os homes no referente a parir e educar criaturas. Un home pode empreñar a unha muller nunha única cópula sexual e despois marchar; a muller queda con nove meses de embarazo, os perigos e dificultades do parto, os meses de aleitamento, o esforzo por lograr esa criatura, educala e preparala para a vida. Este quefacer determina os criterios na elección de parella por parte das mulleres. En realidade, a liberdade das mozas para elixir marido é recente. Antes era unha decisión paterna. Aínda hai países onde son os pais os que amañan os matrimonios e deciden cal é a parella máis conveniente para a súa descendencia. Na China actual, por exemplo, a preferencia

A C T U A L I D A D E

<p>de nenos nas familias só pode obedecer a criterios patriarcais de valoración masculina, porque, de feito, hoxe resultaríalles más barato teren nenas. Segue sendo habitual que os pais, implicados no casorio dos fillos, están obrigados a darlle unha casa ao fillo casadeiro. A filla non lle resulta gravosa economicamente, pero, mesmo se ten unha carreira e independencia económica, segue submisa á tradición e á obediencia paterna. Pode elixir parella, pero debe facelo tendo en conta os aspectos que favorezan os coñecidos familiares que lle corresponden ao futuro <i>pater familliae</i>. Como contraste, nas nosas sociedades occidentais más avanzadas medran os fogares monoparentais, formados por mulleres solteiras e divorciadas con prole ao seu cargo. Algunhas mulleres cunha situación económica que lle permite, paren ou adoptan criaturas sen teren parella sexual e críanas en solitario. É previsible que o cambio social das mulleres e a súa independencia económica vaia modificando as actitudes primarias de atracción sexual, relacionadas coa procreación e crianza, que funcionaron ata hoxe. De feito, acostumo a comentar que o namoramento na xuventude actual non é igual que hai anos. Co namoro, os circuitos cerebrais se disparan e se obstrúen as rutas que hai no cerebro de carácter</p>	<p>precavido e crítico. Isto fai que non vexamos os defectos da persoa amada. Namorarse é unha conduta irracional, tanto nas mulleres como nos homes. É un estado involuntario, unha enaxenación. Esta actividade febril funciona sobre hormonas e substancias neuroquímicas como a dopamina, o estróxeno, a oxitocina e a testosterona. Trátase dunha situación semellante á producida na drogadicción. E crea, polo mesmo, adicción. O estado mental apaixonado pode carrejar graves problemas. O acto de abrazar e acariciar libera oxitocina no cerebro, sobre todo nas femias, e dita unha tendencia a confiar no ser que abrazan. Ante isto, resulta evidente, que namorarse é un risco e o amor pode ser, como na novela, de <i>perdição</i>. Mais, é tal a propaganda que se recibe sobre o amor romántico, sobre todo as rapazas, que devecen por caer nesse abismo Entran, así, nun estado cerebral tan abnegado que o benestar e a supervivencia da persoa amada fanse más importantes ca os propios. E o peor é que nin se decatan desa rendición. Menos mal que dura pouco. Estudos sobre o amor apaixonado mostran que ese estado acostuma durar de seis a oito meses.</p> <p>Porén dicía antes, o impulso romántico na vinculación amorosa</p>	<p>está cambiando. A xuventude actual é, xeralmente, menos apaixonada. Noutras épocas, as parellas casaban sen ter relacóns sexuais previas, hoxe casan despois de convivir uns anos. As persoas maiores non conciben estes matrimonios serodios. Outrora xa estarían aburridos da relación. De feito, aquela preocupación dos pais de amañaren matrimonios sensatos, é observada agora, normalmente, polas propias parellas, ao teren criado lazos debido ás neurohormonas, a oxitocina, pola banda feminina, e a vasopresina, pola masculina. Agora ben, o que prende o desexo sexual en ambos os xéneros é a testosterona que se produce nos testículos e nos ovarios. Algunhas mulleres menopáusicas perden o interese sexual. Un parche de testosterona é un bo método de recuperalo.</p> <p>Chegamos ao tema da terapia hormonal na menopausa que ten diferentes detractores. Por un lado, os xinecólogos alertan de aumento de cancro de mama. Por outro, a tendencia naturalista de moitas mulleres que senten como unha intromisión química nos seus ciclos naturais. Ignoran que o natural cambia segundo o grao de civilización e progreso. Outrora, poucas mulleres superaban a idade da menopausa. Hoxe queda outro tanto de vida por diante. E non é cuestión de vivila sen o</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>estróxeno que promove a supervivencia, o crecemento das neuronas e a rexeneración das células cerebrais. A terapia hormonal facilita o fluxo sanguíneo no hipocampo e noutras áreas cerebrais relacionadas coa memoria verbal e visual. Tamén protexe contra a depresión e o malhumor. A falta de alegria de vivir, a fatiga ou a deficiencia na concentración mental veñen motivadas pola escaseza de estróxeno no cerebro. Os prexuízos das mulleres, e dos xinecólogos, a respecto de terapia hormonal feminina non se corresponden coa aceptación da Viagra, a testosterona nos homes. A testosterona, ademais do incremento do interese sexual, promove a agudeza mental e o crecemento de músculos e ósos. As mulleres tamén a necesitan.</p> <p>As investigacións demostran que as hormonas producen diferenzas cerebrais nas mulleres e nos homes. Agora ben, estas non se corresponden co discurso da diferenza que mantén certo feminismo querendo conceptualizar as diferenzas como determinacións e esencias que logo cómpre fixar con métodos educativos. Este pensamento pretende afastar as mulleres da incorporación a un universal común. A defensa dunhas diferenzas esenciais leva a Luce</p>	<p>Irigaray, entre outras, a excluír ás mulleres das estratexias de poder-fálico- que terían consecuencias negativas para a súas peculiaridades. Trátase de incrementar as diferenzas e crear unha orde simbólica e unha lingua feminina, e de rexeitar a racionalidade, a ciencia, a técnica, como masculinas. Incluso a moral, como quere Carol Gilligan, ao situar o sentido da xustiza na mentalidade masculina mentres as mulleres, dedicadas ao coidado, estarían menos capacitadas para a obxectividade, debido á íntima relación coa nai. Ignoran, ou pretenden ocultar, que a moral feminina más concentrada na familia depende das relacións de poder, do Patriarcado. Reivindicar a diferenza significa querer pertencer á clase oprimida, reclamar a subordinación. Porque non se pode falar de diferenzas entre os xéneros ao non vivirmos nun mundo neutro, nunha sociedade igualitaria.</p> <p>Cousa distinta é sinalar as diferenzas hormonais entre mulleres e homes. Unha hormona non provoca por si mesma ningunha conduta. As hormonas poden, iso si, incrementar as probabilidade de que en certas ocasións aconteza determinado comportamento. Pero non hai determinismo nas conclusións das investigacións científicas. A</p>	<p>bioloxía, certamente, vén sendo o cerne da personalidade, feminina ou masculina, das respectivas inclinacións e comportamentos. Cómpre recoñecer que a bioloxía está suxeita a múltiples factores, incluídos os hormonais que tanto inflúen nos cerebros. Agora ben, o cerebro só é unha máquina de aprender e non hai nada que estea absolutamente determinado nel. A bioloxía afecta dun modo vigoroso, mais a realidade non está dominada, nin a conciencia está subxugada. Un exemplo claro é que as mulleres teñen uns órganos reproductores pero non por iso están obrigadas a parir e moitas non desexan facelo. No caso das hormonas, podemos trocar a realidade e utilizar a nosa intelixencia e determinación, xa sexa para optimizar os efectos hormonais como para cambiar os seus efectos, tanto no relativo á sexualidade, como ao comportamento, á creatividade... Por iso, cants máis coñecementos científicos se teñan máis capaciación haberá para establecer a realidade física máis conveniente. As investigacións están iniciándose e fan prever un futuro cheo de posibilidades.</p>
A C T U A L I D A D E		

O CONTROL SOBRE OS CORPOS DAS MULLERES A TRAVÉS DA MEDICINA

Para as mulleres resulta máis válido que para ninguén a vella divisa platónica de que o corpo é o cárcere da alma. A identidade feminina constrúese socialmente non só a través da colonización da súa conciencia, tema moi estudiado, senón tamén a través do seu corpo como lugar privilexiado de suxección e explotación. Forzando un pouco a linguaxe, se á "alma" ou á "conciencia" das mulleres a facemos corresponder co xénero, ao corpo podemos chamarlle sexo, xa que como sexo precisamente é como fomos sempre definidas ou, como diría Celia Amorós, "heterodesignadas". As mulleres eramos o "belo sexo", o "sexo débil" ou, simplemente, "o sexo". Mais o sexo non é un mero soporte físico para un xénero socialmente construído, como se acostuma a pensar, senón que, como mostra T. Laqueur ao estudar a historia da **Medicina**, é o propio sexo unha función do xénero e non ao revés, é dicir, é o xénero como norma social de feminidade o que dita ao corpo as súas accións, os seus xestos, as súas medidas e pesos, as súas funcións, a súa produtividade, os seus desexos, a súa enfermidade e en definitiva os seus límites. É dicir, a definición das mulleres como "o sexo" non é en absoluto inocente, e imos intentar mostrar

como o corpo é o lugar por excelencia onde sempre se encerrou ás mulleres, o seu cárcere.

Nesta liña poderíanse situar tanto os estudos do último **Foucault** ao redor da noción de biopoder, como algúns que proceden do **feminismo radical**. Ambos consideran o **corpo** como o lugar privilexiado onde se exerce o poder-saber, o lugar onde se constitúe a subxectividade, mais ao mesmo tempo o lugar desde onde se pode resistir e crear formas de identidade novas. Desde unha óptica situada na intersección de ambas as interpretacións, trataríase de deconstruir un corpo sumiso e controlado por outros para reconstruir novos corpos emancipados e controlados por nós mesmas.

O **biopoder** é, segundo Foucault, unha tecnoloxía que se aplica aos corpos en xeral para vixialos, controlalos ou explotalos. Mais dos corpos femininos en especial pódense extraer certas enerxías, poderes ou produtos que non se poden extraer de ningún outro obxecto, ou, polo menos, non se fixo ata o de agora. O biopoder inscríbese nos corpos femininos de múltiples formas (corpos enfermos, anoréxicos, dóciles, violados, explotados, prostituídos... corpos-



útero, corpos-fetiche) e exércese desde múltiples lugares (institucións, discursos...) para conseguir múltiples beneficios (amor incondicional, abnegación, nen@s, pracer, forza de traballo barata, traballo doméstico gratuito...). E é debido a que só os corpos femininos proporcionan estes beneficios polo que consideramos que a noción de corpo sexuado, mellor que a de xénero, é a que pode abrir novas vías para unha análise dessa forma

específica (non reducible a termos meramente económicos) de opresión-exploitación que é o patriarcado.

Esas posibles novas vías foron xa sinaladas polo **feminismo radical**², que concibe o patriarcado como un sistema total de dominación que define ás mulleres específicamente polo seu sexo, como seres cuxa especial función consiste en gratificar sexualmente aos homes e en ter e coidar criaturas, por iso falan de **escravitude sexual** e **maternidade forzada** como os dous eixos sobre os que pivota o control masculino sobre os corpos das mulleres. Este control exércece utilizando todo tipo de medios: materiais, económicos, legais, e ideolóxicos. A ideoloxía do amor romántico serve, segundo o feminismo radical, para enmascarar a escravitude sexual, mentres que a do instinto maternal fai o propio coa maternidade forzada.

A maternidade fórzase materialmente privando ás mozas de información contraceptiva, limitando a posibilidade de abortar, presionando ás mulleres para que se apresuren a casar por problemas económicos e hoxe en día poderíamos engadir que creando novas tecnoloxías médicas ao servizo da reprodución asistida. Ademais, a

maternidade é traballo forzado gratuito que exclúe ás mulleres do mundo público. Pero a maternidade é forzada sobre todo pola ideoloxía do instinto maternal. Esta ideoloxía foi inventada polos pensadores da burguesía emerxente do século XVIII, entre eles Rousseau, coa intención de crear un novo ideal de muller burguesa, doméstica e virtuosa, que os distingue do que eles consideraban a corrompida aristocracia dos salóns. Neles, as mulleres da nobreza brillaban, podían ser sabias, libres e poderosas, pero eran unhas malas nais que non se ocupaban das e dos seus fillos; o mesmo as mulleres das clases traballadoras, que tamén se vián obrigadas a deixalos a cargo de amas de cría mercenarias³. Frente a ambas as clases sociais, e fronte a outros modelos de muller (a prostituta, muller pública) que a definen por oposición, constitúese a muller burguesa como muller casada e recluída no ámbito do privado, utilizando para este "gran encerro" múltiples estratexias ás que Julia Varela denomina "dispositivo de feminización"⁴.

A ideoloxía do instinto maternal segue actuando hoxe en día identificando ser muller con ser nai, de tal modo que a muller que non o é, é considerada pouco feminina, inmatura, antinatural, egoísta ou digna de compaixón. A

comezos do s. XXI, o matrimonio e a maternidade seguen sendo para moitas mulleres as canles para conseguir satisfacción e respecto, para non sentirse incompletas, xa que os ollos cos que as mira a sociedade (sempr patriarcal) parecen os únicos cos que poden verse a si mesmas. A maternidade forzada comeza coa coerción sexual e ainda que a ideoloxía patriarcal contrapón a muller como ser sexual-malvada (Eva, a puta) á muller como nai-bondadosa (María, a virxe) o certo é que esta separación é unha ilusión ideolóxica e a maior parte das nais son tamén explotadas sexualmente.

Así pois, segundo o feminismo radical, o patriarcado define tamén ás mulleres como obxectos sexuais para o pracer masculino. Por iso utiliza todos os medios ao seu alcance (ideolóxicos, económicos, legais e ata a coerción física) para conseguir a posesión sexual das mulleres e para controlar a súa sexualidade en beneficio propio. Consecuentemente, as feministas radicais afirman que a forma típica da relación sexual dos homes coas mulleres é a violación, que resulta ata certo punto lexitimada polo patriarcado en virtude da súa asimétrica definición de sexualidade masculina e feminina, e que se entende nun sentido moi amplio, xa que tanto o matrimonio

ACTUALIDADE



como a prostitución serían outras tantas formas de violación. Baixo o patriarcado todas as mulleres se venden a si mesmas, xa sexa a un ou a moitos homes. As mulleres son coaccionadas ao matrimonio polas mesmas forzas que as impelen á prostitución, é dicir, a escaseza doutras alternativas abertas para elas. O "matrimonio libre" baixo o patriarcado (o mesmo poderíamos dicir da prostitución) é tan ilusorio como o "contrato laboral libre" baixo o capitalismo; ainda que se parece más ao sistema escravista, xa que o marido só debe prover á muller de cama e comida. Ademais, a coacción que supón as relacións heterosexuais é mistificada por medio da ideoloxía do amor romántico. Segundo S. Firestone, "o amor, quizais ata máis que a

maternidade, é o pivote da opresión das mulleres na actualidade." Como vemos, trátase sempre dun control dos corpos das mulleres que, baixo o patriarcado, pertencen aos homes; por iso a consigna do feminismo radical reivindica o "control das mulleres sobre os seus propios corpos".

Tamén Foucault ao final do primeiro volume da súa *Historia da sexualidade* falaba do control sobre os corpos das mulleres enmarcándoo dentro do "dispositivo de sexualidade". A esta forma específica de biopoder denominábaoo **"A histerización do corpo da muller"**. Citámolo: "Triplo proceso segundo o cal o corpo da muller foi analizado, cualificado e descualificado como corpo integralmente saturado de sexualidade; segundo o cal ese

corpo foi integrado, baixo o efecto dunha patoloxía que lle sería intrínseca, ao campo das prácticas médicas; segundo o cal, para rematar, foi posto en comunicación orgánica co corpo social (cuxa fecundidade regulada debe asegurar), o espazo familiar (do que debe ser un elemento substancial e funcional) e a vida das criaturas (que produce e debe garantir, por unha responsabilidade biolóxico-moral que dura todo o tempo da educación): a Nai, que é a imaxe negativa da "muller nerviosa", constitúe a forma más visible desta histerización.⁵

Vemos que Foucault sinala tres aspectos neste proceso de definición-construcción do corpo feminino, os dous primeiros constituirían a imaxe negativa ou histérica da muller, é dicir, a **ninfómana** e tamén a **enferma permanente**, e o terceiro sería a imaxe positiva ou normativizada, é dicir, a **nai**. Se a primeira é unha ameaza para a propia sexualidade masculina e a segunda é o obxecto ideal dos experimentos médicos, a terceira é o paradigma de muller normal e virtuosa. Con todo, se nos fixamos, os corpos femininos non só foron integrados nas prácticas médicas en tanto que corpos enfermos, senón que o discurso médico tamén xogou o seu papel normativizador á hora de controlar tanto a sexualidade

feminina como a súa capacidade reprodutiva, co cal enlazariamos coas análises do feminismo radical. Por iso, o discurso e as prácticas médicas constitúen o lugar privilexiado dende onde se exerce o poder-saber nese proceso de suxección das mulleres, entendendo por suxección os dous sentidos aos que alude o termo, o de suxeitar, e o de constituír unha subxectividade.

O discurso médico abarca moitos aspectos e ten unha longa historia, porén, como todo discurso, caracterízase por privilexiar certos feitos e excluír todo o que o contradiga, de tal xeito que a instauración dun discurso supón sempre o exercicio dunha violencia sobre as cousas (Foucault, *A orde do discurso*). O discurso médico é totalitario, e isto pode entenderse como a exclusión do punto de vista da persoa enferma, como a expropriación da saúde⁶, ou como a medicalización progresiva de cada vez más aspectos da nosa vida, en especial da vida das mulleres. Totalitario e tamén ideolóxico, xa que contribúe a constituir a identidade feminina dentro da que nos encerran. A pretendida obxectividade do discurso médico debe quedar entre paréntese, non só pola relativización do mesmo a que nos leva unha perspectiva

histórica e comparativa, nin sequera polo seu manifesto carácter ideolóxico, senón sobre todo polo cuestionamiento dos efectos de verdade e de poder que produce. Se seguimos a Foucault, veremos que non se trata de criticar a validez da Medicina científica, senón de analizar como se constitúe como ciencia e de cuestionar os seus efectos de verdade, é dicir, de pór de manifesto a que poder está ligada esa verdade para así facer posible un contrapoder ou resistencia.

Se retomamos o texto de Foucault citado anteriormente, podemos lembrar que fai referencia a tres figuras de muller, as tres atravesadas e articuladas polo discurso e as prácticas médicas: a muller-nai, a muller-



sexo e a muller-enferma. Imos agora apuntar brevemente cales son as canles polas que o discurso médico reticula o seu poder-saber normativizador:

A muller-nai: podemos observar unha medicalización progresiva do corpo da muller, especialmente do seu ciclo reprodutivo. Ata hai pouco, o embarazo, o parto ou a menopausa non eran considerados unha enfermidade, nin estaban en mans de saberes como a Medicina ou de institucións como os hospitais. O control da reproducción forma parte do control "estatístico" da poboación que comeza a exercer o Estado desde que se considera a poboación como fonte de riqueza⁷. Os corpos femininos son obxectos valiosos que serven para producir individuos que teñen un valor económico. Aínda que non todos eles teñen o mesmo, por iso promóvese a natalidade nos países ricos, aínda á conta de caros e dolorosos experimentos nos corpos das mulleres coas novas tecnoloxías reprodutivas⁸, mentres que se esteriliza indiscriminadamente ás mulleres dos países pobres.

A muller-sexo: desde a ablación física do clítoris practicada en moitos países "salvaxes" á súa ablación psicolóxica practicada polo

A C T U A L I D A D E

<p>discurso psicoanalítico nos países "civilizados", a Medicina estivo sempre ao servizo do control dunha sexualidade feminina que se considera intrinsecamente perigosa e desbocada. A imaxe da ninfómana (por que non hai ninfómanos?), de Eva, da bruxa, da vaxina dentada ou da <i>femme fatale</i> percorre a nosa cultura como unha ameaza para a enerxía sexual masculina e para o bo funcionamento da sociedade, por iso a sexualidade feminina debe ser debidamente canalizada. Os medios foron múltiples, mais a Medicina contribuíu especialmente á normativización desta "desviación" convertendo á pretendida ninfómana ben en nai ben en enferma permanente. O cal nos leva xa ao seguinte apartado, que atravesa os dous anteriores.</p> <p>A muller-enferma: segundo Foucault, cada cultura define dunha forma propia e particular o ámbito dos sufrimentos, por iso é polo que non existe un ámbito que pertenza de modo universal á Medicina. De aí que el prefira definir a enfermedade como aquilo que nunha época ou sociedade concretas se atopa medicalizado, e esta medicalización serve sempre para exercer un poder e un control sobre un determinado sector da poboación. Por exemplo, a distinción moderna entre o normal e o patológico serve para</p> <p>excluir e controlar o desviado, o irracional, o ilícito; poderíamos engadir que tamén ás mulleres como "o outro", o diferente que, por selo, siempre necesita de explicación. Os homes representarían o paradigma de normalidade, mentres que as mulleres serían o que hai que normativizar, o patológico; de aí a existencia da especialidade xinecolóxica sen a contrapartida masculina.</p> <p>Pois ben, a partir do s. XIX a muller burguesa, insatisfeita probablemente co papel de anxo do fogar á que fora reducida, foi convertida nunha enferma permanente coa axuda da ciencia médica⁹. A causa "científica" das doenças femininas radicaba sempre nos seus xenitais, e, en última instancia, na súa sexualidade. Eran os seus costumes sexuais (masturbación, ninfomanía) as que provocaban as enfermedades, xa que se consideraba contrario á natureza feminina o acto sexual. Hai aquí unha dobre contradición no discurso médico: por unha banda a feminidade debe consistir en consagrarse á maternidade, pero por outra o acto que leva á reproducción é antifeminino e patológico; ademais, sempre houbo unha tensión no discurso médico entre a concepción da muller como naturalmente fríida ou como naturalmente ninfómana</p>	<p>excluir e controlar o desviado, o irracional, o ilícito; poderíamos engadir que tamén ás mulleres como "o outro", o diferente que, por selo, siempre necesita de explicación. Os homes representarían o paradigma de normalidade, mentres que as mulleres serían o que hai que normativizar, o patológico; de aí a existencia da especialidade xinecolóxica sen a contrapartida masculina.</p> <p>Pois ben, a partir do s. XIX a muller burguesa, insatisfeita probablemente co papel de anxo do fogar á que fora reducida, foi convertida nunha enferma permanente coa axuda da ciencia médica⁹. A causa "científica" das doenças femininas radicaba sempre nos seus xenitais, e, en última instancia, na súa sexualidade. Eran os seus costumes sexuais (masturbación, ninfomanía) as que provocaban as enfermedades, xa que se consideraba contrario á natureza feminina o acto sexual. Hai aquí unha dobre contradición no discurso médico: por unha banda a feminidade debe consistir en consagrarse á maternidade, pero por outra o acto que leva á reproducción é antifeminino e patológico; ademais, sempre houbo unha tensión no discurso médico entre a concepción da muller como naturalmente fríida ou como naturalmente ninfómana</p>	<p>e insaciable, e esta dobre e contraditoria concepción responde a un estereotipo cultural máis amplio, resumido nos personaxes mitolóxicos antitéticos de María e Eva. Segundo S. Tubert (op. cit.), se na nosa cultura ser muller = ser nai, non-ser nai só pode equivaler a ser home, é dicir, a transgredir a orde e xerarquia dos性os. Ser nai, en cambio, supón unha forma de control ou de renuncia a esa sexualidade desbordante e ameazadora. Pois ben, se a causa da enfermedade feminina, xa sexa esta física ou moral, radicaba nos seus xenitais, a solución tamén viría por aí: extirpacións de clítoris, de ovarios ou de útero, ou ben tratamientos de tipo "moral" encamiñados a modificar a súa conduta. Tanto dun modo como doutro se podía reconducir á muller rebelde pola senda da feminidade socialmente establecida. Calquera anomalía con respecto ao que se esperaba do comportamento dunha muller era interpretado polo médico como unha enfermedade que era preciso curar. Así é como os "coidados" médicos, desde a cirurxia ata as dietas, o illamento ou o repouso (todas elas formas sutís de encarceramento que a condenaban á pasividade e a dependencia) constitúan en realidade un dispositivo perfectamente deseñado para</p>
---	--	--

A C T U A L I D A D E

vixiar e castigar a subversión da identidade.

Con todo, as propias "enfermas" reutilizaron ese papel no seu propio proveito, por exemplo para controlar a natalidade ou para chamar a atención e obter certo poder dentro do ámbito familiar. Así é como se foi creando a figura da histérica, culminación do culto á invalidez feminina. Curiosamente, esta estraña enfermedade só afectaba a mulleres brancas, urbanas e de clase media-alta, entre as que se propagou como a peste. Etimolóxicamente histeria vén de útero, e xa que *tota nullier est in utero*, a histeria representou unha enfermedade moral na que se poñía de manifesto a rebelión das mulleres ociosas contra un papel social insoportable. Rebelión e sometemento ao mesmo tempo, xa que aceptaban a súa condición de enfermas. Algo similar sucede hoxe en día coa anorexia, a bulimia ou a agorafobia, tal e como sinala Susan Bordo no seu artigo *The body and the reproduction of femininity: a feminist appropriation of Foucault*. Segundo esta autora, estas enfermedades representan as tráxicas parodias da feminidez nos séculos XX ou XXI, do mesmo xeito que a histeria o foi no XIX. No corpo da anoréxica está escrito, como no da histérica, o terrible sufrimento que comporta

a feminidez "normal", pero tamén leva incorporadas a rebelión e a protesta contra esa imposición. A feminidez levada ao seu extremo deconstrúese no seu oposto, é dicir, na masculinidade. O corpo e o autocontrol da anoréxica recordan ao corpo e ao carácter masculinos; do mesmo xeito, a histérica para Freud é a muller que non acepta a feminidez, a lésbica, a inmatura, a clitoridiana ou a feminista.

Freud inventa unha nova especialidade médica, a psicanálise (as novas especialidades médicas nacen como resultado da necesidade de controlar un novo aspecto dos corpos ou das mentes), e con el a histeria pasa do xinecólogo ao psiquiatra, é dicir, do útero á mente, pero esencialmente non cambia. Dá igual onde resida a feminidez, do que se trata é de salvagardala. A psicanálise continúa o discurso xinecológico do século XIX, xa que segue considerando que nas mulleres a anatomía é o destino, que están naturalmente enfermas e que son esencialmente imperfectas en relación ao home, non xa pola presenza dominante da matriz, senón porque carecen de pene. Segue sendo o mesmo discurso ideolóxico que define a condición feminina a través da súa sexualidade para despois



"normalizar" ou curar calquera transgresión segundo ese parámetro. De feito, a terapia psicanalítica consiste en sacar á luz o resentimento e a rebeldía para aceptar finalmente o papel de muller que se considera "normal", é dicir, sa (lléase maternidade, pasividade, sexualidade vaxinal...).

En resumo, a Medicina desempeña un dobre papel na opresión das mulleres: por unha banda relégaas a un papel subordinado como traballadoras da sanidade¹⁰ (tema que non tratamos aquí), e por outro constitúeas en suxeitas pasivas privilexiadas para as prácticas médicas. "O que dispón da técnica dispón do poder," pero esta consigna foucaultiana leva aparellada a contraconsigna da resistencia (xa que alí onde se

A C T U A L I D A D E

<p>exerce un poder exércese sempre tamén unha resistencia), é dicir, a recuperación do noso corpo por medio do autoconhecemento é o que pode oporse a esta medicalización totalitaria que estamos sufrindo. A resistencia contra o biopoder materialízase nos movementos feministas e nos movementos de mulleres pola saúde, que entenden que a liberación terá que pasar necesariamente polo acceso ao control da sanidade e polo coñecemento dos nosos corpos. Os grupos de auto-axuda (tamén reivindicados por Iván Illich como medio para reapropiarnos dunha saúde da que nos expropiou o sistema médico-sanitario), a naturalización non idealista nininxenxa do parto, o embarazo ou a menopausa, poden desvelar a inutilidade de moitas técnicas e a ideoloxización de moitos procesos que non teñen por que considerarse como patolóxicos. É o descoñecemento do noso corpo o que nos fai depender da maxia e o esoterismo médicos, un descoñecemento imposto e tanto más paradoxal canto que historicamente o saber médico pertenceunos a nós antes que aos homes. En definitiva, non se trata de rexeitar ou aceptar a Medicina nin de propor unha alternativa paramédica bucolicamente naturalista; simplemente se trata de analizar a ciencia médica como</p>	<p>parte dun sistema histórico que a vincula á economía, ao poder e á sociedade; todo iso co fin de ver en que medida se pode reconstruir ou modificar o modelo médico.</p> <p>Isto son só algumas liñas sobre como o discurso médico contribuíu ao "dispositivo de feminización", é dicir, a definir, normalizar e controlar as desviacións dunha feminidade historicamente construída. Xa que o que se intenta é constituír a subxectividade feminina a través dun armazón de relacións de poder-saber, a liberación virá dada pola creación de novas formas de subxectividade. E aínda que non o pareza, esta será unha loita e unha liberación políticas, xa que o poder está ancorado dentro do propio suxeito constituíndo a súa conciencia e o seu corpo, encerrando a súa conciencia dentro dun corpo submiso, un corpo feito á medida dos múltiples beneficios que se poden extraer del. Por iso, se retomamos o control sobre os nosos propios corpos estes deixarán de ser os nosos cárceres e se descubriremos como a feminidade foi historicamente constituída saberemos tamén como pode ser politicamente destruída.</p>	<p>NOTAS</p> <p>1. Thomas Laqueur: <i>La construcción del sexo</i>. Cátedra, 1994. Ai dise que o que está en xogo é a definición (e toda definición é limitación) da identidade feminina e esta foi caracterizada pola Medicina como intrinsecamente enferma, como ser máis débil ou imperfecto que o home, como nai, como ninfómana, como histérica, etc. E a definición da muller ("é o que é por mor do seu útero," por exemplo) non é unha cuestión biolóxica, senón cultural e política. Sempre foi o corpo feminino o problemático e inestable, o que tivo que ser definido como versión menor ou como o absolutamente outro que o masculino, que é a norma. O corpo da muller é relativo ao do home, só a muller parece ter xénero e só a súa sexualidade parece estar sempre en permanente constitución. Por iso, a intención última de Laqueur é mostrar como a bioloxía ... "restrinxiu a interpretación dos corpos e as estratexias da política sexual durante preto de dous mil anos." (p. 53)</p> <p>2. A. M. Jaggar: <i>Feminist politics and human nature</i>. The Harvester Press. Sussex, 1983.</p> <p>3. E. Badinter: <i>¿Existe el instinto maternal?</i> Paidós, Barcelona, 1991.</p> <p>4. J. Varela: <i>El nacimiento de la mujer burguesa</i>. La Piqueta, Madrid, 1997.</p> <p>5. M. Foucault: <i>La voluntad de saber</i>, s. XXI editores, Madrid, 1987, p. 127.</p> <p>6. Concepto acuñado por Iván Illich en: <i>Nemesis médica. La expropiación de la salud</i>. Barral editores, Barcelona, 1975. Este autor, representante da antimedicina, sostén que a medicalización progresiva de cada vez más aspectos da nosa vida trae como consecuencia a expropiación da saúde, é dicir, de que cada vez sexamos menos capaces de autoasistirmos, de assumir a dor ou de enfrentarnos coa morte. A saúde deixou de ser un don innato que posuímos mentres non se demostrase que estamos enferm@s para converterse nun dereito social ou nunha mercancía. A</p>
--	--	---

ACTUALIDADE

capacidade de curarse tamén foi expropriada, deixou de pertencer á persoa enferma para converterse nun efecto da maxia médica. A medicalización de aspectos como a prevención, as anomalías ou desviacións sociais, a vida sexual, a morte natural, funcións biolóxicas, idades, etc... fan da Medicina un saber totalitario e autoritario que exerce o seu poder sobre os individuos. A Medicina serve para curar en moi poucos casos, quizá só grazas aos antibióticos ou a algunas intervencións cirúrxicas, e son máis os seus efectos nocivos. Foron máis ben factores como a vivenda, a nutrición, a hixiene, as condicións de traballo ou a salubridade do medio, os causantes directos tanto das enfermidades como da súa eliminación, pero non a intervención médica, que máis ben produce iatroxénese. A iatroxénese (clínica, social ou estrutural) constitúen todos os efectos non desexados sobre a saúde que ocasiona a empresa médica. Illich propón a autoasistencia como alternativa e a recuperación da saúde como valor de uso e non como valor de cambio. Xa que a saúde depende basicamente dos hábitos saudables e do ambiente sociobiológico; cada persoa, por medio do autoconocemento e a autodisciplina, pode converter a súa saúde nunha tarefa persoal, reducindo ao mínimo a intervención profesional. Aquí inseriríanse os grupos de autoaxuda para mulleres (abortos, partos, menopausa...), que así mesmo cifran a alternativa no autoconocemento e en naturalizar ata onde sexa posible moitos dos aspectos que hoxe están innecesariamente medicalizados e tecnoloxizados.

7. Foucault: "Historia de la medicalización", en *La vida de los hombres infames*. La Piqueta, Madrid, 1990.

8. Véxase S. Tubert: *Mujeres sin sombra*, s. XXI editores, Madrid, 1991, e Leonor Taboada: *La maternidad tecnológica*, Icaria, Barcelona, 1986. Segundo estas autoras, tanto a usurpación da obstetricia por parte da profesión médica, como a

hospitalización e tecnoloxización progresiva do parto, ata a aparición das N.T.R. (novas tecnoloxías reprodutivas), forman parte dun dispositivo no que se considera que o destino das mulleres, más aló do seu desexo, é a maternidade. A maternidade é unha función que culturalmente se constrúe como natural, de aí a absoluta falta de sentido ou o baleiro simbólico no que se ven sumidas as mulleres infértils que acoden ao médico-taumaturgo coa demanda dunha filla@.

9. Bárbara Ehrenreich, Deidre English: *Brujas, comadronas y enfermeras. Historia de las sanadoras. Dolencias y trastornos. Política sexual de la enfermedad*. La Sal, 1988.

10. Segundo Bárbara Ehrenreich, Deidre English (op. cit.) as mulleres sempre foron curandeiras ou "sanadoras" entre as clases populares e o seu saber médico e farmacolóxico transmitíase de nais a fillas á marxe dos libros e da ciencia oficial, masculina. Aínda que a historia da Medicina ao uso conta que a ciencia (masculina) venceu á superstición (feminina), as cousas foron máis ben ao revés: ata a positivización da medicina a finais do XIX eran as curandeiras as que posuían un saber empírico (sobre anatomía, herbas...), mentres que os médicos limitábanse á especulación, ás sangrias e ás fórmulas rituais. O que sucedeu realmente foi unha toma de poder por parte dunha clase social e dun sexo fronte a outro, unha toma de poder político e non un mero avance científico, xa que tivo lugar antes que a positivización da medicina: as sanadoras foron excluídas da profesión por ser mulleres (loita de sexos) e por ser as médicas do pobo (loita de clases). Os homes médicos, ao servizo da clase dominante e co apoio oficial das universidades e das leis, conseguiron o monopolio político e económico da Medicina, o control da teoría e da práctica, dos beneficios económicos e do prestixio social. Mentre tanto, as mulleres quedaron

relegadas ás tarefas femininas de coidado, excluídas do saber científico e subordinadas aos homes médicos; é dicir, creouse a profesión de enfermeira, á que nunca se lle atribúe a función de curar, senón só a de coidar. Houbo dous momentos importantes nesta toma do poder médico: a persecución das bruxas na Europa medieval e o nacemento da profesión médica masculina en USA no século XIX.

Julia Varela (op.cit.) sostén que tamén na España medieval tivo lugar unha toma de poder por parte dos varóns cristianos de clase alta, xa que monopolizaron a práctica da Medicina ao constituirse as Universidades cristianos-escolásticas. Ao impedir que accedesen a elas as mulleres e as persoas de relixión xudía ou musulmán, impossibilitábanas para exercer a profesión por carecer do título universitario. Foi entón cando empezaron a acusar de bruxería ás sanadoras populares e cando as destinaron á fogueira. Houbo un primeiro momento no que os médicos substituíron ás curandeiras convertidas agora en bruxas e outro segundo no que ás bruxas as empezaron a considerar tolas, é dicir, pasaron da fogueira ao manicomio. Foucault sostén tamén que as bruxas pasan de ser obxecto de persecución inquisitorial, polos curas, a ser obxecto de estudo científico, polos médicos (enfermidade mental). A mesma idea aparece na *Historia das Mulleres* (Duby-Perrot), onde se apunta o deslizamento do personaxe da bruxa ao da histórica, é dicir, a bruxa convértese en vítima da súa propia imaginación e debe ser medicalizada. Só excluíndoas e cambiándoas de posición en canto a ser suxeito ou obxecto de saber, poden os médicos ocupar o seu lugar. Se as bruxas pasan a ser enfermas poden ser excluídas e o seu ámbito de ocupación queda vacante para os novos bruxos cun novo estatuto, agora científico.

A C T U A L I D A D E

O DIFÍCIL EXERCICIO DA VERDADE NA RUSIA POST-SOVIÉTICA

A verdade é, como o foi desde o comezo da historia, a vítima máis vulnerable de comezos do século XXI e, como consecuencia diso, os dereitos e liberdades fundamentais da e do individuo dos que tanto se fala e aos que tan pouco se protexe. Vivimos nunha realidade virtual, na que xogamos a experimentar qué sucede ao noso redor cando e como nos prace para regresar á seguridade do noso fogar no momento en que a dose de verdade é tan elevada que non podemos soportar a súa intensidade.

Por iso, agás facer algún comentario sentido sobre a desdita e o sufrimento alleo e, manifestar a nosa indignación sobre a violación dos dereitos humanos, en tantos e tantos países, pouco máis nos ocupan. A nosa xustificación é a nosa incapacidade individual para mellorar as cousas, a nosa limitación fronte á magnitude da tarefa ainda que sexa obvio que, se tod@s aportásemos o noso gran de area na medida das nosas posibilidades, non sería tan difícil provocar un cambio para mellor.


Queiramos ou non vela, cústenos ou non recoñecela, ou se nos oculte de maneira interesada e partidaria coas escusas más peregrinas por parte dos poderes fácticos, económicos

e políticos, a verdade sempre acaba saíndo á luz para nos deslumbrar coa súa claridade aínda que para iso, ás veces, sexa preciso axudala.

Porque, aínda que a frase, de tan manida perdeuse o seu significado, o certo é que "só a verdade nos fai libres". Claro está, todo o libres que poidamos ser nunha sociedade onde se manipula a información e non sempre é fácil discernir o real da ficción. Por fortuna, segue habendo grandes profesionais que se esforzan e, en ocasións, dan a súa vida, por facer que a verdade se manifieste con toda a súa

crueza e propiciar un cambio para mellor.

E iso é así porque, a verdade e os feitos son os motores que impulsan aos periodistas, reporteiros e investigadores da vella escola. Eses aventureir@s, antes armados de lapis e papel e, agora de ordenadores portátiles e cámaras dixitais, son as e os que se somerxen na realidade que se nos oculta tras a noticia manipulada ou, simplemente, do acontecemento que se cala, sobre todo, polos gobernos dos países onde a democracia é nominal e a liberdade unha falacia. E fano conscientes dos riscos que corren



porque a súa vocación e a súa dedicación son más fortes que o temor natural de todo ser vivo a sufrir un dano, porque a transcendencia da súa misión pode significar a diferenza entre a xustiza e ainxustiza ou, porque, simplemente, lles pode a indignación ante a barbarie. Moit@s perden a súa vida ou caen gravemente ferid@s, hain@s que son secuestrad@s e utilizad@s como moeda de cambio, a bastantes se lles encarcera porque supoñen una ameaza para os interese políticos e, a outr@s, se lles executa a sangue frío e sen dereito á mínima defensa posible.

Quizás algúns dos casos más destacados de asasinato político de periodistas foi os de varias profesionais rusas na era post-soviética, como o de Anna Politkóvskaya acaecido o sete de outubro de 2006 no ascensor da súa casa en Moscú ou, o máis recente, da tamén activista chechena Natalia Estemirova o quince de xuño deste ano. Como investigadoras, especialmente interesadas, nas inxustizas da guerra de Chechenia, as súas consecuencias e as súas vítimas puxéronse no punto de mira, Politkóvskaya tanto do Presidente da Federación Rusa daquel momento -Vladimir Putin- como dos separatistas chechenos e o goberno provisional da rexión;

mentres que, Estemirova, fixoo no dos actuais administradores prorusos da República de Chechenia, Ahmad Kadyrov e o seu fillo Ramzan, así como dos rebeldes chechenos.

Non obstante, non son estes os únicos asasinatos cuxa autoría, probablemente, non poderá esclarecerse ata transcorridos moitos anos aínda que existan indicios moi claros de quen foron os responsables últimos dos mesmos. "Reporteiros sen Fronteiras" contabilizou, no período comprendido entre 2000 e 2007, un total de vinte e un periodistas rusos falecidos en "acto de servizo" moitos deles en moi dúbidas circunstancias. Por desgraza hai que engadir tres más en 2009.

A comezos deste mesmo ano, o dezanove de xaneiro, tamén morreron tiroteados o avogado ruso activista dos dereitos humanos Stanislav Markelov e a periodista de *Nóvaga Gazeta* - medio no que tamén escribiu Politkóvskaya ata a súa morte- Anastasia Baburova. Ambos se manifestaron tamén moi críticos coa actuación do goberno e das tropas rusas en Chechenia e defenderon e denunciaron casos de abusos contra civís chechenos.

Tod@s est@s profesionais, xa sexa dos medios de comunicación non estatais, xa das organizacións

non gobernamentais, tiveron como *leit motiv* do seu traballo e da súa morte a rebelde república caucásica pero, por que ese afán en revelar os datos doutro conflito más da nosa época?

A chamada Guerra de Chechenia, supuxo a morte dunhas 150.000 persoas nas súas dúas etapas : a primeira de 1994 a 1996 e a segunda de 1999 a 2002. Mais non só os falecidos de maneira directa poden considerarse vítimas dos enfrentamentos militares e dos atentados, senón que tamén morreron moitas persoas pola terrorífica actuación dos servizos de intelixencia da Federación Rusa, do goberno pro-ruso de Chechenia e dos rebeldes chechenos. E aínda que, Rusia anunciou o fin da súa operación contraterrorista en abril de 2009, iso non significa que na súa capital Grozni se instalase o estado de dereito senón que o goberno de Kadirov gañou a partida ao goberno de Moscú ao conseguir moitos dos obxectivos buscados polos rebeldes a cambio de se someter, ao menos en aparenzia, ás esixencias do Kremlim.

Ana Politkóvskaya era consciente de que a súa vida corría perigo. O un de setembro de 2004, na viaxe en avión desde Vnukovo a Rostov para cubrir a noticia do colexio de Beslán

ACTUALIDADE

<p>tomado polos partidistas chechenos, foi envenenada cun té. Cometera o erro de intentar falar desde o seu teléfono móvil co líder separatista checheno Aslan Masjadov para lle pedir que se reunise cos asaltantes e lograr que deixasen en liberdade as criaturas prisioneiras.</p> <p>Conseguiu sobrevivir para ser testemuña de como o antigo presidente de Ingushetia, Ruslan Aushev, entraba no colexio e sacaba a tres bebés e despois liberaba a vinte seis criaturas coas súas nais, sen que o Kremlin nin os medios o mencionasen. Denunciou o silencio informativo que non criticou a lenta actuación das forzas de seguridade ruses e, con todo e iso, volcouse na viaxe de Putin a Beslán. E deu voz á desesperación do pobo checheno que, consciente do abandono do goberno ruso empuxou, aos pais e aos avós de Beslán, a rodear o edificio armados co que puideron encontrar nun fútil intento de salvar ás súas criaturas da desidia oficial. Demasiada insolencia para a ditadura encubierta de Putin e dos seus seguidores.</p> <p>Por último, baste citar un artigo de Natalia Estemirova publicado, en inglés en <i>The Nation</i>, o catro de outubro de 2007, case un ano despois do asasinato de Politkóvskaya, no que relata a investigación de Anna sobre as torturas aplicadas a</p>	<p>mozos chechenos ao obxecto de transformalos en confidentes que tiñan lugar no que fora un internado para nenos xordos e as ameazas recibidas do suposto torturador "Lapin", policía, membro da OMOM, para entender a envergadura do traballo e os riscos desta periodista rusa e o valor da súa compañoira.</p> <p>Os seus detractores acusábanas de fanáticas e sectarias, obsesionadas con perseguir o sistema establecido, os seus defensores considerábanas o último retallo de conciencia social nun país no que o medo e a apatía fixeron máis forte áinda aos servizos secretos.</p> <p>As súas narracións da situación que vivía a poboación civil chechena, vítima de todos os bandos, as súas transcripcións das declaracóns de adolescentes torturados, mulleres violadas e outras atrocidades lograron que, no exterior se soubera a realidade do que acontecía en Chechenia. Unha antiga República soviética que tan só buscaba a independencia, sen ser consciente de que o oleoduto polo que se transporta o petróleo do Cáucaso -e que pasa polo seu territorio- a levaría á destrución.</p> <p>Recibiron premios polo seu valor e por defender a verdade pero, o seu maior éxito foi o de servir para remover as conciencias</p>	<p>dentro da Federación Rusa, onde a segunda guerra contra Chechenia estivo marcada pola desidia e o desinterese dunha poboación más preocupada polo progreso económico que o goberno de Putin traía que polos dereitos dunha das antigas nacionalidades da antiga U.R.S.S.</p> <p>O prezo da verdade pagouse, pagase e pagarase con sangue. Porén, a morte destas mulleres, valentes dentro da súa fraxilidade e sempre moi conscientes do arriscado do seu traballo, non terá sido en van, se se consegue que a verdade na Rusia post-soviética sobreviva e se manifieste en toda a súa extensión. Hai moitos lugares nos que este traballo tamén resulta imprescindible pero, sendo a Federación Rusa, unha nación sempre dominada polo escurantismo a tiranía duns poucos e un dos países con máis peso político e económico no mundo, calquera cambio que se produza, neste sentido, acabará exercendo un efecto beneficioso para impedir que a verdade siga agonizando como ata agora.</p>
--	--	--

A C T U A L I D A D E

DIANE ARBUS E OS FREAKS

Hai ben de artistas que buscan a través do seu traballo liberar os seus particulares demos, e dende a metáfora, liberar dalgún modo as súas pantasmas e terrores. Diane, fixoo mediante as súas fotografías poboadas de personaxes singulares, fotografías nas que existe un morbo case infantil, na busca de monstros arrebatadoramente humanos, que provén dun mundo de pesadelo. Arbus, nas súas incursións polas peores rúas de Nova York, coa súa cámara a punto de disparar en calquera momento, a altas horas da noite, vai ao encontro do grotesco, do horroroso, nun traballo que pode enmarcarse dentro dunha estética da ruína, do monstruoso. De aí a súa singularidade nun momento en que o fotoxornalismo era a estética a seguir, unha moda na que a fotografía era como unha poética da vida cotiá, e que pode rastrexarse nos fotógrafos importantes dese momento Cartier-Bresson e Elliot Erwin, os cales conviven con novas promesas como Irving Penn e Avedon. Diane Arbus afástase estrepitosamente desa moda, pois dende o seu nacemento presenta un destino sinistro.

Diane Neverov nace nunha familia xudía adñeirada de Nova York e cambia o seu apelido polo

do seu marido Arbus, con quen casa aos dezaoito anos tras catro de noivado. Provén dun mundo con regras estritas que a afoga e decide cuspir á cara verdades como puñais, berrando para que a oian, para afastar os seus propios demos dende a trinchera da súa cámara. Confundida e condicionada pola súa educación, cede a súa liberdade como muller, pola liberdade como fotógrafo.

Casa e ten dous fillos, traballa co seu marido en fotografías de moda para revistas tan prestixiosas como *Esquire*, *Vogue* e *Harper's Bazaar*, e accede ao seu papel social, pero revélase cando realiza as súas fotografías con temas non aceptables pola sociedade do momento: xemelgas, enfermos mentais, xigantes, ananos, familias disfuncionais, fenómenos de circo e nudistas.



Paula Mariño Pazó

A C T U A L I D A D E

I.S.S.N.: 1139-4854

Cando fala da súa infancia e da súa vida matrimonial di: "O único que sentía era a miña sensación de irrealdade".

Nese interese por encontrar a súa propia realidade, Arbus é libre, rebelde, intelixente, e segura da súa filosofía de vida pero terriblemente insegura con respecto á súa propia valía como fotógrafa. Será a súa relación coa fotógrafa Lissette Model, coa que estuda fotografía durante os anos que van desde 1955 a 1957, a que a afiance no seu interese por buscar un mundo fantástico e irrealdade dentro da sociedade "normal". E quen tamén a avise dos perigos que supón ser unha muller artista e independente. "Tamén me advertiu- di Arbus- que me sentiría culpable por ser muller, culpable porque nunca crin que podería chegar a comprender a mecánica da cámara".

Decidiu actuar na vida sen regras sociais, morais ou artísticas, o que encontrou quitando a máscara que a xente se pon para parecer o que non é, por iso retrata os seus personaxes mostrándoos tal e como son. "Quero fotografar o que é maligno", dixo nunha ocasión. Esa necesidade de fotografar o que ninguén antes sacara á luz, aos *freaks*, provén do visionado da película de Tod Browning, *Freaks*.

Diane entende entón que os monstros non son imaxinarios, senón reais, que aquilo que lle prohibiran mirar na súa infancia e mocidade, todo o que non era "normal" aparecía ante os seus ollos como algo probable e tanxible.

Os seus personaxes miran á cámara directamente, o *flash* de recheo (*flash* diurno do que será pioneira na súa utilización) revela as imperfeccións dos seus personaxes. Ao retratar eses seres, saca á luz o que na escuridade parece normal, pero que ante o obxectivo de Diane, se torna en horror, na súa busca de producir na persoa espectadora temor e vergoña.

O seu matrimonio, en apariencia exitoso, rompe definitivamente na década dos cincuenta, tras a busca de Diane do amor absoluto que non encontra nun home aseptico. As súas continuas crises, nas que intenta conseguir a supervivencia, altérnanse coa realización de obras nas que consigue a abolición do tempo en imaxes potentes, na visión do pasado como futuro, na conciliación entre o mundo dos vivos e dos mortos, no desexo desesperado de vivir nelas, cando xa estea morta.

Nas súas fotografías os roles sexuais e a soildade do ser

humano expresan a súa rebeldía e desilusión, pois Diane non está contenta coa súa vida. Nunha entrevista do ano 1967 para a revista *Newsweek* di: "É irracional ter nacido en certo lugar e en certo momento e de ser dun determinado sexo. É irracional que un poida cambiar moitas circunstancias e que non poida cambiar moitas outras. A simple idea de ter nacido rica e xudía é parte desa irracionalidade. Pero se naces sendo algo, podes ter a ousadía de ser outras dez mil cousas". Nese mesmo ano publica *New Sensations* e os seus retratos producen a un mesmo tempo rexemento e admiración, aínda que as súas obras publicadas en revistas reciben a metade do salario que a dos seus compañeiros, varóns. Ese desexo de cambio, faille recoller ese realismo crudo e captar o particular para alcanzar o xeral, no seu percorrido nocturno como unha cazadora de personaxes singulares nos seus particulares safaris pola cidade, de personaxes estranos provistos dunha beleza convulsa, ensinándonos que calquera de nós pode ser un monstro.

Incomprendida, tratando de manterse nos parámetros dunha nai normal, por dentro, os seus medos e depresións fan

A C T U A L I D A D E



afundíndo cada vez máis, aínda que xa dende o ano 1958 o seu traballo dá unha viraxe radical retratando con crueza a sociedade marxinal, na busca do contraste entre dous mundos que viven no mesmo espazo, forzando o choque coa normalidade ao mostrarnos un mundo de dor. Séntese soa e busca apoio, pero

os seus amigos non a toman en serio, ata que decide suicidarse no verán de 1971, na estación do ano que menos lle gustaba, o verán.

Aínda que as fotos nunca apareceron, corre o rumor de que retratou a súa propia morte, (na bañeira mentres se desangraba rodeada de barbitúricos) quizais

nun último e desesperado intento de retratar a saída dese mundo prefabricado, un mundo no que Diane Arbus, se negou a vivir.

BIBLIOGRAFÍA E WEBS:

A Biography as a source. Patricia Boswort. Lumen.2006

Handbook of Psychobiography. Oxford University Press.William Todd Schultz, editor.

http://en.wikipedia.org/wiki/Diane_Arbus

<http://librodenotas.com/almacen/Archivos/004030.html>

http://www.letralia.com/ciudad/yusti/06_0410.htm

<http://le-criticón.blogspot.com/2008/10/patróna-de-los-freaks.html>

<http://www.socialaffairsunit.org.uk/blog/archives/000700.php>

<http://www.washingtonpost.com/wp-srv/photo/essays/vanRiper/030925.htm>

<http://www.washingtonpost.com/wp-dyn/content/article/2005/05/11/AR2005051102052.html>

An Imaginary Portrait of Diane Arbus. Película.Director: Steven Shainberg.2007.

POR UNHA SOCIEDADE LAICA, POLO NOSO DEREITO A DECIDIR

O devandito lema é o que serviu de chamada a unhas Xornadas de Formación de Feminismo, celebradas en Vigo o 17 e 18 de novembro de 2006, convocadas por Mulleres Nacionalistas Galegas, e é o que serve de portada e título á edición de dous textos diferentes, publicados en xullo de 2008 por MNG, e distribuídos pola Libraría Andel: "Feminismo e sociedade laica" de Amada Traba Díaz & Mercedes Oliveira Malvar por un lado, e "Laicismo e o seu soporte (moldaxe? = modelaxe, baleirado?) xurídico, dende a perspectiva de xénero" de Doris Benegas Haddad.

As editoras xustifican o esforzo como unha contribución non só á teoría do feminismo, senón ao afondamento no concepto de laicismo e a resaltar a importancia que ten para tod@s pero moi especialmente para as mulleres lograr unha sociedade con liberdade de pensamento.

FEMINISMO E SOCIEDADE LAICA

Amada Traba, Licenciada en Ciencias Políticas e Socioloxía, traballa como docente na facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, ten unha ampla experiencia en colaboracións no deseño e avaliación de plans de igualdade, e

en proxectos de investigación da cátedra Caixanova de estudos feministas. Mercedes Oliveira -"Chis"- é Doutora en Filosofía e profesora no IES Alexandre Bóveda de Vigo. Ten múltiples publicacións sobre educación afectivo-sexual, tendo recibido o premio nacional de Educación e Sociedade a materiais didácticos no campo da innovación educativa, e é colaboradora habitual en temas relacionados con educación e igualdade de xénero.

A exposición comeza cunha suxestión que é xa un aceno cómplice: "Se Deus fose muller, isto non tería pasado..." Mais, naturalmente, só introduce a sospeita, non resolve se Deus é masculino, feminino, bisexual... ou simplemente non existe.

Constatan as autoras, a realidade da importancia da relixión como compoñente esencial da vida das persoas ao longo da historia, na súa dobre dimensión: a individual en canto fe baseada en dogmas que non se cuestionan, e como guía de comportamentos por razón de criterios morais; e no plano colectivo, como práctica dun culto que ten unha liturxia especialmente deseñada para momentos especiais como o nacemento, o matrimonio, e a morte.

Pero centran o seu estudo na **relixión organizada como igrexa no seu aspecto**, non de pobo de Deus, senón de **estrutura social institucionalizada**, que impón unha visión ideolóxica do mundo e transmite a necesidade de observar unha orde normativa acomodada a esa visión. Aquí as autoras colócanse esos "lentes morados" que levan usando moitos anos e que as acostumou á sensibilidade para detectar na súa visión, destacar e subliñar esos perfís discriminatorios que a forza de estar aí, dende sempre, témolos assumidos con naturalidade, sen apreciar as súas estridencias.

Se o patriarcado exerce unha política sexual xerarquizada cunha distribución do traballo produtivo e reprodutivo, e unha repartición dos espazos público e privado para atribuír maior valor ao masculino, con independencia do seu contido, a relixión en canto igrexa institucionalizada apuntala esa visión, de tal forma que se establece unha especie de sinerxía entrelazada entre o patriarcado como forma de dominación, a relixión como xustificación ideolóxica dessa dominación, e o poder político lexitimado para esixir a súa imposición.

As funcións básicas que desenvolve a relixión-igrexa son: a cohesión social mediante vínculos

<p>emocionais a través duns símbolos compartidos, o control da sociedade a través dunha normativa que ten que ver sobre todo co matrimonio e coa reprodución, e con proporcionar sentido nos acontecementos vitais de especial transcendencia, como a morte.</p> <p>O papel do mito de Eva, creada por Deus en segundo lugar, para axuda do home, pero seducida pola serpe, pecadora e culpable da perda do paraíso e da transmisión do pecado orixinal a toda a súa descendencia, serve de xustificación ideolóxica á superioridade do home sobre a muller. E a figura de María, nai de Xesús, a pesar da súa importancia no culto católico, non redime suficientemente a muller, posto que concibiu o seu fillo sendo virxe e se manifesta como "a escrava do Señor" co que subliña que só dende esa actitude de profunda humildade e resignación, de subsidiariedade, de capacidade de sufrimento, alcanza o seu valor. No mesmo sentido traballan eses nomes reservados para as mulleres como Dolores, Angustias, Soidade, Inmaculada etc. que abundan no estereotipo.</p> <p>Se buscamos un pensamento similar noutras relixións, temos os Xudeus ortodoxos. Abonda con esa oración do seu ritual diario: "Gabado sexas, Ti, meu Deus, Rei</p>	<p><i>do universo, porque non nacín muller" (j)</i></p> <p>No Corán tamén hai referencias constantes a que as "mulleres están a cargo dos homes".</p> <p>Só no Budismo aparece unha visión non <i>distorsionada</i> e más amable da muller.</p> <p>Hai esforzos por parte de teólogas actuais de diferentes confesións relixiosas para reivindicar que esa misoxinia non é un reflexo fiel da Biblia, e que mesmo a persoa de Xesús encarna moitas das calidades que poderíamos chamar femininas, en canto a sosegado, non competitivo, humilde de corazón etc-, pero, de momento só nalgunhas igrexas protestantes e no xudaísmo reformista déronse pasos cara á aceptación das mulleres como ministras do culto, probablemente cun sentido pragmático de resolver a falta de vocacións relixiosas masculinas. A igrexa católica está moi lonxe de transixir nesa cuestión, nin sequera por pragmatismo. E segue belixerante na súa misoxinia non confessada, insistindo na súa política sobre a familia (matrimonio, reproducción, educación...), e consegüintemente contraria á ideoloxía de xénero.</p> <p>As autoras analizan que está a pasar na actualidade coas reformas lexislativas adoptadas</p>	<p>segundo as indicacións da ONU, e comproban como en moitos países de tradición islámica as reformas se paralizan e/ou dilúen ao tomar contacto cos códigos de familia, pois é aí onde se conserva a tradición relixiosa e o dereito consuetudinario que mantén o sometemento da muller. Mesmo en países de forte atractivo de inmigrantes, como Europa Occidental, se exixe que os homes traballadores se adapten ao que a demanda capitalista necesita deles, pero baixo un mal entendido respecto ás culturas diferentes, se cede no que respecta á consideración e control das mulleres co que se reforza o patriarcado.</p> <p>Así as cousas, parece o natural que as mulleres sexamos o grupo social máis interesado en reivindicar o laicismo fronte ao poder patriarcal, na medida que a laicidade serve para construir piares sociais comúns, fomentando un espírito crítico que derrube os prexuízos nos que se fundamenta a desigualdade, e nese sentido a universalización da educación, dende o presuposto da laicidade, implica a implantación dun novo modelo que contempla os homes e as mulleres en pé de igualdade, e non só terá transcendencia nas cuestións relacionadas coa reproducción biolóxica, senón sobre todo coa reproducción social e cultural desa</p>
---	---	---

A C T U A L I D A D E

orde patriarcal de mulleres actualmente sometidas.

"O laicismo non é unha particularidade accidental na historia dalgúns países, senón unha conquista de alcance universal que debemos preservar e promover"

O LAICISMO E O SEU SOPORTE XURÍDICO DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Doris Benegas Haddad, nacida en Venezuela, filla de exiliado republicano, estudou en Francia a secundaria, e a carreira de Dereito en Donostia, exercendo en Valladolid e pertencendo a numerosos colectivos feministas, singularmente de mulleres xuristas, traballando especificamente en estudos sobre lexislación e xénero.

Parte da constatación de que vivimos nunha sociedade de pensamento "inducido" cara ao pensamento único, e que hai que tratar de camiñar cara a unha pluralidade ideolóxica, en igualdade, e sen interferencias de pensamentos "privilexiados".

Afirma que **a Igrexa Católica é unha institución fortemente xerarquizada que funciona como un instrumento de exercicio de poder e dominación aparentemente relixiosa pero tamén política e económica, e ademais con**

carácter transnacional, o que comezou dende os tempos do Emperador Constantino (s. IV d.C.), cando el se converteu e legalizou a situación de todos os cristiáns dentro do imperio con tal de que non atentasen contra a orde social. Ese foi o comezo dunha aprendizaxe para apparentemente ir adaptándose ás estruturas dominantes pero penetrándolas e permeabilizándolas coa súa influencia, influencia que sempre serviu para apuntalar a dominación masculina, afirmando sempre, a través dos santos pais como o home é a cabeza da muller e que esta lle debe obediencia. Abunda en exemplos que subliñan como a muller está destinada á procreación para perpetuar a especie, que é o que xustifica a súa sexualidade exercida con fidelidade ao seu marido.

Analiza as peculiaridades da Igrexa Católica con respecto a outras relixións, dende o punto de vista xurídico, porque conta cun estado propio, o Estado do Vaticano, creado en 1929, que ten carácter de observador na ONU. Conta cunha lexislación de creación propia -Código de Dereito Canónico-, e cunha producción doutrinal -pastorais dos bispos, encíclicas papais- á que se atribúe unha inspiración divina, e mesmo unha infalibilidade, nalgúns casos,

como cando se produce un dogma.

Contrapón esa rixidez da lexislación relixiosa católica co contido dos DDHH (1948), e coa lexislación do Estado Español, cambiante segundo as épocas, recreándose especialmente na lexislación republicana na que a muller foi cidadá con dereito a voto, aprobouse o matrimonio civil, o divorcio, o dereito ao aborto..., pero todo iso foi un breve oasis desaparecido tras a Guerra Civil -a Cruzada segundo a Igrexa- volvendo ao sometemento da muller, sobre todo no seo da familia, ata épocas recentes.

Na actualidade considera que **o Estado Español é de confesión relixiosa "preferente"**, dados os termos do art.º 16, 3 CE, e a ambigüidade da redacción do art.º 27, 3 sobre os dereitos das nais e dos pais na educación da prole. Lamenta que non se declarase como dereito fundamental o da liberdade de pensamento, moito más amplio que o de liberdade relixiosa, porque aquel protexe tamén as persoas que non teñen ningunha ideoloxía relixiosa.

Despois pasa a analizar o famoso Concordato coa Santa Sé (1953) que foi parcialmente derrogado no que tiña de máis estridente, e substituído polos acordos de 1979, formalmente



posteriores á Constitución, pero pactados e discutidos nas mesmas datas:

a) acordos de contido xurídico no que se recoñece a personalidade xurídica da Igrexa Católica, a súa liberdade de organización territorial, a súa capacidade de obrar estendida ás Congregacións relixiosas, a inviolabilidade dos lugares de culto, e dos arquivos e

documentos, así como os efectos civís do matrimonio canónico, e a asistencia relixiosa aos individuos internados en establecementos penitenciarios, hospitais etc.

b) acordos de contido económico sobre exencións fiscais, e subvencións para o seu sustento a través de dotacións nos Presupostos Xerais do Estado con actualización anual, e substitución progresiva a través do IRPF.

c) acordos sobre ensino e asuntos culturais nos que hai un compromiso de respectar os valores da ética cristiá, e de ofertar o ensino relixioso nos centros escolares a cargo do Estado.

d) acordos sobre asistencia relixiosa ás forzas armadas a través do Vicariato Militar que, ainda que pertencendo á carreira eclesiástica ten un paralelismo de asimilación de cargos coa graduación militar.

Finalmente avoga por iniciar unha segunda transición na que se aborde a materia pendente da laicidade:

"Trátase de conseguir un Estado Laico, un estado con libre formación do pensamento. Un Estado que utilice o Dereito Común para a extensión do feito relixioso como unha expresión más do pensamento."

Tradución: Margarida Rguez. Marcuño

A C T U A L I D A D E

DILEMAS MORAIS, MEDIOS DE COMUNICACIÓN E EDUCACIÓN AFECTIVA

A ANÁLISE DE DILEMAS MORAIS NOS FILMES E SERIES DE TELEVISIÓN

Levo varios cursos traballando co alumnado de secundaria a partir da análise dos dilemas morais presentes nos filmes e series de televisión más vistos por el@s. Non é este o lugar para demorarme na exposición detallada destas experiencias didácticas, os seus obxectivos e resultados. Interésame agora tan só determe sobre un aspecto secundario, en relación con aqueles obxectivos, e que, pola súa regular continuidade, acabou por chamarme especialmente a atención. É este a constatación de que as eleccións de alumnas e alumnos difiren notoriamente en canto aos seus gustos cinematográficos e televisivos (tamén en gustos musicais e lecturas, cando a investigación se amplía a eses eidos, cfr. McRobbie, 1998). Así, os rapaces decántanse preferiblemente polos filmes (e series televisivas) de acción e con contidos violentos (mesmo ultraviolentos), e as rapazas polos filmes (e series televisivas) "de amor" ou "románticos". Os gustos tan só converxen relativamente no caso das comedias. A diverxencia resultou particularmente extrema no curso 06-07: a maioría dos alumnos escolleu como película favorita "Hostel", mentres que as

alumnas seleccionaban "Titanic". Reproduzo en recadro aparte breves sinopses e fichas dos dous filmes por se entre @s lector@s hai alguén que ignore os seus contidos.

Hostel (2005)

Guión e dirección: Eli Roth
Produtor: Eli Roth e Quentin Tarantino

Intérpretes: Jay Hernández, Derek Richardson, Eytor Gudjonsson, Barbara Nedeliáková

Breve sinopse:

Dous mozos estadounidenses viaxan a Europa na procura de sexo fácil e emocións fortes. Alguén lles di que o mellor lugar está nun hotel dun pequeno país do Este. Ali viaxan e en principio parecen cumplirse as súas expectativas. Pero cedo comprobarán que se trata dun engano co obxecto de capturar vítimas para un misterioso grupo de xente que goza torturando. A maior parte da metraxe da película é unha descripción detallada de actos de extremada violencia gratuita.

Titanic (1997)

Guión e dirección: James Cameron

Intérpretes: Leonardo Di Caprio, Kate Winslet, Billy Zane, Kathy Bates, Frances Fisher, Gloria Stuart

Breve Sinopse:

Relato da viaxe inaugural e tráxica do luxoso transatlántico británico *Titanic*, que en 1912 partiu do porto inglés de Southampton con destino a Nova York e afundirase tralo choque cun iceberg. O relato céntrase no romántico, e aparentemente imposible, amor entre dous mozos de clases sociais moi diferentes.

Impõense unha sobre pregunta. Por que os rapaces seguen asociando o seu lecer coa contemplación de imaxes violentas, mentres que a maioría das rapazas as rexeitan? Por que as rapazas seguen engaiolándose coas historias de amor romántico mentres a maioría dos rapaces as refugan? É evidente que a persistencia desta escisión sexista pode ser aproveitada polos defensores das tradicións patriarcalistas para proclamar que o discurso igualitario vai contra "tendencias espontáneas" ou mesmo "naturais" da condición humana. Ou, dito doutro xeito: se, despois de tantos anos (tantos...?! de "propaganda feminista" e actividades non sexistas integradas no currículo educativo, rapaces e rapazas seguen escollendo modelos

simbólicos non só disímiles senón antagónicos, cumpriría recoñecer que esa propaganda se move contra unha "realidade" imposible de modificar.

Este tipo de interpretacións *pro domo sua* estanse a producir con algúna frecuencia nos últimos anos, cada vez que determinados estudos empíricos constatan o que, por outra banda, non debería sorprender: que concepcións e prácticas reforzadas por séculos de patriarcalismo seguirán deixando a súa pegada durante moito tempo áinda. O perigo reside en que xustamente estas persistencias inercias poidan ser reinterpretadas en termos "naturalizados" e aducidas como argumento a favor do "absurdo antinatural" das medidas igualitarias preconizadas desde o feminismo, cando deberían ser valoradas desde unha perspectiva exactamente contraria: como sinais de que os esforzos transformadores ata o de agora emprendidos son insuficientes.

Dito isto, entendo que se pode constatar tamén en ocasións un perigo en sentido contrario. Parte este das posicións de quen –sexa desde o feminismo ou simplemente desde unha posición ilustrada universalista xenérica– asentan o a priori dunha "humanidade" abstracta e idéntica respecto da cal a

constatación de calquera risco diferencial é concibido como un inaceptable atentado contra o dogma aprioristicamente establecido (o debate entre a ética do cuidado de Carol Gilligan e o kantismo estrito de Kohlberg sería un caso de revisión crítica dese apriorismo; cfr. Gilligan, 1988; Kohlberg, Power e Higgins, 1999; Benhabib, 1997). En boa medida, o debate aberto pola chamada posmodernidade, continuando o labor de crítica da ilustración iniciado por Nietzsche, exixe abrir este discurso da diferença fronte á imposición da identidade por parte dun racionalismo redutor. Unha cuestión que, neste intre, por razóns de espazo deberemos deixar de lado.

DILEMAS E DESENVOLVEMENTO MORAL

Regresemos ás investigacións de aula sobre os dilemas morais no cine e na televisión. Trala escolla das películas, o alumnado debía seleccionar os principais dilemas de carácter moral aos que se enfrentaban as e os protagonistas. O obxectivo era aproveitar a análise deses dilemas, e da forma en que @s protagonistas o resolvían, para, mediante a aplicación da teoría do desenvolvemento moral do psicólogo Kohlberg, identificar en que nivel de desenvolvemento

cabería situar a esos protagonistas.

Para calquera coñecedor da teoría de Kohlberg é obvio que, nesas circunstancias, esa atribución será sempre moi cuestionable porque a pertenza a un determinado nivel non depende de como se actúe, senón da capacidade para xulgar moralmente e dos criterios utilizados na construcción deses xuízos(cfr. Kohlberg, Power e Higgins, 1997). En cambio, nun filme, o que se nos amosa normalmente non é o proceso reflexivo propio do xulgamento senón a decisión final expresada mediante unha acción. Con todo, dado que o que procuramos mediante este procedemento é en realidade usar a concepción de Kohlberg, non como fin didáctico en si mesmo, senón como un medio para facilitar a reflexión do noso alumnado acerca dos problemas morais e as posibles solucións, entendo que esta obxección non é determinante.

O que me importa agora destacar é que a elección antagónica do alumnado en función do seu sexo, determina tanto un tipo de dilema ben diferente, como un tipo de solucións (de acordo co amosado nas accións dos filmes) igualmente diferentes. No caso dos filmes seleccionados polos rapaces, os dilemas (en "Hostel"

A C T U A L I D A D E



como na maioría das películas de acción ultraviolenta que parecen dominar actualmente os seus gustos) redúscense, por unha banda, a qué medios utilizar para a satisfacción dun goce hedonista primario, no que a muller habitualmente aparece como un instrumento do pracer masculino; e, por outra, a como responder a unhas accións violentas absolutamente gratuitas que, por iso mesmo, só poden ser combatidas mediante unha

violencia oposta. Ese é o universo simbólico no que rapaces e rapazas medran e aprenden a interpretar as intencións e desexos d@s outr@s, e a construír os propios. Un universo do que a solidariedade e o afecto xeneroso aparecen praticamente por completo alleos agás, en todo caso, no ámbito reducido do grupo de amig@s e eventualmente a parella ou, más raramente, a familia. Un universo no que individuos e grupos son

contemplados como unidades en competencia feroz e no que, finalmente, o motor determinante da acción remata por ser a vinganza.

No caso dos filmes preferidos polas rapazas, os dilemas son deorde moi diferente. O que está en xogo son decisións que afectan ao terreo emocional: que debo facer para escoller ben á persoa con quen compartir a vida?, son as diferenzas sociais un atranco insuperable nas relacións afectivas?, como podo discernir cando os sentimientos amorosos que alguén me amosa son sinceros ou movidos por un interese distinto do "puro amor"? Nos dramas románticos, como "Titanic" (e mesmo nas comedias románticas) é frecuente que aparezan tamén dilemas secundarios que raramente se traducen en solucións violentas. Neste espazo imaxinario e simbólico, a entrega absoluta do/da amante en favor do/da seu/súa amada/o, aparece como un risco característico e sobranceiro.

A escisión é, como pode observarse, case absoluta. O universo simbólico no que medran a maioría de mozas e mozos adolescentes atópase fracturado en dous espazos radicalmente antagónicos. A miña hipótese –a partir da cal promovo entre o meu alumnado debates que con

ACTUALIDADE

frecuencia acadan un elevado afervoamento- é que esta fractura ten moito que ver coas dificultades que se reproducen nas relacións afectivas entre mozas e mozos e, o que é máis grave, coa triste e tráxica reiteración de crimes pasionais e de violencia doméstica. Unha hipótese que, por outra banda, é xa lugar común desde hai tempo na literatura feminista. O único elemento relativamente novo é a constatación de que nas novas xeracións, e nas mensaxes dos medios de comunicación masivos más influentes entre eles, a escisión non só perdura senón que se pode mesmo estar a agravar en determinados aspectos (ese cine ultraviolento, que conecta por outra banda cos contidos dos videoxogos más populares, tamén un medio que ocupa preferentemente o lecer dos mozos, non das mozas).

A REPRESENTACIÓN DO AFECTO AMOROSO NO CINE

Na pescuda sobre os contidos dos filmes que atraen a atención d@s adolescentes, hai outro factor que levo analizando tamén a partir da selección dun filme por parte do propio alumnado. Este filme tivo no seu momento un certo éxito comercial, especialmente entre as e os espectadores novos: *Historias do Kronen* (ver ficha), do director

vasco Montxo Armendáriz. Esta película (e a novela na que se basea, na miña opinión de calidade literaria inferior á calidade da versión cinematográfica, ao contrario do que adoita suceder) soubo anticipar o fenómeno do "botellón" que moi cedo se ía imponer entre a adolescencia de toda España. Constitúe un retrato desapiadado dunha mocidade que parece estar desprovista de valores, só atada a un estreitísimo *carpe diem*, no que a procura do pracer inmediato e efémero marca o único horizonte das decisións.

Historias del Kronen (1994)

Director: Montxo Armendáriz

Guión: Monxo Armendáriz e José Ángel Mañas, baseado na novela homónima deste último

Producción: Elías Querejeta, España

Intérpretes: Juan Diego Botto, Jordi Molla, Nuria Prims, Aitor Merino, Armando del Río, Diana Gálvez, Mercedes Sampietro, José María Pou, André Falcón

Breve sinopse: Retrato xeracional dun grupo de amigos mozos no Madrid de comezos dos 90. O desencanto político na España democrática gobernada polos socialistas é o pano de fondo sobre o que se debuxa o retrato duns mozos que parecen non crer en nada e entregarse á

procura de emocións extremas que rematan en tragedia.

Porén foi un episodio, en principio secundario, o que reclamou de miñ unha atención particular. O protagonista masculino sofre unha frustración cando é rexeitado por unha moza coa que pretende deitarse. Vemos como posteriormente busca outra moza coa que compensar esa frustración, o que consegue con facilidade. O que me sorprende é que esa facilidade incluíu tamén a facilidade no acto da penetración. Isto último non resulta, por certo, excepcional senón máis ben o habitual na maioría das películas. Tense salientado con moita frecuencia que, na representación do acto amoroso no cine, se adoita imponer un punto de vista exclusivamente masculino. A muller é -xa se sinalou antes- un instrumento do pracer masculino e é rara a ocasión en que a súa insatisfacción con respecto ao comportamento do *partenaire* masculino aparece atendida. Mesmo cando iso ocorre, o habitual é que o sexa porque as "prestacións" masculinas non son abondo "poderosas," poder medido unha vez máis desde unha concepción tipicamente masculina, segundo a cal a potencia de erección é o elemento determinante e exclusivo da satisfacción feminina. Dado este, á

A C T U A L I D A D E

muller compete unicamente un papel de receptora pasiva e inapelablemente satisfeita. Ben mirado, esa representación típica reduce o encontro sexual ao "aquí te pillo, aquí te mato" que por desgraza segue perdurando na concepción dominante dos mozos das novas xeracións.

O MITO DO VIOLADOR AMADO

Esta visión redutora do encontro sexual atopa a súa representación emblemática no que algúns teñen chamado "mito do violador amado" (Harris, 1996). Poderíamos acudir a moitos exemplos cinematográficos nos que está presente este mito. Eu uso nas miñas clases un filme de Clint Eastwood (ver ficha) que ten a propiedade (que se agradece) de utilizar ao modo clásico o recurso á elipse, fronte ao abuso tan frecuente hoxe de amosalo todo, o que obviamente fai que moitas películas resulten inaxeitadas para traballar con elas nas aulas escolares. No filme de Eastwood comprobamos como o protagonista (interpretado polo propio Clint Eastwood) forza a varias mulleres a pasar a noite con el. Observamos como en principio as mulleres se resisten, como protestan contra a seguridade do home de que "no fondo" tamén elas o están desexando... e, trala

pública elipse sobre o desenvolvemento da noite, contemplamos o acordar da parella, home e muller, no mesmo leito, ao día seguinte, e, en efecto, el tiña razón: ela estabao desexando.

High plains drifter (título en España; *Infierno de cobardes*) (1972)

Director: Clint Eastwood

Guión: Ernst Tidyman

Intérpretes: Clint Eastwood, Verna Bloom, Mariana Hill, Billy Curtis

Director: Clint Eastwood

Sinopse: Un pistoleiro chega a unha vila para ofrecer os seus servizos na defensa da comunidade contra a ameaza duns foraxidos. A cambio, esixe que se lle preste obediencia cega. Wéstern que ten sido interpretado pola crítica como unha versión paródica do clásico *High moon* (*Solo ante el perigo*).

O máis grave deste caso, na miña opinión, é que se trata dunha idea aparentemente moi compartida tamén por non poucas



mulleres. Nos debates organizados a partir dunha das secuencias desta película, vimme sorprendido ao comprobar que moitas mozas (e non só: tamén profesoras e nais, nalgúns grupos de traballo con persoas adultas) non atopaban nada criticable no comportamento do home. Parecían entender que forzar a situación para obrigar a muller a cambiar un rexeite inicial forma parte do xogo "natural" do galanteo amoroso. Advírtase que, en efecto, esta idea é un tópico da concepción patriarcal e machista do xogo sexual. A muller de ningún xeito pode adoptar un papel activo (iso equivalería a identificarse cunha "puta") e, en consecuencia, o "non" inicial da muller tense que dar sempre por descontado. O "conquistador" masculino sábeo e, xa que logo, a súa habilidade consiste en forzar á muller a recoñecer que, malia o seu "non" ritual, tamén ela o está desexando. Velaquí o extremo e definitivo desposuimento da vontade feminina na construcción patriarcal do afecto amoroso: mesmo o querer da muller só pode expresarse cando é o home quen llo revela e finalmente impón.

Debería resultar innecesario salientar as tremendas implicacións dunha concepción coma esta. Cantas violacións non se terán producido sobre a base

dunha idea tan perversa? Por desgraza, a liberación da sexualidade non actuará contra esa perversión se non vai acompañada dun combate simultáneo contra os valores patriarcais que persisten en concibir a vontade da muller como incapaz de recoñecer o que "realmente" deseja.

OUTRA FORMA DE REPRESENTAR

Asistimos nos últimos anos a unha tendencia a amosar cada vez de forma máis explícita as relacions sexuais nos filmes. O que antes era só exclusivo do cine pornográfico está a ser xa habitual no cine comercial. Non vou entrar agora na análise de se isto é por principio bo ou malo (permítaseme tan só unha breve paréntese: é un erro, en todo caso, considerar que amosar **máis** implica **sempre** unha mellora estética; o cine, como calquera relato, tamén na literatura, implica escoller que se amosa e que se oculta, ou se silencia, e a excelencia estética reside na óptima elección tanto dunha cousa como da outra). Mais parece claro que esta tendencia non vai asociada cunha modificación do punto de vista masculino do que ata aquí vimos falando.

Nun recente traballo, os franceses Gilles Lipovetsky e Jean Serroy (2009) parecen dar a entender que a aparición dunha xeración de realizadoras pode estar a modificar o modo de afrontar a representación da sexualidade, coa incorporación dunha ollada feminina. Pola miña parte, non teño claro que isto sexa así. Os exemplos propostos por estes autores, polo menos, non me parece que sexan os más afortunados neste senso. Filmes como os franceses *Romance X* (Catherine Breillat, 1998) ou *Baise-moi* (Virginie Sespentes e Coralie Trinh Thi, 1999), semellan más ben intentos de demostrar que as mulleres **tamén** poden filmar a sexualidade ao xeito dos homes, isto é, desvinculada do afecto amoroso e reducida á procura dunha inmediata e limitada satisfacción física, mesmo instrumentalizando ao *partenaire*, ainda que neste caso sexa masculino.

Pola contra, hai exemplos de directores homes que teñen amosado unha atención ao punto de vista feminino. Un destes exemplos atópase no filme "Carne trémula", do director manchego Pedro Almodóvar. O primeiro encontro sexual entre o mozo ex preso encarnado por Liberto Barral e a muller casada

A C T U A L I D A D E

<p>que interpreta Ángela Molina constitúe, na miña opinión, toda unha lección de sexualidade que podería merecer ser analizada en clases de secundaria, se non fose por que o explícito das imaxes seguramente crearía reaccións negativas en moitos pais e nais.</p>	<p>desde o primeiro encontro, o acto amoroso resulte satisfactorio e, en calquera caso, é ben raro que sexa a muller quen manifeste expresamente as razóns da súa insatisfacción, e menos áinda que esas razóns se vinculen coa desatención por parte do home aos ritmos que o corpo da muller reclama.</p>	<p>REFERENCIAS:</p> <p>Seyla Benhabib (1990): "El otro generalizado y el otro concreto: la controversia Kohlberg – Gilligan y la teoría feminista." En Benhabib e Cornell (ed.): <i>Teoría feminista y teoría crítica</i>. Edicions Alfons el Magnànim – Generalitat Valenciana.</p> <p>Carol Gilligan (1982): <i>la moral y la teoría. Psicología del desarrollo femenino</i>. México, Fondo de Cultura Económica.</p>
<p><i>Carne trémula</i> (1997)</p> <p>Director: Pedro Almodóvar</p> <p>Guión: Pedro Almodóvar (baseado na novela de Ruth Rendell)</p> <p>Intérpretes: Javier Bardem, Francesca Neri, Liberto Rabal, Ángela Molina, José Sancho, Penélope Cruz, Pilar Bardem</p> <p>Sinopse: Un mozo, que vén de saír de prisión, namórase obsesivamente dunha muller casada cun policía paralítico. Historia de amores cruzados no contexto dunha trama policial.</p>	<p>Se este tipo de secuencias son áinda rarezas na mayoría dos filmes, nos preferidos polos mozos son simplemente inexistentes. A sexualidade, nestes filmes, aparece tan mesturada coa violencia que non parece esaxerado afirmar que ao final responde a un esquema case análogo: a "conquista" da muller desexada é unha modalidade de acción violenta, como o é a conquista da posición inimiga. Sobre a base deste antagonismo, a quien lle pode extrañar que a "eterna guerra dos性os" (frase tan habitual nos comentarios cinematográficos que designa case todo un subxénero dentro da comedia amorosa, desde a clásica "<i>O home tranquilo</i>", de John Ford, ata "<i>A guerra dos Rose</i>", de Danny DeVito) acabe derivando nun parte de baixas semanal? Un parte de baixas no que, ben se sabe, as vítimas só as pon un só dos grupos en "conflicto".</p>	<p>Richard Jackson Harris (1996): "El impacto de los medios explicitamente sexuales." En Jennings Bryant e Dolf Zillmann (comp.): <i>Los efectos de los medios de comunicación. Investigaciones y teorías</i>. Barcelona, Paidós.</p> <p>Lawrence Kohlberg, F. Clark Power e Ann Higgins (1997): <i>La educación moral según Lawrence Kohlberg</i>. Barcelona, Gedisa.</p> <p>Gilles Lipovetsky e Jean Serroy (2009): <i>La pantalla global. Cultura mediática y cine en la era hipermoderna</i>. Barcelona, Editorial Anagrama.</p> <p>Angela McRobbie (1998): "More!: nuevas sexualidades en las revistas para chicas y mujeres." En James Zurran, David Morley, Valerie Walkerdine (comp.): <i>Estudios culturales y comunicación. Análisis, producción y consumo cultural de las políticas de identidad y el posmodernismo</i>. Barcelona, Paidós.</p>
<p>Trátase dunha habitual secuencia en que a muller expresa a súa insatisfacción co home porque este non prestou ningunha atención aos sinais que o propio corpo da muller debe enviar antes da penetración, se pretende que esta non resulte, xa non pouco pracenteira, senón mesmo dolorosa para ela. En cantas películas é posible observar isto? O común é que, xa</p>		

A TIRANÍA DA REALIDADE¹

Este pequeno ensaio é unha colaxe de ideas e ten como pretensión única agrupalas para que sirvan de estímulo para unha reflexión particular de quen as lea. O que subscribe non se considera outra cousa que iso, animador cultural (ou máis modestamente animador, áinda que cante moi mal e desafine con reiteración para abraio dos próximos) e fai o que sabe (ás veces intenta o que non sabe, mais iso acontécelle porque áinda non atopou o seu centro de gravidade).

Espero que se teñen a vontade de o ler até a fin, extraían as súas conclusóns (que ben poden non coincidir coas miñas), que así os quero intelixentes e espelidos, con ideas e reflexóns propias e non se deixando levar polo que diga ou pense o abandeirado.

VIVIR NAS ÁRBORES

Hoxe durante a sesta reparadora do domingo, visitoume aquela personaxe entrañábel de Italo Calvino, o barón rampante, que logo dunha disputa familiar por non querer comer caracois e á idade de doce anos, decidiu vivir o resto da súa vida nas árbores² e dende ali escribir as súas ideas utópicas. Cando unha imaxe vén á memoria un non sabe ben que é o que significa, mais no noso pequeno país sen estado, a utopía

será con certeza vivir nas árbores, é dicir, soñar cadaquén a nosa propia utopía e tamén, porque non a utopía colectiva e dedicarlle ao empeño as forzas coas que a nosa natureza nos agasallou. Noutras palabras, que cadaquén atope o seu centro de gravidade e que o atopemos tamén como comunidade.

A procura do centro de gravidade –unha preocupación particular– pasa pola identificación do noso lugar de equilibrio. No noso caso como comunidade (interior e exterior) non é outro que a lingua común, a que nos é propia e a que non debemos renunciar. Algunxs (máis dos que quixeramos) non o ven así e persisten na idea de eliminar a lingua de noso da educación e das manifestacións culturais, que pretenden substituír por unha cultura importada, supostamente máis «avanzada».

E CANDO NON QUEDEMOS NINGÚN, VOLVEN OS ROMANOS?

Hai pouco máis ou menos un mes, visitando a un amigo de tempo, contoume unha anécdota que me abraiou de vez, pola percepción que se colixe da historia en láminas, coma se do milfollos se tratase. Resulta que un seu fillo que non terá máis de seis anos, erguera unha noite do

leito atacado por unha dúbida esencial. O neno preguntoulle ao pai: e cando morramos todos, todos, e xa non quede ningún, volven os romanos? A propia idea de que vaian acabar con nós paréceme imposible a curto e medio prazo, mais coa forza que ten no noso tempo a sen razón, que non fai más que medrar, non me estrañaría que algún día o conseguisen. Daquela as tropas romanas ao mando de Décimo Feijoo pasarían outra vez o Leteo (Limia), o río do esquecemento, e comezarían o saqueo e a pillaxe do que das e dos galegos quede. Converteríamonos (xa van por aí as cousas, xa están mollando as canelas no auga) nunha provincia asimilada ao seu imperio³ que nunca foi tal.

Para evitalo hai que facer como aquel porquiño sabio que aparecía no conto infantil que construía a súa casa con ladrillo e non con palla ou con madeira como os seus irmáns. A casa común –ben o saben– é a lingua e o seu engrandecemento é hoxe máis que nunca unha tarefa común, comezando polas e polos escritores, artesáns da lingua que nos é propia.

O COLONIALISMO INSIDIOSO

Non sei se existe unha definición canónica de colonialismo insidioso, máis vou

tratar de explicar cal é o concepto que eu manexo, coa esperanza de que se este concepto fose errado, algunha persoa das que me le, presente argumentos encontrados ou precisóns académicas, que para iso estamos para aprender día a díía.

Se cadra non lles gusta a verba, «colonialismo», que reservan, tal vez, para situacións de conquista a lume e ferro (África e Sudamérica como paradigmas) seguidas dunha imposición pola forza de usos e costumes. Se cadra prefieren «asimilación», «dominación» ou outras como «adhesión» ou «invasión». Non vou entrar en polémicas por unha verba de más ou de menos.

Eu entendo por colonialismo insidioso aquel no que a e o colonizado (o asimilado, o invadido, o adherido, o dominado) se vai convencendo progresivamente da bondade natural do colonizador, que impón a súa cultura (a súa lingua, as súas leis, a súa relixión, etc) polo ben do malpocado do colonizado, para que este saía do seu atraso secular e se incorpore ao mundo contemporáneo, assumindo os valores éticos e morais do colonizador. É insidioso, pois vai avanzando de pouco a pouco (no noso caso leva gañando terreo dende que perdimos a nosa independencia como comunidade separada, xa van alá máis de cinco

séculos), non ten grandes fitos históricos, senón que vai gañando as vontades dos colonizados devagar (ás veces ese ritmo se incrementa ou descende, como en todos os procesos crónicos).

Evitar o dano feito é difícil, pois hai algúns «outeiros»

perdidos para sempre no avance das tropas inimigas pola complicidade dos traidores, máis impone a «resistencia activa», comezando pola lingua, pola negativa a que calquera funcionario (da sanidade ou da educación, do transporte ou do




A C T U A L I D A D E

<p>escritorio do Concello) intente que mudemos o noso rexistro lingüístico. Ser conscientes da riqueza do noso xeito de ver o mundo (a nosa lingua, espello do noso xeito de pensar) e actuar en consecuencia sen submisiones.</p> <p>UN PAÍS, DOUS SISTEMAS?</p> <p>Deixen que derive cara ao eido da bioloxía, onde, por razóns de formación desenvólvome com certa soltura conceptual. Entre as relacións tróficas secundarias, unha das más interesantes ao meu parecer é a de «símbiose», aquela onde a asociación entre dous organismos adoita resultar beneficiosa para os dous⁴.</p> <p>No noso país sen estado (Galiza, xa saben) coexisten dúas comunidades culturais que se ollan de esguello e apenas se relacionan entre elas. Están os que asimilados ao cen por cen pola «cultura española», pensan e viven cos únicos referentes da cultura castelán, ignorando cando non desprezando todo o que soe a «cultura galega». Por suposto falan un castelán deplorábel como se lles tivesen transplantado a lingua de pequenos, cunha sintaxe e unha pronuncia que son regularmente obxecto de escarnio no resto do Estado español (onde, por certo a pronuncia andaluza é «simpática» e a galega «atrasada»). Tamén existe a banda</p>	<p>contraria, refractaria a todo o que veña presentado como «cultura española» (enténdese na mente do que sofre marxinación, mais nin sempre é unha idea progresista).</p> <p>Ante esta manifestación de intolerancia biunívoca (xa sei que desproporcionada e máis agresiva dunha banda que da outra) unha actitude posíbel é a de tender pontes, tentar a «vía diplomática», o diálogo e o pacto sen renunciar ás posicións que consideramos xustas, sen ceder nin un milímetro nos sinais de identidade. Traballar nunha cultura común de non confrontamento. Isto é certamente utópico tendo en conta a desproporción de forzas (sobre todo económicas), mais a realidade se impón e se queremos vivir en paz teremos que nos entender cos nosos (por moi ruíns que nos parezan «os nosos»).</p> <p>GREGARISMO E MIMETISMO</p> <p>Segundo no eido da bioloxía, comentarei en senso amplio o que se entende por nicho ecolóxico, ou lugar que unha especie ten de seu no interior dun ecosistema. Segundo Hutchinson, o «nicho» sería un hipervolume de «n» dimensións (variábeis ecolóxicas) nas que un organismo pode vivir e substituírse a si mesmo. Deixemos a segunda parte –a da</p>	<p>substitución- polo momento, pois na sociedade occidental a reprodución está pasando de ser «norma» a constituir máis ben «excepción», un «comportamento alternativo», mais non maioritario, como indican as taxas de reproducción claramente descendentes e o número de fogares unipersonais.</p> <p>Esas variábeis teñen que ver coa relación (interacción) do individuo co medio: o malestar na cultura propia, a fascinación polo foráneo, (que logo pode xerar reaccións positivas ou negativas), a imitación das entendidas como culturas, sociedades ou individuos de éxito (relación privilexiada cos medios de comunicación, bonanza económica, imaxe icónica), e na fin o gregarismo como corolario destas actitudes miméticas.</p> <p>O gregarismo mimético manifestado, por exemplo, nos macro-concertos, nas manifestacións multitudinarias a prol de causas que amalgaman vontades por razóns diversas, as manifestacións deportivas (o fútbol e as Olimpíadas, como paradigma), resultan dunha «inseguridade de pertenza», dunha negación como minoría, dun «desexo de poder» exorcizado por intermedio da imitación daqueles aos que se lles supón unha posición de privilexio.</p>
A C T U A L I D A D E		

A comunidade convértese así nunha especie de sociedade de "simbiontes," que viven xuntos sen se facer dano (ou cando menos sen percibir o dano), que raramente protestan e case sempre se mostran neutrais, apolíticos, sen opinión formada, recorrendo a lugares comúns para manifestar as súas emocións, que non son básicas nin primitivas, senón simplemente non elaboradas, coma se os cerebros estivesen desconectados ou existise unha vontade colectiva, para non pensar, para non actuar, para se resignar a un sistema único de valores e pensamentos, onde a incerteza das leis do mercado domina as vidas das e dos ciudadáns sen que estes poidan reaccionar. Certo que, dalgún xeito para se lexitimar, os mecanismos de control destas sociedades permiten (toleran) unha certa dose de parasitismo social en forma de minorías (étnicas, lingüísticas, relixiosas, de comportamento, etc) ou poboacións marxinais.

Dante desta situación e para preservar o noso xeito de entender o mundo sería bo persistir na afirmación da nosa «singularidade», sen que isto signifique non ter intercambios porosos con outras culturas abrindonos a novas experiencias, sen renuncias nin submisións.



A ARTE DA GUERRA: SUBMARINOS E INFILTRADOS

Hai media ducia de anos que lin «A arte da guerra» de Sun Tzu, estratego chinés do século IV⁵ antes «da nosa era». Nas súas reflexións verbo da confrontación na batalla a un inimigo máis poderoso en recursos e máquinas de guerra, ademais das técnicas

de «guerrilla» para cultivar a técnica do dano selectivo sobre certos puntos sensíbeis das tropas inimigas, debilitando a súa estrutura e creando unha sensación de que somos máis fortes do que en realidade somos e minando así a moral do inimigo, gaba sen arroubo o valor dos infiltrados nas filas inimigas e o

seu rol fundamental para crear nelas a confusión e a desorde.

Así entendo eu que isto é unha guerra (non convencional, por suposto) entre dous mundos ou no interior dunha sociedade esgazada) e por iso precisamos pilot@s e ideoloxía, exércitos afoutos e subcomandantes espelidos, estratexias ben marcadas e batallas singulares. Pasou a xeira dos comunicados, da atomización da reacción fronte á aldraxe e ainxustiza, da inocencia esmagadora de vontades. Só así, na brega cotá atoparemos o noso centro de gravidade para camiñar erguid@s e insubmis@s no camiño da nosa liberación.

Remato aquí esta colaxe de pensamentos esgazados, que seguramente estará inzada de contradicións, máis nesa dialéctica nos movemos, pois as contradicións son parte inherente á natureza humana (individual e socialmente). As contradicións, o fuel das nosas vidas, con máis preguntas que certezas.

Espero que se tiveron vontade de ler até a fin, extraían as súas conclusións (que ben poden non coincidir coas miñas), que así as⁶ quero intelixentes e espelidas, con ideas e reflexións propias e non se deixando levar polo que diga ou pense o abandeirado.

NOTAS

1. O título destas reflexións chegou dun recuncho da memoria que me trouxo un libro do mesmo nome (*La tyrannie de la réalité*) da autoría de Mona Chollet, xornalista suíza publicado en Gallimard en 2004.

2. A novela está ambientada no século XVIII o que permite á personaxe de Calvino viaxar por Europa pasando dunha árbore a outra.

3. O chamado «Imperio Español», onde non se poña o sol, non foi senón o xeito no que unha póla dos Habsburgo afrontou a xestión dos seus amplos dominios, gobermando desde Castela, como ben explica José María Rido nunha súa colaboración aparecida no Diario «El País» o 30 de Agosto de 2009 baixo o título : «¿Que fue de la Leyenda Negra?»

4. Hai varias definicións de «símbiose» na literatura que eu manexo, mais vou recoller aquí a que a mí me semella atinada. «É a asociación de dous organismos que se benefician mutuamente sen ningún prexuízo. Os casos de símbiose poden ser permanentes, onde os organismos participantes reciben o nome de «símbiontes». Algunhas especies son tan dependentes entre elas que ningunha das dúas pode sobrevivir por si mesma. É o caso dos líquens onde a alga subministra enerxía e o fungo aporta soporte e protección. Hai moitos exemplos e non en todos eles unha compoñente aporta a enerxía e outra a estrutura, mais este é un exemplo canónico. Se dous organismos que viven en símbiose poden separarse e vivir independentes dise que esta relación é facultativa.

5. Algunhas fontes sitúano na época Wu, no século VI antes da nosa era. Sexa como sexa, o seu libro é deses que non envellecen co tempo e poden ser lidos con proveito na actualidade.

6. O feminino vai aquí posto á mantenta, pois a confianza nesta guerra téñoa eu posta na punta de lanza da nosa cultura e da nosa rebeldía (que sen desmerecer aos membros do meu sexo) véxoa máis do «lado feminino», *whatever that means*

A ALTERNATIVA ESTÁ AQUÍ

AS MULLERES DO SUR COMO INNOVADORAS DA ECONOMÍA

A CRISE, QUE CRISE?

Se hai unha palabra que marque o momento actual esta é, sen dúbida, a da crise. Hai moitas palabras no aire para describila e analizala, pero en realidade de que crise estamos falando? Se crise significa etimoloxicamente ruptura ou cambio, é iso realmente o que estamos presenciando ou simplemente a constatación da continuidade económica? Hai décadas que diferentes movementos sociais falan da necesidade de romper co sistema económico actual, baseado no beneficio e un suposto crecemento sen límite, no consumo como motor da economía e nunha cantidade enorme de contradiccións dende o punto de vista do ás veces libre e outras non tan libre mercado. Sexa ben dende o punto de vista da supervivencia ambiental ou dende o punto de vista dos dereitos das persoas, está claro que o sistema económico mundial presentaba antes de 2008 numerosas e terribles lagoas que chamaban a berros por unha ruptura, por unha auténtica crise. Para moitas semellaba estar más que claro que se algo produce o actual sistema económico son persoas pobres, coa maioría da

poboación mundial en situación de mera supervivencia e cunha marcada división de xénero desa pobreza.

Se consideramos que antes de 2008 eses 1200 millóns de persoas, o 70% delas mulleres, xa estaban en tales situacions, resulta sumamente paradoxal falar agora dunha crise económica no sentido dunha situación de falta de liquidez, desemprego e precariedade, como se esta fose o produto dunha serie de circunstancias saídas da nada, concretas e limitadas no tempo. Se cadra o que acontece nestes momentos é que a producción de pobreza chegou finalmente aos centros que a xeran, aos centros que se moven nunha economía do ficticio, xogando con ela coas vidas das persoas. Se algo demostra a "crise" actual é que precisamente a economía é un construto, baseado nunhas determinadas maneiras de pensar e como cómpre antes de nada cambiar as maneiras de pensar para poder provocar unha verdadeira ruptura e rematar finalmente coas nefastas consecuencias do sistema económico mundial.

Isto é algo que o pensamento feminista leva poñendo de manifesto dende o principio do seu traballo na crítica á teoría económica. A sufraxista británica Millicent Fawcett xa comezara a

poñer en dúbida de xeito máis que práctico alá polo 1918 os conceptos manexados habitualmente na economía e a reclamar a igualdade salarial para as mulleres, algo que continúa sendo un problema material que parte do imaxinario. As mulleres mesmo sorprenderon aos economistas occidentais ao saír do fogar e comezar a traballar remuneradamente nos anos de bonanza económica posteriores á segunda guerra mundial. Só as feministas se deron conta do errado do propio razonamento, dado que se entendía como unha anomalía que as mulleres traballasen fóra da casa, e non como un dereito e unha porta de acceso á independencia económica. A todo isto, en calquera caso, subxacia e subxace un ideal de xénero, de clase social e raza combinado. Concibir a economía só como os aspectos que teñen que ver cunha remuneración ou ingresos deixaba fóra todas as actividades do coidado sen as cales o resto do sistema non pode funcionar. Estas actividades, claro está, permanecen invisibles pola súa asociación co privado e co feminino. Por outra banda, a ficción da muller doméstica non é más ca un construto de clase social e tamén de raza dado que as mulleres de clase social baixa, as escravas, as inmigrantes sempre traballaron no eido

público. Outras probas da economía como construto no campo do traballo teñen que ver coa concepción, por exemplo, dos traballos que as mulleres supostamente poden ou non poden facer. En occidente o ideal indica (contra as probas empíricas do traballo labrego ou industrial, por exemplo) que as mulleres non poden facer traballos pesados, mentres que en gran parte da África subsahariana acontece o contrario e o ideal indica que as mulleres deben ser (nun dito etíope) "como mulas", capaces das más duras tarefas físicas. Noutros países, como a India, a teoría da domesticidade relacionada coa clase social e o xénero está en plena vixencia, como comentarei máis adiante.

Así, o traballo non remunerado das mulleres ficou invisible e tamén o traballo remunerado dado que ata época moi recente e ainda en moitos países este se consideraba un "mal menor" ao que as mulleres tiñan que fazer fronte para compensar a economía familiar. Esta idea segue plenamente vixente na nosa sociedade, se ben enmascarada, e precisamente sae á luz en situacions de recesión económica como a actual, na que por vías indirectas se intenta devolver ás mulleres á casa para que o traballo quede libre para quem realmente o merece: os



homes. Así, tenden a reforzarse medidas que permiten ás mulleres "regresar" ao traballo remunerado despois de criar á súa descendencia ou amplíanse os permisos de maternidade. Estas medidas nacen como un apoio social á familia pero vista a estrutura social sexista, teñen tamén outras implicacións como as que comentamos, dado que ao final son case en exclusiva as mulleres as que se acollen a tales programas, abandonando o seu

traballo remunerado e permitindo aos homes pola contra seguir avanzando no marco da estrutura económica competitiva.

As economistas feministas, moitas delas presentes na *Rede Internacional de Xénero e Comercio* promovida por UNIFEM levan reclamando dar visibilidade a como os fluxos de capital inflúen no doméstico, enfeblecendo a situación das mulleres. Unha medida habitual en épocas de

A C T U A L I D A D E

recesión é o recorte social, algo que leva acontecendo décadas nos países en vías de desenvolvemento por imperativo do Banco Mundial e os seus Plans de Axuste Estrutural, que son unha condición necesaria para recibir crédito. Estes Plans desmantelaron os sistemas de apoio público (sanitario, de servizos sociais, etc.) e novamente isto obriga a que as mulleres se vexan sobrexagadas cos traballos non remunerados e teñan que limitar o seu tempo de traballo remunerado, sobrexagarse de empregos e en xeral empobrecerse de forma considerable.

Todas estas consideracións e moitas outras veñen xa de vello pero están moi lonxe de integrarse nas teorías económicas mundiais. Nin sequera o marxismo na súa vertente económica foi capaz de aplicar os seus conceptos con fluidez á situación das mulleres e a tensión entre o marxismo e o feminismo mantívose con encontros e desencontros ata a actualidade.

A economía, pois, é moi máis ca unha cuestión de cartos e o mesmo acontece coa pobreza. É todo un sistema que encaixa no resto de marco de interpretación da realidade desenvolvido polas diferentes sociedades e que en todas vén marcado claramente polo xénero. Na cooperación ao

desenvolvemento leva décadas asumíndose que ter cartos é sair da pobreza e mellorar en todos os sentidos, pero o traballo en xénero e cooperación puxo de manifesto que isto está moi lonxe de ser certo. Se ben non pode negarse que o acceso a recursos (non só monetarios senón de toda índole: educativos, sanitarios, etc.) é un requisito fundamental para o desenvolvemento humano perdurable segundo a definición das Nacións Unidas, tampouco pode negarse que non é unha condición suficiente. As mulleres demostran que son moitas as facetas que deben cumplirse para poder avanzar, e non só a pecunaria. O discurso occidental da emancipación económica das mulleres, que é o resultado dunha mala dixestión das críticas feministas polo sistema patriarcal, foi trasladado acriticamente ás sociedades do sur, con resultados nulos. A India é un exemplo paradigmático estudiado por Amartya Sen e Jean Drèze onde se ve que tanto maior poder adquisitivo teñen as mulleres, maiores problemas de xénero se lles presentan, con fenómenos como o dote ou o infanticidio feminino, moito más exacerbado entre as clases altas que as baixas. Entre outras causas porque as mulleres non son moitas veces donas dos seus cartos, senón que mesmo nos casos en que traballan de forma

remunerada, entréganos á familia. E a familia é ese ente pechado e mal entendido da economía, que se concibe como un todo no que hai unha harmonía baseada en certas funcións básicas e que só Sen foi capaz de desmontar falando da familia como un espazo de negociación onde hai importantes desigualdades de poder. Isto non é un dato irrelevante se temos en conta que a maioría das medicións da pobreza se fan por fogar e polo tanto invisibilizan quen dentro dese fogar ten acceso aos recursos. As mulleres producen moitos recursos pero poucas veces teñen control sobre eles e menos veces áinda son visibles nas cifras e nos datos.

A pobreza é pois un macrofenómeno que ten que ver coa concepción da economía e pola outra a nivel micro é unha cuestión multifactorial que non pode solucionarse só con intervencións de tipo económico e que no fondo está permeada, como todo, polo xénero. Ser pobre é ser invisible, e a invisibilidade adopta moitas formas. Por unha banda, ignórase o feito de que as mulleres traballan desde sempre no mercado, pola outra non se computa a súa contribución á economía no non remunerado e doméstico e finalmente está a súa

ACTUALIDADE

<p>invisibilidade na teorización da economía.</p> <p>Mais hai unha outra invisibilidade se cadra non detectada, relacionada e produto de todas as demais, que é ser invisible nos logros. E diso falarei na seguinte sección. Porque as mulleres dos países do sur, que padecen unha invisibilidade exacerbada, levan décadas traballando noutra economía posible pero ningúén deste lado do mundo o sabe porque nin se considera que sexan capaces de xerar coñecemento. Tanto os centros de coñecemento como os de toma de decisións políticas como as instancias non gobermentais ignoran de xeito recorrente os logros e iniciativas das poboacións do sur e dentro delas das mulleres, ou as consideran algo anecdótico e sen validez noutros contextos (civilizados, desenvolvidos, superiores, en suma). Porén, hai unha estratexia que está cambiando a face da economía feita polos homes en moitos países ata tal punto de afectar o propio sistema bancario.</p> <p>A ALTERNATIVA ESTÁ AQUÍ (ALÍ)</p> <p>Seguramente podemos determinar que foi o traballo do premio Nobel Muhammad Yunus en Bangladesh sobre o microcrédito o que entornou en</p>	<p>primeira instancia a porta a unha nova maneira de entender as relacións monetarias. Yunus decatouse de que en moitos casos a diferenza entre a supervivencia e a vida para as persoas pobres viña marcada polo acceso a unha cantidade de cartos ínfima que se precisaba como capital para poder poñer en marcha ou expandir un negocio. Os cartos eran tan poucos que ningún banco os había emprestar e ademais as persoas que os precisaban non podían presentar aval ningún, tampouco enfrentarse aos complexos funcionamientos do sistema bancario (con moita letra escrita, inaccesible para persoas analfabetas, xa non falemos de avais e outros requisitos). En particular as mulleres padecían este problema no seu extremo, tendo que pedir préstamo á usura para poder mercar as materias primas para o seu negocio, sen capacidade de poder máis que tomar préstamos que tiñan que devolver no mesmo día e que impedían unha expansión do negocio existente. Así, comezou a traballar nunha idea revolucionaria con moitos esforzos, que era que as persoas pobres e en particular as mulleres, tiñan capacidade de aforro e de devolución de crédito. Isto, obviamente, ía en contra da concepción da banca tradicional que parte da premisa de que só obtén cartos quen xa os ten. O</p>	<p>traballo de Yunus co <i>Grameen Bank</i> demostrou que era posible outra forma de acceso ao capital baseado na solidariedade e no recoñecemento das capacidades das persoas. Ademais, a práctica deixou fóra de dúbidas que precisamente as persoas pobres, e dentro delas as mulleres, son as que menos taxa de impagamentos presentan, porque para a maioría delas o primeiro crédito é a diferenza entre a miseria absoluta e unha vida de dignidade. Yunus demostrou empiricamente o que ía en contra da "lóxica" do capital. O traballo do microcrédito desenvolveuse a partir de entón na contorna bancaria, con <i>Instituciones de Microfinanciamiento (IMF)</i> que se centraban en emprestar cartos a persoas pobres sen aval sempre e cando se cumprisen unha serie de condicións. As IMF convertéronse en bancos sen fins lucrativos que moitas veces eran impulsados inicialmente por algúnhha ONG, que era a que puña o capital de base.</p> <p>Mais axiña se comenzaron a ver algumas lagoas neste traballo (falta de acceso á pobres de entre pobres, falta de enfoque de xénero) e foi máis adiante na India onde apareceu unha versión moi más integradora e global do acceso aos recursos, dunha forma claramente definida dende as mulleres. Hai máis de vinte anos</p>
A C T U A L I D A D E		


puxéronse en marcha os primeiros grupos de aforro ou grupos de autoaxuda (SHG na súa sigla en inglés). Para resumir brevemente, un grupo de aforro son unhas 15-20 mulleres que se reúnen de xeito semanal ou mensual para aforrar unha cantidade que elas deciden e que adoita ser inicialmente ínfima. Se ben o aforro individual sería inútil, cando se une co das demais mulleres constitúe unha cantidade suficiente para que as integrantes poidan tomar préstamo do grupo eilo devolvendo en pequenas

cantidades e con prazos e xuros decididos por elas mesmas. O ciclo da riqueza ponse en marcha dado que as mulleres poden investir no seu negocio, o cal lles dá máis ingresos, o cal aumenta a súa capacidade de aforro. O resumo é unha forma endóxena de crecer economicamente na que o apoio externo se centra na formación e apoio no uso da metodoloxía, pero os cartos e os esforzos son mérito exclusivo das mulleres. Porén, os grupos de aforro son unha experiencia que vai moito máis alá do puramente

económico, exactamente igual cá economía. Son unha maneira diferente de entender as relacións humanas e as potencialidades das persoas, unha base dende a cal cambiar a desigualdade de xénero.

A mentalidade é totalmente a contraria á do capitalismo, o que se busca é fronte á competitividade, a colaboración e a inclusión. Por poñer un exemplo, un grupo de aforro de Ruanda decidiu poñer en marcha unha gardería. Para podela manter precisaban que quen mandase as criaturas pagase unha cota, o cal podía ser excluínte en principio pero a cota que estableceron era tan baixa que abrangía a todas as persoas da súa comunidade, mentres que as que tiñan máis posibilidades se comprometeron a pagar máis.

Os grupos de aforro teñen o potencial de levar á práctica as críticas feministas á economía, combinando os aspectos referidos aos recursos dun xeito sustentable con cuestiós de tipo social. Como xa comentei, os fondos son propios, o cal dá ás mulleres un sentido non só de propiedade senón de potencialidade para facer cousas e restableceren na comunidade o seu poder. Por outra banda, as xuntanzas periódicas establecen un sentido de solidariedade entre as súas integrantes, de apoio



ACTUALIDADE

<p>mutuo e de prácticas democráticas, dado que todas as decisiones se toman conjuntamente. Os grupos conseguem darles visibilidade ás mulleres dentro da comunidade e tamén crear unha sensación de apoio mutuo. Ao longo do tempo con capaces non só de poñer os seus negocios e recuperar algo de espazo económico na familia, senón de intervir en cuestións como a violencia de xénero dun xeito colectivo. De feito, despois de quince anos de experiencia no traballo con esta metodoloxía en tres países diferentes (a India, Etiopía e Ruanda) queda claro que os cartos non son o fundamental para a maioría das mulleres dos grupos, senón o sentido do colectivo, de traballar xuntas por unha causa común. O acceso aos cartos e ao traballo remunerado, como ben demostra a experiencia occidental, é só unha parte da ecuación da igualdade de xénero. O microcrédito amosou que se unha muller só ten acceso aos cartos pode que non os controle, que teña outros problemas (como a violencia de xénero) que lle impidan utilizarlos ou que co incremento de cartos os dirixa a cuestións como o dote ou outras prácticas nocivas. Por iso é tan importante que os grupos estean integrados, como veremos nun intre, en estratexias de desenvolvemento más amplas que teñan como pedra angular o</p>	<p>enfoque de xénero. O traballo desde o xénero impide que se faga un "uso" das mulleres, algo habitual na cooperación ao desenvolvemento e con consecuencias nefastas para o imaxinario. Ese uso consiste en argumentar non que as mulleres teñen dereitos humanos, senón que precisan de alguma outra razón engadida para acceder a recursos básicos. Así, ómimos campañas que defenden "educar unha muller, educar a un pobo" (como se as mulleres como individuas non tivesen dereito á educación e houbese que argumentar que educan ás familias, reforzando así o seu papel de xénero sen cuestionalo) e tamén no caso do microcrédito e dos grupos de aforro, que as mulleres son más fiables (algo empíricamente demostrado, iso si) na devolución dos créditos e que sobre todo invisten na familia e non en si mesmas, que é o que adoita acontecer no caso dos homes. Pode que as mulleres invistan na familia mentres que os homes desbaldean os cartos, pero esta non pode ser a xustificación de por que a metodoloxía traballa coas mulleres. A xustificación é traballar con quien está máis excluída, e as mulleres estano moito más que os homes, e tamén a busca da transformación das desigualdades de poder entre homes e mulleres. Así, os grupos dan ás mulleres independencia</p>	<p>económica (non son dos seus homes senón tamén da usura) e capacidade de acción colectiva e política. Por outra banda, o lóxico sería traballar en medidas para que os homes invistan na familia e non asumir que ese é o estado desexable das cousas, o cal evitaría situacións constantes de pobreza extrema. Cómpre non confundir os papeis sociais de xénero coas motivacións dos programas pero son moitas ONGs e institucións gobernamentais que ainda o fan porque traballar desde o xénero implica antes de nada que a propia institución debe de ser crítica coas formas de traballo tamén no seu país e non utilizar o "xénero" como unha ferramenta que se lles aplica ás outras e non a unha misma. E para isto non queda outra alternativa que traballar desde o feminismo, cousa que na cooperación ao desenvolvemento é máis que nada unha rareza a nivel mundial. Ainda así, en Galicia contamos cunha destas rarezas, da que falarei a continuación.</p> <p>IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO. OS GRUPOS DE AFORRO DENDE O FEMINISMO.</p> <p>Hai xa once anos o descontento coa forma de traballar en cooperación dende diferentes puntos de vista confluíu</p>
---	---	---

ACTUALIDADE



en Galicia na creación de *Implicadas no Desenvolvemento*. Por unha banda estaba a falta dun proxecto de organización propiamente galega, cuns obxectivos que transcendesen o anecdótico e os microenfoques. Pola outra, o descontento coas formas de traballar das ONGs internacionais e estatais no campo do xénero e no enfoque xeral da cooperación como un exercicio de xustiza e non de caridade. Así naceu Implicadas no Desenvolvemento no ano 1998 co obxectivo de erradicar a pobreza como estrutura, dende as súas raíces, e dende o xénero. Isto

quere dicir que a organización entende que non se pode falar de desenvolvemento se o 50% da poboación padece discriminación e polo tanto cómpre transformar as estruturas de base das sociedades para cambiar estas desigualdades de poder primixenias. O traballo dende o enfoque de xénero significa unha análise dos problemas dende o punto de vista das mulleres, un recoñecemento dos seus saberes e potencialidades e un pulo á transformación dos papeis de xénero existentes, implicando aos homes en actividades tradicionalmente femininas e

incidindo en problemas de enorme gravidade e presenza como a violencia de xénero, que adoita polo xeral quedar fóra da cooperación ao desenvolvemento. Na actualidade Implicadas conta con máis de 100 persoas voluntarias en Galicia, o 95% delas mulleres, unha xunta directiva integrada en exclusiva por mulleres e traballa no Sur con máis de 200.000 persoas.

Implicadas leva traballando once anos coa metodoloxía dos grupos de aforro, primeiro na India e desde 2003 en Etiopía onde foi pioneira, coa organización alema *Kinder-Not-Hilfe* na introdución desta metodoloxía de traballo por primeira vez no país. Dende os seus inicios a organización traballa para que as mulleres poidan ser independentes, para que as intervencións sexan sustentables (é dicir, para que non precisen dun apoio económico ao cabo duns 3-4 anos) e para que partan das decisións, valoracións e accións das propias mulleres e comunidades. Implicadas entende tamén o traballo cos homes como un traballo de sensibilización e de cambio de papeis, integrado no resto de intervencións. A diferenza doutras organizacións, porén, Implicadas entende os grupos de aforro como unha metodoloxía que debe integrarse en intervencións más amplas onde sexan fundamentais os

A C T U A L I D A D E

<p>traballos en sensibilización de xénero, educación, sanidade e promoción laboral para poder poñer as mulleres nunha situación de exercer as súas potencialidades económicas, sociais e políticas.</p> <p>O TRABALLO NA INDIA</p> <p>A India é o país de orixe dos grupos de aforro e é o lugar onde a aprendizaxe se refina e onde se poden comprobar ao longo dos anos o fondo impacto dos grupos non só xa nas vidas individuais senón no propio sistema bancario, que se viu na obriga de tirar produtos de crédito específicos para os grupos e de aceptar que as súas clientas teñen moitos cartos pero que estes rara vez están na conta. Os grupos que funcionan ben rotan o seu fondo e non permiten a especulación bancaria co seu diñeiro, nada máis usan os bancos como unha caixa forte ou unha fonte de acceso a crédito maior no caso de precisalo. Tamén dende o goberno se impulsou a posta en marcha dos grupos como estratexia de erradicación local da pobreza.</p> <p><i>Implicadas</i> completou tres proxectos e ten dous máis en marcha no país. Os tres últimos funcionan no estado de Tamil Nadu coa organización local <i>People's Development Initiatives</i>. Os grupos de aforro utilizanse</p>	<p>como parte das estratexias integrais dos proxectos. No caso do último programa rematado, Desenvolvemento Urbano en Tiruchi (2004-2007), as mulleres dos máis de 100 grupos creados pasaron de vivir por debaixo do limiar da pobreza (un dólar ao día) a ser capaces de xerar máis de 65.000 euros de xeito colectivo. Pero isto non é só un feito abraiente (sobre todo tendo en conta que <i>Implicadas</i> investiu unha media de 20.000 euros por ano en todas as actividades do proxecto, que incluíron educación, sanidade, sensibilización de xénero, capacitación laboral, etc.) senón que os grupos foron a base social para que as mulleres se fixesen donas das súas vidas individuais e colectivas. Isto podemos veo con numerosos exemplos. Por unha banda, os grupos encargáronse de mellorar as condicións de vida xerais dos seus suburbios (que xa non poden chamarse así), investiron nas súas vivendas, organizaron a comunidade para limpar os suburbios e coidar do medio, reclamaron das autoridades electricidade, auga e propiedade da terra onde se asentaban as súas casas. Fixérónse donas tamén de todas as actividades do proxecto, con capacidade para contratar ao persoal que segue impartindo as clases de apoio para criaturas e de alfabetización para mulleres, organizan cursos e</p>	<p>campañas de sensibilización sanitaria e de xénero. O proxecto foi formando non só ás mulleres senón tamén aos homes, sobre a importancia de cambiar os papeis de xénero. De aí que na celebración do último 8 de marzo as mulleres fosen capaces de organizar unha gran marcha e accións que incluíron a presentación do colectivo <i>Homes pola Igualdade</i>, que reúne a voluntarios dos suburbios comprometidos coa igualdade de xénero. As mulleres do proxecto pasaron de non saír da casa máis que para traballar a presentarse ás eleccións locais.</p> <p>A metodoloxía dos grupos de aforro foi integrada tamén no noso proxecto áinda en marcha (comezou en 2007) de erradicación do infanticidio feminino, onde se traballa sobre todo as bases do fenómeno (a desigualdade de xénero) a través de campañas e asesoramento individual ás familias pero onde tamén se viu necesario o traballo colectivo no económico e no social que permiten os grupos de aforro.</p> <p>Os grupos de aforro demostran que os cartos sós non solucionan a desigualdade. Por iso cómpre que os grupos funcionen dende un auténtico enfoque de xénero, integrando outras actividades e mensaxes.</p>
A C T U A L I D A D E		

O TRABALLO EN ETIOPÍA

Os grupos de aforro supoñen aquí un cambio de mentalidade. Etiopía, como a totalidade da África subsahariana, padece as consecuencias da mala cooperación e tanto as organizacións como a cidadanía atópase nunha importante mentalidade de dependencia, agardando recibir bens ou servizos por parte de fóra. Ademais a isto hai que engadirlle un clima de importante inestabilidade política que fai que se dean cambios constantes nos marcos de referencia e tensións de diversa índole no traballo colectivo.

Cando *Implicadas* comezou a traballar con esta metodoloxía en 2003 fixoo a nivel experimental con dous pequenos proxectos piloto, un en Addis Ababa e outro en Mersa, na zona de North Wollo, a 490 km da capital no corazón da montaña etíope. Ambos proxectos deron paso a dous programas que se manteñen na actualidade neses dous lugares con importantes resultados. Aínda que o cambio de mentalidade de dependencia segue a ser un desafío en Addis Ababa, o proxecto de Mersa amosou xa resultados abraiantes. As mulleres dos 84 grupos creados foron capaces de aforrar case 45.000 euros e pasaron de ter como

moito un pequeno posto no mercado local a contratar camiños para poder traer o gran ao mercado dende o campo. Mais se cobra o cambio máis abraiente de Mersa sexa o da actitude dos homes, moitos deles ausentes e despreocupados das súas familias no pasado, que de repente comenzaron a ver a importancia de que as súas mulleres participasen no grupo e de aí tamén o seu interese nas actividades e mensaxes do resto do programa. Pasaron de utilizar a violencia para

impedir a súa participación nos asuntos comunitarios a felicitá-las publicamente polo seu traballo. Este cambio foi impulsado loxicamente polo proxecto a través dos diálogos familiares, unha estratexia que utiliza o diálogo como base para cambiar as mentalidades. As mulleres entenden agora os seus problemas como colectivos e vinculados á construcción social, o cal as leva ao traballo diario pero tamén ao simbólico, negándose a mutilar ás súas fillas e dialogando



A C T U A L I D A D E

con quen as rodea para cambiar a práctica. Como demostran as súas celebracións do 8 de marzo, a convicción de que unha muller soa só pode arreponerse parcialmente á sociedade, pero colectivamente si pode cambiala está arraigada grazas aos grupos.

CONCLUSIÓN

Sen o traballo crítico dos feminismos no campo da economía e da invisibilidade das mulleres sería imposible o desenvolvemento de estratexias prácticas para poder arreponerse a estes fenómenos. O traballo de *Implícadas* no campo dos grupos de aforro demostra que é posible construir unha ponte entre estes dous extremos e cambiar as circunstancias de pensamento e tamén as materiais de forma coordinada para o beneficio das mulleres e das sociedades en xeral. Este labor resultou ser tan innovador e impactante que a organización alemá *Kinder-Not-Hilfe* (que é unha das máis grandes do país e de Europa, con 50 anos de experiencia e miles de proxectos en todo o mundo) decidiu contratar a *Implícadas* como asesora para mellorar as súas intervencións. Nun primeiro traballo en Ruanda quedou claro que o potencial dos grupos de aforro queda fanado se non se lles dá o impulso axeitado dende o

xénero. Aplicada deste xeito esta metodoloxía bebe directamente das bases dos feminismos, por unha banda promovendo o empoderamento en todas as súas vertentes (económica, social e política) e pola outra recoñecendo o traballo, saberes e capacidade de decisión das mulleres. Os grupos promoven ver o individual como colectivo e buscar a forma tamén colectiva de intervir nos problemas.

Mais a outro nivel os grupos de aforro abren a porta a unha economía diferente, baseada no multifactorial, na solidariedade e nas capacidades das persoas. Visto o potencial desta metodoloxía, son moitas veces as que me preguntan por que nunca se puxeron en marcha no noso país, onde tanta falta farían. A primeira razón é a ignorancia e desidia polo coñecemento das mulleres do Sur e con elas unha falta de persoas experimentadas neste traballo. Aínda así se realmente este é un tempo de crise, de ruptura e de cambio, se cadra é hora de mirar cara a outro lado, alá onde, invisiblemente e cos esforzos inabrumables de miles de mulleres e as súas comunidades, o mundo cambia.

REFERENCIAS

- Basu, Amrita. (1995) *The Challenge of Local Feminisms*. Oxford: Westview Press.
 - Benería, Lourdes. (2003) *Gender, Development and Globalization. Economics as if All People Mattered*. Londres e Nova York: Routledge.
 - Carballo de la Riva, Marta. (2006) *Género y desarrollo. El camino hacia la equidad*. Madrid: Libros de la Catarata.
 - Carrasco, Cristina. (ed.) (1999) *Mujeres y economía. Nuevas perspectivas para viejos y nuevos problemas*. Barcelona: Icaria.
 - Karmakar, K.G. (1999) *Rural Credit and Self-Help Groups*. New Delhi: Sage.
 - López, Irene e Alcalde, Ana Rosa. (1999) *Relaciones de género y desarrollo*. Madrid: Libros de la Catarata.
 - Sen, Amartya e Drèze, Jean. (1999) *The Amartya Sen and Jean Drèze Omnibus*. Oxford: Oxford University Press.
 - Tortosa, José María. (2001) *Pobreza y perspectiva de género*. Barcelona: Icaria.
 - Yunus, Muhammad. (2003) *Banker to the Poor*. Nova York: Public Affairs.
- www.implicitas.org
www.implicitas.blogspot.com
www.pditn.org

ESCRITO POR MULLERES

Neste traballo ofrécese o labor que a muller realiza na conformación do polisistema literario galego a través da Narrativa, Poesía, Literatura dramática, Día das Letras Galegas, Monografías, biografías, crónicas, libros colectivos, así como en reedicións comentadas e facsímiles, textos recuperados e mesmo obras traducidas ou versionadas nas que participan autoras galegas. Tamén se recolle o seu labor como tradutoras e ilustradoras de obras. Ten a súa fonte matriz no *Informe de literatura 2008*, onde se acolle unha biografía descrita da producción galega e sobre literatura galega¹.

Unha vez revisado o *Informe de Literatura 2008*, nos apartados citados, pódese constatar que o número de mulleres que participaron este ano, ben como autoras, coordinadoras, compiladoras ben como tradutoras e ilustradoras foron 368.

Comparando a producción por apartados e por entradas coa realizada no ano anterior, 2007, obsérvanse variacións significativas como se pode comprobar nos seguintes cadros:

Na Literatura institucionalizada ou de adultos, as obras realizadas por mulleres foron as seguintes:

PRODUCCIÓN GALEGA		
	2007	2008
Narrativa	14	12
Poesía	15	16
Literatura dramática	0	4
Monografías, Biografías, Crónicas, Colectivos	18	28
Día das Letras Galegas	2	5
Total	49	65

PRODUCCIÓN TRADUCIDA		
	2007	2008
Narrativa	2	4
Poesía	3	2
Literatura dramática	4	1
Monografías, Biografías, Crónicas, Colectivos	1	7
Día das Letras Galegas	0	0
Total	10	14

Na **Literatura infantil e xuvenil**, as obras realizadas por mulleres foron as seguintes:

PRODUCCIÓN GALEGA		
	2007	2008
Narrativa	46	35
Poesía	3	11
Literatura dramática	4	3
Monografías, Biografías, Crónicas, Colectivos	3	5
Ilustradoras	63	37
Total	119	91

PRODUCCIÓN TRADUCIDA		
	2007	2008
Narrativa	33	44
Poesía	1	3
Literatura dramática	0	1
Monografías, Biografías, Crónicas, Colectivos	0	5
Total	34	53

Os datos falan, en xeral, dun lixeiro aumento na Literatura institucionalizada nos apartados de Poesía e Día das Letras Galegas e un incremento máis notábel en Literatura dramática e Monografías, fronte a unha diminución leve en Narrativa. En relación coa tradución obsérvase un descenso na Poesía e na Literatura Dramática, compensado polo incremento en Narrativa e, sobre todo, en Monografías. Para evitar cómputos non desexados é preciso salientar que non se engaden as Antoloxías. Tampouco aqueles volumes que acollen varios autor@s por referirse fundamentalmente a concursos literarios para principiantes, ou ben porque non presentan un coordinador ou editor.

No que atinxo á Literatura infantil e xuvenil é de salientar un descenso no cómputo total, que se concreta nos apartados de Narrativa, Literatura dramática e Ilustradoras Galegas. Por outra banda, os xéneros de Poesía e

<p>Monografías amosan un considerábel incremento, con oito volumes máis no primeiro caso e dous no segundo. Ademais séguese a computar a producción das ilustradoras, como no ano 2007. Respecto á producción traducida, cómpre destacar o aumento en todos os xéneros, especialmente nos apartados de Narrativa e Monografías.</p> <p>A seguir ofrécese as fichas dos títulos, dos distintos xéneros canónicos, autóctonos e traducidos, que foron realizados por mulleres xa galegas xa doutros ámbitos lingüísticos ou nos que participaron. Aquelas persoas que queiran ver os descritores destas obras non teñen máis que achegarse á páxina web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (www.cirp.es) e consultalos no apartado "Recursos".</p> <p>LITERATURA INSTITUCIONALIZADA OU DE ADULT@S. PRODUCIÓN GALEGA</p> <p>NARRATIVA</p> <p>BLANCO, Carmen, <i>Atracción total</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 252, abril 2008, 185 pp. (ISBN: 978-84-9782-759-1).</p>	<p>CASAL PÉREZ, Susana e outro (eds.), <i>Contos e lendas do Miño</i>, debuxos de Xosé Luís de Dios, Vigo: Editorial A Nosa Terra, col. Biblioteca A Nosa Terra. Nós os galegos, 2008, 142 pp, (ISBN: 978-84-8341-284-8).</p> <p>DÁVILA, Berta, <i>Bailarei sobre a túa tumba</i>, IV Premio Biblos-Pazos de Galicia, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2008, 94 pp. (ISBN: 978-84-936607-4-1).</p> <p>LÓPEZ SILVA, Inma, <i>Memoria de cidades sen luz</i>, XXVI Premio Blanco Amor 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 267, novembro 2008, 339 pp. (ISBN: 978-84-9865-136-2).</p> <p>LÓPEZ TEIXEIRO, Iria, <i>Santa Matriusca</i>, A Coruña: Biblos Clube de Lectores, col. Mandaio, 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-936001-7-4).</p> <p>ORTEGA PEREIRO, Pilar, <i>Virxinia</i>, Finalista do Iº Certame Micronovela Concello de Soutomaior, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 69 pp. (ISBN: 978-84-9782-870-3).</p> <p>PAZ, Begoña, <i>As mellores intencións</i>, I Premio do Certame de Novela Curta Centenario da Cidade de Riveira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 255, abril 2008, 118 pp. (ISBN: 978-84-9782-729-4).</p>	<p>PEREIRAS, Carmen, <i>Pequenos infinitos</i>, limiar de Manuel Gude Oliva, Ourense: Difusora de Letras, Artes e Ideas, col. Literal, n.º 4, xullo 2008, 107 pp. (ISBN: 978-84-935963-9-2).</p> <p>RODRÍGUEZ OTERO, Margarita, <i>Os documentos Fonterosa</i>, epílogo da autora, A Coruña: InEditor, 2008, 265 pp. (ISBN: 978-84-935662-5-8).</p> <p>SUÁREZ, Chelo, <i>A venus de cristal</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 249, xaneiro 2008, 144 pp. (ISBN: 978-84-9782-694-5).</p> <p>SUÁREZ, Chelo, <i>Os Milagres de Cristamar</i>, IV Premio de Literatura Erótica Narrativas Quentes 2008, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, xuño 2008, 110 pp. (ISBN: 978-84-87783-95-1).</p> <p>REEDICIÓNES COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS</p> <p>BRAXE, Lino (coord.), <i>Mascarón azul. Historias do mar</i>, ilust. María Braxe, col. O Porto e as Letras, n.º 2, A Coruña: Autoridade Portuaria d'A Coruña, novembro 2008, (D.L. VG 1364-2007).</p> <p>Participan: María Jesús Martínez Martínez, "Billete de ida e... volta", p. 15; e María do Carme</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Kruckenbergs, "Daquela quixen ser o que nunca fun", pp. 19-23.</p> <p>CASTRO, Rosalía, <i>Contos do pobo</i>, nota dos editores, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario <i>El País</i>, col. O Moucho, n.º 9, 2008, 51 pp. (ISBN da Colección completa do Diario <i>El País</i>: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario <i>El País</i>: 978-84-9815-473-3/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-078-5).</p>	<p>"Dimensión de preludio da lonxanía", p. 25; Pilar Pallarés, "Mar Exeu", p. 33; e Esther Souto, "Acuarela", p. 45.</p> <p>CEBREIRO, María do, <i>Cuarto de outono</i>, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Poesía Edoy Leliadoura, n.º 7, 2008, 121 pp. (ISBN: 978-84-7824-549-9).</p> <p>CEBREIRO, María do, <i>Non son de aquí</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 20, novembro 2008, 76 pp. (ISBN: 978-84-9782-934-2).</p>	<p>maio 2008, 93 pp. (ISBN: 978-84-8485-286-5).</p> <p>HEINZE DE LORENZO, Úrsula, <i>Napel do insomnio</i>, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 47, outubro 2008, 75 pp. (ISBN: 978-84-85385-76-8).</p> <p>KRUCKENBERG, María do Carme, <i>Os límites do arreguizo</i>, limiar de Victoria Iglesias López, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 201, outubro 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-96475-90-8).</p>
<p>POESÍA</p> <p>ÁLVAREZ MORAL, Sonia, <i>Risas e Farras coas cántigas da avoa</i>, intr. da autora, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2008, 69 pp. (DL: OU 31-2008).</p> <p>BRAXE, Lino (coord.), <i>O desafío das ondas. Poemas do mar</i>, col. O Porto e as Letras, n.º 1, A Coruña: Autoridade Portuaria d'A Coruña, novembro 2008 (2ª edición), 48 pp. (D.L. VG 1165-2006).</p> <p>Participan: Lucía Aldao, [sen título], p. 9; Yolanda Castaño, "Nada", p. 15; Emma Couceiro, [sen título], p. 17; Estíbaliz Espinosa, "Cryo-hibernación", p. 19; María do Carmo Kruckenbergs, "O mar dividérese en azules figurados" e</p>	<p>COCIÑA LOZANO, Olalla, <i>Libro de Alicia</i>, VIII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Culleredo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 207, decembro 2008, 58 pp. (ISBN: 978-84-96475-98-4).</p> <p>DÁVILA FERNÁNDEZ, Berta, <i>Dentro</i>, XII Premio Avelina Valladares Núñez de Poesía, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O Cartafol de Vilancosta, n.º 9, setembro 2008, 50 pp. (ISBN: 978-84-96368-79-8).</p> <p>ESTÉVEZ, Asun, <i>Pel de muller</i>, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Poesía, n.º 1, 2008, 90 pp. (ISBN: 978-84-7680-628-9).</p> <p>FIGUEROA PANISSE, Adela, <i>Xanela aberta</i>, limiar de Marica Campos, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía,</p>	<p>LADO, María, <i>Nove</i>, X Premio de Poesía Avelina Valladares, prólogo de Suso Bahamonde, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O Cartafol de Vilancosta, n.º 8, maio 2008, 56 pp. (ISBN: 84-96368-71-8).</p> <p>LÓPEZ RIVERA, Dulce M.ª, <i>A sombra das queirogas</i>, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Libros da Frouma, n.º 45, 2008, 80 pp. (ISBN: 978-84-85385-50-8).</p> <p>PATIÑO NOGUEIRA, Olga, <i>Tempo en desuso</i>, prólogo de Francisco X. Fernández Naval, A Coruña: Editorial Espiral Maior, col. Poesía, abril 2008, 87 pp. (ISBN: 978-84-96475-76-3-1).</p> <p>PATO, Chus, <i>Hordas de escritura</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia,</p>

<p>col. Poesía, n.º 19, febreiro 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-9782-704-1).</p> <p>SUÁREZ, Chelo, <i>Corpo de mar</i>, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 196, xullo 2008, 71 pp. (ISBN: 978-84-96475-83-0).</p> <p>VARELA PUÑAL, Diana, <i>Fós</i>, IV Premio Uxío Novoneyra 2006, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, n.º 197, outubro 2008, 51 pp. (ISBN: 978-84-96475-91-5).</p> <p>ZÚÑIGA, Iolanda, <i>Amor amén</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 21, novembro 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-9782-935-9).</p> <p>LITERATURA DRAMÁTICA</p> <p>BRAXE, Lino (coord.), <i>Vidas do mar</i>, ilust. de Daniel Beiras, A Coruña: Autoridade Portuaria de A Coruña, col. O Porto e as Letras, agosto 2008, 77 pp. (DL: C-2835-2008).</p> <p>Participa Inma António, <i>Músculo de sal</i>, pp. 51-59.</p> <p>LÓPEZ, Nazareth, e outros, <i>Pan. Catro propostas arredor da malla</i>, prólogos de Olegario Sotelo Blanco e Alfonso Blanco Torrado, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2008, 91 pp. (ISBN: 978-84-7824-551-2).</p>	<p>MOURE PEREIRO, Teresa, <i>Unha primavera para Aldara</i>, XIII Premio de Teatro Rafael Dieste 2007, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Rafael Dieste: col. de teatro, n.º 15, 2008, 166 pp. (ISBN 978-84-9812-080-6).</p> <p>VALLÉS, Ana, <i>Illa Reunión</i>, limiar da autora, estudo introdutorio de Eduardo Pérez Rasilla, ilust. da capa de Baltasar Patiño, Santiago de Compostela: Edicións Laiovenzo, col. Escena aberta, n.º 1, 2008, 57 pp. (ISBN de Edicións Laiovenzo: 978-84-8487-145-2; ISBN da Xunta de Galicia: 978-84-453-4670-9).</p> <p>REEDICIÓNES COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS</p> <p>QUEIZÁN, María Xosé, <i>Antígona. A Cartuxera. Neuras</i>, prólogo da autora, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 258, maio 2008, 209 pp. (ISBN: 978-84-9865-105-8).</p> <p>DÍA DAS LETRAS GALEGAS</p> <p>ACUÑA, Ana, <i>Dicionario Xosé María Álvarez Blázquez</i>, limiar de Luz Pozo Garza, SantaComba-A Coruña: Editorial tresCtres, col. Letras dous mil, n.º 8, 2008, 205 pp. (ISBN: 978-84-936262-5-9).</p>	<p>CABRERA, María Dolores, Xosé María Álvarez Blázquez. <i>Ourive de libros</i>, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Diario <i>El País</i>, col. O Moucho n.º 22, 2008, 76 pp. (ISBN da Colección completa do Diario <i>El País</i>: 978-84-9815-461-0/ISBN da Colección completa de Editorial Galaxia: 978-84-9865-066-2/ISBN do Diario <i>El País</i>: 978-84-9815-518-1/ISBN de Editorial Galaxia: 978-84-9865-085-3).</p> <p>GARCÍA NEGRO, Mª Pilar, Xosé María Álvarez Blázquez: <i>Claro mencer do tempo... unha vida entregada á cultura galega</i>, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, col. Manuais Casahamlet. Teatro, n.º 9, 2008, 45 pp. (ISBN: 978-84-9812-087-5).</p> <p>HERMIDA GULÍAS, Carme, Xosé María Álvarez Blázquez. <i>Un heroe galego</i>, ilust. Mauro Trastoy, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [lectorado autónomo], 2008, 26 pp. (ISBN: 978-84-7824-545-1).</p> <p>PÉREZ PINTOS, Irene, Xosé María Álvarez Blázquez. <i>Unidade didáctica</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2008, 96 pp. (ISBN: 978-84-9782-785-0).</p> <p>TARRÍO, Anxo (coord.), Xosé María Álvarez Blázquez. <i>Día das Letras Galegas 2008</i>, ilust. Berta</p>
---	---	---

A C T U A L I D A D E

<p>Álvarez Cáccamo, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 2008, 190 pp. (ISBN: 978-84-9887-004-6).</p> <p>Participan: María Jesús Nogueira Pereira, "Branca cantiga de pedras. Acheamento á poesía de Xosé María Álvarez Blázquez", pp. 83-106; Blanca-Ana Roig Rechou, "Xosé María Álvarez Blázquez nos inicios da literatura infantil e xuvenil galega", pp. 107-123; e Marta Neira Rodríguez, "Unhaacheaga bibliográfica á recepción de obra de Xosé María Álvarez Blázquez" pp. 161-190.</p>	<p>Alexandre Bóveda, 2008, 260 pp. (ISBN: 978-84-9812-081-3).</p> <p>ANEIROS DÍAZ, Rosa e outro (coords.), <i>Primeiros diarios galegos (1808-1909). Estudos críticos</i> (ISBN do tomo 1: 978-84-96530-65-2), prólogo dos coordinadores/ <i>Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de Santiago</i> (ISBN do tomo 2: 978-84-96530-66-9)/<i>Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de Santiago. Apéndice al primitivo diario de Santiago, Gazeta de la Coruña, Telegráfico Político y Literario de la Coruña</i> (ISBN do tomo 3: 978-84-96530-68-3)/<i>Primeiros diarios galegos (1808-1909). Diario de la Coruña</i> (ISBN do tomo 4: 978-84-96530-67-6), prólogo dos coordinadores, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008, 157/780/1.366 /2.137 pp. (ISBN da obra completa: 978-84-96530-65-5).</p> <p>ARBOR ALDEA, Mariña, <i>Cancioneiro da Ajuda</i>, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-ConSELLERÍA de Traballo, 2008. (Depósito legal: C 4553-2008).</p> <p>BANGUESES VÁZQUEZ, Mercedes, <i>A ilustración do libro en Galicia. Céltiga, Lar, Nós, editoriais con inquietude artística</i>, A Coruña: Xunta de Galicia/Centro Galego de Arte</p>	<p>Contemporánea, 2008, 327 pp. (ISBN: 978-84-453-4634-1).</p> <p>BREA, Mercedes (coord.), <i>Estudos sobre léxico dos trobadores</i>, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2008, Verba. Anuario Galego de Filoloxía, Anexo 63, 332 pp. (ISBN: 978-84-9887-026-8).</p> <p>Participan: Mercedes Brea, "Cantar et cantiga idem est", pp. 7-27; Mercedes Brea, "Dona e señor nas cantigas de amor", pp. 29-53; Elvira Fidalgo, "Corpo velido, corpo delgado: a descripción física da amiga", pp. 55-66; Mercedes Brea, "El desamparo amoroso en la lírica gallego-portuguesa", pp. 137-147; Mercedes Brea, "Cousir en la lírica gallego-portuguesa", pp. 149-165; Mercedes Brea, "Que gran coita d'endurar. Anotacións sobre o uso lírico de endurar", pp. 167-180; Esther Corral Díaz, "Pero sei que me quer matar... aquel matador: a conceptualización de matar no Cancioneiro da Ajuda", pp. 181-196; Elvira Fidalgo, "E desmesura fazedes / que de min non vos doedes: la reputación de la dama", pp. 197-214; Mercedes Brea, "Coita do mar, coita de amor", pp. 215-229; Esther Corral Díaz,</p>
--	---	--

<p>"Conerto na tradición da lírica galego-portuguesa," pp. 231-241; Déborah González Martínez, "O demo na lírica profana galego-portuguesa," pp. 265-279; Elvira Fidalgo, "Lo que nos dice la cantiga 130," pp. 281-291; Déborah González Martínez, "Reflexións sobre algúns elementos léxicos empregados por Fernan Fernandez Cogominho," pp. 293-304; e Esther Corral Díaz, "O vocabulario bético na cantiga de amor," pp. 305-316.</p> <p>BREA, Mercedes, e outros (eds.), <i>Cada palabra pesaba, cada palabra media. Homenaxe a Antón Santamarina</i>, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela-Servizo de Publicacións e Intercambio científico, 569 pp. (ISBN: 978-84-9750-910-7).</p> <p>Participan: Mariña Arbor Aldea e outro, "O uso de signos <i>e</i> e <i>y</i> como segundo elemento de ditongo decrecente. A evidencia de dúas mans na copia do <i>Cancioneiro da Ajuda</i>," pp. 419-442; Mercedes Brea, "Pesar e medir as palabras," pp. 443-454; Esther Corral Díaz, "J. García de Guillade e o intercambio de <i>dōas</i>," pp. 455-462; Elvira Fidalgo, "As cores da poesía medieval," pp. 483-492; e Pilar Lorenzo Gradiñ,</p>	<p>"Reflexións sobre os encontros vocálicos nas cantigas," pp. 513-522.</p> <p>KRISTENSEN, Bárbara e outros (eds.), <i>Entre os outros e nós. Estudos literários e culturais</i>, Santiago de Compostela: Universidad Internacional Menéndez Pelayo, 2008, 208 pp. (ISBN: 978-84-612-3889-7).</p> <p>BERNÁRDEZ, Aurora, <i>Un (re)encontro con Galicia</i>, ed. trilingüe (galego, castelán e inglés), A Coruña: Xunta de Galicia. Presidencia, col. Memorias Alles, n.º 0, 2008, 132 pp. (DL: C 1255-2008).</p> <p>Participa Rocío San Claudio Santa Cruz, "Lourido. Fotografías fieis dunha viaxe a Galicia," pp. 41-56.</p> <p>DOMÍNGUEZ REY, Antonio (ed.), <i>Centro e periferia. Linguaxe, tradución e poesía. Textos da VII edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética de Rianxo (Auliga 2006)</i>, limiar do editor, A Coruña: Edicións Espiral Maior/AULIGA, col. Auliga Ensaio, n.º 6, novembro 2008, 279 pp. (ISBN: 978-84-96475-97-9).</p> <p>Participa María Lopo, "A tradución ao bretón e ao francés da obra poética de Claudio Rodríguez Fer," pp. 189-197.</p>	<p>TATO FONTAÍÑA, L. e outros (eds.), <i>A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza</i>, A Coruña: Baía Edicións, 2008, 212 pp. (ISBN: 978-84-96893-65-8).</p> <p>Participan: Mariña Arbor Aldea, "Metro, lírica profana galego-portuguesa e práctica ecdótica: Consideracións á luz do <i>Cancioneiro da Ajuda</i>," pp. 9-34; Mercedes Brea, "Edición impresa e edición electrónica, ferramentas complementarias," pp. 67-76; Elvira Fidalgo, "A edición das <i>Cantigas de Santa María</i>: unha reflexión previa," pp. 97-117; Pilar Lorenzo Gradiñ, "Notas sobre as cantigas de escarnio e maldizer," pp. 119-139; e Laura Tato Fontaíña, "Edición e Interpretación," pp. 177-195.</p> <p>LÓPEZ FERNÁNDEZ, Rosa e outros (eds.), <i>A semenza da nación soñada. Homenaxe a X. L. Méndez Ferrín</i>, Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/Sotelo Blanco Edicións, 2008, 545 pp. (ISBN: 978-84-9782-941-0/978-84-7824-556-6).</p> <p>Participan: Margarida Ledo Andión, "Ferrín," pp. 93-94; Rosa López Fernández, "E Tagen Ata, sempre," pp. 95-102; Emma Lázare, "Ferrín e Brassens," pp. 175-183; María do Cebreiro, "Como funciona un libro de</p>
--	--	--

ACTUALIDADE

<p>poemas? Espazo urbano e modernidade literaria en <i>Con pólvora e magnolias</i>”, pp. 203-207; Moncha Fuentes, “Ferrín e o soleil noir”, pp. 287-290; Carme Hermida Gulías e outro, “O vocabulario do barallete recollido de Castelao”, pp. 367-382; e Chus Pato, “Aquiles”, pp. 445-446.</p> <p>GARCÍA PORRAL, Xoán Carlos, <i>Rodeiro, unha terra con historia</i>, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2008, 382 pp. (ISBN: 978-84-8457-310-4) (DL: PO 416-20008).</p> <p>Participa María Luz Eiriz Cidre e outro, “Algunhas lendas populares do concello de Rodeiro. Aproximación antropolóxica”, pp. 369-382.</p> <p>LONGHINI, Nora, <i>Neira Vilas: os anos da Arxentina 1949-1961. Textos recuperados</i>, col. Memoria, n.º 18, Vigo: Editorial Galaxia, 2008, 307 pp. (ISBN: 978-84-9865-060-0).</p> <p>LÓPEZ SÁNDEZ, María, <i>Paisaxe e nación: a creación discursiva do territorio</i>, VII Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2007, Vigo: Editorial Galaxia, col. Ensaio, n.º 46, outubro 2008, 214 pp. (ISBN: 978-84-9865-130-0).</p> <p>LOPO, María, <i>Cartas no exilio. Correspondencia entre Santiago Casares Quiroga e María Casares (1946-1949)</i>, A Coruña:</p>	<p>Baia Edicións, 2008, 166 pp. (ISBN: 978-84-96893-85-6).</p> <p>FERNÁNDEZ OTERO, Alexandrina e outros (pról. ed. e notas), <i>Jenaro Marinhais del Valle. Caderno de notas</i>, Edicións A Nosa Terra, col. Prensa&CrlAción, n.º 20, 2008, 173 pp. (ISBN: 978-84-8341-256-5).</p> <p>ANEIROS DÍAZ, Rosa (coord. ed.) e outros, <i>Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846 (II)</i>, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Base, 2008, 654 pp. (ISBN do volume I: 978-84-96530-70-6) (ISBN da obra completa: 978-84-96530-69-0).</p> <p>MEIXOME QUINTEIRO, Carlos (dir.), <i>Victoriano Taibo. REM. Revista de Estudos Miñoranos. Monografías</i>, Gondomar-Pontevedra: Instituto Estudos Miñoranos (IEM)/Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Deporte, 2008, 142 pp. (ISBN: 978-84-92590-30-8). (DL: VG-1297-2008).</p> <p>Participan: Marta Dacosta Alonso, “Que nos coñezan polas obras”, pp. 27-38; e Mercedes Queixas Zas, “Reflexións dunha lectora cursidosa ao prólogo aos contos <i>Da agra aberta</i>”, pp. 51-55.</p> <p>RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, Mónica e outros (textos), <i>Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía sonora</i>,</p>	<p>selección fotográfica de Carlos Díaz, Sarria: Editorial Ouvirmos, 2008, 204 pp. (ISBN: 84-661-0328-9).</p> <p>Participa Mónica Rodríguez Vázquez, “Poemas e contos cantados e recitados”, pp. [191-205].</p> <p>PÉREZ-ABADÍN, Soledad (dir. da ed.), <i>Doutros lados: capítulos sobre os contos de Cortázar</i>, adaptación lingüística de Carlos Arias Iglesias, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Ensaio e divulgación, 2008, 404 pp. (ISBN: 978-84-96673-51-9).</p> <p>QUEIZÁN, María Xosé, <i>Anti natura</i>, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ensaio, n.º 19, 2008, 133 pp. (ISBN: 978-84-9782-889-5).</p> <p>RODRÍGUEZ, Luciano e Xosé M. FERNÁNDEZ CASTRO (eds.), <i>V Encontro de Escritores Galegos</i>, col. Cadernos de Marián, n.º 3, A Coruña: Deputación da Coruña, 2008, 191 pp. (ISBN obra completa: 978-84-9812-035-6, ISBN n.º 5: 978-84-9812-092-9).</p> <p>Participa María Xosé Queizán, “Cancións de muller na lírica occitana”, pp. 149-179.</p> <p>ROIG RECHOU, Blanca-Ana (coord.), <i>Informe de literatura 2007</i>, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en</p>
---	---	---

ACTUALIDADE

<p>Humanidades/Xunta de Galicia, 2008. (ISBN: 879-84-453-4696-9). CD-Rom.</p> <p>SEOANE BOEDO, Xulia e outro, <i>Catálogo de publicacións seriadas da Biblioteca da Fundación Otero Pedrayo</i>, [Vigo]: Fundación Otero Pedrayo, col. Biblioteca Centro de Estudos Oterianos. Documentos, novembro 2008, 259 pp. (ISBN: 978-84-612-8309-5) (DL: VG 1622-2008).</p> <p>SUMAI, Anxos, <i>Perigosamente normais</i>, VIII Premio "Roberto Blanco Torres" de Xornalismo Literario e de Opinión 2006, intr. de Miguel Túñez, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, inverno 2008, 115 pp. (ISBN: 978-84-9750-921-3).</p> <p>TORRES QUEIRUGA, Andrés e Manuel RIVAS GARCÍA (coords.), <i>Dicionario Enciclopedia do Pensamento Galego</i>, prólogo de Andrés Torres Queiruga, introd. de Manuel Rivas García, Santiago de Compostela/Vigo: Consello da Cultura Galega/Edicións Xerais de Galicia, 2008, 723 pp. (ISBN de Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9782-883-3; ISBN do Consello da Cultura Galega: 978-84-96530-63-8).</p>	<p>Participan: María Xosé Agra Romero, "Feminismo," pp. 450-475; e Dolores Vilavedra, "Literatura galega," pp. 498-519.</p> <p>VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Inés, <i>O Divino Sainete</i>, Ourense: Fundación Curros Enríquez, 2008, [28 pp.]. (DL: OU-201-2008).</p> <p>VILLARINO PARDO, Carmen e outros (eds.), <i>Da Galiza a Timor. A lusofonia em foco. VIII Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas. Santiago de Compostela, 18 a 23 de Julho de 2005</i>, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela-Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2008, 2 vols., 1922 pp. (ISBN: 978-84-9887-015-2).</p> <p>REEDICIÓNES COMENTADAS E FACSÍMILES. TEXTOS RECUPERADOS</p> <p>NOVO, Olga, <i>O lume vital de Claudio Rodríguez Fer (Erotismo, coñecemento e utopías)</i>, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas/Follas Novas Edicións, 2.^a edición 2008 (1.^a 1999), col. Libros da Frouma, n.º 44, dir. Luís Alfonso Grgado, 143 pp. (ISBN: 978-84-85385-46-1).</p>	<p>LITERATURA INSTITUCIONALIZADA OU DE ADULT@S. TRADUCIDA, VERSIONADA OU REEDITADA</p> <p>NARRATIVA</p> <p>BARBERY, Muriel, <i>A elegancia do ourizo</i> (<i>L'Élégance di Hérisson</i>, Éditions Gallimard, 2006), trad. M. Dolores París, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 13, novembro 2008, 423 pp. (ISBN: 978-84-9865-143-0).</p> <p>CISNEROS, Sandra, <i>A casa de Mango Street</i> (<i>The house on Mango Street</i>, 1983), trad. Alicia Meléndez Sousa, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 14, 2008, 103 pp. (ISBN: 978-84-936101-9-7).</p> <p>BLANCO, Tina e outro <i>A porta de Mayo</i>, trad. do castelán Jaureguizar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 253, xullo 2008, 397 pp. (ISBN: 978-84-9782-868-0).</p> <p>SMITH, Zadie, <i>Da beleza</i> (<i>On Beauty</i>, 2005), Premio Novela Europea 2007, trad. Eva Almazán, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Biblioteca Compostela de Narrativa Europea, n.º 10, maio 2008, 588 pp. (ISBN: 978-84-9865-061-7).</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>POESÍA</p> <p>AKHMÁTOVA, Anna, <i>Só o silencio me responde</i>, trad. do ruso de Ekaterina Guerbek e Penélope Pedreira, Cangas do Morrazo-Pontevedra: Rinoceronte Editora, col. Bagaxe de Peto, n.º 2, 2008, 120 pp. (ISBN: 978-84-936413-1-3)</p> <p>SAFO DE LESBOS, <i>Cantos e fragmentos</i>, trad. e introdución de Raúl Gómez Pato, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, abril 2008, 202 pp. (ISBN: 978-84-87783-93-7).</p> <p>LITERATURA DRAMÁTICA</p> <p>CAMPO, Marica, <i>O Divino Sainete (Adaptación teatral da obra homónima de Curros Enríquez)</i>, introd. Francisco Rodríguez, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", 2008, 127 pp. (ISBN: 978-84-9749-277-5).</p> <p>MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS</p> <p>BEAUVOIR, Simone, <i>O segundo sexo. Tomo I. Os feitos e os mitos</i>, trad. Marga Rodríguez Marcuño, revisión temática-filosófica e prólogo de África B. López Souto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade), col. Ensaio, n.º 17, marzo 2008, 462 pp. (ISBN: 978-84-9782-701-0).</p> <p>BOLOGNA, Corrado e Marco BERNARDI (eds.), <i>Angelo Colocci e gli studi romanzo</i>, Città del Vaticano: Biblioteca Apostólica Vaticana, 2008, 544 pp. (ISBN: 978-88-210-0842-9).</p> <p>Participan: Elvira Fidalgo Francisco, "Apuntes para una Vida de Alfonso X en un códice de Colocci (<i>Vat. lat. 4817</i>)", pp. 363-385; Esther Corral Díaz, "Las notas coloccianas en el cancionero profano de Alfonso X", pp. 387-404; Pilar Lorenzo Gradiñ, "Colocci, los <i>laís de Bretaña</i> y las rúbricas explicativas en <i>B</i> y <i>V</i>", pp. 405-429; e E. Fidalgo, "Corpo velido, corpo delgado: a descripción física da amiga", pp. 55-66.</p> <p>CASANOVA, Sofía, <i>Exóticas e escritos xornalísticos</i>, introd. de Rosario Martínez Martínez, trad. de Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Servicio Galego de Igualdade/Editorial Sotelo Blanco, col. As letras das mulleres, n.º 10, 2008, 401 pp. (ISBN: 978-84-7824-546-8).</p> <p>KOLLONTAI, Alexandra, <i>Amor vermello e escritos sociais e políticos</i>, intr. de Encarna Otero Cepeda, trad. e notas de M. Fe González, Xunta de Galicia. Servizo Galego de Igualdade/Sotelo Blanco Edicións, col. As letras das mulleres, n.º 11, 2008, 424 pp. (ISBN: 978-84-7824-567-3).</p> <p>LOJO, María Rosa (dir.), Marina GUIDOTTI DE SÁNCHEZ e outro, <i>Los "gallegos" en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa</i>, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Galicia Exterior. Consello da Cultura Galega, 2008, 455 pp. (ISBN: 978-84-95892-70-6).</p> <p>Participan: María Rosa Lojo, Marina Guidotti de Sánchez e outro, "Características generales de la emigración gallega a la Argentina (circa 1750-1960). Hacia la construcción de un imaginario", pp. 21-41; María Rosa Lojo, "Los 'gallegos' en la literatura argentina", pp. 45-130; e Marina Guidotti de Sánchez, "Las obras de teatro: espejo de los estereotipos gallegos en el imaginario argentino", pp. 133-197.</p> <p>MERA, Montse, <i>El periodismo de Álvaro Cunqueiro. "El Envés" como columna original en la prensa española</i>, Diputación Provincial de Lugo. Servicio de Publicaciones, col. Historia, 2007, 173 pp. (ISBN: 978-84-8192-371-1).</p>	<p>Xerais de Galicia/Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Igualdade), col. Ensaio, n.º 17, marzo 2008, 462 pp. (ISBN: 978-84-9782-701-0).</p> <p>BOLOGNA, Corrado e Marco BERNARDI (eds.), <i>Angelo Colocci e gli studi romanzo</i>, Città del Vaticano: Biblioteca Apostólica Vaticana, 2008, 544 pp. (ISBN: 978-88-210-0842-9).</p> <p>Participan: Elvira Fidalgo Francisco, "Apuntes para una Vida de Alfonso X en un códice de Colocci (<i>Vat. lat. 4817</i>)", pp. 363-385; Esther Corral Díaz, "Las notas coloccianas en el cancionero profano de Alfonso X", pp. 387-404; Pilar Lorenzo Gradiñ, "Colocci, los <i>laís de Bretaña</i> y las rúbricas explicativas en <i>B</i> y <i>V</i>", pp. 405-429; e E. Fidalgo, "Corpo velido, corpo delgado: a descripción física da amiga", pp. 55-66.</p> <p>CASANOVA, Sofía, <i>Exóticas e escritos xornalísticos</i>, introd. de Rosario Martínez Martínez, trad. de Iria Sobrino Freire, Santiago de Compostela: Servicio Galego de Igualdade/Editorial Sotelo Blanco, col. As letras das mulleres, n.º 10, 2008, 401 pp. (ISBN: 978-84-7824-546-8).</p> <p>KOLLONTAI, Alexandra, <i>Amor vermello e escritos sociais e políticos</i>, intr. de Encarna Otero Cepeda, trad. e notas de M. Fe González, Xunta de Galicia. Servizo Galego de Igualdade/Sotelo Blanco Edicións, col. As letras das mulleres, n.º 11, 2008, 424 pp. (ISBN: 978-84-7824-567-3).</p> <p>LOJO, María Rosa (dir.), Marina GUIDOTTI DE SÁNCHEZ e outro, <i>Los "gallegos" en el imaginario argentino. Literatura, sainete, prensa</i>, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, col. Galicia Exterior. Consello da Cultura Galega, 2008, 455 pp. (ISBN: 978-84-95892-70-6).</p> <p>Participan: María Rosa Lojo, Marina Guidotti de Sánchez e outro, "Características generales de la emigración gallega a la Argentina (circa 1750-1960). Hacia la construcción de un imaginario", pp. 21-41; María Rosa Lojo, "Los 'gallegos' en la literatura argentina", pp. 45-130; e Marina Guidotti de Sánchez, "Las obras de teatro: espejo de los estereotipos gallegos en el imaginario argentino", pp. 133-197.</p> <p>MERA, Montse, <i>El periodismo de Álvaro Cunqueiro. "El Envés" como columna original en la prensa española</i>, Diputación Provincial de Lugo. Servicio de Publicaciones, col. Historia, 2007, 173 pp. (ISBN: 978-84-8192-371-1).</p>	<p>ACTUALIDADE</p>
---	--	---------------------------

<p>PALACIOS GONZÁLEZ, Manuela e Helena GONZÁLEZ FERNÁNDEZ (eds.), <i>Palabras extremas: Escritoras gallegas e irlandesas de hoy</i>, Oleiros-A Coruña: Netbiblo S.L., col. Irish Studies Series, 2008, 159 pp. (ISBN: 978-84-9745-198-7) (DL: C-3117-2008).</p> <p>Participan: María Xesús Nogueira Pereira, "Palabras de tierra para detener la marea. El paisaje en las poetas gallegas", pp. 3-13; Manuela Palacios, "La luna en el cristal: Poetas irlandesas y naturaleza", pp. 15-28; Helena González Fernández, "Encrucijadas identitarias gallegas y el laboratorio del lenguaje", pp. 29-47; Laura Mª Lojo Rodríguez, "Corporeidad y lenguaje en la poesía irlandesa actual", pp. 49-63; Mª Xesús Lama López, "Tejiendo y destejiendo mitos o el moldeable tapiz de la realidad en las poetas gallegas", pp. 65-74; Luz Mar González Arias, "Intertextualidad clásica en la poesía irlandesa de autoría femenina: 1980-2007", pp. 75-95; María do Cebreiro, "Nuestro cuerpo es un campo de batalla. El sentido político de la poesía gallega escrita por mujeres", pp. 99-107; María Xesús Nogueira Pereira, "Los signos de la diferencia. Entrevistas con las poetas Chus Pato y Ana Romani", pp. 127-139; e Luz Mar</p>	<p>González Arias, "Poemas desde las fronteras del arte: Conversaciones con Mary O'Donnell y Celia de Fréine", pp. 141-159.</p> <p>RODRÍGUEZ FER, Claudio (ed.), <i>Valente: el fulgor y las tinieblas</i>, Lugo: Editorial Axac, col. Onoma, n.º 1, 2008, 189 pp. (ISBN 10: 84-935495-7-6) (ISBN 13: 978-84-935495-7-2).</p> <p>Participa Carmen Blanco, "Lugar alén. Una vereda en la que escuchar las <i>Cántigas de Valente</i>", pp. 153-168.</p> <p>RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Olivia (ed.), <i>Urbano Lugrís. Balada de los mares del norte. Poemas, cuentos y ensayos, 1942-1973</i>, introducción e apéndices da autora, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Rescate, n.º 9, maio 2008, 313 pp. (ISBN: 978-84-89232-18-6).</p> <p>LITERATURA INFANTIL E XUVENIL. PRODUCCIÓN GALEGA</p> <p>NARRATIVA</p> <p>ALEIXANDRE, Marilar, <i>A Cabeza de Medusa</i>, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2008, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 116, [lectorado mozo], outubro 2008, 211 pp. (ISBN: 978-84-96893-68-9).</p>	<p>900-7/ISBN Fundación Caixa Galicia: 978-84-96982-25-3).</p> <p>BLANCO, Concha, <i>Habitación 202</i>, ilust. Suso Cubeiro, Premio Novela por Entregas 2007 de La Voz de Galicia, A Coruña: Everest Galicia, col Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 138 pp. (ISBN: 978-84-403-1097-2).</p> <p>BLANCO, Concha, <i>Nano</i>, ilust. Manel Craneo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, [lectorado mozo], 2008, 137 pp. (ISBN: 978-84-403-0538-1).</p> <p>BOULLÓN, Ana e outro, <i>Unha vaca marela en Compostela</i> (ISBN: 978-84-7824-564-2)/<i>Unha pantasma na cidade?</i> (ISBN: 978-84-7824-565-9), ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións/Consortio de Santiago, col. Branco de Cores, n.º 5/6, [lectorado autónomo], 2008, 29 pp.</p> <p>CARBALLEIRA, Paula, <i>A casa redonda</i>, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Baía Edicións, col. Cempés. Letras miúdas, n.º 2, [lectorado autónomo], xullo 2008, 31 pp. (ISBN: 978-84-96893-68-9).</p> <p>FERNÁNDEZ, Ana María, <i>Historias que contan as paredes</i>, ilust. Manel Cráneo, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Encontro, [lectorado mozo], 2008, 119 pp. (ISBN: 978-84-403-1063-7).</p> <p>FERREIRÓS, Cristina, <i>Alfombrina</i>, ilust. da autora, A Coruña: Baía Edicións, col. Contos da Igualdade, n.º 3, de 2 a 6 anos, marzo 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96893-10-8).</p> <p>FREIRE, Isabel, <i>Sopa de marsopa</i>, ilust. Jon Puga, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlin, n.º 179, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 114 pp. (ISBN: 978-84-9782-729-6-3).</p> <p>GARCÍA CARDAMAS, Pilar, <i>A cova da mariña</i>, ilust. a autora e Leandro Lamas, Noia: Editorial Toxosoutos, col Nume, [lectorado mozo], outubro 2008, 191 pp. (ISBN: 978-84-96673-68-7).</p> <p>GARCÍA OTERO, Corona de Jesús, <i>Pitiño</i>, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado autónomo], abril 2008, 90 pp. (ISBN: 978-84-95460-82-0).</p> <p>GÓMEZ CUERPO, Amparo, <i>Contos da tía Rosario: Perico o cangrexo</i>, ilust. a autora, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Elefante contacontos, serie verde, más de 8 anos, 2008, 54 pp. (ISBN: 978-84-7680-634-X).</p> <p>GUERRA, Mar, <i>Xenaro e o misterio da mochila verde</i>, Premio Merlin de Literatura Infantil 2008, ilust.</p>	<p>Fernando Llorente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlin, n.º 184, de 11 anos en diante, outubro 2008, 160 pp. (ISBN: 978-84-9782-895-6).</p> <p>MACEIRAS, Andrea, <i>Proxecto Bolboreta</i>, Premio Certame de Micronovela Concello de Soutomaior 2007, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 114, [lectorado mozo], xullo 2008, 114 pp. (ISBN: 978-84-9782-824-6).</p> <p>MÉNDEZ, Luz e outro, <i>Vouvos papar!</i>, ilust. Daniel Xove, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlin, serie verde, n.º 185, de 9 anos en diante, 2008, 109 pp. (ISBN: 978-84-9782-924-3).</p> <p>MOURE, Teresa, <i>Eu tamén son fonte</i>, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9865-127-0).</p> <p>MOURE, Teresa, <i>Mamá, ti si que me entendes!</i>, ilust. Leandro Lamas, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9865-148-5).</p> <p>OTERO, Encarna, <i>A sereia do mundo</i>, ilust. Elisa Gallego Picard, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [24] pp. (ISBN: 978-84-9865-109-6).</p>	<p>OTERO, Encarna, <i>O branco país sen neve</i>, ilust. Elisa Gallego Picard, Vigo: Editorial Galaxia, [lectorado autónomo], 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-9865-110-2).</p> <p>PÉREZ OTERO, Amalia, <i>O libro das illas Cíes</i>, ilust. Michel Casado Freire, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-8341-286-2).</p> <p>PÉREZ OTERO, Amalia, <i>O libro da Illa de Ons</i>, ilust. Michel Casado Freire, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos das illas, [lectorado autónomo], 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-8341-289-3).</p> <p>PÉREZ OTERO, Amalia, <i>Soños de algodón</i>, ilust. de Alba Grimaldi Pérez e da autora, Vigo: Nova Galicia Edicións, [prelectorado], 2008, [25] pp. (ISBN: 978-84-92590-25-4).</p> <p>PILLADO VEGA, Ana, <i>Azul e Rosa</i>, (ISBN: 978-84-8341-064-6)/<i>Roi quere ser mama</i>, (ISBN: 978-84-8341-066-0)/<i>Carlota e o príncipe azul</i> (ISBN: 978-84-8341-065-3), Vigo: Promocións Culturais Galegas/Edicións A Nosa Terra, col. Lila Lilaina, n.º 1/2/3, [lectorado autónomo], 2008, [20] pp.</p> <p>REIMÓNDEZ, María, <i>Lía e as zapatillas de deporte</i>, ilust. Iván Sende, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlin, n.º 178, serie</p>
---	---	---

A C T U A L I D A D E

<p>verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 88 pp. (ISBN: 978-84-9782-725-6).</p> <p>SANTAMARÍA HERVELLA, Mª Teresa, <i>A bolboreta Doreta</i>, ilust. Marta Álvarez Miguéns, A Coruña: Baía Edicións, col. Xiz de cor, n.º 17, a partir de 3 anos, 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-96893-80-1).</p> <p>SOLAR, María, <i>Boa sorte</i>, ilust. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 13, [lectorado mozo], abril 2008, 62 pp. (ISBN: 978-84-96893-30-6).</p> <p>SOLAR, María, <i>O tempo do revés</i>, ilust. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Meiga Moira, n.º 12, [lectorado mozo], abril 2008, 53 pp. (ISBN: 978-84-96893-28-3).</p> <p>SOLDADO MÉRIDA, Madalena, <i>Gústame o inverno</i>, ilust. Xacobe Muñiz López, A Coruña: Rodeira, col. Os meus contos favoritos. Tren azul, a partir de 5 anos, outubro 2008, [33] pp. (ISBN: 978-84-8349-144-7).</p> <p>ADAPTACIÓN</p> <p>ALONSO, Tareixa, <i>Os sete cabritos</i>, ilust. Teresa Lima, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96788-67-1).</p>	<p>GONZÁLEZ, Olalla, <i>Garavanciño</i>, ilust. Marc Taeger, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do Trasno, [lectorado autónomo], novembro 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-682-2).</p> <p>HERMIDA GULÍAS, Carme, <i>Eu son tan forte</i>, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Bolboreta, n.º 7, [prelectorado], 2008, 27 pp. (ISBN: 978-84-7824-554-3).</p> <p>MÉNDEZ, Raquel, <i>Os tres porquiños</i>, ilust. Helga Bansch, Pontevedra: OQO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, maio 2008, [33] pp. (ISBN: 978-84-9871-050-2).</p> <p>PALOMO GARCÍA, Carmen (adapt.), <i>Historias marabillas da Biblia</i>, ilusts. Claudia Legnazzi, Roselino López, Noemí López, Francesca Massai, Inés Huni, Ada García, Ángeles Peinador, Escletxa, deseño da cuberta Francisco A. Morais, adapt. ao galego Irene Penas Muruais, A Coruña: Everest Galicia, [lectorado autónomo], 2008, [520] pp. (ISBN: 978-84-403-1071-2).</p> <p>POESÍA</p> <p>ALEIXANDRE, Marilar, <i>Dez abellas na laranxeira</i>, ilust. Pere Mejan, Vigo: Edicións Xerais de Galicia,</p>	<p>col. O meu mundo, n.º 6, [lectorado autónomo], 2008, 20 pp. (ISBN: 978-84-9782-798-0).</p> <p>BLANCO, Concha, <i>Cantos da rula</i>, Premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas 2007, ilust. X. Vizoso, Sada (A Coruña): Edicións do Castro, col. Arume de poesía para nenos, [lectorado autónomo], setembro 2008, 132 pp. (ISBN: 978-84-8485-294-0).</p> <p>FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, Ana María e outro, <i>Do A ao Z. Galicia</i>, ilust. Luisa Vera Guardiola, A Coruña: Editorial Everest Galicia, [lectorado autónomo], 2008, 48 pp. (ISBN: 978-84-403-0541-1).</p> <p>JANEIRO, Almudena (adapt.), <i>Contos en cantos</i>, varios autores, ilustradores e músicos, composición musical da adaptadora, Pontevedra: OQO Editora, col. Q son, [prelectorado e lectorado autónomos], setembro 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-9871-047-2).</p> <p>RIVEIRO TOBÍO, Elvira, <i>PAIAbrAs brAncAs</i>, Finalista Premio Merlin 2007, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlin, n.º 180, serie verde, de 9 anos en diante, marzo 2008, 77 pp. (ISBN: 978-84-9782-727-0).</p> <p>VARELA VÁZQUEZ, Begoña (rec.), <i>Mentiras. Textos populares</i>, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña:</p>
--	---	--

ACTUALIDADE

<p>Everest Galicia, col. Ler é vivir, series Clásicos e Medio Cultural, a partir de 5 anos, 2008, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1056-9).</p> <p>VARELA VÁZQUEZ, Begoña (rec.), <i>Arrolos e Rodas. Textos populares</i>, ilust. Noemí López, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, series Clásicos e Medio Cultural, a partir de 3 anos, 2008, [48] pp. (ISBN: 978-84-403-1099-6).</p> <p>VARELA VÁZQUEZ, Begoña (rec.), <i>Pandas: textos populares</i>, ilust. Marcos Calo, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, series Clásicos e Medio Cultural, a partir de 5 anos, 2008, [38] pp. (ISBN: 978-84-403-1057-6).</p> <p>VARELA VÁZQUEZ, Begoña (rec.), <i>Trabalinguas: textos populares</i>, ilust. Manolo Uhía, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, series Clásicos (CL), Medio Cultural (MC), a partir de 5 anos, 2008, [50] pp. (ISBN: 978-84-403-1058-3).</p> <p>REEDICIONES</p> <p>BOULLOSA, Palmira G., <i>Adiviñas</i>, ilust. RuAn, Vigo: Editorial Galaxia, col. Tartaruga, [leitorado autónomo], 2008, 33 pp. (ISBN: 978-84-9865-099-0).</p> <p>BOULLOSA, Palmira G., <i>Arrolos</i>, ilust. RuAn, Vigo: Editorial</p>	<p>Galaxia, col. Tartaruga, [leitorado autónomo], 2008, 37 pp. (ISBN: 978-84-9865-100-0).</p> <p>LITERATURA DRAMÁTICA</p> <p>DÍAZ NÚÑEZ, Celia, <i>Cataventos e Cía ou A Verdadeira historia de Amanda, a Princesa, e Leonardo, o Poeta</i>, ilust. Xulia Barros, II Premio Internacional Barriga Verde de textos de teatro para monicreques, modalidade infantil, A Coruña: Baía Edicións/Xunta de Galicia/IGAEM, col. Barriga Verde, n.º 4, [leitorado mozo], febreiro 2008, 39 pp. (ISBN Baía Edicións: 978-84-96893-36-8, ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-4569-6).</p> <p>GONZÁLEZ COSTA, Teresa, <i>Chegaron no tren das 7.30. Western teatral</i>, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 60, [leitorado mozo], 2008, 27 pp. (ISBN: 84-96368-67-X).</p> <p>GONZÁLEZ COSTA, Teresa, <i>O misterio das ganas de dormir</i>, A Estrada: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar, n.º 59, [leitorado mozo], 2008, 27 pp. (ISBN: 84-96368-66-1).</p>	<p>MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS. REEDICIÓNNS COMENTADAS E FACSÍMILES. OBRAS REALIZADAS NOUTRAS LINGUAS NAS QUE PARTICIPAN AUTORAS GALEGAS EN GALEGO OU NOUTRAS LINGUAS</p> <p>GONZÁLEZ, Marta, <i>La emperatriz Berenguela</i>, ilust. Jaime Asensi, Vigo/Santiago de Compostela: Editorial Nigra Trea/Consortio de Santiago, col. Historias de Santiago, n.º 4, [leitorado mozo], 2008, 104 pp. (ISBN: 978-84-95364-77-7).</p> <p>MOCIÓN GONZÁLEZ, Isabel, Marta NEIRA RODRÍGUEZ, Ana Margarida RAMOS e Sara REIS DA SILVA (coords.), <i>Do Livro à Cena</i>, ilust. Gémeo Luís, Porto: Deriva Editores/Xunta de Galicia(Consellería de Educación. Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia/LIJMI (Red Temática "Las Literaturas Infantiles y Juveniles del Marco Ibérico e Iberoamericano"), novembro 2008, 198 pp. (ISBN: 978-972-9250-37-8).</p> <p>Participan: Blanca-Ana Roig Redhou, "Panorámica da literatura dramática infantil e xuvenil galega", "Estudos", pp. 45-78; Ánxela Gracián e outro, "Escrita para Teatro e</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Representación no contexto galego," "Encontros com autores," pp. 102-116; Cristina Domínguez, "Presentación da Programación de Teatro Infantil do Centro Dramático Galego. O achegamento a novos públicos: o público infantil e xuvenil. Política do IGAE," "Actividades para a promoción e divulgación: projectos e experiencias," pp. 130-136; Chus Pereiro, "Teatro escolar no Ensino Primario," "Ateliers," pp. 176-178; e Pilar Sampedro, "Apresentación da Guía didáctica elaborada a partir d'As laranxas más laranxas de todas as laranxas, de Carlos Casares Mouríño," "Apresentações," pp. 190-196.</p> <p>PELEGRÍN, Ana, Mª Victoria SOTOMAYOR e outro (eds.), <i>Pequeña memoria recobrada. Libros infantiles del exilio del 39</i>, Madrid: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte (Secretaría General Técnica. Subdirección General de Información y Publicaciones), 2008, 310 pp. (ISBN: 978-84-369-4592-8).</p> <p>Participa Blanca-Ana Roig Rechou, "Memorias dun neno labrego y la obra de Xosé Neira Vilas," pp. 155-169.</p> <p>ROIG RECHOU, Blanca-Ana et alii, <i>Docencia, investigación y crítica de LIJ en el marco Ibérico</i>, Castilla-La Mancha: Centro de</p>	<p>Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (CEPLI)/Universidad de Castilla-La Mancha, 2008, 68 pp. (DL: CU-23-2008).</p> <p>ROIG RECHOU, Blanca Ana, Pedro LUCAS DOMÍNGUEZ e Isabel SOTO LÓPEZ (coords.), <i>A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil</i>, ilust. José María Mesías Lema, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia, 2008, 399 pp. (ISBN: 978-84-9782-885-7).</p> <p>Participan: Blanca-Ana Roig Rechou, "A guerra civil na narrativa infantil e xuvenil galega: unha temática incompleta," pp. 69-102; Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González, "A silenciosa subversión do universo femenino como consecuencia da Guerra Civil: A sombra descalza, de An Alfaya," pp. 195-206; Lourdes Lorenzo, "Da literatura de adultos á literatura xuvenil a través da tradución: Vento ferido/Wounded Wind, de Carlos Casares," pp. 225-239; Isabel Soto, "Literatura contra a desmemoria: unha lectura de Noite de voraces sombras, de Agustín Fernández Paz," pp. 251-269; e Marta Neira Rodríguez, "Recuperar a memoria: A teima de Xan, de Antonio García Teijeiro," pp. 285-296.</p>	<p>ROIG RECHOU, Blanca-Ana, <i>La Literatura Infantil y Xuvenil Gallega en el siglo XXI. Seis llaves para entenderla mejor/A Literatura Infantil e Xuvenil Galega no século XXI. Seis chaves para entendela mellor</i>, edición bilingüe castelá e galega, introducc. de Antonio Rodríguez Almodóvar, Madrid/Santiago de Compostela: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil/Xunta de Galicia, outubro 2008, 196 pp. (DL: M-45287-2008).</p> <p>ROIG RECHOU, Blanca-Ana e José António GÓMES (coords.), <i>Teatro para a Infância e Juventude. Aproximações à literatura dramática</i>, Porto: Deriva Editores, 2008, 200 pp. (ISBN: 978-972-9250-46-0).</p> <p>Participan: Blanca-Ana Roig Rechou, Eulalia Agrelo Costas e Marta Neira Rodríguez, "Apuntamentos para unha historia da literatura dramática infantil e xuvenil galega. Unha selección de obras e autores," pp. 74-153.</p> <p>RÖSING, Tania M.K. e Miguel RETTENMAIER (orgs.), <i>Lectura dos espaços e espaços de leitura/Lectura de los espacios & espacios de lectura</i>, trad. Rosane Innig Zimmermann e Tânia Mara Goellner Keller, Passo Fundo: Universidade de</p>
--	---	---

ACTUALIDADE

<p>Passo Fundo/Universidad de Extremadura, 2008, 417 pp. (ISBN: 978-85-7515-664-3).</p> <p>Participan: Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Mociño González, "Unha rede temática de investigación: obxectivos e retos," "Literatura y formación de lectores," pp. 271-284.</p> <p>TORRES BLANCO, Helena (coord.), <i>O álbum galego. 25 miradas para unha década, 1997-2007</i>, trad. María Reimóndez, prólogo de Teresa Durán, edición trilingüe galego, inglés e castelá, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Máis libros, 2008, 68 pp. (DL: C 2553-2008).</p> <p>VALERO GARCÉS, Carmen (coord.), <i>Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales en España. Tomo II</i>, Oviedo: Septem Ediciones, col. Septem universitas, 2008, 346 pp. (ISBN: 978-84-96491-70-0).</p> <p>Participan: Rosa Marta Gómez Pato, "Estudio crítico de la traducción al gallego de <i>Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse</i>", pp. 95-123; Mª Mar Soliño Pazó, "Las traducciones catalana, española, euskara y gallega de <i>Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse</i>: estudio</p>	<p>comparativo-conclusivo," pp. 125-136; Celia Vázquez García e Mª Dolores González Martínez, "Vida y obra de J. K. Rowling. Análisis literario de la serie <i>Harry Potter</i>", pp. 139-162; Sabela González Panizo e outro, "Estudio crítico de las traducciones al gallego de la serie <i>Harry Potter</i>", pp. 303-335; e Lourdes Lorenzo, "Las traducciones catalana, española, euskara y gallega de la serie <i>Harry Potter</i>: estudio comparativo-conclusivo," pp. 337-346.</p> <p>LITERATURA INFANTIL E XUVENIL. TRADUCIDA OU VERSIONADA</p> <p>NARRATIVA</p> <p>AGUILAR, Luisa, <i>Orelas de bolboreta (Orejas de mariposa</i>, 2008), trad. Manuela Rodríguez, ilust. André Neves, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], marzo 2008, [26] pp. (ISBN: 978-84-8464-662-4).</p> <p>ÁLVAREZ, Blanca, <i>Agardarei por ti en África (Búscame en África</i>, 2007), trad. Isabel Soto, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Nutilus, n.º 11, a partir dos 14 anos, xaneiro 2008, 123 pp. (ISBN: 978-84-9811-140-8).</p>	<p>BERNARD, Heliane, <i>Guernica, (Guernica</i>, 2007), ilust. Olivier Charpentier, trad. Emma Lázare, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado mozo], xaneiro 2008, [42] pp. (ISBN: 978-84-8464-654-9).</p> <p>BURFOOT, Ella, <i>A miña amiga a escuridade</i>, ilust. a autora, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, [28] pp. (ISBN: 978-84-96893-53-5).</p> <p>CANALS BOTINES, Mireia, <i>O conto de vestirme só</i>, (ISBN: 978-84-96893-37-5)/<i>O conto de comelo todo</i> (ISBN: 978-84-96893-38-2)/<i>O conto dos xoguetes ordenados (El conte de les joguines endreçadas</i>, 2008) (ISBN: 978-84-96893-38-2), ilust. Mar Cerdá Albert, A Coruña: Baía Edicións, col. Os Contos Educativos de Marcos e María, n.ºs 1, 2, 3, [prelectorado], febreiro 2008, 47 pp.</p> <p>CARBONELL, Paula, <i>Buscando o norte</i>, ilust. Cecilia Afonso Esteves, trad. do castelán Sara Monda, Pontevedra: OOO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, agosto 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-060-1).</p> <p>CARRANZA, Maite, <i>O clan da loba (El clan de la loba</i>, 2005), trad. Pilar Saborido Otero, A Coruña:</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Rodeira, col. A guerra das Bruxas, vol. I, [mocidade], outubro 2008, 398 pp. (ISBN: 978-84-8349-216-1).</p> <p>CASTAGNOLI, Anna, <i>A incríbel historia da nena paxaro e o galopín</i>, ilust. Susanne Jansen, trad. do italiano Antón Fortes, Pontevedra: OOO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, febreiro 2008, [44] pp. (ISBN: 978-84-96788-68-8).</p> <p>CHAUNDLER, Rachel, <i>Macario dromedario</i> (<i>Macario, dromedario</i>), ilust. Bernardo Carvalho, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OOO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, xullo 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-054-0).</p> <p>COLASANTI, Marina, <i>No labirinto do vento</i> (<i>Uma idéia toda azul. Doze reis e a moça no labirinto do vento</i>, 1978, 2008), ilust. Carmen Segovia, trad. Mercedes Pacheco Vázquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], novembro 2008, 149 pp. (ISBN: 978-84-9782-932-8).</p> <p>COLOMBO, Natalia, <i>Cerca</i> (<i>Cerca</i>, 2008), ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, I Premio Internacional Compostela para álbuns ilustrados 2008, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado], outubro 2008,</p>	<p>[35] pp. (ISBN: 978-84-8464-677-8).</p> <p>COSTA, María, <i>A cor dos amigos</i>, ilust. Antonio Amago, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e releo, n.º 4, [lectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-43-0).</p> <p>DURAN ARMENGOL, Teresa, <i>¡Que paisaxe!</i> (<i>Quin paisatge!</i>, 2008), debuxos Montse Ginesta Clavell, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 4, [lectorado autónomo], setembro 2008, 21 pp. (ISBN: 978-84-9782-796-6).</p> <p>FARIAS, Marta, <i>A viaxe do bisavó</i> (<i>El viaje del bisabuelo</i>, 2008), trad. Manuela Rodríguez, ilust. Aitana Carrasco, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], abril 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-8464-665-5).</p> <p>GIL MARTÍNEZ, Carmen, <i>Iván, o cabaleiro valente</i> (<i>Iván, el caballero valiente</i>, 2008), debuxos Bernardette Cuxart Picart, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 12, [lectorado autónomo], setembro 2008, 20 pp. (ISBN: 978-84-9782-804-8).</p> <p>LOZANO, María José, <i>A gaivota e o faro</i>, ilust. Jorge del Corral,</p>	<p>trad. ao galego Emma Abella Cruz e Maisu Quintillán González, Madrid: Sieteleguas Ediciones, col. Contos terapéuticos para nenos coa pedagoxía de Bert Hellinger, n.º 3, [lectorado autónomo], maio 2008, [34] pp. (ISBN: 978-84-96965-64-5).</p> <p>LOZANO CARBALLO, Pilar, <i>¡Non é tan doado ser neno!</i> (<i>¡No es tan fácil ser niño</i>, 2008), Premio Edebe de Literatura Infantil 2008, ilust. Montse Tobella, trad. Marta González Costoya, Xavier Senín e Isabel Soto, A Coruña: Editorial Rodeira, col. Tucán, más de 10 anos, febreiro 2008, 129 pp. (ISBN: 978-84-8349-150-8).</p> <p>MARTÍNEZ, Rocío, <i>A historia do RAINBOW WARRIOR</i> (<i>La historia del Rainbow Warrior</i>, 2008), trad. Laura Almazán, Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], maio 2008, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-671-6).</p> <p>MONTALBÁN, Carmen, <i>Estás na lúa</i> (<i>Estás en la luna</i>, 2008), trad. Laura Almazán, ilust. Pilar Millán, Pontevedra: Editorial Kalandraka, col. Seteleguas, [mocidade], maio 2008, 108 pp. (ISBN: 978-84-8464-673-0).</p> <p>MONTRUL MATURELL, Anabel, <i>O xantar</i>, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>Alicante, Alacante: Miniland S. A., col. Leo e Releo, Miniland Educational serie verde Educación pró saúde, n.º 6, [leitorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-42-3).</p> <p>MONTRUL MARTORELL, Anabel, <i>O regalo</i>, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante: Miniland S. A., col. Leo e Releo, Miniland Educational serie vermelha . Educación pró consumo, n.º 7, [leitorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-45-4).</p> <p>MOSCADA, Neus, <i>Soidades</i>, ilust. Chiara Fatti, trad. Paco Liván, Pontevedra: OOO Editora, col. Q. Para lectores intrépidos, de 7 a 12 anos, maio 2008, [36] pp. (ISBN: 978-84-97-871-053-3).</p> <p>PEYDRÓ, Eva, <i>O tesouro de Saída</i> (<i>El tesor de Saída</i>, 2007), ilust. Paco Roca, trad. Inma Seage Freire, Barcelona: Planeta&Oxford, col. Camaleón, n.º 17, serie verde, a partir de 10 anos, febreiro 2008, 200 pp. (ISBN: 978-84-9811-137-8).</p> <p>PUIG, Tere, <i>Quen son eu?</i>, [40] pp. (ISBN: 978-84-8289-249-8)/<i>Tan grandes, tan pequenos</i>, [28] pp. (ISBN: 978-84-8289-249-8)/<i>Cando escouito o teu corazón</i>, [28] pp. (ISBN: 978-84-8289-248-1)/<i>Soñei que era unha árbore</i>, [28] pp. (ISBN: 978-84-</p>	<p>8289-246-7), ilust. Isao, trad. María Lado, Vilaboa-Pontevedra: Edicións do Cumio, [leitorado autónomo], setembro 2008.</p> <p>RIVERA FERNER, Marta, <i>Aliñas de cristal</i> (<i>Alitas de cristal</i>) (ISBN: 978-84-403-0544-2)/ <i>Ruidos, sombras e medos</i> (<i>Ruidos, sombras y miedos</i>) (ISBN: 978-84-403-0546-6), ilust. da autora, adaptación ao galego de Irene Peñas Murias, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, serie Fantasía e Medio Natural, a partir de 5 anos, 2008, [50]/[48] pp.</p> <p>ROWLING, J. K., <i>Harry Potter e a orde do Fénix</i> (<i>Harry Potter and the Order of the Phoenix</i>, 2003), trad. Laura Sáez, Vigo/Barcelona: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, [mocidade], 2008, 889 pp. (ISBN: 978-84-9865-132-4).</p> <p>ROWLING, J. K., <i>Harry Potter e o misterio do príncipe</i> (<i>Harry Potter and the Half-Blood Prince</i>, 2005), ilust. cuberta Dolores Avendaño, trad. Carlos Acevedo Díaz, Vigo/Madrid: Editorial Galaxia/Ediciones Salamandra, [mocidade], 2008, 600 pp. (ISBN: 978-84-9865-128-7).</p> <p>ROWLING, J. K., <i>Harry Potter e as reliquias da morte</i> (<i>Harry Potter and the Deathly Hallows</i>, xullo 2007), trad. Laura Sáez, Vigo: Editorial Galaxia, [mocidade],</p>	<p>febreiro 2008, 632 pp. (ISBN: 978-84-9865-050-1).</p> <p>SAIZ, Raquel, <i>Chuzos de punta</i>, ilust. Maja Celija, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OOO Editora, col. O. Contos a pedir de boca, de 3 a 7 anos, abril 2008, [32] pp. (ISBN: 978-84-9871-039-7).</p> <p>SLEGERS, Liesbet, <i>¿Que estou a ver?</i> (<i>Wat zie ik?</i>, 2008) (ISBN: 978-84-92404-11-7)/<i>¿Que estou a tocar?</i> (<i>Wat voel ik?</i>, 2008) (ISBN: 978-84-92404-10-0)/<i>¿Que estou a oír?</i> (<i>Wat hoor ik?</i>, 2008), (ISBN: 978-84-92404-12-4), ilust. da autora, trad. Ignacio Chao, Vigo, Editorial Luis Vives/Tambre, col. XELA, n.ºs 1/2/3, [prelectorado], 2008, [24] pp.</p> <p>SOLÁ, Gemma, Nuria FERNÁNDEZ e Sandra SAYAVERA, <i>Os xoguetes enfadados</i>, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland S. A/ Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 3, [prelectorado], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-41-6).</p> <p>SOLER, Teresa, <i>Pepe e o seu hámster</i> (<i>L'hámster de Josep</i>, 2008), ilust. Montserrat Tobella, trad. Paula Fernández González, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. O meu mundo, n.º 7,</p>
--	---	--

ACTUALIDADE

<p>[llectorado autónomo], setembro 2008, 24 pp. (ISBN:978-84-9782-799-7).</p> <p>TORRES, Encarna, <i>Ramona e Renato</i>, ilust. Antonio Amago, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e releo, n.º 4, [llectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-44-7).</p> <p>TORRES, Encarna e Anabel MONTRUL MARTOLELL, <i>A cidade sen semáforos</i>, ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 1, [prelectorado], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-46-1).</p> <p>TORRES ESCURIOLA, Encarna (AIJU), <i>Teño un irmán máis novo</i> (<i>Tengo un hermano pequeño</i>, 2008), ilust. Antonio Amago Alonso, trad. Servicio de traducción de la Universidad de Alicante, Alacante/Madrid: Miniland/ Sieteleguas Ediciones, col. Leo e Releo, n.º 5, [llectorado autónomo], 2008, 25 pp. (ISBN: 978-84-96965-47-8).</p> <p>VISSHHER, Cécile de, <i>Mimi e a xirafa azul</i> (<i>Mimí y la jirafa azul</i>, 2008), ilust. María Ella Carrera, A Coruña: Baía Edicións, col.</p>	<p>Queres coñecerme?, [prelectorado], setembro 2008, 47 pp. (ISBN: 978-84-96893-76-4).</p> <p>POESÍA</p> <p>CANO, Isabel, <i>Coma o can e o gato</i> (<i>Como el perro y el gato</i>, 2008), ilust. Juan Ramón Alonso, trad. Ánxela Gracián, Madrid: Macmillán Infantil e Xuvenil, col. Librosaurio. Eu leo en galego!, de 3 a 6 anos, 2008, [26] pp. (978-84-7942-278-3).</p> <p>GEVRY, Claudine, <i>A princesa perfecta</i>, ilust. da autora, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2008, [14] pp. (ISBN: 978-84-96893-71-9).</p> <p>GOZALBO FELIP, Mónica, <i>Historia dun compás</i>, ilust. Marta Ribes Montoliu, trad. María Lado, Vilaboa (Pontevedra): Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], outubro 2008, [38] pp. (ISBN: 978-84-8289-088-3).</p> <p>TEATRO</p> <p>GUILLÉN, Fusa, <i>O segredo do faiado</i>, ilust. Pilar Guillén, ilust. da cuberta Alberto Toval, trad. Conchi Méndez, Ferrol: Edicións Embora, col. A Biblioteca Ambulante da Garola. Colección de Teatro Infantil e Xuvenil Galego, [lectorado mozo],</p>	<p>setembro 2008, 153 pp. (ISBN: 978-84-95460-87-5).</p> <p>*Universidade de Santiago de Compostela/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.</p> <p>NOTA</p> <p>1. Proxecto de Investigación que se realiza no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e que todos os anos se publica en CD-ROM.</p>
--	--	---

A C T U A L I D A D E

CAVILACIÓN EN TORNO A RETRATOS DE MULLERES

Está a piques de publicarse a tradución do segundo volume d'*O segundo sexo*, no que Beauvoir nos achega unha ampla gama de experiencias vividas de mulleres, facendo case máis de socióloga que de filósofa, e amosándonos múltiples facetas, descríxons ou retratos de mulleres no seu presente (1949).

O obxectivo da obra completa, como é ben sabido, pode cifrarse na afirmación da construcción social da feminidade ao longo da historia. No primeiro volume fixo fronte a múltiples discursos (científicos, históricos, literarios) para dar corpo á idea de que non nacemos co rol de mulleres impreso nos xenes; mentres que neste segundo volume amósanos o que somos e cara a onde camiñamos baseándose nas experiencias vividas. O que somos, por suposto, é ben complexo. Tanto que para expoñelo non lle basta a Beauvoir este ensaio filosófico e o seu considerable número de páxinas, senón que prolongará a súa reflexión a través de novelas e memorias, nas que o nivel de detalle, complexidade e combinacións é moito máis prolixo que nas exposicións de carácter teórico¹.

Botando unha ollada ao índice, vemos que Beauvoir comeza cun

enfoque más ou menos diacrónico, realizando un minucioso percorrido polas sucesivas etapas vitais das mulleres: infancia, xuventude, iniciación sexual, e completa esta primeira travesía cun (polémico) capítulo sobre a lesbiana. Pasa logo a tratar, tamén de forma xeral, das formas prototípicas de vivir a madurez característica das mulleres da súa época: muller casada, nai, vida en sociedade, prostitutas e heteras, vellez e situación e carácter da muller. Na terceira parte adopta unha perspectiva más ben sincrónica ao abordar as xustificacións más comúns das mulleres que tratan de dar sentido ás súas vidas: narcisista, namorada e mística. E na derradeira parte e conclusión pon a guinda coa muller independente.


A mi gústame particularmente esta última parte, "cara á liberación", polo seu ton de proclama, polo seu fondo moi en primeira persoa, pola súa actualidade, e, máis que nada, polo que me fai cavilar. Propón, por iso, un percorrido ao revés: unha lectura dialogada, pensada de vagar coa obra principiando polo último capítulo e dando algún que outro brinco á súa obra literaria e ao noso presente, sesenta anos despois do escrito.

MULLERES INDEPENDENTES

C'est par le travail que la femme a en grande partie franchi la distance qui la sépare du mâle; c'est le travail qui peut seul lui garantir une liberté concrète².

Como vemos, pois, Beauvoir finaliza este imponente estudo sobre as mulleres presentándonos unha imaxe da muller independente que reivindica fundamentalmente a autonomía económica. O traballo (fóra da casa, remunerado) é o único que pode garantir unha liberdade na práctica, dinos Beauvoir, ou o que é o mesmo, unha existencia auténtica.

Non obstante, e adiantándose a moitas obxeccións posibles da realidade da súa época (e de sesenta anos despois), Beauvoir é consciente de que a maioría das mulleres que traballan non se evaden do mundo feminino tradicional, debido –como di ela– a que non reciben do marido ou da sociedade axuda que precisan para ser concretamente as iguais dos homes. O traballo fóra de casa, tanto antes como agora, soe vir acompañado dedobres ou triples xornadas para as mulleres, e non tanto de compensacións en canto á autonomía real. Neste sentido, Beauvoir ten claro que unha feminidade alternativa á tradicional



non pode realizarse illadamente do entorno social.

Para Beauvoir, pois, o traballo na sociedade actual non equivale a liberdade; é preciso un tipo de sociedade que o acompañe (nesta obra di expresamente que sería necesaria unha sociedade socialista, áinda que noutras posteriores desdirase disto).

Indicanos: "a estrutura social non foi profundamente modificada pola evolución da condición feminina; este mundo, que sempre pertenceu aos homes, conserva ainda a forma que lle imprimiron eles". Penso que aí está a clave: na sociedade... As mulleres teñen moito camiño por diante, posto que teñen que loitar contra a

tendencia e o hábito de quedarse na inmanencia en vez de na súa propia transcendencia; pero ademais cómpre a mudança de toda a sociedade xunto a elas (especialmente os homes). E nisto tamén queda moito por facer; as inercias non axudan, e non axudan. Mesmo a miúdo dar por suposto que xa está bastante conseguido resta impulso para a loita e favorece pasos atrás. Os homes din: "pero qué máis queren?", sen intentar entender, sen poñerse na pel.... e así é moi difícil transmitir.

Beauvoir continuará as súas reflexións doutro xeito, ou mellor, nós podemos continuar reflexionando con Beauvoir, a través de moitos dos personaxes femininos das súas novelas. Por exemplo, Anne, n'*'Os Mandarins'* (1954) representa unha muller independente (inspirada na propia Beauvoir nos anos en que escribiu *O segundo sexo*), coas súas dúbidas, incoherencias e dificultades. Beauvoir-Anne non é condescendente e amosa as súas debilidades (sobre todo no plano sentimental, emotivo, tanto en relación á cría da súa filha como no seu namoramento dos homes); suxírenos así que a independencia, polo menos de momento, non é correlativa da felicidade en

A C T U A L I D A D E

maiúsculas; un dos planos más febles é o emocional.

Tamén é interesante ver algúns dos personaxes femininos nos relatos d'*A muller rota* (1968); a protagonista de "A idade da discreción" é unha muller xubilada, que traballara toda a súa vida, escribira un par de libros e continuaba neste labor, mais non obstante vive frustrada en gran medida polo esforzo de dominación ou control sobre o seu fillo e sobre todo pola falta de implicación nun auténtico proxecto vital.

Renoncer à sa féminité, c'est renoncer à une part de son humanité.

En todo caso, ademais da condición da autonomía económica, respecto á muller independente, Beauvoir fálanos da súa identidade. Parece que cando unha muller é independente, vive independente (con ou sen parella) ten que abdicar da súa feminidade. En efecto, existe –más ben, existía– o tópico de que as mulleres independentes eran feas ou descoidadas co seu físico, pouco sedutoras.

Visto desde a actualidade é un problema complexo. Por unha banda, hoxe en día as mulleres coidan moiísimo da imaxe e do corpo (as que traballan e as que

non traballan). E desde logo as mulleres en postos más ou menos relevantes (en política, economía, universidade, etc.) coidan a súa imaxe de tal modo que é más ben rara a muller descoidada. É máis, por exemplo, no ámbito da política, son moitas as que se queixan da escrupulosidade, a esaxeración con que son miradas polos medios, e polo público; o que implicaría que á xornada laboral, á xornada de coidado de fill@s e fogar normalmente se engada a xornada de coidado do propio corpo e imaxe (en bastante maior medida que os homes, por moito que eles tamén se vaian coidando máis) a través de sesións de ximnasio, perruquerías, *liftings*, operacións estéticas...

Observacións que realiza Beauvoir en torno á comodidade da vestimenta masculina fronte á feminina, e como a muller é xulgada a través do seu arranxo persoal ou se preocupa máis da decoración do fogar, continúan plenamente vixentes. Exemplos hai a millares: pensemos nos tacos, camisetas curtas (en inverno), minisaia, zapatos de punta, e un múltiple etcétera que vai variando con cada moda estacional; ademais de peiteados (permanentes, alisados, tinturas), depilacións (con láser, sen láser), coidados da pel (cremas,

solariums...). Pódese argumentar que moitos destes elementos facilitanse con novas tecnoloxías, mais relativamente a esta facilidade progresiva, o nivel de esixencia vai incrementándose. A modo de ilustración, é más doado e menos doloroso depilarse, pero ata onde se depilan as inguas ou o grao de rexacemento dun pelo é moito más esaxerado; algo parelle ocorre coas lavadoras e a limpeza da roupa, ou coa maior facilidade para o deporte, a miúdo correlativa coa esixencia de corpo dez...

A muller independente traballadora que desexa sentirse feminina –dinos Beauvoir– frecuentemente percibirase en situación de inferioridade no que se refire á súa imaxe debido a que en calquera caso dispón de menos tempo para dedicarse á súa propia beleza; no dominio da elegancia sempre será unha *amateur*. E achegándose a augas un pouco más profundas, describe con xenialidade as dificultades de sedución das mulleres intelectuais (seguramente por ter vivido bastante en carne propia): unha muller activa, suxeita, ten difícil presentarse como obxecto pasivo; pode facelo, claro, pero cando o fai non se gusta a si mesma.

En calquera caso, Beauvoir reivindica que a muller independente necesita –da mesma

<p>maneira que o home- satisfacer os seus desexos sexuais e divertirse con aventuras sexuais. Pero (sempre hai "pero"), por suposto, ela arrisca máis que o home (a súa reputación, a súa carreira). Foron cambiando as cousas, "pero"... creo que ainda segue a ser demasiado verdade para excesivas mulleres.</p> <p><i>Il est entre autres nécessaire que par-delà leurs différenciations naturelles hommes et femmes affirment sans équivoque leur fraternité⁴.</i></p> <p>Por un lado, abre luz á esperanza con palabras utópicas e suxestivas en torno a unha sociedade de iguais, sen distinción por motivos de masculinidade ou feminidade, pero por outra banda, Beauvoir constata que non existen ainda mulleres independentes plenamente realizadas en ningunha parte (nin sequera en EE UU nin na URSS, os polos máis avanzados e poderosos no seu tempo). E en obras posteriores, cargará más as tintas nas dificultades. Os personaxes femininos que irá creando –<i>As belas imaxes</i> (1966), <i>A muller rota</i>– revelan case sempre frustración e amargura, facendo así fincapé nas fochas que continuaba a haber no camiño cara á igualdade real e concreta entre mulleres e homes.</p>	<p><i>NºO segundo sexo</i> non trata a penas sobre o ámbito emocional (alén do sexual) en relación ás mulleres independentes. Si o trata e con extensión n' <i>Os Mandaríns</i> a través do personaxe de Anne e a súa aventura sentimental con Lewis [Nelson Algren], parece ser que narrada de forma bastante autobiográfica. Ái amosa como unha muller intelectual, madura e equilibrada, ao caer namorada e pese a ter ideas claras respecto ás súas decisións vitais fundamentais (non renunciar á súa vida en París, e á súa relación con Robert [Sartre]) sofre o indicible tras a ruptura co seu amante, ata o punto de chegar á beira do suicidio.</p> <p>MULLERES MANTIDAS ou vasalas</p> <p><i>la femme entretenue –épouse ou courtisane- (...) reste enfermée dans sa condition de vassale⁵</i></p> <p>Contrastando coas mulleres independentes, Beauvoir realiza numerosas referencias, como para delinear o contorno e o contraste, ás mulleres vasalas ou mantidas, "mulleres ás que nada lles é permitido facer"⁶. <i>NºO segundo sexo</i> fala destas mulleres como as non independentes (máis que nada, no eido económico). Nas súas novelas complexifica máis a cuestión, e vemos mulleres</p>	<p>traballadoras, pero dependentes ou cando menos non auténticas, sen proxecto vital (<i>A muller rota</i>, <i>As belas imaxes...</i>).</p> <p>As mulleres "mantidas" na nosa actualidade non se acomoden ao de "que nada lles é permitido facer" que dicía Beauvoir, cando menos no mundo occidental. Hainas que, tendo xa soldo o home, optan por non buscar traballo remunerado. Teñen menos autonomía, si ou non, pero poden dedicarse con máis sosego ás criaturas (malia as medidas de conciliación segue sen ser moi dade compatibilizar traballo fóra e crianza de fill@s), non teñen xornadas maratonianas e frecuentemente gozan de tempo e posibilidades para dedicarse a si mesmas (con que nivel de "autenticidade" é outro tema). Ademais, en numerosos casos ao home "tranquilízalle" esta máis ou menos clara acomodación ao rol –tamén, más ou menos-tradicional. Sen ironía, diría que non é un mal cálculo (se non fose pola mala fe que implica a súa situación). Por suposto, ten os seus riscos, como todo: en caso de divorcio, ademais do conflito emocional, o problema económico pode agudizarse; cando as criaturas medran farase máis patente o síndrome do niño baleiro; etc.</p>
--	--	--

ACTUALIDADE

MULLERES NARCISISTAS, NAMORADAS, místicas


Les circonstances invitent la femme plus que l'homme à se tourner vers soi et à se vouer son amour.⁷

Na terceira parte, *Xustificacions*, Beauvoir analizou as formas de dotar de sentido á propia vida más comúns entre as mulleres mantidas ou vasalas: narcisistas, namoradas e místicas. En realidade, as tres son variantes do mesmo: unha devoción cara a algo (si mesmas, un home particular ou un deus –macho-) que as distancia da posibilidade dun proxecto vital propio que as conduza a vivir na autenticidade como suxeitas plenas. Son todas elas trampas da mala fe, dimisións da loita pola liberación da muller.

Respecto ás narcisistas, Beauvoir atopa a súa causa na convivencia que de modo habitual rodea ás mulleres. En xeral, a maioría séntense frustradas en tanto que suxeitas ou persoas con proxecto vital, en gran medida debido a que as actividades "virís" lles son prohibidas, e ademais nas funcións de esposa, nai, ama de casa non se lles recoñece a súa singularidade. Neste cadre, a educación e a sociedade no seu conxunto impúlsaas a alienarse no seu propio corpo, a amar o seu reflexo como algo pasivo e dado

(ao igual que elas). Elementos desta actitude poden apreciarse no personaxe de Paule d'*Os mandaríns*, en especial relativos á erotomanía –tan ridícula vista desde fóra de unha mesma- na que tan doadamente caen as mulleres narcisistas, escravas da

súa imaxe. De aquí é moi doado dar un pequeno chimo ao noso presente para observar os múltiples perigos de narcisismo a través do culto da propia imaxe ao que xa me referín algo máis arriba –por suposto, non só en mulleres "mantidas"– que impiden unha real



comunicación co que nos rodea e a nosa propia realización como persoas.

En canto ás namoradas, Beauvoir comenta que os homes son ás veces amantes apaixonados, pero sen abdicar de si nunca de forma total, mentres que as mulleres parecen consagradas unicamente ao amor (idólatra). Beauvoir teoriza explicando que un amor auténtico debería asumir a continxencia da e do outro, é dicir, os seus defectos, límites etc. e estar fundado no recoñecemento recíproco de dúas liberdades, mentres que o amor idólatra confire ao amado un valor absoluto, e sempre acaba carreando mentiras. O amor foi asignado á muller como a súa suprema vocación, e cando o dirixe a un home, busca nel a Deus; se as circunstancias prohíbenlle o amor humano, se se decepciona ou é moi esixente, elixirá adorar á divindade, sendo a mística o resultado.

Na novela d'*Os Mandarins* Beauvoir preséntanos unha especie de caricatura da muller namorada a través do personaxe de Paule, a muller de Henri [Albert Camus], unha muller que ten como único e exclusivo obxectivo vital pensar en Henri; é unha muller moi fermosa, con dotes artísticas (canta moi ben, pero non ansía

dedicarse profesionalmente a iso), intelixente e culta, pódese dicir que politicamente de esquerdas (como o seu home). Cando Henri empeza, sen mala fe, a desinteresarse por ela, e trata amablemente de facerlo entender, Paule é incapaz de "procesalo" e de forma traxicómica imos asistindo á invención de todo tipo de explicacións fantasiosas para dar sentido ás actuacións de Henri (sería un exemplo da erotomanía que vimos de mencionar...). Paule acaba por ter que pasar por un psiquiátrico para que a "curen".

MULLERES CASADAS, NAIS, PROSTITUTAS...

C'est essentiellement parce qu'elle n'a jamais éprouvé les pouvoirs de la liberté qu'elle ne croit pas à une libération⁸.

A inmensa segunda parte do volume, máis de 300 páginas –*Situación*- trata sobre algúns dos roles más comúns das mulleres na sociedade tradicional: esposa, nai, prostituta. Sabemos que o destino más tradicional e típico da muller foi sempre o matrimonio, mais a evolución económica da condición feminina está a revolucionar o matrimonio, di Beauvoir hai sesenta anos. Mirando desde agora, podemos dicir que continuamos con esa mudanza do

matrimonio -cando menos en Occidente-. A modo de mostra, pode pensarse no termo *solteirona*, en como está caendo en desuso (xa non é nin peyorativo) para deixar lugar a *singles* (sen connotación negativa). Fálase tamén de diferentes tipos de familias malia que as macro-vodas seguen a estar á orde do día... En calquera caso a idea de matrimonios para toda a vida si que está a desaparecer; e os divorcios aumentan sen cesar. Non obstante, esta transformación está a realizarse con demasiada frecuencia de forma conflitiva (e prexudicial, maioritariamente para as mulleres) en tanto que áinda son numerosos os homes (a miúdo, novos) que non asumen na práctica o cambio de significado da feminidade, particularmente no plano sentimental, e responden de forma violenta ante certas desviacións dos ancestrais papeis sociais das mulleres.

O capítulo da nai, que comeza tratando sobre o aborto, foi máis polémico no momento da publicación. Algo comprensible se se ten en conta que o aborto estaba prohibido e que nos anos corenta e cincuenta Francia estaba en plena campaña natalista, tras o fin da Segunda guerra mundial. Tamén neste aspecto, como na condición de esposa, houbo



múltiples cambios no relativo á sexualidade (métodos anticonceptivos, relacóns prematrimoniais...), pero o aborto segue a ser tema tabú para certos sectores sociais (penso que máis ben minoritarios, pero ainda poderosos e influentes). No que atinxe ás mulleres casadas, a casuística é enorme, mais non me resisto a deixar apuntado que malia que o termo medio de mulleres con estudos é máis alto a cada paso (máis que o dos homes) as mulleres continúan a abandonar os

seus empregos ou a traballar a medio tempo durante o tempo de crianza, con frecuencia un período crucial das súas posibles carreiras profesionais, mentres os seus pares masculinos "fan carreira" (e deixan que sexan as súas compañeiras as que gocen de reducións horarias e similares).

Beauvoir dedica espazo tamén ao rol de prostitutas e heteras, que presenta como un correlato do matrimonio tradicional. Dicíamos hai un momento que a concepción do matrimonio está a cambiar,

mais se estes cambios os medimos desde este correlato da prostitución, non debeu cambiar demasiado en tanto que a prostitución (de alto e baixo nivel), a trata de brancas ou o turismo sexual son un gran negocio.

NENAS, MOZAS, LESBIANAS

On ne naît pas femme: on le devient⁹.

Beauvoir ofrécenos aínda de forma teórica e esquemática máis figuras de mulleres ás que logo dará volume en situacions concretas a través de memorias e relatos. Deixaremos mencionadas, para non estendernos máis, algunas da primeira (e última para nós) parte, na que trata da *Formación* e menciona a famosa frase de "*Non se nace muller, chégase a selo*". De feito Beauvoir aplícase en describir paso a paso, como se constrúe socialmente o obxecto muller desde o mesmo momento de nacer a través dunha engrenaxe moi, moi elaborada. Sacar á luz todo iso, axudará a impulsar a invención de novas formas de construcción dos xéneros (termo posterior a ela, mais que se adecúa perfectamente ao que quere expresar).

Das crianzas é interesante ir vendo como se educa desde moi cedo de forma distinta ás nenas e

aos nenos. Poderíamos pensar que iso cambiou coa coeducación, pero cando vemos as *bicis* e patinetes rosas, as *barbies* ou as mochilas rosas más ben pensamos que ás nenas áinda se as tende a seguir tratando como a bonecas viventes e aos nenos como loitadores (no mundo real ou virtual). É dicir que as nenas seguen a aprender a "materia" de feminidade (e os nenos a de virilidade ou masculinidade) antes que a de "ser persoas autenticamente".

En canto ás lesbianas, coherentemente co seu "construcionismo", Beauvoir dirá que non é algo que veña determinado por ningún desequilibrio hormonal ou anatómico. Non é unha perversión nin ningunha forma de maldición; é unha elección en situación, que é libremente adoptada; e, polo tanto, só pode ser xulgada, como calquera outra elección, desde a autenticidade. Para ela, a distinción radical entre heterosexual e homosexual é falsa. Beauvoir é criticada por manter unha posición ambigua respecto ao lesbianismo e sobre todo por non concederlle un papel de ruptura coa feminidade tradicional, mais desde o meu punto de vista, a súa posición teórica é coherente e non desprezativa con esta opción vital, máis alá das súas prácticas.

individuais e concretas. Un dos personaxes literarios que pode ilustrar á lesbiana é Xavière [Olga Kosakiewicz] n'A *invitada* (1943), a cal estaba namorada de Françoise [Beauvoir] e tiña celos de Pierre [Sartre], que á súa vez quería ligar con Olga malia non ser correspondido.

En fin, ata aquí as principais fotos fixas de mulleres presentadas por Beauvoir no segundo volume d'*O segundo sexo*, folleadas de forma un tanto superficial (que en calquera caso, poden captarse con maior movemento e volume –máis preto da película- nas ficcións e memorias da autora). O reconto non pretende ser exhaustivo senón más ben unha invitación a ler ou releer *O segundo sexo*, agora accesible de forma completa en galego – Edicións Xerais- a través da coidada e elaborada tradución de Margarida Rodríguez Marcuño, quen puxo especial coidado en empregar unha linguaxe non sexista en todo momento, continuando así, dalgún modo, non só na súa letra, senón tamén no seu espírito, as orientacións de Beauvoir.

NOTAS

1. En torno ás conexións entre a obra literaria e filosófica de Beauvoir é interesante a tese de Ulrika Björk, da universidade de Helsinki, titulada *Poetics of Subjectivity. Existente and Expressivity in Simone de Beauvoir's Philosophy* (2008), na que afirma, entre outros, que os traballos literarios de Beauvoir contribúen a entender a complexidade da subxectividade. Pode ser consultada a través de internet: <https://oa.doria.fi/bitstream/handle/10024/4293/poeticso.pdf?sequence=3>

2. "Foi polo traballo como a muler franqueou, en gran medida, a distancia que a separaba do macho; únicamente o traballo é o que lle pode garantir unha liberdade concreta" (*O segundo sexo*, vol. 2, cap. XIV)

3. "Renunciar á súa feminidade é renunciar a unha parte da súa humanidade" (*O segundo sexo*, vol.2, cap. XIV).

4. "É necesario, entre outras cousas, que, por enriba das súas diferenzas naturais, homes e mulleres afirmen sen equívocos a súa fraternidade" (*O segundo sexo*, vol.2, *Conclusión* –palabras finais-).

5. "A muller mantida -esposa ou cortesá (...) permanece encerrada na súa condición de vasala" (*O segundo sexo*, vol.2, cap. XIV).

6. "A maldición que pesa sobre a muler vasala consiste en que non se lle permite facer nada" (*O segundo sexo*, vol.2, cap. XIV).

7. "As circunstancias invitan á muler más que ao home a se volver cara si mesma e a consagrarse ao seu amor" (*O segundo sexo*, vol.2, cap. XI).

8. "En esencia, como xamais experimentou os poderes da liberdade, non cre nunha liberación" (*O segundo sexo*, vol.2, cap.X).

9. "Non se nace muller, chégase a selo" (*O segundo sexo*, vol.2, cap.I).

ACTUALIDADE

A ARTISTA BRITÁNICA DELAINE LE BAS, NO MARCO DE VIGO

VIDAS Á INTEMPERIE

A obra da artista británica romaní Delaine Le Bas (Worthing, West Sussex, 1965) destaca dentro da proposta expositiva do MARCO¹ deste verán, que baixo o nome de "Living Together"², agrupa a obra multidisciplinar de catorce artistas que indagan sobre a convivencia, a reflexión e o diálogo intercultural.

Seducida pola súa factura orixinal, difícilmente etiquetable, comentarei a instalación de Delaine Le Bas, *The Walls Can Be Invisible (as paredes poden ser invisibles)*, máis que como unha crítica dourada e obxectiva -que non o son, nin o un nin o outro- guiada pola paixón de narrar unha experiencia vital ao tempo de ser vivida.

Le Bas invita a penetrar nuns fogares móbiles, herdados da súa vida nómada, secuestrando momentos fugaces para compoñer unha emotiva sátira mundana. Le Bas ten a capacidade de cativar polos seus espazos físicos, morais, psicolóxicos.

O colorido e o seu estilo expositivo, que enlaza o folk co naif, dálle un aspecto diáfano aos seus espazos artísticos e invita a recrearse, a exercer de voyeur (*voyeuse*) dentro deles más que a pasear como mera visitante, "non

son unha turista, vivo aquí" advirte no acceso á instalación.

Dicia inetiquetable porque así se identifica a si mesma, a base de pintadas nas paredes, de poemas, de fotos-denuncia. Le Bas xoga a ser rapera, nómade, suburbana, intimista, sardónica, unha inadaptada que non renuncia a todos os medios de expresión para reivindicarse, assumir o seu rol de artista incómoda, de xitana altaiva e ao mesmo tempo crítica cos redutos conservadores do seu propio pobo.

Le Bas é unha solemne narradora que funde literatura e escultura, representa, escenifica, teatraliza, arrástrate nun

Storyboard, onde ao goce visual hai que sumarlle o pasatempo performativo.

O mundo aseméllase a unha gran mascarada; e no seu repudio pola hipocrisia crea imaxes de gran efecto visual. Unha casiña rosada de bonecas que leva o rótulo "Aquí está a raíña", semella un sarcófago de monicrecres mutilados.

Os obxectos prenden nunha vida propia para recordarlle ás miradas atentas a fraxilidade das normas dos estereotipos nos que a sociedade necesita asentarse, nada é o que parece ser; en palabras da artista "recordade, o *action man* é unha boneca"³





A C T U A L I D A D E

Precísase tempo de lectura destas "narracións" visuais, desas cabanas ateigadas de anacos infantís, *mariquitas*, debuxos, graffitis, máscaras de Entroido; paredes de denuncia adolescente, onde se ri dos cabaleiros armados que nunca salvan as doncelas; onde frívola os emblemas nacionais. Cada curruncho deste universo de Le Bas entraña un novo enigma a descifrar.

Tamén no orixinalísimo aproveitamento de materiais desbotables, cartón, madeira, plásticos, la, percíbese unha actitude comprometida, de respecto polo ecosistema, reciclando e reutilizando materiais como postura de insubmisión ante o dilapido da sociedade de consumo.

Le Bas rendabiliza as paredes do Museo para reurbanizalas coas súas arquitecturas particulares; cabanas, estrados, altares que manexa ao seu arbitrio para interpretar a súa existencia a través de sinais de identidade que racharán os valores firmes do sexo-xénero, mais tamén a etnia ou a clase social.


Esta rebeldía tenra que imprime Le Bas á súa obra retrátana como a unha eterna artista adolescente, mais non nos enganemos, Le Bas transcende do infantil *Paradise Lost* (nome dunha instalación anterior, que

lembra a obra do poeta británico John Milton) non xoga con bonecas, cuestiona roles, rebélase contra as convencións, que simboliza como unha tea de araña que as atenaza (ás mulleres-boneca) e as somete.

E áinda que o protagonismo da instalación cumpliría outorgallo á infancia, nada de inocencia expide a obra de Delaine Le Bas. Transluce un mundo inconsciente, o mundo onírico, con visións impactantes que representan os medos infantís en forma de bestiario, nunha acertada complicidade coa cultura popular: desde o tenro gatiño infantil, á pantera negra que se coa no interior do cuarto a media noite.

Criaturas zoomórficas que non ocultan o rostro hipócrita das relacións de parella, dos rituais relixiosos. A perversión ou a violencia humana, plásmanse con alusións explícitas á indefensión feminina ante a violencia sexista, que desencadeará unha profunda crise de soídad que podería xustificar a repulsa contra o mundo adulto.

Pódese imaxinar esa riquísima vida á intemperie, colectiva e nómade do pobo romaní que mantén alerta á artista, e que deixa pegadas nese caos costumista, perfectamente organizado. Algo que se confirma



tamén nas videogravacións que integran a mostra, á que hai que engadirlle o papel suxestivo da banda sonora que enmarca toda a instalación cunha música, por veces aterradora, polo insistente que perfila esa vivencia única de *The Walls can be Visible*.

Considero un luxo ter podido aproveitar a esta artista, que vén de expoñer no Centro Cultural Montehermoso Kulturunea, Gasteiz, despois de percorrer prestixiosas galerías e Bienais de arte por todo o mundo, Berlín, Venecia, París, Turín, Moscova. Desexamos que se lle poida seguir a pista en sucesivas exposicións.

NOTAS

1. Ficha da exposición do MARCO: *The Walls Can Be Invisible*, 2009 (Os muros poden ser invisibles)

Instalación específica

Música: H. R. T., Tommy Pearce, Jamal Jimenez, Johnny Doe

Peñicula: Delaine Le Bas, Tara Darby

Fotografías: Damian Le Bas, Damian James Le Bas, Delaine Le Bas, Tara Darby, Tim Walker

2. A instalación de Le Bas forma parte da exposición Living Together. Estratexias para a convivencia 29 maio 2009 - 20 setembro 2009. Producción: Centro Cultural Montehermoso Kulturunea, Vitoria-Gasteiz. Comisariado: Xavier Arakistain e Emma Dexter

3. http://www.transitiongallery.co.uk/htmlpages/girl_on_girl/delaine_lebas.html

MILLENIUM: OUTROS MODELOS COS QUE IDENTIFICARSE

A trilogía *Millennium* escrita por Larsson* pouco antes de morrer é un verdadeiro éxito literario. A raíz del empézase a falar dos "megasellers" e incluso dos "libro-flotador" na medida en que poden salvar ás editoriais da crise. Só no estado español vendéronse máis de tres millóns de exemplares.

Ademais do evidente fenómeno no mercado editorial pódense facer reflexións sobre as repercusións éticas e políticas que se poden derivar del. Algo se está a mover nos estereotipos tradicionais...

O relato aporta unha revolucionaria mirada de esquerdas, na que se cuestiona a base do sistema capitalista e os valores conservadores da sociedade burguesa. Nesta obra aparecen mulleres e homes que están dispostos a todo por enfrentarse ás sórdidas manobras propias do peor do neocapitalismo.

As 2.100 páxinas confórtannos porque achegan un novo perfil da conduta nos protagonistas, quen están lonxe de subscribir os modelos de home e muller aos que nos tiña afeitas a "literatura negra" tradicional.

A forza destes libros posiblemente veña dada polos seus nítidos personaxes: seres humanos integros, honestos,

valentes e, á súa maneira, transformadores. "Quixotes modernos" chámalo Vargas Llosa (El País 06-09-09).

Se temos que cualificar a novela de Stieg Larsson cunha palabra esta sería a de coherencia. Polo que se sabe do escritor parece que tamén os seus ideais e a súa traxectoria foron un reflexo deste equilibrio entre o pensar e o actuar. Cremos que isto ten un valor altamente revolucionario xa que pode influir positivamente na vida doutras persoas.

Sabemos que o poder socializador da literatura de masas fai que se vaian lexitimando certos valores. E os valores que nos achegan os protagonistas Lisbeth Salander e Mikael Blomkvist teñen que ver co compromiso cos dereitos humanos e mais concretamente coa loita contra a violencia machista. A súa denuncia é o tema verdadeiro da trilogía: "Esta historia non vai de espías e seitas estatais senón da violencia que se comete habitualmente contra das mulleres e dos homes que a fan posible".¹

Os personaxes femininos da trilogía son as novas guerreiras, as amazonas deste século, as mulleres que xa dirixen a súa propia vida, que toman a iniciativa, que loitan contra os vestixios machistas dun mundo patriarcal

(cheo de violencia física, psíquica e institucional contra das mulleres).

A protagonista feminina é Elisabeth Salander a quen Larsson definiu en vida como unha mestura de "Pippi Calzaslargas, Nai Teresa de Calcuta e un guerrilleiro kurdo". Ten 24 anos. É pouco sociable, introvertida, bisexual... e cunha moral propia. Salander é moi rara, pero ante todo é protagonista da súa vida. É independente dos homes, viste como lle dá a gana, amante dos tatuaxes e os piercings; e na sexualidade non hai tabús para ela, mais sobre todo é moi "legal" á súa maneira... Pippi xa é maior, vive no século XXI, co que iso supón de dominio das novas tecnoloxías: é unha auténtica hacker informática.

Ela é a verdadeira protagonista da trilogía porque se ben no primeiro libro ela axuda a Mikael a solucionar un caso de desaparición nos dous seguintes é o propio pasado de Elisabeth e as repercusións que ten no presente o que se investiga. Nel está a xustificación do seu carácter e os porqués da súa xenreira cara as demás persoas, especialmente á policía e @s psiquiatras. Ás veces menciónase que pode ter síndrome de Asperger (patoloxía autista), descartado tan pronto como sabemos o seu pasado.

<p>Se ben é moi racional en todas as súas actuacións tamén ten un lado feble, que a humaniza, e que no seu caso é a inferioridade que sente por ter ese corpo tan miúdo, tan pouco desenvolvido e andróxino que a fai sentir mal con ela mesma: "Estaba convencida de que o seu corpo delgadiño resultaba noxento. Os seus peitos eran patéticos, case non tiña cadeiras..."². Amaña o problema a principios da segunda novela indo a aumentar os senos a unha clínica italiana tan pronto como dispón de diñeiro.</p>		<p>traballo e familia. Recibe a miúdo "pullas" dalgún compañoiro machista.</p>
<p>Porén está claro que tanto ela como as outras mulleres que aparecen na obra ofrecen outro modelo de feminidade diferente do tradicional. Moitas delas teñen sufrido violencia machista, pero lonxe de sufrila resignadamente (como facía a nai de Lisbeth) teñen loitado contra dela cunha coraxe e un instinto transformador que as ten levado a conquistar a soñada igualdade.</p>	<p>Outras mulleres relevantes na trilogía que se defenden contra do trato degradante dos homes machistas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cecilia Vanger que foi maltratada polo seu home ao que leva sen ver 20 anos. • Harriet Vanger que sofría abusos sexuais moi graves na adolescencia. • Mónica Figuerola que é policía de seguridade do estado. Amante do deporte. Vigorésica, intelixente e sensible. Mónica é unha muller moi forte fisicamente e por iso ten difícil establecer relacións afectivas. "...doume conta de que bastantes homes se interesan por min, pero despois empezan a desafiar me e tentan buscar diferentes maneiras de dominarme, sobre todo cando descubren que son policía."³ • Sonja Modig é outra policía investigadora. Compatibiliza 	<p>Mais polas novelas tamén desfilan outra serie de mulleres moi visibles en postos relevantes: a fiscal xeral do estado, xuízas, pastoras protestantes, médicas.... Que falan doutras mulleres que xa están á par co home, nunha sociedade más igual. Son sensibles e racionais ao tempo.</p>
<p>Un tratamento especial merece Erika Berger, a mellor amiga de Mikael. Muller elegante e brillante profesional, é a directora da revista <i>Millennium</i>. Cando chega a dirixir outro importante xornal sofre acoso por parte dun ex-compañoiro do instituto resentido porque non foi quen de "ligar" con ela na época de estudantes.</p>		<p>A solidariedade entre mulleres está presente varias veces nos tres libros a pesar de que ás veces compiten entre si polos favores sexuais do protagonista masculino: Lisbeth axuda a unha muller maltratada na illa de Granada, e posteriormente a Erika a atopar ao "boli velenoso" que a acosa, Susanne Linder (outra detective) tamén intervén neste caso cunha sensibilidade totalmente axeitada ao caso; Erika deixa de deitarse con Mikael cando este inicia a relación con Mónica. Dille ao protagonista: "Mantereime afastada mentres non teñas claro se estás namorado"⁴. E o exemplo máis claro desta solidariedade é o de Anita Varner coa súa curmá, xa que é quen de agachala no seu coche, facela "desaparecer", darrille o seu pasaporte e gardar os seus segredos toda unha vida.</p> <p>Tamén saben ser tenras e vulnerables, sobre todo no que</p>

ACTUALIDADE

<p>afecta á relación amorosa co protagonista. Tanto Elisabeth como Mónica temen namorarse e non ser correspondidas. Saben que Mikael ten outras relacións e elas teñen celos. Lisbeth renuncia a publicar a verdade no caso Harriet para non prexudicala. Erika abraza a Lisbeth cando sabe que salvou da morte a Mikael...</p> <p>É especialmente interesante como se denuncia a violencia que padecen as mulleres. Pero non só a agresión física, ou a situación da prostitución, senón sobre todo esotras formas cotiás de violencia sutil que padecemos todas as mulleres pero que por estar tan normalizada moitas veces nin nos decatamos. Referímonos aos menosprezos dos que somos víctimas, ou da redución da túa persoa a un corpo atractivo, ou da invisibilización, a ridiculización... en definitiva, a misoxinia latente na nosa cultura patriarcal que se resiste a desaparecer.</p> <p>Estamos a falar dos 'micromachismos', dos comportamentos que prolongan a desigualdade entre homes e mulleres, e que se estenden dende a sobreprotección á maneira de entender a sexualidade. Estes pola súa peculiaridade "micro" son difíciles de ver e polo tanto de combater.</p>	<p>Blomkvist, o protagonista masculino, posiblemente sexa o <i>alter ego</i> de Larsson, xornalista tamén, cunha gran sensibilidade. É un home que cre no que fai. A súa visión política é moi comprometida coa apostila ética individual. No noso mundo isto non é frecuente pois ao amparo dos posicionamentos individualistas xustificamos moitas veces a falta de compromiso persoal.</p> <p>Mais o interesante é que tamén aparecen esbozados os perfís das novas masculinidades. Son os homes más atractivos da novela (o protagonista, o marido de Erika, o xefe da axencia de seguridade, o primeiro titor legal de Lisbeth, o boxeador...) os que cuestionan o machismo rancio e ofrecen a súa maneira de entender a súa vida dunha forma máis libre, sen axeitarse ao estereotipo tradicional: son homes que non teñen medo da muller sen medo, que poden someterse a unha muller que ten máis autoridade que eles tanto no profesional como no moral ou en calquera destreza. Tamén son homes que recuperan a súa autonomía no doméstico, e non agachan a súa cara sentimental.</p> <p>Esta apostila consciente e voluntaria ao longo das tres novelas semella un cambio de actitude no panorama socializador. Como non nacemos emocionalmente intelixentes é</p>	<p>moi importante sensibilizar á comunidade e aprenderlle así outras formas más humanas de relacionármosenos como un factor clave para previr a violencia. Sabemos que cando se traballa a fondo na igualdade, os avances na convivencia son impresionantes. Por iso celebramos este cambio de actitude no panorama mediático que apunta cara formas más esperanzadoras de relacionarnos.</p> <p>O feito de que máis de 15 millóns de persoas en todo o mundo poidan compartir esta perspectiva é cando menos esperanzador.</p> <p>* Stieg Larsson: <i>Milenium</i></p> <p>Libro nº1.- "Los hombres que no amaban a las mujeres" (Destino, 2008), na versión sueco chámase "Misóxinos".</p> <p>Libro nº2.- "La chica que soñaba con una cerilla y un bidón de gasolina" (Destino, 2008), en sueco "A rapaza que xogaba con lume".</p> <p>Libro nº 3.- "La reina en el palacio de las corrientes de aire" (Destino, 2009), en sueco "Castelos no ar".</p> <p>NOTAS</p> <p>1.- páxina 780 do libro 3 2.- páxina 457 do libro 1 3.- páxina 531 do libro 3 4.- páxina 784 do libro 3</p>
---	--	--

ACTUALIDADE

FILOSOFÍA POLÍTICA

Este é o título da última obra de Mario A. Bunge. Está publicada en Gedisa e apareceu nas librerías españolas o pasado mes de maio.

É un libro moi distinto aos que nos tiña acostumados o autor. De Bunge sempre esperamos puntos de vista e reflexións sobre a ciencia, a metodoloxía, a ontoloxía... sobre asuntos que xiran ao redor da investigación científica con implicacións filosóficas de base. Pero neste caso o pensador arxentino sorpréndenos, gratamente, con algo diferente, áínda que os seus esquemas científico-filosóficos laten inequivocamente nas cincocentas trinta e cinco páxinas, das seiscentas unha incluíndo a bibliografía e os dous índices, de que se compón o libro. O propio Bunge é consciente dese xiro temático nesta publicación e dá a impresión de que precisa xustificarse. Manifesta ao principio do libro que durante a maior parte da súa longa vida académica traballou en áreas politicamente neutrais: na física e na filosofía teórica. A política, a pesar de todo, non lle resulta inusual porque seu pai, que era médico, fora lexislador socialista na Arxentina durante vinte anos, e na casa as conversacións más habituais xiraban sobre tres temas: política, medicina e literatura. "Porén, en certo modo,

estiven escribindo este libro toda a vida, xa que empecei a ler noticias e a escoitar discusións políticas á idade de sete anos." Por todas estas razóns, o seu respecto pola política resulta encomiable, o seu enfoque, exquisito e as consecuencias extrapolables ás diversas situacións sociais, sensatas e pertinentes. Considera así mesmo que a filosofía política forma parte da filosofía práctica, unha especie

de tecnoloxía filosófica, xunto coa teoría dos valores, a teoría da acción e a ética.

Resulta case imposible sintetizar nesta recensión a pléthora de temas e a profusión de enfoques conceptuais e metodolóxicos que nos ofrece esta obra. O libro contén unha monumental recompilación de feitos e de críticas a ideas alleas, que lle serven de piares á súa visión política canalizada a través





da tríplex solidariedade, cooperación e democracia integral. Compara *Filosofía política* á *República* de Platón, comparación que acho pola amplitude de asuntos tratados —epistemología, sociología, ontología, ética, pedagogía, axiología...— e polo rigor dos conceptos analizados, aínda que non, indubidablemente, pola perspectiva desde que se consideran: utopía fronte a realismo. Bunge acomete a utopía realista, ou eutopía, para definir o seu sistema, discrepando así da utopía platónica. No seu libro deixa ver que a utopía, por definición, é imposible. Outra cousa é unha visión do mundo e da sociedade, xa que neste sentido todos os grandes estadistas e os más ilustres políticos tiveron visións dunha sociedade mellor, a pesar de que non todos as realizaron. Que lles faltou? Seguramente praxe

científica e tecnolóxica. O pensador arxentino está convencido de que a imaxinación e a coraxe son necesarias para mellorar a orde social existente, "para salvar a natureza, para evitar a guerra, para mitigar a pobreza... Por mala sorte, a maioría dos líderes políticos careceron de imaxinación e de coraxe para decatarse que debe haber progreso social e que este non se pode lograr sen unha economía inclusiva, unha democracia vital e unha cultura amplamente accesible" (472). Non obstante, isto non é suficiente sen ciencia social. "Necesitamos visións da sociedade, pero visións democráticas e científicas, non autoritarias e case dementes" (473).

Nesta publicación atopamos, pois, reflexións sobre a política, unhas reflexións levedadas co relento da orixinalidade e aliñadas co escepticismo moderado dunha operación de rescate moral. Pero a política, como di o autor, pódese enfrentar desde a teoría política e desde a filosofía política, que son cousas distintas. "A teoría política é descriptiva e explicativa, mentres que a filosofía política é prescritiva". Estas dúas facetas trénzanse con esmero no libro e imbrícanse con total naturalidade. Quen se acerque á lectura de *Filosofía política* vai gozar da elegancia dunha mente

privilexiada, dunha ampla gama de refachos teóricos sorprendentes e do vigor duns conceptos substanciais que non por demasiado coñecidos resultan menos vixentes, fascinantes e clarificadores. É un libro imprescindible para as e os filósofos, obrigatorio para as e os políticos honestos, necesario para os polítog@s e inescusables para as persoas que están instaladas na *bungemanía*. En todo caso, é un libro do que gozarán @s entusiastas da lectura.

Como non é posible profundar en cada idea do amplo abano de conceptos detallados nesta obra, nin sequera mencionalos a todos, vou intentar seleccionar un pequeno inventario de nocións, reflexións e puntos de vista do autor, que me parecen interesantes para as e os lectores da *Festa da palabra*, limando as súas arestas e perfilando os seus vértices.

CARACTERÍSTICAS XERAIS

A estrutura deste libro está apoiada sobre o método científico e sobre as teorías filosóficas de todos os tempos, uns vímbios cos que Bunge trenza unha excelente e magnífica obra. Estes dous factores básicos levan, porén, o selo distintivo do pensador arxentino: rigoroso no enmarque do debate e portentoso na

ACTUALIDADE

<p>selección e na radioscopy dos contidos. Mario Bunge non escribe ao ditado de ningún filósofo nin casa con ningunha teoría filosófica, senón que segue unicamente os imperativos da razón. Constitúen estes o fundamento dos oito volumes do seu <i>Tratado de Filosofía</i>, dos tres libros de filosofía das ciencias sociais, dos últimos libros sobre ontoloxía e gnoseoloxía e da antoloxía sobre o seu realismo político. Estas publicacións son á súa vez a guía da argumentación e a fonte bibliográfica de <i>Filosofía política</i>. "Elixín a miña propia filosofía, que teño exposto con detalle nas miñas obras anteriores... e que, ainda nesgada como todas as filosofías, a miña é precisa e está baseada en probas". Censura a actitude dos historiadores da filosofía que describen e analizan a filosofía de outros pero carecen de filosofía propia. Aqueles que teñan filosofía propia terán tamén ideas políticas, ainda que por desgraza a maior parte d@s filósof@s de hoxe en día especializáronse moito e están convertid@s en especialistas, sendo esa a razón de que haxa tan pouc@s que se interesen por todas as partes da filosofía e teñan unha visión global da realidade. A filosofía resulta imprescindible na ciencia política e "non hai disciplina que careza de filosofía" (86). A esa necesidade da filosofía no ámbito da política é</p>	<p>ao que o filósofo de Montreal dedica o primeiro capítulo desta publicación baixo o título "O trans fondo filosófico: as ideas universais". Deixa claro que non se pode facer política, nin sequera discutir sobre política, se non partimos de conceptos universais que sirvan de referente e contraste ás diversas opinións das e dos cidadáns, ás decisións políticas e aos diferentes modelos ou formas de goberno.</p> <p>Pensa que se non se teñen conviccións, como lle pasa á maior parte dos filósofos, que en realidade non son tales, non hai por que tomar partido. Na súa opinión, o obxectivo máximo da política ten que ser mellorar a capacidade das persoas para gozar a vida e axudar aos demás a gozala. O filósofo ten que comprometerse co estudo da política polo feito de que "a acción política nunca se realiza nun baleiro conceptual e moral". A política responsable non se debe sostener na ideoloxía senón na filosofía, sobre todo na ética. A política é a loita polo poder, pero tamén a arte de resolver conflitos, e detectar as fontes desas pugnas así como indagar os medios de solucioná-las é misión da e do filósofo político. Outra cousa é como facelo. Deberían @s filósof@s entrar en política? Este asunto xa o propuxera Platón na <i>República</i>, que simpatizaba coa</p>	<p>idea de que debe gobernar aquel que ten un coñecemento do xeral, que son os filósofos, e que por esa razón sabe mellor que ningún como axudar aos cidadáns a conseguir o ben común.</p> <p>"Se os filósofos -di Sócrates- son aqueles que dispoñen dun espírito capaz de entender aquilo que existe sempre de modo inmutable, e se cómpre negar este título aos incapaces de conseguilo, ¿a quen haberá que poñer á fronte do Estado?</p> <p>— Que che podería decir eu para darche unha boa resposta? - dixo Glaukón.</p> <p>— Pois que é preciso establecer como gardiáns do Estado a aqueles que nos parezan capaces de gardar as leis e as institucións -di Sócrates.</p> <p>.....</p> <p>— Abofé que resulta difícil opoñer nada ás túas razóns, benquerido Sócrates -afirma Adimantos... (Platón: <i>República</i>, libro VI)</p> <p>Non obstante, Bunge non asume o termo filósofo tal como o consideraba Platón. Precisamente é o pensador arxentino quen con reiteración reprende a filósofos como Platón, Nietzsche ou Heidegger do "mal metafísico" como visión política, que resulta</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>inoperante para conducir cara ao ben público.</p> <p>PRIMACÍA DO SISTEMA</p> <p>Mario Bunge xa deixaba claro nun dos seus libros más afamados, <i>A investigación científica</i> (1969), a envergadura intelectual do sistema. "O progreso da ciencia –escribia– non consiste en amontoar sen criterio crítico xeralizacións illadas, e ainda menos datos soltos. O progreso da ciencia supón siempre... un aumento da sistemática ou coordinación." Esa obsesión polo rigor científico aparece neste libro reivindicando a importancia do sistema: "Toda concepción da política presupón unha concepción do mundo... e así a filosofía política deberá formar parte dun sistema coherente ao que tamén pertenzan unha teoría realista do coñecemento, unha ética humanista e unha visión do mundo acorde coa ciencia e coa técnica contemporáneas". Con estas afirmacións o pensador arxentino reproba a todos os filósofos políticos que proponen escenarios e soños alí onde os científicos sociais ofrecen instantáneas das organizacións políticas existentes. "Mantéño que a sociedade é un sistema composto por persoas que se manteñen unidas por medio de diversos vínculos, algúns cohesivos e outros divisivos", afirmaba xa</p>	<p>Bunge no seu libro <i>Un mundo de sistemas</i>, ano 1979. El cre que a sociedade é un supersistema e que non se poden separar determinadas estruturas ou elementos fundamentais da sociedade porque, nese caso, nada funcionará ben. Repréchalle a Marx non entender que a igualdade social non se pode conseguir sen a igualdade política. A súa análise dos dereitos queda enmarcada nas redes do sistema. Manifesta que hai tantos dereitos como classes de acción. "Hai dereitos ambientais, económicos, culturais, políticos... pero ningún destes dereitos pode existir separado dos demais: constitúen un sistema, porque son interdependentes".</p> <p>A organización política constitúe, pois, un subsistema das sociedades. Trátase dun sistema e non dunha simple colección de individuos independentes ou dunha totalidade homoxénea. "Pódese concibír unha sociedade como un sistema incluído nun supersistema, é dicir, unha contorna que é en parte natural e en parte social" (326). O autor explica a súa teoría a través de diagramas e de diversos exemplos. Céntrase nalgúns casos concretos, tales como o sistema económico, o sistema político e o sistema cultural. Respecto ao sistema político actual as reprobacións son</p>	<p>contundentes. Afirma que "en case todas as partes do mundo o sistema político está manipulado por intereses económicos. Hai, pois, unha plutodemocracia, non unha plutocracia, que é o goberno dos ricos, xa que utiliza a democracia como arma". Ese camiño vén marcado pola democracia liberal (tal como preconiza o neoliberalismo). En todo caso, as ciencias políticas aparecen definidas no libro como "o estudo científico dos sistemas políticos, a diferencia das narrativas sobre políticos ou sobre episodios políticos" (327). E a pesar de que a expresión "sistema político" pode resultar ambigua, Bunge considerá sempre en referencia a unha comunidade política formada por grupos de persoas unidas por lazos políticos orientados por ideas políticas e motivados pola ambición de obter ou manter o poder político. Polo tanto, os problemas sociais emerxen e extínguense en feixes, non de un a un por vez, "porque teñen lugar nos sistemas sociais e estes son poligonais antes que lineais" (379). Os políticos e burócratas intelixentes e honestos teñen moito que aprender da ciencia rigorosa, así como da súa filosofía (381).</p> <p>Non pode haber ciencia sen sistema e non queda a menor sospeita da importancia que lle</p>
---	---	--

A C T U A L I D A D E



atribúe Bunge á ciencia na interpretación da conduta social. Asevera que todos os pensadores e filósofos avanzados profesaron o cientificismo. Trátase, di, da tese metodolóxica de que todo o que se pode investigar estúdase mellor se se fai dun modo científico. A tentativa de estudar o social de modo científico tropezou coa indiferenza ou hostilidade do bando "humanista" ou anticiencia

da teoría social. A corrente anticientífica está difundida nas facultades de humanidades porque é moito menos esixente ca a ciencia, ca a enxeñería, ca a medicina ou ca o dereito (383).

O FEMINISMO

Asunto significativo que descubrimos neste libro de Bunge, e que conecta co espírito

da *Festa da palabra*, está nas teses a favor da liberación da muller e na mutabilidade da natureza humana, en sintonía co ambiente e no medio nos que esta se despregá. O profesor de Montreal mantén que o feminismo ten un soporte filosófico sostido en principios morais e por esa razón cre que quen combate o sexismoxo adopta unha práctica que é "claramente inxusta e socialmente lesiva, porque obstaculiza o progreso de media humanidade". Hai algunas coincidencias neste punto entre as teorías de Bunge e as opinións do último libro de M^a Xosé Queizán, *Anti natura*. Neste libro de Queizán demándase tamén unha importancia máis preponderante da ciencia e da técnica, especialmente nos métodos reprodutivos humanos como estratexia social e vía de acceso para a liberación da muller. A chave desa liberación fabricase na forxa da ciencia e por iso "hai un feminismo que non se distancia da ciencia porque é consciente de que os seus descubrimentos transformaron a concepción do mundo e melloraron a vida das mulleres. Feminismo e ciencia precísanse" (*Anti natura*). Non obstante, Mario Bunge critica a filosofía política feminista por carecer de perspicacia e precisión. Neste contexto son branco dos seus reproches Catherine MacKinnon, á

que censura a súa obsesión por "controlar a gnoseoloxía para que a dominación ontolóxica teña éxito". Andrea Dworkin, por proponer a prohibición da pornografia e "non se molestar en buscar a fronteira entre pornografia e erotismo, ou en non exhibir as probas de que a pornografia incita á violencia contra as mulleres". Hanna Arendt, á que respecta e considera, pero amparándose na cita de Horowitz lamenta "a súa falta de vontade para apoiar a súa teoría con probas". Bunge está en contra do feminismo profesional, non do feminismo real. En todas as súas manifestacións avoga por reformar as leis para lograr a equiparación de dereitos entre mulleres e homes, demandando unha maior implicación dos homes nas faenas domésticas. A desigualdade, afirma, provoca enfermidade. E a envexa, a rabbia e a impotencia fan enfermar.

O feminismo está analizado no libro de Mario Bunge no mesmo paquete que o ambientalismo, o comunitarismo, o cooperativismo, o nacionalismo e o oportunismo. Todos estes conceptos aparecen baixo o epígrafe: *casos atípicos* (aqueles valores onde a distancia numérica da media da mostra supera certo valor crítico establecido, como aparece nunha nota do tradutor). A razón de por que inserta todos estes

conceptos na mesma embalaxe non é outra que o soporte moral no que os fundamenta. Así, o deber de legar ás xeracións futuras un ambiente habitable é unha reivindicación dos ambientalistas, polo tanto a súa causa é moral. Esa mesma causa moral é a razón dos comunitaristas, que rexeitan o individualismo e o egoísmo inherente ao liberalismo e defenden a beneficencia. As mesmas razóns morais sosteñen o nacionalismo na medida que sexa defensivo e non agresivo. Pero hai tentacións no nacionalismo parecidas ás dos autoproclamados realistas políticos, que sitúan a primacía absoluta dos intereses nacionais por enriba de todo, sen necesidade de atender ás esixencias da moralidade nin do dereito internacional, podendo "recomendar o bombardeo de poboacións civís e alentar a ditadores amigos".

Pero todas estas manifestacións (nacionalismo, feminismo, comunitarismo e movemento verde ou ambientalismo) son, na opinión de Mario Bunge, anomalías políticas porque non se poden colocar no espectro esquerda-centro-dereita, que forman a súa tipolóxica marco de referencia ideolóxica. Habitualmente estas tres tipoloxías coinciden coas tres

ideoloxías políticas contemporáneas: socialismo, liberalismo e conservadurismo.

Esta posición expresa a demostración palpable da heterodoxia iconoclasta de Bunge sobre o politicamente correcto. Dálle igual que critiquen as súas teorías ou a súa forma de expresarse se dispón de argumentos racionais para defender a súa postura.

BALA DE PRATA E MEDIOAMBIENTE

Un asunto que palpita constantemente no libro e que indica a preocupación do autor é o da sostibilidade, tanto económica como ambiental. Nótase que está moi sensibilizado pola degradación do medio natural e, tamén, polo sistema económico mundial. Hai veces nas que economía e medio natural solapan no seu enfoque. En ambos casos a raíz do deterioro reside na ausencia ou na mala xestión política da ciencia. Alude ás advertencias das e dos científicos dun camiño que nos leva cara "á unha catástrofe ambiental irreversible... ainda que a maioria dos economistas ignoran esta advertencia". Non obstante, as e os economistas traballan sempre dentro dun sistema político, ao que lle pasan as súas propostas para que estes as executen; e tanto os

A C T U A L I D A D E

neoliberais como os partidos de dereitas levan gardando silencio sobre o quebranto que fai a globalización dunha agricultura industrial non sostida. "Políticos e académicos conservadores defenden o criterio de que sexa o mercado quen se ocupe do medio ambiente... pero o que está destruíndo a natureza durante séculos non é outra cousa que a industria non regulada, instigada polos fundamentalistas do mercado, que teñen por lema "merque agora e que eles (os nosos descendentes) o paguen despois... Están más preocupados polo mercado actual que polo futuro da nosa especie" (441). Son moi convincentes as reflexións do autor sobre o uso da propiedade privada e da pública, as restricións severas ao consumo (para producir un kg. de carne precisánsese case cien mil litros de auga; para producir un kg. de pan, catro mil), a lexislación para reducir as emisións de xofre... así como as críticas aos ecoloxistas radicais e aos defensores desmesurados da teoría Gaia.

Contra todos os agresores da natureza Bunge propón a política da "bala de prata", que consiste na protección das áreas densamente poboadas por individuos de especies en perigo. Porén, este proxecto resulta difícil de aplicar, tanto pola ignorancia que existe sobre eses lugares a protexer

como pola estimación de custos e beneficios.

Neste punto quero acentuar a análise efectuada sobre o que el denomina *ecoloxía profunda*, teoría segundo a cal todas as especies son igualmente valiosas e por iso deseja salvar a ecosfera áinda ao prezo da extinción da humanidade. Bunge repara na impopularidade desta tese dando por suposto que só as políticas de conservación de ecosistemas son razonables "sempre que deixen sitio para a xente". E compara a teoría da *ecoloxía profunda* co movemento polos dereitos dos animais (Singer e Regan) — ¿esqueceuse do noso amigo Jesús Mosterín? — en canto ambas posiciones obxectan "o suposto usual de que os seres humanos son a especie máis elevada e, por conseguinte, máis valiosa de todas". As e os defensores dos dereitos dos animais denominan "especieísmo" á postura de ter como más valiosa á especie humana e considerárla tan reprobable como o sexism o o racismo.

Bunge nega dereitos nos animais, entre outros argumentos porque non teñen deberes. O que si podemos facer, di o autor, é minimizar a crueldade con eles e promover o vexetarismo, "tanto por razóns morais como económicas".

DESENVOLVEMENTO ECOSOCIAL

Na *Filosofía política* podemos achar calquera cuestión relacionada directamente coa política actual, e áinda con asuntos fronteirizos coa mesma. Así observamos a preocupación pola ecoloxía e polas ciencias ambientais. Bunge acepta que "as decisións políticas, así como a acción política, deben ter en conta a xeografía, dado que a natureza do goberno debe adaptarse á clase de distribución dos recursos humanos e naturais do pobo en cuestión". Advertimos así como, ao contrario do que sucede na ciencia, que ten carácter universal na súa aplicación, a política debe buscar fórmulas adecuadas a cada caso particular. Lembremos que Rousseau no seu *Contrato social* tamén apelaba a formas diferentes de goberno tendo en conta o clima, de maneira que o despotismo resultaba de proveito nos países cálidos, a barbarie, nos fríos, e a civilización, nas rexións climaticamente intermedias.

A conclusión que deducimos deste libro sobre a sostibilidade é que a economía moderna, capitalista ou non capitalista, non é sostible. O pesimismo sobre este asunto queda patente nestas palabras de Bunge: "No momento en que escribo estas páxinas, o desenvolvemento sostible non é máis que un obxectivo admirable

pero lonxano" (514). Non hai consenso sobre como medir a sostibilidade nin como administrala, reitera o autor. No fondo desa filosofía da sostibilidade están sempre os recursos naturais, que poden ser renovables e non renovables. Os primeiros poden explotarse de maneira sostible, é dicir, sempre que a taxa de extracción sexa significativamente inferior á taxa de produción; e os segundos, por definición, non poden ser explotados de modo sostible e o máximo que se pode facer con eles é reemplazarlos por outros alternativos. Dese xeito, o grao total de sostibilidade pódese definir como "a suma dos índices de explotación sostible e de substitución" (513). Evidentemente non pode haber actividade económica sen recursos naturais, pero estes son finitos e vulnerables.

Unha situación económica estable pode moi ben ser compatible coa protección ambiental e axustarse ao desenvolvemento sostible proclamado polo Informe Brundtland: "que satisfaga todas as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracions futuras de satisfacer as súas". Porén, Bunge encontra moitas dificultades, especialmente políticas, para que ese espírito ambientalista calle

realmente no sistema actual de produción. El aposta polo desenvolvemento *ecosocial*, que sería á vez un desenvolvemento natural e social. Pero aínda así, os problemas para un desenvolvemento sostible son na práctica cuantiosos. Son analizados no capítulo nove do libro os escollos e os paradoxos xerados pola producción de alimentos, pola alternativa á gasolina do etanol derivado do millo e do biocombustible a partir da cana de azucré, polos cultivos de produtos modificados xeneticamente, pola Revolución verde da India, etc. A decepción percorre o cerne da súa argumentación referente a este asunto.

ÉTICA E POLÍTICA

O soporte sobre o que pivota *Filosofía política* aparece impregnado de ingredientes éticos e de considerandos morais. A axioloxía comparte no libro papel estelar coa política enfocando a reflexión sobre a acción social desde a ética como aplicación da teoría de valores. Un dos valores morais que debe custodiar a política sobre calquera outro é a xustiza que, tal como demanda Rawls, debe ser equitativa e imparcial. Esa xustiza é a responsable de lle dar á orde social o cualificativo de

"socialmente xusta", tratando de equilibrar os dereitos cos deberes, en vez de se limitar ou ben aos dereitos ou ben aos deberes.

Lémbranos Mario Bunge que a xustiza non é unha categoría natural, unha propiedade ancorada no noso legado xenético, senón unha propiedade de rango histórico. A súa esencia está en constante reconstrucción, moi lonxe da consideración de inmutabilidade na que algunas teorías a seguen instalando. Ese fundamento social da xustiza vale tamén para os dereitos e deberes, podendo constatar como ao longo da historia foron emerxendo uns e extinguéndose outros. A lista dos dereitos que nas sociedades democráticas foron conquistando as mulleres nas últimas décadas non pasa inadvertida ao profesor da *McGill University* de Montreal. Case todos esos dereitos están recollidos na Declaración dos Dereitos Humanos, proclamada polas Nacións Unidas en 1948. Non obstante, pensa que ese documento debería ser actualizado cando fose necesario e ampliado para incluír tamén deberes, "sobre a base do principio ético de que, nunha sociedade xusta, todo derecho supón un deber" (169).

A xustiza como valor moral forma trilogía con outros dous valores políticos: a liberdade e a idoneidade. Examina tamén outra

ACTUALIDADE

trilogía axiolóxica: seguridade, igualdade e solidariedade, tres valores biosociais. Estes seis valores forman un feixe no que ningún deles se pode realizar completamente a menos que se realicen tamén os outros cinco. Algo parecido ao enfoque platónico das virtudes: a xustiza non se dá se non se dan as outras tres virtudes: prudencia, fortaleza e temperanza.

Recomendo non pasar por alto a lectura sobre a teoría dos intereses e do ben común estudiada por Bunge en conexión cos valores nese mesmo capítulo. Non faltan nel alusións a Maquiavelo, a quen lle concede a franquía de definir a política como tratamento de intereses, nin escasean os argumentos a favor da tese que proclama que só os individuos —e non as entidades supraindividuais, como as empresas, os partidos políticos ou as nacións— poden ter intereses.

A CORRUPCIÓN POLÍTICA

Non se podía obviar neste libro o problema da corrupción, fenómeno tan xeralizado nas sociedades modernas. Poden resultar un *estribillo* moi habitual para as e os lectores da *Festa da palabra* manifestacións que localizamos nas páxinas 179 e 180 desta publicación:



"A democracia corrómpese cando se mercan os votos, cando os resultados das eleccións dependen de maneira decisiva da cantidade de diñeiro investida na campaña electoral, cando as empresas fan grandes doazóns ás arcas electorais, cando os sectores ou empresas contratan xente para facer presión polos seus intereses, cando as compañías subornan aos burócratas para conseguir contratos do Goberno, cando os delincuentes mercan a xustiza mediante contratación de avogados astutos..."

Presenta, porén, dous bloques de teorías sobre a corrupción: os que a defenden como "lubricante que facilita o camiño cara á modernización" —S. Huntington— e os que a censuran por ser "unha característica do subdesenvolvemento" —Gunnar Myrdal—. O profesor Mario

Bunge ofrece un amplio percorrido polos distintos Estados e sistemas de goberno de moitos países do planeta (Finlandia, Grecia, Italia, Nixeria, Somalia, Irak, Afganistán, Rusia, Estados Unidos...) detallando polo miúdo as orixes, as implicacións e as consecuencias da corrupción. Afirma con total resolución a presenza de casos espectaculares de corrupción "tanto política como empresarial" en países desenvolvidos, afectando incluso ao sistema xudicial. Polo tanto, "si, o diñeiro compra a xustiza", proclama con firmeza o pensador da *McGill University*. Os políticos e funcionarios públicos ordinarios fan recomendacións políticas -ou as levan á práctica- sen saberen moito realmente sobre as persoas ás que se supón que gobernan ou serven, ou sobre a mellor forma de satisfacelas de maneira eficiente e equitativa (381).

En política, a estupidez é tan común coma a racionalidade. No libro aparecen exemplos evidentes: votantes estadounidenses dos últimos anos que elixen un goberno que recorta os servizos sociais; bombardeo e invasión de Líbano polo exército israelí, en 2006, na crenza de que a forza é preferible ás negociacións; etc.

Todos os políticos, independentemente de que sexan persoas de principios, procuran o

poder e están motivadas por intereses, propios ou alleos. Moitas veces hai intereses espurios que se defenden desde o goberno de maneira indecorosa e obscena. Así, unha rede poderosa pode converter a un don ninguén nun líder disposto a servila ou arruinar a un auténtico líder que é incorruptible ou non resulta útil. Bunge alerta dos riscos da indiferencia política masiva, que aumenta as posibilidades de corrupción e as oportunidades de que se produza unha ditadura. A democracia segue sendo no seu criterio a mellor das opcións políticas, pero a democracia política seguirá sendo imperfecta a menos que se lle unan as democracias económica e cultural, resultando así a democracia integral. E a democracia integral pivota sobre o socialismo cooperativista.

CONCLUSIÓN

Rematada a lectura de *Filosofía política* vólveme á mente aquel diálogo mantido entre Sócrates, Glaukón e Adimantes que tan maravillosamente relató Platón no libro sexto da *República*, mencionado anteriormente. Deixamos na cita anterior a Adimantes e a Glaukón concordando con Sócrates sobre a idoneidade do filósofo para gobernar. En todo, ou en case

todo, parecen coincidir as teses bungeanas coas platónicas no tocante ao papel do filósofo na implicación da política como vixiante da moral e da ciencia. Pero asistamos á conclusión do diálogo socrático:

“Non obstante, todos cantos se entregan á filosofía... chegan a ser, polo común, seres totalmente estranhos, por non dicir completamente perversos; ainda máis, que aqueles de entre eles que se manifestan más razonables, todo o que obteñen de semellante estudo, que a ti che parece tan loable, é a incapacidade total de servir ao Estado.

— ...Eu penso que iso é verdade -responde Sócrates.

— ¿Como pretendes logo, con que fundamento, que os Estados non verán o final dos seus males senón cando sexan gobernados polos filósofos, filósofos que, tal como acabamos de recoñecer, son inadecuados para calquera emprego? -contesta Adimantes.

— Á túa pregunta non che podo responder se non é mediante unha comparación - afirma Sócrates... O trato que os Estados inflingen ás persoas más sabias é tan penoso que ningún outro ser no mundo sofre nada parecido... Podes dicir que os más sabios dos filósofos son inútiles no Estado; pero por suposto, non atribuás a causa

desta inutilidade a tales sabios, senón a aqueles que non os utilizan: porque non é natural que o piloto suplique aos mariñeiros que se deixen guiar por el, nin que os sabios vaian ás portas dos ricos... Ou sexa, que non te vas equivocar se comparas aos que nos gobernan actualmente cos mariñeiros dos que acabamos de falar, e a quen estes mariñeiros tratan de inútiles e papaleixóns cos verdadeiros pilotos.”

A conclusión á que chega Sócrates (Platón) é que non resulta imposible convencer ás masas de que son os filósofos os que teñen que gobernar. E se estes non gobernan, polo menos que os que gobernan sexan filósofos. É dicir, que os gobernantes saibam o que fan porque así redundará en beneficio da sociedade.

Por esa razón, aconsello a lectura deste libro, ademais de todos aos que fixen referencia anteriormente, de modo singular a quen se dedique á política, porque non só vai descubrir as claves para facelo realmente ben, senón que poderá ao mesmo tempo aproveitar as estratexias argumentativas e agonísticas para enfrentar con garantía e firmeza as súas decisións. E se entende realmente o libro, a súa acción política estará orientada pola ética e aplaudida pola cidadanía.

A C T U A L I D A D E


ANTI NATURA*

Non se pode comezar a recensión dun libro de Queizán sen antes dicir que esta novelista e ensaísta é unha das fundadoras do feminismo galego nos anos setenta. É unha referencia imprescindible se se quere comprender o significado do feminismo en Galicia.

Dende que no ano 1977 María Xosé Queizán publicara o seu ensaio *A muller en Galicia*, que supuxo un fito no pensamento feminista galego, a autora veu reflexionando sobre os conflitos aos que o feminismo se foi enfrentando ao longo destes anos, ata chegar a *Anti natura*. Esta obra é unha potente denuncia sobre todas as formas de naturalización que rodean ao feminino, esencializando e lexitimando baixo unha naturalidade falaz as desigualdades e diversas manifestacións da subordinación feminina no conxunto do patriarcado. Queizán utiliza a significativa metáfora de "tomarlle a temperatura ao patriarcado" e poderíamos dicir que o patriarcado, coma todo organismo atacado por un axente viral –neste caso o feminismo– está a defenderse con todas as armas das que dispón, poñendo de novo en liza a naturalización que actúa de anticorpo nunha defensa sibilina e multifocal.

Tal e como a filósofa Celia Amorós o afirmou, os pactos patriarcais modifícanse e mudan segundo a súa conveniencia para sobrevivir e perpetuarse no tempo e no espazo, e particularmente nos tempos e nos espazos das mulleres. Os pactos patriarcais están conformados de discursos, que en apariencia poden presentarse como inocentes, mais nada hai de inocente nos intentos teimudos e camaleónicos do patriarcado por manter os seus amplos privilexios. María Xosé Queizán expón con meridiana claridade como non é en absoluto inocente a existencia dun discurso extremadamente duro de naturalización e de recuperación das teorías do vencello das mulleres ao mundo do natural que se está a producir nos nosos tempos. As mulleres convértense deste xeito no que ela denomina "animal doméstico por natureza". Este recurso á naturalización xa foi utilizado polo patriarcado noutras ocasións, e nesta medida a autora amosa como este foi determinante na construcción da conciencia galeguista do XIX, apuntalado pola misoxinia romántica¹.

Queizán afonda, de xeito paralelo, na necesidade das mulleres de establecer alianzas cos novos avances científicos, que as afasten desta manobra patriarcal de re-naturalización. Xa



no ano 1973 Shulamith Firestone realizaba na *Dialéctica do sexo* unha firme defensa do desenvolvemento e uso dos avances científicos e das tecnoloxías dispoñibles para liberar ás mulleres do que ela consideraba a tiranía biolóxica da reprodución. Para Firestone, "o natural non é necesariamente un valor humano". Nesta mesma liña, a autora de *Anti natura* formula o achegamento á biotecnoloxía e á ciencia: "*feminismo e ciencia precisanse. O feminismo non cesa de aumentar os coñecementos apoíándose na razón*". Nesta obra pon en evidencia a mesma existencia e as manifestacións do discurso da natureza, que obriga ás mulleres a ser natureza: "*insisto en constatar que o naturalismo só permanece no referente ás mulleres e á*

procreación. As formas sociais emergentes prescinden do natural".

Queizán non só presta a súa atención intelectual aos problemas de fondo anteriormente descritos, vencellados á esencialización, ao contrato sexual, á división intencionada entre o público e o privado, á adscrición forzada das mulleres ao espazo doméstico-reprodutivo... Analiza do mesmo xeito aquelas consecuencias do patriarcado que xeralmente non chegan a ser obxecto de debate, pero que producen efectos sobre as vidas e as mentes das mulleres. Betty Friedan referíase xa no ano 1963 ao "problema que non ten nome" e á "mística da feminidade" para referirse aos múltiples síntomas de alienación que o sometemento das mulleres produce en todos os aspectos da súa existencia. A autora de *Anti natura* retoma esta idea e pon sobre da mesa un aspecto crucial: o sexo. "*Creo que, no momento actual, o sexo é o punto forte do patriarcado, o espazo do poder masculino más destacado*". Por unha banda, María Xosé Queizán argumenta cunha fonda solidex ideolóxica e cunha non menos fonda claridade pedagógica a posición abolicionista no debate en torno ao tema da prostitución. Por outra, realiza unha análise do coito como paradigma da subordinación sexual feminina.

A identificación das mulleres coa natureza é un recurso extremadamente funcional ao patriarcado. Queizán realiza unha análise desta manobra intencionada dende a reflexión teórica e tamén mediante o uso de exemplos concretos. Todos eles poñen de manifesto que a naturalización-esencialización feminina supón unha forma violenta de opresión feminina: a naturalización das mulleres busca constrinxilas a un *deber ser* ficticiamente dado, artificialmente natural. Esta constripción arrastra consigo abondosos e penosos custos para as nosas vidas: "*para reducirnos no mundo privado foi necesaria a violencia. Para sair do mundo privado e acceder ao público, padecemos de novo a violencia.*"

O libro de María Xosé Queizán non é só relevante polo que conta senón tamén polo que suxire. Este texto inscríbese nunha corrente de escritos feministas que están a identificar un proceso reactivo dende diversas instancias patriarcais e contra os avances conquideros polas mulleres durante os últimos corenta anos. E Queizán dá no cravo, pois a naturalización das mulleres é o núcleo en torno ao cal se está a elaborar un novo e enmascarado discurso da inferioridade das mulleres en nome do que se están cuestionando políticas

públicas de igualdade e se está estigmatizando a filosofía da acción afirmativa baixo o pretexto da vulneración do principio de igualdade. A argumentación de Queizán, polo tanto, inscríbese na denuncia política e na identificación analítica dos novos mecanismos de subordinación das mulleres que está a fabricar este novo patriarcado.

* María Xosé Queizán. Vigo, Xerais, Col. Ensaio, 2008

NOTA

1. Para unha análise polo miúdo deste tema, ver a obra de María Xosé Queizán *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, publicado no ano 1988.

ACTUALIDADE

COCIÑA CON ALBARIÑO E COCIÑA DE CAZA

APORTACIÓN RESPECTIVA DE MATILDE FELPETO LAGOA E CARMEN FREIRE VÁZQUEZ Á GASTRONOMÍA GALEGA

Di Matilde Felpeto que probablemente a gastronomía e a relixión sexan as manifestacións culturais que máis enraízan nos pobos. E tanto o libro desta autora, *Cociñar con albariño*¹, como o de Carmen Freire, *La cocina de la caza en Galicia*², avalan dita opinión.

Os dous libros, agás a bondade e variedade das súas receitas de cociña, e a raizame das mesmas, así como a posta ao día de moitas delas, aportan os usos da lingua galega que son propios de ambas tradicións culinarias e os aspectos históricos, xeográficos e naturais que as fixeron posibles: Matilde é licenciada en lingua e literatura, por iso a súa cociña ten aromas de lenda e de poesía; a cociña de Carmen, que é licenciada en farmacia, tenas das herbas, os froitos do bosque, os aceites e condimentos que se funden nunha sabia botica, e tamén da historia natural das pezas de caza, o seu hábitat agreste, os cans que mellor as cobran. Así pois, alta cociña.

A vendima e a caza son dous acontecementos do outono de Galicia que, malia a melancolía da

estación, provocan un concerto moi fermoso para os sentidos polas cores dos pámpanos e o arrecendo do bosque ou as pegadas da fauna silvestre que os paisanos e os cazadores distinguen desde os seus devanceiros. E non estou fantasiando pola miña conta senón que eses acontecementos transitan polas páxinas que glosan estes dous libros.

Mais vaimos por partes.

Cociñar con albariño reúne cincuenta receitas moitas das cales proceden do Salnés –naturalmente!- ou dos seus arredores: Ribadumia, San Adrián, Cambados, Sanxenxo, O Grove, A

Lanzada, Sisán e Viña Branca de Sisán ("onde maduran as mellores uvas albariñas"). Eses topónimos fálannos de mar, de mariscos e de peixe, manxares que todo chef mandaría regar con viño branco, e a nosa autora tamén o recomenda, así como para acompañar froitos secos e doces. Pero as súas receitas conteñen o albariño como ingrediente e polo tanto todas elas están enriquecidas polo nobre e fragrante espírito deste viño cando, ao cociñalo, se lle evapora o alcol. E, ademais do peixe e do marisco, o receitario esténdese ás verduras e legumes, ao arrós, á pasta, a toda caste de carnes, ás macedonias de froita ou os



<p>macerados, e ás tortas e doces caseiros.</p> <p>O libro de Matilde Felpeto está moi ben documentado, pero a súa exposición é tan clara e amena que parece revelarnos os secretos da cociña das nosas nais (aquela dos "pouquiños" e os "ti xa ves") e facer accesibles e novos uns praceres moito tempo atrás reservados aos pazos e aos cregos. Compre destacar a precisión coa que ilustra as características do viño albariño e a denominación de orixe Rías Baixas.</p> <p>Carmen Freire, pola súa parte, escribe <i>La cocina de la caza en Galicia</i>, con prólogo e glosas de Cándido Barral Alvarellos, escolmando sesenta receitas na devanceira tradición da caza e, ao tempo, facendo un labor de <i>aggiornamento</i>; pero, sobre todo, enriquecéndoas coa súa sabedoria cinexética que, como di o prólogo, é achegar a caza á cociña entendendo que pasa no monte, o seu recendo e o seu sabor así como de que se alimenta esta fauna, ónde fai os niños e os tobos, como voa, se voa, como se lle oe e que pegada deixa, como foxe, como burla a persecución dos cans ou como se agocha, se defende ou é cazada.</p> <p>Malia estar escrito en castelán, danse cita nel polo seu nome galego o paspallás, a arcea,</p>	<p>o coello, a lebre, o pombo, o porco bravo, xunto coa perdiz, o faisán, o pato, o corzo. Palleiros e coelleiros alternan cos seus parentes con pedigree. Hai artes de caza autóctonas dada a singularidade da orografía e mesmo cartuchos "feitos na casa". E como antes o mar arousán no libro de Matilde Felpeto, neste libro respíranse o bosque de carballos, castiñeiro e piñeirais, as toxerias, as xestas, lameiros e xunqueiras das terras de monte de Ourense ou de Lugo ou da Pontevedra interior.</p> <p>A autora parte nas súas receitas das exixencias previas de airear, eviscerar, coser, tallar, etc. E tamén inclúe os valores alimenticios.</p> <p>Tal vez permitíndome a intromisión de facer eu un menú vos dea unha pequena mostra das suxestións que estas dúas autoras nos ofrecen. Velaí:</p> <p style="text-align: center;">ENTRANTES</p> <p>Caldo de centola grovense Ameixas ao albariño Vieiras á cambadesa Empanada de bacallau con uvas pasas (pois na época non haberá xoubas...) Escabeche de perdiz Medallóns de xabarín glaseados</p>	<p>PRIMEIRO PRATO Robaliza á Lanzada</p> <p>SEGUNDO PRATO Corzo asado con mazás e castañas</p> <p>SOBREMESA Peras ao albariño Chulas de Sanxenxo</p> <p>Mais, á parte da gastronomía, quixería saudar ás autoras especialmente nestas páxinas por seguir a estirpe de Emilia Pardo Bazán e de tantas anónimas cociñeiras que hoxe parecen estar silenciadas polos restauradores de novo cuño.</p> <p>E tamén resaltar a coidada edición de Nigratea que, materialmente e de xeito plástico, ilustra estes libros como se merecen.</p> <p>NOTA</p> <p>1. FELPETO LAGOA, Matilde, <i>Cociñar con albariño</i>. 2007, Nigratea.</p> <p>2. VAZQUEZ FREIRE, Carmen, <i>La cocina de caza en Galicia</i>. 2009, Nigratea.</p>
A C T U A L I D A D E		

LAIOS POR UNHA TERRA EN CATRO TEMPOS DE *ESTÚRDIGA MATERIA*¹

O tristemente desaparecido poeta Ramiro Fonte celebraba en 1986 a chegada ás librerías do primeiro poemario do seu amigo Luís González Tosar coma una auténtica novedade no panorama plural e propicio da «nova escola lírica galega». E, certamente, *A caneiro cheo* veunos mostrar que aquel estudiante compostelán de sotaque rioplatense, coñecido nos ámbitos culturais como membro do grupo dos 80 e como xestor da revista *Dorna*, era tamén un gran poeta. A crítica galega falou do libro como a renovación da liña poética paisaxista, na que recoñecidos escritores da nosa literatura xa deixaran importantes achegas. Anos máis tarde, no limiar do seu segundo libro, *Remol das travesías* (1989), Arcadio López Casanova sinalaba tres tipos de orientacións no primeiro poemario: posuidor do sentimento de identificación coa Terra, unha vivificadora posesión amorosa e unha enriquecedora esculca nos ámbitos da intrahistoria colectiva. González Tosar, co seu urdido entretecido polas vivencias da emigración porteña e coa arela da soñada Terra de vizosa natureza, soubo recrear con moita arte as paisaxes tantas veces imaxinadas, interiorizándoas como parte da súa propia existencia, para reconstruíllas coas extravagancias da lírica. Todo iso, e máis, podemos atopar en *A caneiro*

cheo, un libro merecente das gabanzas recibidas.

Vinte e tres anos despois daquel libro, aparece nas Letras Galegas *Estúrdiga materia*, a séptima entrega na producción do escritor. E coma en libros anteriores, González Tosar segue a facer unha poética de metaforización da paisaxe como fornecedora de identidade galega. Movido polos mesmos ideais daquel adolescente retornado á patria de orixe, coa forza do verbo lírico modela a estúrdiga materia do mundo deshumanizado e deturpado en que se foron transformando as nosas aldeas. E, esculcando nos ámbitos da intrahistoria persoal e colectiva, vai mostrando no proceso da escritura as múltiples imaxes sentimentais que falan dos devanceiros, dos mitos nacionais, mais tamén da nostalxia pola mudanza de xentes e cousas co paso inexorable do tempo. Malia a individualidade de cada libro, no conxunto da producción do noso autor podemos rastrexar o tratamiento dos mesmos temas e mitemas para manifestar o seu amor e a súa dor, condicionados polas paisaxes da súa vida: a aldea galega e a cidade porteña. Mais, neste último libro, a diferenza dos anteriores, non atopamos motivos líricos sobre a paixón amorosa. O poeta, no ecuador da súa existencia,

substituíu o amor pola amizade, pola dor do tempo que se foi, levando tras de si amigos e espazos reais e simbólicos.

Estúrdiga materia está composto de vinte e catro poemas e sete textos en prosa, repartidos en catro apartados que gardan unha certa autonomía no eixe composicional.

O primeiro apartado, «Abrente encadullado na blasfemia; xuramento», ábrese cun longo poema sen título, que comeza «Dixeches, pola sega do centeo...», no que a voz lírica se dirixe a un ti, a Eduardo, tamén poeta, para reflexionar sobre o universo rural transmutado polo tempo e sobre aquilo que foi e xa non é, aquilo que é e non debería ser («desmesura do tempo, cal e cabo, auga librada anegándoo todo»). Mais, a diferenza do que sucede na fala cotiá, o emisor lírico non agarda resposta aos seus interlocutores nin ás confidencias dirixidas ao admirado autor ourensán, pois sabe ben que o texto poético non permite a interactividá, que só se trata dun xogo lírico no que se deixan translucir a vida e os atrances atopados no camiño, atrances persoais e da colectividá. De xeito que o ti quere ser un nós, a través do cal o poeta se dirixe a todos e, xa que logo, a ninguén en concreto. A voz lírica preséntase coma un observador

da vida rural que volve para recuperar o vivido noutro tempo.

- Un observador descontento: «Máxima da lírica do suicida,/sedeño ao pescozo, pés no baleiro,/corpo que abanea coa lingua fóra; aganado con caldo no bandullo.»
- Un observador melancólico que nos alerta contra as dádivas falsas: «Se pasan ofrecéndoche pan negro;/coce a túa fornada áinda que asma,/as mellores figuras son as propias,/metáfora allea é a nugalla».
- Un observador resistente a todos os exilios que decide permanecer: «Aínda que os más anden por acolá,/do outro lado da serra,/eiquí quedamos os afeitos/a mexar fóra e gastar navalla./Temos dabondo que comer/e case todos cobramos o subsidio».

A segunda parte, «Matria caroal do luscofusco», ten nove poemas que levan como lema uns versos de Ezra Pound e unha cantiga popular galega, que fai de eixe temático do apartado: «Vámonos para Buenos Aires/cariña de rosa,/vámonos para Buenos Aires/que esta terra non é nosa». Un eixe sobre o que xiran os poemas de complexas interpretacións, que nos falan de dolorosas vivencias do neno emigrante, das consecuencias da emigración e da cidade de Bos



Aires, lugar de acollida dos que se van. É especialmente evocativo do imaginario da galegidez o poema «Desamparado verbo», que se inicia cun «Non, nós non derramamos grau...». Desde unha "cosmovisión universal" orixinada "no caldo e na broa", o emisor expresa a súa singular visión da Historia de nós, pola que pasan, coma no purgatorio de Dante, Añón e Curros, Basilio Álvarez, os Mártires de Carral, Rosalía, Curros, Ponda e Losada Diéguez; todos eles alicerces de momentos históricos esenciais da «identidade colectiva, /terra nai, reino independente». É tamén significativa a visión da paisaxe como alicerce do emigrante galego, que nos momentos más dramáticos da vida pode mitigar a súa dor («Enxugamos logo/ coma

polpa dorida no lar,/ e acabamos mudando en lirios,/sombras fuxidías sen tenrura. Lonxe deles, na media claridade/ de nós mesmos,/un home araba, rego a rego,/co lombo abaixado»). Pecha esta segunda parte unha «Elexía a Carlos Casares», na que o poeta-emisor recorda o amigo morto ollándoo «nun río interminable, acompañado de amigos e rapazas,/falándolles amodo, como ti falas,/cun sorriso de luz nos labios».

O terceiro apartado «Contraverso setestrelo» son sete breves textos en prosa, evocacións suxeridas por outras tantas palabras: «auga, viño, lume, carta, amigo, soldado e lugar». Seis destas palabras serven de pretexto para falar de vivencias pasadas onde a palabra do título é un elemento discursivo máis; a séptima, «Soldado» conta a historia cruenta dun mozo campesiño reclutado para a guerra, nun país dos confíns de Europa.

E xa na cuarta parte do libro, «Brilla, tesoura de Átropos», o emisor lírico insírenos nunha poética de morte. A inexorable tesouira da Moira Átropos (Aisa), filla de Zeus e de Temis, parea sobre a vida dos seres que poboan os versos desta derradeira parte do poemario facendo brillar as follas da tesouira que corta o fío das súas vidas. Átropos traballa

ACTUALIDADE

arreo en Nablus e noutras guerras, xurdidas da sen razón do poder, mais tamén hai morte na alma do poeta, que, nun dos poemas máis existenciais do libro, recorda as vivencias de adolescente entre os emigrantes do *conventillo*; un tema que, como se dixo, é un dos eixes do libro. O emisor pídeelle a Ela, Átropos, que veña cortar o seu fío, mais a deusa non escoita a súa chamada: «Non lembro ben cando a chamei, /desesperado e por primeira vez./ Ela, amante raiña, sempre de loito,/fixo coma que me non oíra .../ Ben sei que Ela ha chegar calquera hora/desta miña soildade insatisfeita;/ nin vai petar na porta,/nin me ha chamar de amigo».

Se o contido de *Estúrdiga materia* é importante, non é menos interesante o tratamento formal do material simbólico. O poeta do Irixo sabe crear imaxes de intensa plasticidade, tiradas do seu imaxinario campesiño («Chegados os días da auga/acollémonos dentro/buscando nus o agarimo do lume», «fungan carrouceiras, escacha o seixo,/fondos ollos de vaca, meniñas de acibeche», «trencha, escoupro e gubia/prá ebanistas que aman,/que labran e curan da madeira»), para describir a vida rural. No fermoso poema metapoético da primeira parte do libro, «Aveños para canción», explicando o poder da expresión

lírica, o autor confesa que: «De tanto transitar por alfabetos/chegamos a saber/que todo o que está posto en signos/pode reescribirse de arriba abaxo,/de esquerda á dereita;/mas nunca será o mesmo.../Así é como nacen as palabras;/as que son narrativas, as que van e veñen,/poéticas, as que permanecen,/áinda que postas do revés». A palabra poética por arte da maxia pode transformar as vivencias en sons e en materia simbólica. E así, co poder da palabra lírica, o emisor-autor é quen de converter a negrura das sombras en brancor de lirios, unha experiencia individual que coa maxia do acto poético se fai experiencia compartida por lectoras e lectores, permitíndonos enxergar o palimpsesto que se asoma por tras da escritura denunciando: a intromisión do bruar de motores na tranquilidade da aldea afogando os ruídos pausados da natureza e dos traballos rurais, o troco dos aparellos artesáns polas máquinas ou a agresión das cores industriais de muros e apartamentos das modernas construcións.

É moi de salientar a riqueza léxica coa que están elaborados os poemas deste libro, un léxico evocador e moi de nós, que os enraizada na esencia campesiña de Galicia. Na meirande parte das composicións, o significante (a

palabra) está tan intrinsecamente unido ao significado (sentido) que o contido deriva do poder connotativo das palabras utilizadas, tiradas maioritariamente do ámbito rural; un valor que será difícil de conservar na tradución a outras linguas. Mais, se, como algúen dixo, fazer poesía é elevar a lingua propia a un nivel intraducible, este será un dos valores más prezados do libro.

En definitiva, *Estúrdiga materia* é un poemario feito con gran rigor e laboriosidade, que nos entusiasma pola súa harmonía rítmica e léxica, mais é tamén un libro que nos motiva a reflexión sobre un pasado rural praticamente desaparecido.

NOTA

1. Luis González Tosar, *Estúrdiga materia*. Vigo: Galaxia, 2008.

IDEA VILARIÑO DE SEU: A OBSCENIDADE DO ÍNTIMO

O 28 de abril deste ano 2009 morría en Montevideo, onde tamén nacera, no agosto de 1920, Idea Vilariño Romaní, filla de Leandro Vilariño (de ascendencia galega, poeta e anarquista segundo todas as referencias) e de Josefina Romaní (católica e empedernida lectora, segundo as mesmas referencias). O ambiente humanista e artístico que se respiraba na familia deixá a súa impronta incluso nos nomes de fillas e fillos de Leandro e Josefina: Idea, Alma, Azul, Poema e Numen.

Poeta por riba de todo, tradutora (de Shakespeare, de Simone de Beauvoir, de Raymond Quénau), impulsora de cultura (fundou a revista *Número* e colaborou activamente en *Clinamen, Marcha e Brecha*), ensaísta, amante do jazz, da ópera, do tango (ao que lle dedicou algúns traballos), Idea Vilariño exerceu como profesora de Literatura de ensino secundario dende 1952 ate o golpe de Estado do 73 e, rematada a ditadura, fixoo na Facultade de Humanidades da Universidade da República. Militante da coalición de esquerdas "Frente Amplio", manifestou reiteradamente a súa implicación ética contra a represión, a humillación, a inxustiza: *Pobre mundo* representa, no poético, esa liña de compromiso civil na que tamén

cabe encadrar as letras dalgunhas cancións. Ningunha transcendencia ou sentido moral relixioso neste compromiso seu, tampouco na súa vida, e para a súa morte deixou escritas instrucións como as seguintes: "Nada de cruces. En avisos y etc. Solo el nombre y apellido, Idea Vilariño. No morí en la paz de ningún señor, etc."¹.

Asinada só co seu nome, Idea, ofrece en 1945 a súa primeira entrega poética: *La suplicante*, unha serie de cinco poemas amplos, enfáticos, roupaxe da que se irá desprendendo no sucesivo, como se desprenderá dos signos ortográficos, ás veces das concordancias gramaticais e ás veces mesmo das palabras, reducindo a expresión aos mínimos termos fundamentais. Poucos son igualmente os temas que recorren os seus poemarios; pódense enumerar (amor, morte, desesperanza, angustia) ou pódense facer confluir nun único vocábulo: conciencia: conciencia dun eu paradóxico, de ser para a morte, conciencia da soildade, da brevidade do amor, da vida, conciencia dun mundo mal feito: amor e política, en fin, como a propia autora resumi².

Trátase, en ámbolos dous casos, da revelación dos sentimientos íntimos dun eu, áinda que mudados en emoción comunicable, traspasable,

compatible. A tristeza é tristeza do transcorrer, do efémero, do espanto propio e alleo. A morte é o signo fundamental, metaforizado en negación, en cansazo, en noite. O amor é padecido e gustado por un eu feminino activo no gozo e no desespero tanto como na espera. E conviría separar aquí as expresións do eu discursivo das vivencias particulares do suxeito histórico Idea Vilariño, sobre todo no tocante a súa relación con Juan Carlos Onetti, que toda a crítica considera historiada nos *Poemas de amor*. As palabras da escritora son significativas e concluíntes ao respecto:

Yo escribí *Poemas de amor* trabajando con la memoria de varias vivencias. Luego se los dediqué a Onetti. No es lo mismo.³

Máis alá do amor, a poeta reconece un carácter de dolorosa intimidade na maior parte dos seus poemas, polo que di sentir cada libro como un acto de impudicia, de exhibicionismo, o que non sucede cos versos de carácter político. Efectivamente, os textos sacan á superficie o abismo interior dun suxeito atravesado polas certezas tanto como polas contradicións; e por isto, áinda que boa parte da crítica sinala como constante na poesía de Vilariño a idea de negación, dolorosa polo obsesiva,



gustariáme destacar esa outra recorrenza: a do permanente paradoxo, que se estende –fora dos textos-, por exemplo, á actitude da autora entre a necesidade da escritura e a resistencia á publicala, ou entre a soidade (persoal) e a solidariedade (social, política), entre a crítica a súa obra ou á súa conduta⁴.

O conflito entre a desesperación e a utopía, o desexo de morte e a afirmación da vida, o querer e o seu rexitamento asentan sobre un eu dividido ou que mesmo chega a manifestarse incapaz de se definir ou recoñecer:

No sé quien soy.
Mi nombre

ya no me dice nada.
No sé qué estoy haciendo.
Nada tiene que ver ya más
con nada.
Tampoco yo
tengo que ver con nada.
Digo yo
por decirlo de algún modo.
(8 de abril de 1962)⁵

Un eu, noutras ocasións,
descrito entre a pluralidade
asertiva de ser e o non ser:

La metarmofosis

Entonces soy los pinos
soy la arena caliente
soy una brisa suave
un pájaro liviano delirando en
/el aire
o soy la mar golpeando de
/noche
soy la noche.
Entonces no soy nadie.
(xaneiro de 1964)

Di Ana Inés Larre que a poesía de Idea Vilariño –e traduzo as súas palabras- “‘non fala de...’ o amor, a soidade, a morte, o abandono; respíraos, tácaos, padéceos en cada verso (...) Cada palabra pesa; por iso a aparente falta de pudor para nomear o amor como amor, a morte como morte, a dor como dor, convértese en realidade na forma más respectuosa, a más verdadeira”⁶. Obscenidade do íntimo, no sentido etimolóxico, pois a descarnada conciencia deste suxeito poético pon diante aquilo que habitualmente queda

detrás ou fóra da escena, pero ainda máis: faino nun modo redundante, está aí unha e outra vez, imposible mirar para outro lado.

A vida ("espléndida marea", "fugaz incandescencia") asoma intermitentemente, pero é a noite o símbolo por excelencia na poesía da poeta uruguaya⁷. A noite é morte, é implacable, é lugar de privación, intensa no significante e nos significados. E de xeito semellante é intensa a dor, o desexo, a imposibilidade do amor, o sentido do corpo polo que todo transita:

Este dolor, raíz, esencia de este pobre cuerpo que habito, que /soy,
que me hace ser,
este dolor sin ecos,
de pétalo arrancado,
que a veces totalmente se
/vacía en mi forma,
que es como una ventana
/abierta al infinito.
(...)

Este dolor, mi vida, esta agonía.
Este dolor, mi cuerpo.

Intensas e tensas todas as constantes, as da poesía, as da vida, as da inscrición da poesía na vida. Na citada conversa con Elena Poniatowska, a poeta afirmaba:

No sé cómo decirte qué es la poesía para mí. Es una forma de ser, de mi ser. Todo lo demás de mi vida son

accidentes (...) Mi poesía no fue accidental. Mi poesía soy yo. Por eso no me interesaba publicar; es más, deseé no haber publicado nunca (hay poemas que jamás mostré): Escribir era otro asunto.

Poderíamos glosar: escribir era o asunto. E os textos acabaron por convocarse uns aos outros, non só por configurar un universo de coincidencias temáticas permanentes, senón pola continua acollida de poemas anteriores nas novas edicións, de modo que algúns deles aparecerán en todos ou praticamente todos os poemarios. Pero non se tratou nunca de reescrituras, pois os poemas non eran reescritos, o procedemento funcionou como un modo persistente de actualización e reactivación do sentir e do sentido.

A morte de Idea Vilariño non fixo correr ríos de tinta. Sen afectación e sen pretensiós, deixounos, porén, un dos mellores agasallos: a expresión poética dos seus compromisos vitais, emocionais e estéticos. Estas páxinas queren ser ante todo unha invitación a visitar ese legado.

NOTAS

1. Tomado do número homenaxe de *Brecha*, 30 de abril de 2009.

2. Entrevista concedida a Hilia Moreira no 1983 e publicada no número antes citado da revista *Brecha*.

3. Na mesma entrevista.

4. "Así como me importa mucho el juicio moral sobre mi conducta -política, gremial, etcétera- nunca me importó lo que se dijera sobre lo que escribo". En conversa con Elena Poniatowska, incluída no libro *Idea Vilariño: la vida escrita*, Cal y Canto, 2008.

Na mesma conversa a poeta declara: "Están por un lado el amor la congoja, la esperanza -a veces, cuánta-, el imperativo moral que me llevan a ayudar, a actuar, y por otro el escepticismo, el descreimiento. Uno de mis poemas comienza así: "Por qué no volará en cien mil pedazos / esta escoria este puñado / de tierra y de dolor / aire y basura". Otro termina así: "este amor desgarrado por el mundo / esta diaria constante despedida". Y ambos son verdad, ¿cómo puedo explicarte estas contradicciones?"

5. Os textos son tomados da *Poesía completa*, Barcelona, Lumen, 2008.

6. Na Introducción de *En lo más implacable de la noche. Antología personal*, Buenos Aires, Ediciones Colihue, 2003.

7. Os *Nocturnos* saen por primeira vez en 1955.

PROSTITUCIÓN: CLIENTES E OUTROS HOMES*

ANÁLISE SOCIOLOGICA DAS IDEOLOXÍAS SEXUAIS MASCULINAS EN GALICIA

Esta obra é o resultado dun intenso labor de investigación levado a cabo por Águeda Gómez Suárez e Silvia Pérez Freire, no que se vai efectuar a análise do fenómeno da prostitución desde o punto de vista do cliente, considerando a este como o responsable directo da existencia e continuidade do fenómeno, por ser o actor que desempeña o papel activo e que exerce o seu poder sobre a muller prostituída, e polo tanto prostituidor.

Os obxectivos deste estudo céntranse en examinar os perfis discursivos dos colectivos masculinos en torno á súa ideoloxía de sexo-xénero, en definir os diferentes imaxinarios femininos latentes neses discursos e en sacar á luz, no caso de existir, a existencia de identidades masculinas á marxe da orde patriarcal. A metodoloxía a seguir para elaboralo foi na súa maior parte cualitativa. Levouse a cabo un traballo de campo consistente na "observación participante" nos diferentes espazos prostitucionais, entrevistando aos diferentes axentes que interveñen no fenómeno. Deste xeito confecciónase unha elaborada análise que, ademais de proporcionar o marco teórico necesario para entender a realidade

social galega, achega un gran número de "datos prácticos" extraídos dos propios discursos masculinos e que van desenmascarar o feito de que os postulados sexistas, e en moitos casos misóxinos, gozan de excelente saúde.

As cifras que aporta esta investigación asustan: estimase que nun período de dous anos, o número aproximado de mulleres que se moven no fluxo da prostitución en Galicia pode ser de 10.000. A maioria delas son pobres, inmigrantes e indocumentadas que carecen de alternativas e de recursos sociais. Gran parte destas mulleres teñen criaturas no país de orixe. A estrutura patriarcal das familias da sociedade da que proceden considera natural o feito de que sexan elas as que asuman a totalidade das cargas familiares, e polo tanto as que teñan que sacrificarse. Unha vez que entra na engrenaxe da prostitución, a muller é obxectualizada, degradada e situada nun papel de subordinación, sometemento e absoluta disposición ás esixencias dos clientes-prostituidores, así como a constantes presións para maximizar os beneficios. Non teñen máis saída que (re)construírse en función do imaxinario feminino que o cliente demanda e adoptar o papel de escravas. Porén, asumir este papel non é tarefa sinxela. Entre elas está normalizado o feito de ter que recorrer a estratexias como o consumo de alcohol ou cocaína

para lograr resistir esta forma de vida na que é moi habitual o exercicio de prácticas que entran en colisión cos dereitos humanos. Os danos físicos e psicolóxicos van deixar unha fenda que o tempo non ten a capacidade de reparar.

A prostitución é un fenómeno que fai agromar a estrutura das relacóns asimétricas de poder existentes entre os xéneros, fenómeno que se resume na concreción da orde sexista que impera na nosa sociedade. Trátase dunha actividade moi proveitosa para os que a manexan. Segundo informes das *Cortes Generales* é, despois do tráfico de armas, o negocio máis lucrativo a nivel mundial. Estímase que cada muller europea que se prostitúe lle reporta ao seu proxeneta un beneficio anual de 100.000 euros. Tendo en conta que a media de mulleres en prostitución, que posúe cada un deles está entre as vinte e as vinte e cinco, as cifras son escandalosas. Mais non só se lucran os que controlan o negocio de forma directa. Os medios de comunicación tamén obteñen significativos ingresos a través dos anuncios de contactos que saen publicados na prensa, contribuíndo deste xeito a alimentar a permanencia desta institución social.

Por outra banda, case a totalidade dos compradores son homes, que non buscan tanto satisfacer os seus deseños sexuais, como alimentar o seu propio ego

masculino. Atopan na prostitución un reduto no que lles está permitido exercer un poder de dominación que noutros eidos non é politicamente correcto e que non se lles consentiría. Ao longo deste estudo vanse desenmascarar unha serie de argumentos e discursos que se centran nunha liña de pensamento que, a priori, podería parecer que é minoritaria e que está más que superada. Non obstante este labor de investigación deixá patente que as exposicións ideolóxicas masculinas sobre a condición da muller prostituída apenas mudaron. Moitos dos perfís levados a exame semellan case anacrónicos. Existe un odio e un resentimento real con respecto ao papel igualitario que a muller reivindica na sociedade e unha consideración da natureza feminina como algo maligno; incluso perverso. Ademais, identifícase unha subcultura prostitutiva constituída por homes que están afianzando unha identidade masculina marcada pola presenza da conciencia do desprezo cara as mulleres en xeral e as prostitutas en particular.

Prostitución: clientes e outros homes, revela tamén o importante incremento de mozos que demandan este tipo de servizos. Resulta paradoxal o feito de que estes rapaces posúan un maior coñecemento sobre a prostitución e sobre a situación das mulleres que a exercen, e que ao mesmo tempo presenten unha menor

sensibilidade de cara a empatizar coas súas circunstancias. Carecen de conciencia crítica con respecto ao fenómeno. Considéranse compradores absolutamente lexitimados para mercalas, xa que existe un espazo definido no que o sexo se comercializa. As prostitutas adquieren o valor de mercancía que se obxectualiza para pasar a integrarse nun espazo mercantilista que se atopa cercado pola más triste frivolidade. Ao producirse este fenómeno de "cousificación", elas perden a súa condición de humanas para se converter en meros obxectos coa capacidade de adecuarse ás necesidades dos clientes.

Os marcos perfectos para que se expanda a prostitución son os modelos consumistas do capitalismo, a globalización que permite os movementos migratorios das mulleres dos países pobres aos ricos e, por suposto, o patriarcado. Obter beneficios por medio da mercantilización do corpo feminino é un fin que anula calquera tipo de conciencia ética. Estamos sendo testemuñas dun mercado prostitucional en plena expansión, onde xorden novas formas de interpretar este intercambio: os clubs vénense como lugares destinados ao ocio e ao divertimento. Ofrécese como unha cativadora alternativa para espallarse no tempo libre nun espazo onde a dominación masculina atopa un dos seus máximos expoñentes.

Alén de abrinxos as portas ás diferentes liñas de pensamento que se dan entre os clientes, esta obra tamén amosa datos que na sociedade semellan pasar desapercibidos. Tal é o caso da existencia de culturas alleas ao mundo occidental onde non existe a prostitución, ao permitírense relacóns sexuais espontáneas e en liberdade.

Prostitución: clientes e outros homes é, en definitiva, un innovador traballo de investigación, xa que vai analizar con detalle o punto de vista do cliente e do posible demandante. E a pesar de que dos diferentes discursos se extrae a realidade dunha contundente conciencia machista, tamén é certo que existen, ainda que de xeito moi minoritario, discursos críticos e construtivistas que consideran a prostitución como unha concreción terrible do capitalismo e da sociedade patriarcal.

Esta obra debe servir como base para tomar conciencia da ideoloxía machista que impera con absoluta impunitude e para axudarnos a recordar que a prostitución é un mercado que se atopa en expansión e que se vai afianzando a pasos de xigante; trátase da sintomatoloxía das relacóns de sexo-xénero que existen na sociedade do século XXI.

*Ed.Xerais.2009

A C T U A L I D A D E

ELISA E MARCELA, UN ASUNTO RUIDOSO

**LESBIANAS? FEMINISTAS?
HERMAFRODITA? TRAVESTÍ?
INTERSEXUAL? EN CALQUERA
CASO... ALÉN OS HOMES***

A HISTORIA

Teño que dicir que a historia prendeume dende o primeiro momento no que vin a capa do libro. Nunha foto color sepia aparecen Elisa e Marcela no día da súa voda, a imaxe vén firmada polo fotógrafo coruñés Sellier. Estas figuras van enmarcadas polo título do libro que di *Elisa e Marcela. Alén os homes.*

Espertou a miña curiosidade pensar que dúas mulleres puidesen atreverse a tal aventura en Galicia alá polo ano 1901. Eran mestras, hoxe sabemos que ser mestra daquela implicaba un forte compromiso moral e social, pois tiñan que servir de modelo ao seu alumnado. Os contratos daquela eran moi esixentes coa súa vida privada: non podían andar con homes, nin fumar, nin beber, vestir con dúas saias, non tinxir o pelo, non casar... Eran o reflexo da moral recatada da época.

Elisa e Marcela coñecérонse de estudantes na Normal de A Coruña. A familia de Marcela nun principio estaba encantada da amizade entre elas pero pronto empezan as sospeitas, ata que vendo o perigo a mandan a Madrid para "curarlle" a paixón,

como reza o bolero: a distancia é o esquecemento.

Mais vólvense a xuntar e Elisa travistese de Mario e trama a estratexia de facerse bautizar para seguidamente casar con Marcela.

Cometen o erro de regresar casadas a Dumbría, o lugar onde vivían e traballaban na Costa da morte, pois a xente reconoce a Elisa no disfraz de Mario, así empeza todo un longo proceso de denuncias, expedientes, procesos xurídicos e cárcere, que as levará de Galicia a Porto e a Bos Aires, onde se lles perde a pista.

Nesta última fase Marcela ten unha filla e Elisa/Mario casa cun home danés en Arxentina, pero



sabemos que áinda así se reencontran e se xuntan de novo.

Merece especial mención o tratamento mediático que acompaña todo o proceso. Todos os xornais fanse eco delas, en Galicia *A Voz de Galicia*, en Madrid *El Imparcial, El Globo, Blanco y Negro, Nuevo Mundo*, tamén a prensa internacional, en Bruxelas *La Reforme*, en París *Le Matin e Le Galois*, en Londres *The Morning Leader*, en Lisboa *O século, O Xornal de Notícias*, as revistas... Converténdose así en celebridades, a prensa non é aldea aos intereses comerciais, *El Nuevo Mundo* vendeu dezanove mil exemplares só en Madrid pola publicación da foto delas.

Tanta repercusión sométeas a outro proceso, o público. Un médico propuxo a súa reclusión nun manicomio por medo a que se propagara esta "enfermidade" que acostuma ser moi contaxiosa. Emilia Pardo Bazán chegou a defendelas. En Portugal provocan un auténtico movemento de solidariedade que fai que reciban importantes donativos. As "Dúas españolas matrimoniadás", xa presas, son vistas como unhas irresponsables e infunden compaixón, eran unhas "infelices" pero non "criminais".

En Portugal non houbo o gran debate como en España sobre a conveniencia de sacalo na prensa;

Mercedes Oliveira Malvar

A C T U A L I D A D E

I.S.S.N.: 1139-4854

<p>non había "vergoña nacional", podemos decir que alí os xornais foron o seu avogado defensor mobilizando a opinión pública para que as axudase.</p> <p>Eu me pregunto: Que tería pasado hoxe? Non serían acosadas?</p> <p>O LIBRO DE NARCISO DE GABRIEL</p> <p>Narciso no seu labor investigador sobre a historia da educación atopa casualmente o expediente instruído a Marcela polas autoridades académicas polo abandono da escola de nenas en Dumbría, este expediente non tiña nada de especial a non ser que no seu interior había un exemplar de <i>La Voz de Galicia</i> do 22 de xuño de 1901 co seguinte texto: "Asunto ruidoso. Un matrimonio sen home."</p> <p>Narciso empeza a tirar do fío e vainos levando da man pola vida "esaxerada" destas dúas mulleres pioneiras do matrimonio homosexual apoiándose en toda clase de documentos para fundamentar o seu relato. Expón e pregúntase, invítanos a preguntarnos como encher o baleiro documental. Enxerga coa idea de que a imaxinación poida ancorarse (apoiarse) nas fontes e pistas que nos achega.</p>	<p>O labor "detectivesco" ás veces produce a sensación de intromisión na vida privada, pero cocinando a lume manso consegue sacalas do armario da Historia, e nos achega esta historia que merece ser contada e coñecida.</p> <p>Como el mismo recoñece, son os documentos que emite o poder os que nos axudan a construír a súa historia. Elas apenas falan, pouco coñecemos delas por elas mesmas, agás algunha entrevista, siempre serán os poderes públicos tradicionais quen as fai falar: o eclesiástico, o xudicial, o policial, o penitenciario, o médico, o académico e tamén os novos e poderosos poderes: os medios de comunicación. Todos estes poderes arremeten contra elas por sentírense burlados na súa eficacia de control social: elas conseguiron casar pola igrexa pasando por todos os requisitos, incluso o "re-bautizo" de Elisa a Mario. Isto desencadea unha morea de investigacions, expedientes, artigos de prensa, acusacions, controis morais, cargos... que van dende a usurpación de nome (Elisa-Mario), escándalo público, falsidade en documento público ata celebración do matrimonio entre dúas mulleres.</p> <p>Anunciábase así un proceso xudicial e mediático moi "ruidoso"; <i>La Voz de Galicia</i> foi</p>	<p>quen mais afondou no asunto, invitando a participar nas edicións a diferentes especialistas en xudicatura. Unanimemente consideraron que o matrimonio non se podía anular porque nunca existiu, ao non darse os principios básicos que o definen como tal, ao ser contraído por dúas mulleres; o matrimonio sen home remitia a unha realidade imposible.</p> <p>Porén esta historia de amor case imposible tivo lugar malia as circunstancias tan desfavorables nas que lles tocou vivir. Elas eran unhas mulleres singulares, cultas e mestras de profesión cando a maioría da poboación rural galega era analfabeta ademais de conservadora. Curiosamente Marcela e Elisa na Fisterra galega foron contemporáneas das Mulleres de Boston. Tamén poden ter inspirado o libro máis lido do seu tempo "La sed de amar" de Felipe Trigo publicado no 1903.</p> <p>A INVESTIGACIÓN</p> <p>Se o relato é atractivo a investigación que segue á crónica aínda o é mais. O complexo traballo aporta abondoso material sobre a homosexualidade, a identidade e o xénero, con acertadas referencias literarias, filosóficas e médicas. Contribúe así a ampliar as investigacións feitas en Galicia no campo das</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>teorías do xénero e a identidade levadas a cabo por Mª Xosé Queizán, Teresa Moure, Carme Adán, Laura Bugallo, Xosé M. Buxán, Beatriz Suárez, Xosé Chao, e o colectivo Milhomes entre outras.</p> <p>Nesta parte vai buscar as claves para interpretar a historia. E van ser catro os campos ou categorías dende as que analiza o comportamento de Elisa e Marcela: o hermafroditismo, o lesbianismo, o travestismo e o feminismo.</p> <p>No tocante ao hermafroditismo podemos pensar que foi a coartada; Mario/Elisa alega ser hermafrodita cando é descuberto. Aquí hai un curioso paralelismo co protagonista da novela <i>Midellsex</i> de Jeffrey Eugenides. Podemos resumir a tese central: se a condición sexual vén determinada polos catro factores: os cromosomas, as gónadas, as hormonas e os xenitais, a estes teremos que sumar os factores educacionais e resultará así un home ou unha muller. As criaturas aprenden en gran medida a ser homes ou mulleres así como aprenden a falar inglés ou español. Neste sentido, machos e femias sitúanse no extremo dun continuo biolóxico, pero hai moitos corpos que combinan compoñentes anatómicas convencionalmente atribuídas a un</p>	<p>ou outro polo. Segundo a bióloga Anne Fausto-Sterling un de cada dous mil nacementos en USA é intersexual. Estes casos son operados ao nacer; isto non é doado e moitas veces as dúbdidas que suscitan os xenitais, a experiencia externa en xeral, fan que sexa difícil acomodar a quen non sexa home ou muller, macho ou femia; só hai este "forzado" acomodo: no branco ou no negro, non hai espazo para os grises. Os protocolos médicos nestes casos asignan sexo e para iso contan coa cirurxía, as hormonas, o criterio da familia; o corpo acomódase o máis posible á escolla, é importante non cometer errores pois as consecuencias poden ser funestas; hoxe en día cóntase tamén coa análise do tecido gonadal que é microscópico.</p> <p>Na nosa historia Marcela dicía que Elisa/Mario era home ou cando menos hermafrodita, pero os diferentes médicos que a examinaron o negaron. Tamén se sabe que Elisa procurou información e explicación nos libros de medicina legal.</p> <p>O lesbianismo é a outra clave ou categoría para interpretar a historia. Se no hermafroditismo hai un clítoris hipertrofiado isto podería conducir á práctica sexual lésbica coñecida como "tribadismo" (vén de "fretar"). Aínda que fretar é calquera</p>	<p>relación sexual. A mesma penetración non se gozaría sen fretar un pouco. Por outra banda, o do clítoris hipertrofiado, lévanos a recordar que un clítoris moi estimulado crece asombrosamente se se lle dá tempo. E fisioloxicamente é moito más grande (por dentro) do que moita xente cre.</p> <p>O hermafroditismo (xenital) deixa así paso a unha homosexualidade (psique) ou "hermafroditismo da alma ou androxinia interior" que diría Foucault. Durante moito tempo, e ás veces aínda hoxe, todas as prácticas sexuais que se desvián do fin reprodutivo se consideraron perversións sexuais. E neste caso a amizade entre mulleres aparece como: "romance lésbico", "as safos modernas", "drama sáfico", "safos galegas"... pero en calquera caso como enfermas, e cunha enfermidade contaxiosa, solicitaban envialas ao psiquiátrico de Conxo en vez de ao cárcere. Sabemos que de chamarte "tolá", "tarada", "lesbiana"... a mandarte ao manicomio hai un paso. Agora séguense facendo, en capas ignorantes e cultas da nosa sociedade. O lesbianismo é un punto fraco máis que se suma ao de muller. E con efecto multiplicador, respecto á vulnerabilidade social.</p> <p>Eran Marcela e Elisa lesbianas? Sabemos da súa</p>
A C T U A L I D A D E		

<p>prolongada vida en común, da súa relación afectiva, pero: tamén sexual?</p> <p>Beatriz Gimeno hoxe se pregunta qué é ser lesbiana. Teñen que mediar prácticas sexuais xenitais ou abonda cos vínculos emocionais, a atracción erótica ou a sexualidade difusa. Aínda que a sexualidade raramente é difusa, o que pasa é que aos demais iso os calma.</p> <p>O travestismo foi o instrumento. O termo travestismo <i>cross dressing</i> foi empregado en 1910 por Magnus Hirschfeld. Alude ao pracer sexual por adoptar a forma de vestir do outro sexo, non hai que entendelo como unha cuestión de roupa senón de asumir o rol do outro sexo.</p> <p>No teatro galego contamos coa recente montaxe do grupo Chévere <i>Testosterona</i> na que ensaián e reflexionan sobre este tema e deulleς lugar a afondar e montar obradoiros con mulleres nos que se travisten por un día de homes e analizan o que senten cando son levadas a comportárense doutra maneira só polo disfraz.</p> <p>Unha vez máis aparece o problema de fondo: admitir só dous性os. Como di Teresa Moura, "Dous性os son moi poucos性os".</p> <p>Cantas mulleres tiveron que vestirse de homes e adoptar a</p>	<p>identidade masculina para escapar da discriminación, para poder facer todo o prohibido para elas, para cobraren os mesmos salarios, para entraren en escenarios, pola comodidade da roupa, para provocar... dende Xoana de Arco ata Concepción Arenal...</p> <p>Porén no sumario da historia de Elisa non aparece este cargo de usurpación do rol sexual e social dos homes.</p> <p>E finalmente o feminismo. Pódese explicar esta historia dende o feminismo? Pódese ler en clave feminista?</p> <p>Elisa e Marcela sementan as bases das dúbidas sobre a división da humanidade en dous性os en base a dous xéneros. Elas coa súa experiencia vital evidencian a fraxilidade da barreira que separa o masculino do feminino, cuestionan a heterosexualidade obligatoria e as relacións de poder que a sustenta.</p> <p>Por outra banda, o feminismo tamén se asocia co hermafroditismo, co travestismo e co lesbianismo. No fondo latexa a idea de que as lesbianas non son verdadeiras mulleres. As travestidas considéranse feministas <i>avant la lettre</i> no que iso ten de reivindicación. E tamén as feministas sempre defendieron a liberdade sexual e por suposto, a lexitimidade da opción</p>	<p>homosexual. Asemade a lesbiana non ten dependencia emocional do home, neste sentido a lesbiana pode ser considerada feminista. Non en van o patriarcado espallou a sospeita de que as feministas son lesbianas...</p> <p>Marcela e Elisa eran feministas?</p> <p>Pensemos que daquela moitas mestras das primeiras promocións moi posiblemente serían lesbianas ou polo menos poderían ter más doadamente relacións entre elas. Eran educadas na segregación sexual, en ausencia de homes e fomentando as amizades femininas, ademais reivindicaban o acceso á educación formal e ao traballo remunerado. Aínda que non hai por qué aceptar que a "falta de homes" incite ao lesbianismo. Pensemos que nos conventos de clausura, unhas se deitan co xardineiro, outras co confesor e outras prefieren a unha irmá. A falta de homes non é unha causa de lesbianismo.</p> <p>Parece claro que as vidas das nosas protagonistas poden ser lidas en clave feminista: alén os homes tamén hai vida para as mulleres.</p>
A C T U A L I D A D E		

A FOTOGRAFÍA COMPLETA

María, deixa de chorar, tes que asumir a miña morte, pensa nos orientais que fan da vida unha preparación para ela, unha obra de arte, pois iso, unha obra de arte é o que quero que fagas contigo, agora que xa estou sen roupa e con case setenta anos, fai o favor de non te laiar e colle a cámara, que temos que completar a fotografía, non sexas parva, fica sempre con esa fermosa lembranza do día que nos coñecemos naquela exposición parisense, pouco antes de morrer o ditador, lembras, eu sen saber que aqueles corpos espídos, que exhibían unha accidentada xeografía de engurras e a carne flácida da súa ancianidade, eran obra túa, retratos en branco e negro, case do tamaño das persoas que insinuaban a precipitación febril duns desexos torpes e finxidos cuxa beleza eu non lograba captar, só dei en ver a fermosura, coma se fosse un misterio barroco, cando observaba a resignada melancolía dos ollos vidrosos dunha muller case centenaria, que sostiña na súa man dereita a fotografía antiga na que se podía ver un home e unha muller mozos totalmente espídos, e achegácheste me, coa cámara na man, para me dicir que aquela era a túa bisavoa, e eu non sabía se te referías á muller centenaria ou á moza da foto pequena, e



dixéchesme que se trataba da mesma persoa e que o mozo espido era o teu bisavó, un mestre anarquista da segunda república, paseado polos falanxistas por lles aprender aos rapaces adiantadas prácticas de sexo nas aulas, e cando souben que ti eras a autora das fotografías sentín un arrepiño inmenso porque, para alguém que imparte clases de arte coñecer persoalmente a unha artista que xa tiña entradas nos libros de texto, resultaba algo impactante, e o mellor foi cando comezaches a me falar co engado sensual desa voz mentres eu percibía nas fotografías unha insoportable voluptuosidade que ía alén do carnal, e non había na sala ninguén máis ca nós e eses seres lonxevos que nos miraban coa feroz rixidez dos seus corpos, suspensos nun anacronismo canso, e preguntáchesme se me gustaban as fotos e enredáchesme nese silencio artístico até me propores posar para ti, si, ali na sala, e eu, que pensaba que era unha broma, fun recuerdo, coma se as túas palabras me vencesen e batín coas costas na parede branca, xusto a par da fotografía dun octoxenario que empoleiraba a súa pirola cunha ilusión moza, e pedíchesme que me espise, e eu, que nunca desexara a ningunha

muller, non sabería explicar exactamente cómo o peso dun desexo cobizoso caeu sobre min e arrastrou un aceno aquiescente, si, María, porque xusto nese intre dei en me espir cunha sorte de pracer apurado, deixando en cada prenda un prexuízo e a ansia de que moito antes de me desfacer da roupa ti xa me espiras, e sentín cada disparo da cámara coma unha caricia, estaba excitadísima, na túa voz nadaba a disciplina libre da seducción e pouco a pouco fun notando como a pel das costas se me apegaba a parede cun imán poderoso, e axiña fiquei nunha das túas obras e a xente deu en entrar na sala, pero eu só miraba para ti, desexándote lobamente e recibindo cada disparo da cámara coma unha caricia estremecida, ti, só ti importabas, non a xente que me miraba cunha mestura de admiración e cómico abraío, aceptando o meu corpo espido coma un engadido orixinal ao teu traballo artístico; mesmo sentín a respiración ruminante dun home que me tocou case co seu alento crítico, mais na sala só existiamos nolas dúas, estimuladas pola extravagancia e un desexo compulsivo que se represou no meu peito até que chegaron os periodistas e, daquela, pousaches a cámara sobre a miña roupa espallada no chan e achegácheste a min e deches en me bicar o

corpo todo cunha larpeira cobiza que me puxo a pel en carne viva e me descubriu unha sexualidade tardía, múltiple, asumida cun pracer feroz que se prolongaría trinta anos nos que fomos libres, amándonos e gozando de todos os praceres cunha furiosa intensidade, en lugares tan peregrinos coma igrexas, colexiós, praias ou museos, mais confeso que neste tempo, logo de me ter deitado con rapaces, vellos e mulleres de todas as razas, endexamais sentín no corpo un arrepiño tan contundente coma o do día que nos coñecemos, cando coa fotografía me tocaches o interior da alma, si, ese foi o mellor, e aquí está a foto dese día inesquecible, lembrais, miña rula, e agora, que xa estou espida, espítele antes de que veñan as enfermeiras e me vexan aquí, esmagada contra a brancura desta parede fría e con esta foto antiga na man, veña, dispara, completa a fotografía.

A C T U A L I D A D E

A BELEZA

Querido Tadzio...

Non nas marxes de Atenas, nin baixo o ceo fulgorante de Tesalia, mais si nunha illa á que o encerro do mar presta a irrealidade necesaria que sempre a distancia concede á experiencia do amor, o protagonista de *Morte en Venecia* cede e rende todas as súas forzas ante as mensaxes, os feitizos e as maxias da beleza. A beleza fálalle, como sempre acontece nestes casos, dende o corpo perfecto dun ser que resplandece na brandura do xogo, adornado por un silencio como o que garda a unha flor pechada que abrolla, como o dunha paisaxe imaxinada coa mente; pero aí está, xogando na praia de Lido, facendo e desfacendo castelos na area, un Apolo neno ensimesmado, e a forza da mensaxe arrasta polas rúas de Venecia un home ao que a viaxe - buscada, si, pretendida cunha xuvenil ansia de estar lonxe- arrebatou da fiabilidade insensible das súas catro paredes. Unha vez que Aschenbach aceptou convivir coa ameaza que transportan unhas negras góndolas que fan pensar en elegantes cadaleitos, unha vez que experimentou con dor que non haberá para el a segunda vez nesa cidade inhóspita, unha vez que recoñece que é a beleza encontrada na illa enferma a única razón do seu pesar ante a perspectiva dunha


volta á casa, unha vez que comprendeu todo iso, Aschenbach pode entregarse coa media consciencia dun tolo de amor á caza furtiva do milagre nórdico. Por uns instantes Lido non é Lido, senón a paisaxe na que os gregos situaban a cúspide da felicidade, que só ten espazo na morte: os que cumpliron a súa existencia con beleza gozan do lecer eterno nunha paraxe alén do inverno e da chuvia, alén do traballo, entregados a un xogo divino que refresca a dozura das brisas e os froitos tinguen coa luz brillante do seu ouro. Por un instante, a praia é o recanto celeste descrito por Homero. Porén non só aquí os gregos marcan o camiño.

Ante un rapto semellante pola beleza non pode senón deixarse oír ao lonxe a voz dunha época que coñecía o segredo: os belos morren pronto. Aschenbach veo a través da brancura da pel adolescente, e dise varias veces a si mesmo que o rapaz non ha coñecer nunca os estragos da vellez. A deusa Eos abduciu a Orión, Xacinto perece ao ser pretendido por dous deuses de distinto poder, mais capaces ambos de fulminar ao home, e o propio Aschenbach, ese erudito consagrado ao traballo solitario, sabe que Sémele morreu ardendo ante o esplendor da beleza divina: Zeus é isto e isto más do que o mortal pode resistir. Ao final, o

belo adolescente moverá a súa man indicando o camiño polo que noutrora tempos Hermes conducía da man o espectro que queda na morte, guiándoo cara á sombra quieta e definitiva. Camiñando entre as augas Tadzio xírase, mira outra vez ao feo namorado que durante semanas foíno perseguindo incansablemente coa vista. Xa está todo feito; a viaxe rematou; Aschenbach cumple por fin coa tarefa encomendada pola cidade enferma. A inversión da inversión -Sócrates non morría, pero tampouco era el quien perseguía a Alcibiádes- recupera non obstante a forma do máis excelso amor: é o que ama quen está entusiasmado, é el quien ten o deus dentro, e, polo tanto, a súa morte é xustiza á beleza, é morrer na beleza. Os suaves cortexos nos arredores de Atenas posuían a forza inusitada de quen sabe quedar no seu lugar; Sócrates non cedia, Fedro non guiaba; Alcibiádes era burlado, Sócrates marchaba vitorioso. En Venecia a morte é o final dun sabio que non soubo conducirse co belo, pois malia os estremecementos, os retrocesos, o pudor, o choro, o non-poder-falar-non-poder-xa-ver, Sócrates, a diferenza de Aschenbach, que só o intuía no seu delirio erudito, non confunde as esferas, mantén a distancia que o solitario alemán vai acurtando cada vez más ata ter o mozo a só seis pasos, durante esa

chanza de morte que xesticula ás portas do hotel. E non casualmente a tinguidura no seu pelo e a maquillaxe sobre as súas engurras expresan que perdeu os papeis: aquel ancián estridente que pretendía confundirse coa beleza dos mozos, e que el abominara con horror, pegouse como un dobre ás súas enfermas carnes de vello. Mais é belo morrer xusto cando o ser amado se volve unha vez máis cara a nós, prodigándonos o último que do mundo quereríamos ver. O distante sorriso de Tadzio é, en efecto, o agasallo fatal que permite ao artista morrer como o que verdadeiramente é.

Tradución: Marga R. Marcuño



A C T U A L I D A D E


ÍNDICE

<p>Editorial 3</p> <p>Feministas de FIGA, amigas e colaborador@s 4</p> <p>Teoría feminista na <i>Festa da palabra</i> 6</p> <p>Da revista como estímulo do pensamento poético 12</p> <p>Unha volta arredor da crítica 14</p> <p>Festa da imaxe 17</p> <p>Margarita Ledo na Academia. Do bucle e da fenda 22</p> <p>Herta Müller e a súa escrita feminista, descoñecida e abraiente 23</p> <p>CIMA: Asociación de mulleres cineastas e de medios audiovisuais 27</p> <p>Reflexións sobre a trata 29</p> <p>Feminismo e mocidade nas sociedades formalmente igualitarias 34</p> <p>O acceso das mulleres aos máximos órganos de decisión 55</p> <p>Ameazas e praceres: miradas feministas sobre a pornografía 61</p>	<p>Patriarcado e totalitarismo 69</p> <p>Unha nova modalidade escénica: o posdrama político 76</p> <p>Oollo clínico, olfato moral 83</p> <p>O poder das hormonas 87</p> <p>O control sobre os corpos das mulleres a través da medicina 93</p> <p>O difícil exercicio da verdade na Rusia post-soviética 101</p> <p>Diane Arbus e os Freaks 104</p> <p>Por unha sociedade laica, polo noso dereito a decidir 107</p> <p>Dilemas morais, medios de comunicación e educación afectiva 111</p> <p>A tiranía da realidade 118</p> <p>A alternativa está aquí. As mulleres do sur como innovadoras da economía 123</p> <p>Escrito por mulleres 133</p> <p>Cavilacións en torno a retratos de mulleres 151</p> <p>A artista británica Delaine Le Bas, no MARCO de Vigo 159</p>	<p><i>Millenium: Outros modelos cos que identificarse</i> 162</p> <p>Filosofía política 165</p> <p><i>Anti natura</i> 175</p> <p>Cociña con albariño e cociña de caza 177</p> <p>Laios por unha Terra en catro tempos de <i>Estúrdiga materia</i> 179</p> <p>Idea Vilariño de seu: a obscenidade do íntimo 182</p> <p>Prostitución: clientes e outros homes 185</p> <p>Elisa e Marcela, un asunto ruidoso 187</p> <p>A fotografía completa 191</p> <p>A beleza 193</p>
--	---	--

NÚMEROS ANTERIORES



Rosalía de Castro
(esgotado)



Francisca Herrera
Garrido (esgotado)



Xohana Torres



Literatura infantil



Emilia Pardo Bazán



Medios de comunicación




O erotismo



Colonialismo e sexismoxo



Dez anos de
movimento feminista



Novísimas pintoras
galegas



Poetas Pura e Dora
Vázquez



Encontro de poetas
peninsulares e das illas



Arquitectura e urbanismo



50 anos de revolución sexual. *O segundo sexo*



15 anos de poesía na Festa da Palabra



Abolición!
A Prostitución a exame



As traballadoras da Artística



O Rromipén.
Cultura xitana



A ciencia como aliada



Maria Mariño



Os Feministas



Violencia





O verbo patriarcal

Pedidos a:

ANDEL do libro galego e portugués

Rúa Pintor Lugrís, 10
36211 VIGO
Telf. 986 23 90 00
www.andelvirtual.com
pedidos@andelvirtual.com





S I L E N C I A D A

F E S T A D A P A L A B R A

Publicación Galega Feminista
Galicia. 2009

25



FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS



concellería
de igualdade